

COSAL

Comité de Solidariedade con América Latina
Unha experiencia solidaria en Ferrolterra
1979 - 1995



Antón Blanco Carballo
Xaquín Ros Rodal
Anxo Ferreiro Currás

Admiración e agradecemento do
COSAL á cidadanía de Ferrolterra que
respondeu con tanta xenerosidade
cos pobos de América Latina que
loitaban para saír da opresión das
ditaduras promovidas por EE.UU.

Agradecemento tamén aos concellos
democráticos que apoiaron de forma
xenerosa e solidaria a estes pobos de
AL; e ás súas autoridades actuais
que fixeron o posíbel pola edición
deste libro.

Editan:

FERROL

 Concello de
NARÓN

 **FENE**
CONCELLO

COSAL

***Comité de Solidariedade con América Latina
Unha experiencia solidaria en Ferrolterra
1979 - 1995***

Antón Blanco Carballo

Xaquín Ros Rodal

Anxo Ferreiro Currás

COSAL: Comité de Solidariedade con América Latina
Unha experiencia solidaria en Ferrolterra
1979 - 1995

Antón Blanco Carballo
Xaquín Ros Rodal
Anxo Ferreiro Currás

Primeira edición, xaneiro de 2021

Editan:

FERROL

 **Concello de
NARÓN**

 **FENE
CONCELLO**

Coordinación:

Antón Blanco Carballo
Xaquín Ros Rodal
Anxo Ferreiro Currás

Dep. Legal: C 1746-2020

© dos textos, os autores

© da edición: Concello de Ferrol, Concello de Narón e Concello de Fene

Índice

Saúdo internacionalista	p. 9
Saúdo do alcalde de Fene	p. 11
Saúdo do alcalde de Ferrol	p. 13
Saúdo da alcaldesa de Narón	p. 15

COSAL

Presentación	p. 19
A solidariedade dos concellos de Ferrolterra con América Latina e o COSAL. Anos 1979-1995	p. 23

Experiencias Solidarias

1976, Honduras. Rita de la Piñera e Ton Blanco	p. 31
1979, Nicaragua. Vicente Couce	p. 49
Comité de Solidariedade con Masaya, Nicaragua	p. 57
Fundación do COSAL	p. 59
Reunións	p. 61
Obxectivos	p. 63

Marco Contextual

1. Ferrol e Galicia	p. 67
2. No mundo	p. 73
3. Situación xeoestratéxica en Centroamérica	p. 77
Guatemala	p. 88
El Salvador	p. 93
Honduras	p. 108

Galicia e os COSAL

Comités de Solidariedade con América Latina en Galicia	p. 121
Comités de Solidariedade estatais	p. 123
Accións divulgativas	p. 127
Feirón de Ferrol	p. 127
Santa Mariña	p. 127
Ateneo de Ferrol	p. 128
Primeira irrupcion na prensa	p. 128
Folga de fame	p. 129
Festa 1º De Maio	p. 130
Proxección dun documental en Santa Mariña e San Xoán	p. 130
Actividades Económicas	p. 131
Sardiñadas	p. 132
Torturados, estrangulados e tiroteados	p. 134
Esquerda Galega apoia o COSAL	p. 135
1982. Novas sardiñadas	p. 135
Campaña de recollida de menciñas, roupa e alimentos para El Salvador	p. 136
Pobo Perseguido	p. 137
Semana de cinema en Ferrolterra	p. 138
Festivais	p. 140
Fuxan os Ventos	p. 140
100.000 pesetas recadadas no festival de El Salvador	p. 141
Milladoiro	p. 142
COSAL e PCG de Ferrol convocan unha campaña de apoio ao FDR-FMLN de El Salvador	p. 144
Compañías Auxiliares	p. 145
Tres actos en apoio de El Salvador	p. 145
Encontro co alcalde	p. 146
2.500 persoas manifestáronse en apoio a El Salvador	p. 146
Mitin na Sociedade Deportiva Inferniño	p. 148
Missing	p. 149
Xornada de Debuxo Infantil, no Cantón de Molins contra a Guerra en El Salvador	p. 151

Tribunal Permanente dos Pobos. Sesión sobre Guatemala	p. 153
Testemuñas do Tribunal Permanente dos Pobos en Ferrolterra	p. 155
O Pleno do Concello de Ferrol condena ao Goberno de Guatemala por xenocidio e etnocidio	p. 156
Ferrolterra contra o ditador guatemalteco Rios Mont	p. 157
O alcalde de Narón recibe as testemuñas de Guatemala	p. 158
25.425 pesetas a Guatemala	p. 160
O COSAL pide a dimisión do director de Bazán	p. 160
O Comité de Astano solidarízase con Guatemala	p. 161
Pola Paz Mundial e pola saída da OTAN	p. 161
Na rúa	p. 162
Encontro en Ferrol dos COSAL de Galicia	p. 164
Campaña de alfabetización en Nicaragua	p. 165
Asociación Cultural Canido	p. 166
Acto en Betanzos	p. 166
Invasión ianqui de Grenada, acto en Medulio	p. 166
Envío de material escolar a Nicaragua	p. 168
No Salvador as mulleres sofren maior represión	p. 170
Instituto das Pontes	p. 171
O COSAL propón unha rúa a Monseñor Romero	p. 171
Concentración contra a presión de EE. UU. sobre Nicaragua	p. 172
Estadio de fútbol Manolo Rivera	p. 172
Novas sardiñadas: 21.030 pesetas a Nicaragua	p. 174
Conferencia de Francisco Carballo sobre a Teoloxía da Liberación no Instituto Concepción Arenal	p. 174
Embaixador de Nicaragua	p. 175
2000 persoas contra Reagan en Ferrol	p. 179
OTAN Non	p. 181
Nova homenaxe a Monseñor Romero	p. 182
Boletín do COSAL	p. 182
Entrevista a Ton Blanco	p. 182
Teatro Guanaco	p. 184
Un nicaraguano en Ferrol	p. 186

Índice

Charla no ateneo sobre os desaparecidos en Arxentina	p. 186
Primeiras Xornadas Estatais de Solidariedade	p. 188
Fene irmandarase con Nicaragua	p. 189
Xaquín Ros Rodal (Xocas) A Revolta do Pulgarciño	p. 190
Asasinato de xesuítas no Salvador	p. 196
O alcalde de Ferrol recibe a un representante do FMLN	p. 197
Coloquio no Colexio Lestonac sobre a solidariedade con El Salvador	p. 197
Tunel da Malata	p. 198
Radio Fene e o COSAL	p. 198
Nova semana de solidariedade con El Salvador	p. 200
Internacionalismo proletario	p. 202
Acordos de paz en El Salvador	p. 203
Os culpables das violacións dos Dereitos Humanos	p. 204
Acordos de paz	p. 204
Cuba: campaña de recolleita de menciñas	p. 207

Apéndices

Cronoloxía: Intervencións militares de EE. UU. en América Latina	p. 215
Testemuñas	p. 223
Teoloxía da Liberación. Anxo Ferreiro Currás	p. 237
Literatura Rebelde	p. 279
Índice de Siglas	p. 299
Notas biográficas dos autores	p. 301

Saúdo Internacionalista

Valió la pena

Roberto Rubio Fabián¹ (Enrique)

Durante las guerras civiles que vivieron El Salvador, Guatemala y Nicaragua durante los años 70 y 80, muchas organizaciones y personas en el exterior acompañaron con su entrega y solidaridad a la lucha de los movimientos revolucionarios. Diversos y numerosos Comités de Solidaridad con los pueblos centroamericanos se extendieron en el mundo, especialmente en los Estados Unidos y Europa.

Los sandinistas llegaron al poder gracias a su triunfo en la guerra civil en 1979; un par de décadas más tarde lo hacen por la vía electoral y se mantienen aún en él. En El Salvador, a partir de los Acuerdos de Paz en 1992, el FMLN entra a la lucha política

electoral, y años más tarde gana dos veces la Presidencia de la República por la vía electoral (2009-2014 y 2014-2019). En Guatemala, las organizaciones revolucionarias entraron en su momento al escenario electoral.

Independientemente de las valoraciones que se tengan de la forma como se desempeñaron dichas organizaciones ya en el gobierno, sean críticas o de apoyo, siempre es válida la pregunta ¿valieron la pena los esfuerzos solidarios de aquél entonces?



¹ Doctor en Estudios de Desarrollo por la universidad de Lovaina, Bélgica, y profesor agregado en dicha universidad. Doctor en Económicas por la Complutense de Madrid. Consultor de la OEA, Naciones Unidas, AID, Consejo Superior de Investigaciones Científicas de España. Investigador de la Universidad Libre de Amsterdam y Costa Rica. Director Ejecutivo de Funde - Capítulo Nacional de Transparencia Internacional. Publicó diversos libros, artículos en prensa y revistas internacionales.

Roberto Rubio-Fabián (Enrique)

En tanto que me desempeñé por un tiempo como representante de la alianza FDR-FMLN en España y luego en Europa, mi respuesta es clara y segura: sí, valió la pena.

Una de las razones de mi convicción fue y sigue siendo mi experiencia con los Comités de Solidaridad de Galicia, y especialmente con el Comité del Ferrol (COSAL).

Mi trabajo a la par de dichos Comités me mostró que el mundo era (y sigue siendo) aún hermoso, y que a pesar de todas las injusticias, desigualdades, encarcelamientos, torturas, asesinatos que ocurrían en mi país, habían personas nobles y solidarias. Personas capaces de conmoverse y llorar por nuestro pueblo a millas de distancia, de entregar parte de su dinero a una causa que consideraban justa, de utilizar parcelas de su tiempo para que otros pudieran mejorar sus vidas, de no dejarse atrapar por el individualismo y salir al encuentro de la sana acción colectiva.

Esas muestras de generosidad, amor al semejante y consecuencia con principios, eran vitamina para muchos de los que dimos nuestra lucha en el exterior. Sin duda fueron nutrientes que nos fortalecieron y nos ayudaron a soportar nuestro exilio. Trabajar y conversar con tales personas, como mi gran amigo

Antonio Blanco, el inolvidable “Ton del Ferrol”, nos daba aliento para seguir adelante.

Aún sin conocerlos, personas como Xaquín Ros, Ángel Currás y otras tantas de los Comités de A Coruña, Pontevedra, Lugo que se escapan a mi memoria, fueron fuente de inspiración en aquellos difíciles momentos. Todo eso valió la pena vivirlo.

Este libro, que rescata la memoria de aquellos tiempos, es un ejemplo de esas personas que no quieren olvidar esas vibrantes energías solidarias, que quieren traernos a presente ese recuerdo de las bellas motivaciones individuales y colectivas que dinamizaron a los Comités de Solidaridad de Galicia. Este libro es una memoria a la entrega, a la capacidad humana de conmoverse ante la injusticia y el dolor ajeno, a la solidaridad concreta y desinteresada, a las luchas por un mundo mejor. Esta obra representa una llama que las personas detrás su elaboración y publicación no quisieron apagar. Un gesto de aquellos gallegos que apoyaron la lucha del pueblo salvadoreño que reafirma mi convicción de que nuestros esfuerzos valieron la pena.

El Salvador C.A.

Saúdo do alcalde de Fene

Juventino Trigo Rey

*Se sintes en probeza,
se sofres inxusticia,
se cheo de rabexa
encirras á cobiza
do teu peito o can,
para ti chea de forza
vai miña mau, irmán.*

C hisqueiros accesos e centos de voces coreando con Fuxan os Ventos os versos internacionalistas e solidarios de Celso Emilio a musicados por Fuxan. Era un 31 de outubro de 1981 e a Sala Perla acollía o Festival de Solidariedade con El Salvador, un dos actos máis multitudinarios organizados polo Comité de Solidariedade con América Latina, COSAL.

Cando trinta e nove anos despois, varios dos membros que formaron parte do COSAL propuxéronos colaborar neste fermoso proxecto de recuperación da nosa memoria colectiva, no Concello de Fene decidimos non quedar á marxe e poñer o

noso pequeno grao de area para que vira a luz.

Hai que lle agradecer aos autores deste libro o seu esforzo por facer súa a estrofa

do noso himno, “non des ao esquecemento”, e contextualizar e reflectir un período da historia recente do noso Concello e da comarca no que a poboación de Ferrolterra amosou, coa súa participación en diferentes iniciativas promovidas polo COSAL, a súa solidariedade coa traxedia que estaba a vivir América Latina.



Juventino Trigo Rey

Xunto á “fe de vida” do COSAL, ao longo destas páxinas encontrámonos coa crónica dun período da historia de América Latina marcado pola inxerencia dos Estados Unidos no devir destes pobos e as accións no campo da solidariedade internacional protagonizadas pola sociedade civil de Ferrolterra.

Solidariedade, e non caridade!, porque como dicía Eduardo Galeano “a caridade é humillante. Exércese verticalmente dende arriba mentres que a solidariedade é horizontal e implica respecto mutuo”. Apoio e respecto a uns pobos (Nicaragua, Guatemala, Honduras, El

Salvador...) que procuraban combater as ditaduras e a inxustiza social.

O libro que tes nas túas mans chéganos nuns momentos marcados pola pandemia da COVID-19. Un tempo que cuestiona o modelo social imperante, que nos obriga a pensar que tipo de sociedade queremos construír e que volve poñer de manifesto a importancia de sermos solidarios para poder saír desta crise económica e sanitaria na que estamos inmersos porque, máis unha vez, só o pobo salva ao pobo.

Fene, setembro de 2020

Saúdo do alcalde de Ferrol

Ángel Mato Escalona

As veces —demasiadas— a nosa sociedade cae no en-simismamento. Arrastrados polo día a día, tendemos a esquecer que hai outras realidades. Dun xeito case inconsciente, afastámonos dos trunfos e aínda máis das derrotas doutros pobos. A experiencia deste 2020 debéranos servir para non insistir no erro. Convén ter ben presente a teoría do caos —máis en concreto, o denominado moi graficamente efecto bolboreta— para asumir que acontecementos locais, ata de aparenza nimia, poden repercutir en calquera parte do mundo. Sucede co medio ambiente, coa saúde e, por suposto, cos dereitos e as liberdades. Desentenderse dunha crise sanitaria no outro lado do planeta pode acabar tendo consecuencias graves aquí mesmo, como tamén obviar a inxustiza en lugares que consideramos máis afastados do que verdadeira-

mente se atopan. Os libros de historia desbordan exemplos.

Por iso, precisamente, é necesario, e moi importante, valorar o traballo de organizacións coma o Comité de Solidariedade con América Latina. A actividade do COSAL en Ferrolterra dende finais dos setenta ata entrados os noventa serviu para que os padecementos de países irmáns foran un pouco os nosos e nos implicásemos na súa causa, en ocasións con actos simbólicos, pero en outras tamén pasando aos feitos, coma o envío de fondos ou artigos de primeira necesidade reunidos a través de numerosas campañas. O seu labor resúmese cun só dos termos que forman parte do seu nome. O concepto de



solidariedade —no seu exacto significado— é a esencia do que representa o COSAL: o apoio en sentido horizontal, entre iguais. Neste caso, contra o totalitarismo.

Non é casualidade que Ferrol e a súa comarca fosen, naquela época, un foco activo deste movemento de carácter internacionalista. A cidade viña de destacarse durante anos na loita contra o franquismo e mantiña viva esa actitude reivindicativa. A sensibilidade contra a inxustiza non esmorecera logo de gañar a democracia, de modo que para moita xente foi ineludible comprometerse coa causa de quen loitaban contra outras ditaduras.

Isto son unicamente pinceladas de por que paga a pena reunir nun

volume a historia do Comité de Solidariedade con América Latina. Parabéns a Antón Blanco, Xaquín Ros e Anxo Ferreiro por materializar a memoria do COSAL para que non se perda. Lembrar é imprescindible, porque coñecer o pasado é a única maneira de explicar quen somos, para aceptarnos e poder mellorar. Así, agardo que esta obra sirva para contribuír a que o acontecido en América Latina non se esqueza, como tampouco que neste recuncho do mundo houbo moita xente que se comprometeu e traballou arreo para que quen padecía a inxustiza tivera voz nas nosas institucións e tamén nas nosas rúas, e para aportar un grao de area á construción dun mundo mellor.

Saúdo da alcaldesa de Narón

Marián Ferreiro Díaz

É para min un pracer, como alcaldesa, poder dirixirme a todas e todos vós a través desta publicación na que se recolle unha destacada experiencia de solidariedade internacionalista na nosa comarca. Unha experiencia na que, entre outros concellos da zona, Narón tivo un destacado papel a través da propia Administración local e das súas veciñas e veciños.

As lembranzas que teño a nivel persoal da actividade do Comité de Solidariedade con América Latina (COSAL) son, pola miña idade, as referencias que, entre outras persoas, gardo dos alcaldes de Narón que me precederon no cargo: Antonio Martínez Aneiros, Xoán Gato Díaz e Xosé Manuel Blanco Suárez.

O Concello de Narón foi naqueles tempos, e continúa sendo, un municipio solidario coa causa dos pobos oprimidos que loitan no mundo pola

súa autodeterminación: Nicaragua, El Salvador, Guatemala, Cuba, Sáhara... En definitiva, causas que non son alleas ao noso Concello e coas que nos implicamos na medida do posible participando en iniciativas como o programa Vacacións en paz a través do que cada ano chegan á cidade menores dos campamentos de refuxiados saharauís de Tinduf para pasar o verán con familias de Narón, onde se lles ofrece ademais atención sanitaria.

Os alcaldes de Narón sumáronse ás causas solidarias como as de COSAL, chegando a secundar nunha ocasión unha folga de fame en defensa dos dereitos de Nicaragua e contra as inxerencias de



EE. UU., participando en manifestacións e proxectos con fins solidarios como a construción de escolas, financiamento de redes de abastecemento, envío de medicamentos e material escolar a países que precisaban este tipo de axuda, etc. Así mesmo, organízanse recepcións a representantes de diferentes pobos que precisan a solidariedade que podemos ofrecer dende concellos como o de Narón, onde escoitamos as súas necesi-

dades para tratar de colaborar na medida do posible, ao igual que se cedem instalacións municipais para diferentes actos solidarios.

A través desta publicación quero facer un recoñecemento ao labor de COSAL e felicitar aos impulsores desta iniciativa a través da que todas e todos nós poderemos coñecer máis polo miúdo a historia deste colectivo internacionalista de solidariedade política que se constituíu a finais da década dos anos 70.



COSAL

*A resistencia empeza, e só empeza,
coa recuperación da memoria
histórica e a capacidade de dicir
non á propaganda de guerra
imperialista e as súas pillaxes.*

James Petras



Presentación

Pasaron os anos, mesmo décadas, desde que o COSAL de Ferrol se constituíra, en 1981, até o día, a principios do mes de febreiro de 2019, en que nos atopamos, Xaquín Ros Rodal (Xocas) e Antón Blanco Carballo (Ton). Ese encontro fortuíto serviu para que os dous determináramos recuperar do esquecemento o COSAL. Curiosamente ás poucas semanas celebrouse unha concentración no Cantón, contra a ameaza de invasión estadounidense a Venezuela e alí coincidimos con Anxo Ferreiro Currás (Currás), outro antigo compañeiro, e comentámoslle a nosa proposta e os tres acordamos que non podíamos deixar que tantos anos de esforzos e vivencias no campo do internacionalismo proletario quedasen nunha nebulosa do pasado. Pois silencialo sería case como postergalo á inexistencia ou ao esquecemento, e representaría ignorar o

traballo dunhas das tarefas máis fermosas do ser humano, como é a de exercer a solidariedade internacional con outros pobos sen esperar nada a cambio. E é que a pesar da enorme distancia, pesou máis en nós a traxedia dunha América Latina infestada de ditadores sanguinarios que tiñan sometidos aos seus pobos nun escenario apocalíptico onde reinaba a desigualdade social, a marxinación económica e a represión política, en definitiva un cadro dantesco de permanente inxustiza. A loita, na que estes pobos estaban inmersos para erradicar a tiranía e cambiar as estruturas violentas de dominación e os elevados niveis de pobreza, fixo que o longo charco, para nós moi próximo e afín, de todo un océano Atlántico, non fose óbice para exercermos a solidariedade, e é que como dixo a poetisa nicaraguana Gioconda Belli: “A solidariedade é a tenrura dos pobos”.

Presentación

Moita foi a xente que se implicou co COSAL, ben directa ou indirectamente, desde sindicatos, partidos políticos, asociacións de veciños, centros culturais, grupos musicais, cristiáns e cidadáns en xeral tanto en Ferrol como na comarca. Algúns participaron de forma permanente outros en campañas concretas, mais todos achegando o seu imprescindible gran de area. Destacamos a loita do movemento obreiro da comarca de Ferrol, berce do movemento obreiro de Galicia, contra da ditadura de Franco; pois o noso traballo antimperialista e solidario espertou simpatía entre os obreiros que foran curtidos na ditadura franquista en múltiples loitas reivindicativas polos seus dereitos laborais e pola conquista das liberdades e da democracia. Na mesma liña, hai que sinalar a receptividade que obtivemos por parte das institucións públicas, cuxos alcaldes abriron as súas portas, para recibir a dirixentes das diferentes organizacións populares de América Latina. Tamén as corporacións municipais, que secundaron diferentes propostas do COSAL, tanto de denuncia como de apoio a diversas campañas, e contribuíron con significativas achegas económicas a estes pobos en loita.

E por último, non podemos pasar por alto o traballo das testemuñas da vida da cidade, que son os xornalistas, como Germán Castro Tomé (Man), José Benito Varela Cachaza (Pepe Varela) e outros que reflectiron nas súas crónicas e difundiron a nosa actividade nos seus medios.

A toda a xente, que sodes vós, queremos darvos grazas, pois sen a vosa achega todo o traballo que realizamos sería imposible. Ademais transmitirvos o agradecemento destes pobos de Centroamérica pola solidariedade que lles mostramos en todos os seus procesos.

Por todo iso, os tres autores deste traballo fixemos o posible por recuperar do esquecemento todo o vivido ao longo de máis de dezaseis anos no exercicio da solidariedade internacional. No libro que tes nas mans atoparás a historia do COSAL cos procesos revolucionarios en América Latina e a solidariedade demostrada en Ferrolterra.

Reproducimos de seguido tres casos de tres países de Centroamérica que nos farán, sen dúbida, descubrir as realidades terribéis da vida destas persoas e darnos razón da nosa solidariedade.

El Salvador

«O meu nome é María Mirtala López, teño 23 anos de idade, veño dunha familia moi pobre. En 1980 fomos desaloxados —a miña familia e o resto da xente do Cantón os Naranjos en Chalatenango, de onde son orixinaria— por mor dos bombardeos e metralla, os famosos operativos de terra arrasada que practicaban no campo. Dentro deses operativos o 13 de maio de 1980 asasinaron ao meu pai xunto a outros dous irmáns, máis seis campesiños da poboación.

Desde entón comezamos a durmir no monte, aguantando choiva e frío, e ás veces cando na mañanciña, ao regresarmos á casa, os grans básicos como o millo e os frijoles, e tamén os porcos, e as poucas vacas, vemos que foran roubadas polos escuadróns da morte e a Garda que sempre circulaban e cacheaban as casas. Tiña entón 11 anos»².

Guatemala

Calendario Lean León, dirixente campesiño e cristián da aldea de Santa Ana, Iazabal, foi capturado en marzo de 1982, torturado e queimado vivo. Antes de morrer arrancáronlle os dentes de ouro³.

Honduras

O 22 de abril de 1981 secuestraron a Nora Gómez Barilla, de 29 anos de idade, secretaria de Monseñor Romero que se refuxiou en Honduras. No operativo secuestraron tamén ao seu esposo Mauricio Barillas e aos seus tres fillos, de 11, 9 e 5 anos. Do matrimonio nunca máis se soubo, figurando como desaparecidos. Segundo reportaxes de xornalistas da época:

os nenos e unha anciá foron entregados en maio do mesmo ano con nomes falsos ás autoridades migratorias de El Salvador, no posto fronteirizo do Amatillo⁴.

2 Stefan Veltzen. *Como salvadoreña que soy*, p. 119-124. Editorial Sombrero Azul, 1993. San Salvador.

3 Fundación Guillermo Toriello. *Memoria de los caídos en la lucha revolucionaria de Guatemala*, p. 147. Editorial Piedra de Rayo. Ciudad de Guatemala.

4 Fonte del COFADEH (Comité de Familiares de Desaparecidos en Honduras). Informe desaparecidos en 1981 Tegucigalpa, Honduras.

A solidariedade dos concellos de Ferrolterra con América Latina e o COSAL

Anos 1979-1995



Jaime Quintanilla Ulla

Alcalde do Concello de Ferrol polo PSdeG-PSOE nas primeiras eleccións democráticas, en 1979, e continuou como alcalde ata 1987.

O seu pai Jaime Quintanilla Martínez, galeguista e socialista, foi en 1931 o primeiro alcalde republicano de Ferrol e tras a sublevación militar fusilado polos fascistas o 18 de agosto de 1936 nas tapias do cemiterio de Canido.

O 26 de marzo de 1982, Jaime Quintanilla Ulla, recibiu de forma oficial a Herber Mengiver, representante do FDR-FMLN de El Salvador dentro da semana de solidariedade organizada polo COSAL e o PCG.

En 1983 a proposta do COSAL, o concello doou 25.000 ptas. á campaña de recollida de material escolar para Nicaragua.

O mesmo ano recibiu formalmente a unha delegación da Unidade Revolucionaria Nacional Guatemalteca e durante o seu mandato o concello de Ferrol emitiu unha condena contra o goberno de Guatemala por xenocidio e etnocidio.

Xosé María Rivera Arnoso

Ostentou a alcaldía fenesa durante 28 anos, desde 1979, polo BNG.



Recordo o Festival organizado polo COSAL de solidariedade con El Salvador, co grupo Fuxanos Ventos, na Sala Perla de Perlio. Había moita xente!

Tamén a campaña de recollida de material escolar para Nicaragua. Sobre todo na parte que me tocaba a min de falar cos Concellos que participamos.

O 3 de febreiro de 1984, nunha nota pública, o COSAL agradeceu a doazón de 40.000 ptas. aos concellos de Fene e Ferrol, dentro da campaña de axuda a El Salvador.

Como esquecer que aprobamos que o COSAL tivera un programa de radio semanal en Radio Fene para informar dos acontecementos que sucedían en Centroamérica. Isto supoñía que o técnicos da Radio terían un traballo a maiores pero facíanos ilusión colaborar nesa iniciativa.

De igual forma recordo unha proposta de Irmandamento do Concello de Fene con Nicaragua que se aprobara na Comisión de Goberno.

E por último, e non menos importante, da campaña de recollida de material escolar para Cuba.



Antonio Martínez Aneiros

Foi o primeiro alcalde que tivo Narón tras a aprobación da Constitución de 1978.

Elixido nas primeiras eleccións democráticas en 1979 por Unidade Galega. Tras a ruptura desta formación, foi reelixido en 1983 dentro da formación de carácter local Agrupación Nacionalista Galega de Narón.

En 1985 esta formación incorporábase ao PSG-EG e preséntase encabezando a lista ás eleccións ao Parlamento Galego, sendo elixido deputado pola provincia da Coruña, desenvolvendo o traballo parlamentario durante toda a lexislatura.

Da súa etapa de alcalde, lembra as axudas que deron a Chiapas e a folga de fame que fixo no concello en solidariedade con Nicaragua diante a ameaza de invasión ianqui. Tamén recibiu no concello a distintos centroamericanos que o COSAL trouxo aos municipios da Ría, sobresaíndo as testemuñas guatemaltecas do Tribunal Permanente dos Pobos, proponendo unha moción contra as mantanzas do goberno dese país centroamericano.



Xoán Gato Díaz

Foi alcalde de Narón entre os anos 1985 e 2009. Entre 1985 e 2000 por Unidade por Narón e entre ou 2000 e o 2009 por TEGA.

A solidariedade tivo moita repercusión no concello de Narón ao longo dos meus mandados.

Aprobamos dedicar o 0,7 % do presuposto municipal á solidariedade.

Con cargo a ese presuposto:

- colaboramos coa Fronte Polisario e axudamos a traer aos nenos do Sahara dentro do programa Vacacións en Paz.

El alcalde de Narón continúa su huelga de hambre, en solidaridad con el pueblo nicaragüense

Narón (Por Nemesio Barrio Otero). El alcalde, Antonio Martínez Aneiros, se encuentra encerrado en la casa del Ayuntamiento, desde el viernes a las nueve de la noche, cuando finalizó la reunión semanal de la Comisión Permanente Municipal. LA VOZ DE GALICIA daba ayer la noticia en exclusiva de esta decisión del regidor de Narón, que éste explica en un comunicado hecho público y que dice lo siguiente:

«Diante da ameaza de invasión para Nicaragua por parte de USA e o seu presidente, co conseguinte xenocidio, tomo a decisión de permanecer no concello até o luns ás 14 horas, facendo un xexún (ayuno) voluntario durante este tempo.

Comprometerme a espallar este mensaxe no concello ate chegar ó hirmanamento de Managua-Narón.

Ofrecer un sinxelo testemuño diante da opinión pública sin buscar outra cousa que non sexa axudar a poñer en evidencia a política imperialista de USA e a do seu presidente.

Dirixirme as embaixadas de: Nicaragua, para manifestarles solidariedade; USA, indicando a repulsa e condena da súa política opresora e xenocida; nunciatura do Vaticano, denunciando o seu silencio cómplice neste proceso».

Por último, respecto al encierro del alcalde, hay que señalar que el grupo municipal socialista, por intermedio de su portavoz, Francisco Álvarez Patiño, ha hecho pública su solidaridad con la pos-

se basan —aunque se esgriman esas razones— en problemas sanitarios o higiénicos, por cuanto los mataderos, llamados «clandestinos», de Narón, ofrecen mayores garantías de higiene y sanidad que los municipales de Ferrol, Santiago o Villagarcía, sino porque tanto los precios como la calidad de la carne son mejores en Narón.

Cabe señalar que los carniceros presentes en el Ayuntamiento expresaron que se darán de baja de inmediato de la asociación que preside Sanesteban Cao, al que calificaron, entre otras cosas, de «traidor».

Gestiones del grupo popular

El pasado jueves se reunió el comité local de AP, que preside José Fernández Gómez. En el curso de la mencionada junta, el presidente dio cuenta de las gestiones que, a través del diputado provincial Juan Blanco Rouco, se vienen realizando ante la Diputación, y que tienen relación con obras a realizar en el concello. Coincidiendo con las soluciones que se están negociando para la urbanización de La Solana, la Diputación acometerá la obra de ampliación del puente sobre la vía de FEVE, en Santa Cecilia. La obra entra dentro de un plan de remodelación y acondicionamiento de carreteras, en el que la Diputación tiene previsto emplear una cifra superior a los doscientos millones de pesetas.

Asimismo y según manifestaciones de los responsables del grupo popular del concello, existen fundadas posibilidades de que en



Aneiros: Hambre por Nicaragua

desde el entronque con la carretera de Castilla, hasta la iglesia parroquial; en el mismo tramo de dicha carretera —y si los informes técnicos lo aconsejan— se haría una nueva red de alcantarillado y agua en ambas márgenes.

Manifestación contra la LODE

En un comunicado público, AP de Narón manifiesta su postura de rechazo a la Ley Orgánica de Derecho a la Educación (LODE) y anuncia la concurrencia de una delegación del comité local a la manifestación que en tal sentido se realiza hoy en Madrid. «Ello no implica —dice el comunicado— que AP esté en contra de la enseñanza pública, por el contrario, este comité ha hecho gestiones directas a través del diputado Romay Beccaría ante la Consellería de Educación de la Xunta, para que se acometan las obras de remodelación y arreglo del colegio público de O Feal, por más de treinta millones de pesetas, así co-

- Axudamos a Cuba na época do período especial enviando un autobús e material escolar. E visitei Cuba para facer entrega dese material
- Axudamos a unha Cooperativa Nicaraguense enviando 30 máquinas de coser e máis tarde ou propio alcalde dese concello visitou Narón en agradecemento.
- Financiou un proxecto en El Salvador sobre dereitos laborais con 2.900 €
- Colaboramos co COSAL en forma de material, cesión de infraestruturas, axudas económicas, dando apoio político para campañas concretas, Teatro Guanaco de El Salvador, etc.

Manuel Couce Pereiro



Alcalde de Ferrol entre os anos 1989 e 1995. Compaxinou o cargo de Alcalde do PSOE co de Deputado no Congreso en Madrid.

Por razóns dos cargos que desempeñou, pasaba bastante tempo fora de Ferrol e agradece o tempo no que o Primeiro Tenente de Alcalde, Fernando Miramontes exercía de alcalde accidental. Recordaba especialmente a inauguración da rúa Masaia no barrio de Caranza (cidade nicaraguana coa que estaba irmandada Ferrol) e a rúa Chile e a visita o 23 de marzo de 1990 de Carlos Rodríguez, representante do FMLN de El Salvador.

Fernando Miramontes Vázquez



Fernando Miramontes, militante histórico do PCG (Partido Comunista de Galicia), detido, torturado a cotío e encarcerado sabe dabondo a importancia da solidariedade internacional entre os pobos que sofren os acosos dunha ditadura. Foi o primeiro tenente alcalde da primeira corporación democrática de Ferrol co alcalde Xaime Quintanilla Ulla e logo primeiro tenente de alcalde con Manuel Couce Pereiro, exercendo de alcalde durante as prolongadas ausencias do primeiro polas súas responsabilidades no Parlamento Español.

Recorda daqueles anos a visita do Embaixador de Nicaragua Orlando Castillo a Ferrol e do mitin no salón de actos do Instituto Concepción Arenal.

Tamén recorda a manifestación de apoio ao proceso democrático en El Salvador e a condena da inxerencia de EE. UU. en Centroamérica: «Moita xente había. Chegabamos ata o Inferniño».

Manuel Fariña Doval



Alcalde de Mugar dos entre os anos 1983 e 1991. Primeiro co Partido Comunista e logo con Esquerda Unida.

Viviu a solidariedade Internacional como algo propio do seu cargo e da súa ideoloxía.

Recorda a solidariedade naqueles tempos con Uruguai, Nicaragua, El Salvador, Chile e Cuba. Case sempre a proposta do COSAL, CC. OO. ou o PC.

Non podiamos dar cartos pero se que apoiabamos con infraestrutura (Salón de Actos), facendo uns carteis, ou ofrecendo as nosas casas para que durmieran

e comerán o refuxiados que nos visitaban. Tamén aprobabamos resolucións de apoio ou de condena pola inxerencia de América do Norte noutros países.

Tamén apoiabamos dende ou Concello manifestacións como a de El Salvador, contra a presenza de Reagan en España ou contra Pinochet.

Recorda sempre a unha familia de refuxiados salvadoreños, que pasaron varios días na súa casa.



Experiencias Solidarias

1976 Honduras

Rita de la Piñera Cuesta e Ton Blanco Carballo

Tanto Rita como eu pretendemos darlle un maior sentido ás nosas vidas e pensamos que o mellor era facelo priorizando as carencias extremas e a desigualdade entre as xentes dos países subdesenvolvidos, dándolle valor ao concepto de solidariedade internacional. En España viviamos nunha ditadura e por tanto non se permitía a formación de partidos políticos e sindicatos de clase, tampouco as Ongs, por iso a única vía que atopamos foi a través dun cura obreiro de Vigo que se ía a Honduras. Nós tiñamos un diñeiro que aforramos ao longo de dous anos e aínda que a viaxe correría pola nosa conta, non nos representou ningún problema. Cantas persoas daban por ben investidos pagarse as viaxes de vacacións e este desde o punto de vista existencial, era unha viaxe moito máis atractiva. Rita deixou o seu traballo, eu solicitei unha excedencia



Tegucigalpa, 1980, camiño de Nicaragua

por cinco anos e en 1976, aos nosos 25 e 27 anos, fomos a Honduras, o país máis pobre de América despois de Haití. Neses anos tocounos vivir, unha das etapas máis convulsas da historia de Centroamérica.

O primeiro que vimos ao chegar foron inmensas plantacións de cana de azucre, bananos e piña tropical, cultivadas con modernísima maquinaria. Por iso comentamos atónitos:

“pero isto é riquísimo”, ao que Lupe, un xesuíta norteamericano expulsado de Honduras en 1968, pola súa defensa do campesiñado, respondeu:

as plantacións pertencen á Standar e á United, que se apropiaron das mellores terras, desposuíndo aos campesiños das mesmas e desprazándoos a outros lugares máis improditivos e insans, por iso os campesiños son moi pobres.

Ah exclamamos, a famosa United do Canto Xeral de Neruda, ao que Lupe sorrindo engadiu:

Si, famosa por roubar aos campesiños.

Non había “pasada” para chegar ao Baixo Aguán, o noso destino, pois as inundacións e a crecida dos ríos fixeran intransitable o camiño e ao carecer de pontes o único medio de viaxar era en avión. Un vello DC-3 aproximounos a unha paisaxe selvática. Cando xa íamos tomar terra, de súpeto o piloto acelerou e o avión elevouse ao final da pista e é que no campo de aterraxe había vacas e o piloto daba sempre unha primeira pasada para espantalas.

Nós tiñamos moi claro que para poder traballar con campesiños e coñecer a súa angustiada vida era necesario vivir o máis próximo posible a eles. Por ese motivo decidimos situarnos nunha pequena aldea campesiña chamada Salamá, no val do Aguán, departamento de Colón, e para integramos no medio, decidimos

vivir nunha champa (cabana de terra e canas) como os campesiños e como eles, sen auga e sen luz. O mobiliario destas infravivendas limitábase a unha ou dúas hamacas e a unha cama de “cabulla” (cordas tensadas) no canto de somier e por colchón un “petate” (esterilla de cáñamo) e ese foi tamén o noso enxoval. A auga non era potable había que fervela e despois, ao moito, quedaba morna. Ese estilo de vida ao longo de case cinco anos posibilitounos achegarnos á triste realidade das súas vidas.

Algunha vez escoitei que en Honduras non había violencia, con todo nada máis chegar percibímola da forma máis brutal posible. Nenos cunha mirada triste, calados e enconllidos, e para máis inri cos estómagos avultados pola amebiase, o que lles provocaba disentería crónica que moitas veces, demasiadas, acababa coas súas vidas Pero o máis impactante foi ver un día a nenos tomar terra do chan e comela, ou raspar terra das paredes das champas e inxerilas. O noso amigo Chus Bengochéa, de quen falarei máis adiante, explicounos que a desnutrición era de tal magnitude que comían terra para achegar minerais ao corpo. Por iso a mortalidade infantil era tan elevada, algo ao que, por máis tempo que pasases con eles nunca te afacías, máis ben ao contrario, indignábaste e rebelábaste ante ese panorama tan cruel e inxusto.

Por se fose pouco, a zona na que viviamos, era endémica de malaria,

o que provocaba a eliminación de glóbulos vermellos, deixando aos nenos abatidos, «payulos» (pálidos) e sen vida e isto repetíase periodicamente. Unha cousa era ler estatísticas desde a cómoda Europa sobre a mortalidade infantil e outra ben distinta palpalo; non ver un día ao fillo dun veciño e decatarte de que morreu esa noite. Impresionado preguntabas «de que morreu?» e respondíanche: “a saber”. E si se sabía, morrían por nacer nun país empobrecido e tamén para facer posible as ganancias doutros. Raparigas, nais novas “chineando” un “tierno” (cargando un bebé) e coa outra man azoradas tapábanse a boca, pois perderan case todos os dentes pola extrema descalcificación.

Moi duro e máis cando vías as riquezas que tiña este país. Cando Rita nunha reunión de mulleres preguntou se a algunha morréraselle un «cipote» (neno), todas levantaron a man. Trinta e oito nenos mortos, entre falecidos e abortos. Tremendo. Nunha reunión con campesiños formulei a mesma pregunta e responderon: Juan Banegas, cinco mortos; Francisco Leiva, tres; don Chando, cinco; don Rosa, catro; e Chepe León, un. E estas non eran cifras, estes eran os fillos dos teus veciños e amigos. Nalgunha ocasión, sabedores de que dispoñía dunha cámara de fotos pedíanme facer un foto ao cadáver dun neno amortallado para dispoñer dun recordo del.



Mortalidade infantil, familia Chepe León, 1978

Indignante era cando asistías a un enterro nos arredores da aldea. Facían un foxo e, debido ás inundacións, pronto brotaba auga e a pequena caixa de cartón empezaba a flotar ou a romper, botando todos terra velozmente para evitar que abollase o corpo miudo. Máis dunha vez, alleos a ese drama e sen ningún tipo de consideración, unha enorme camioneta de enxeñeiros pasaba a toda velocidade salpicando á comitiva coa auga dos charcos.

Este foi o panorama que nos atopamos ao chegar. Cando te atopabas con alguén e preguntábaslle: que tal, como está? Respondíanche “así regular” e é que non estaban ben,

cunha desnutrición endémica transmitida de xeración en xeración. A esperanza de vida ao nacer era de 48 anos. Violencia estrutural pois, máis silenciosa, pero igualmente mortífera.

Pero en Honduras tamén existía a violencia dos opresores, conforme nos penetramos nas aldeas e gañabamos a confianza, contáronnos que en 1972 diante dun conflito campesiño cun terrateniente os militares protagonizaron a “Matanza da Talanquera”. 200 efectivos da intelixencia do Estado metrallaron aos campesiños, segando a vida de seis líderes. O ano anterior á nosa chegada cometeuse a “Matanza dos Horcones”. Abourados pola falta de terras, a UNC, ligada á CGT organizou en todo o país unha marcha pacífica, á capital chamada “Marcha da fame” coa finalidade de esixir terras e concentrarse diante do Congreso.

No departamento de Olancho contaron co apoio dun sector da igrexa Católica comprometida cos campesiños, aos que dirixían programas de formación e contaban cunha escola radiofónica. Iniciada a marcha os militares coa finalidade de entorpecela socavaron a estrada con buldócers, dinamitaron a ponte de Augas Zarcas (augas azuis) e comezaron a disparar a matar. En tres puntos executaron a matanza, co resultado do asasinato de dous sacerdotes que os

acompañaban, un colombiano e outro norteamericano, nove dirixentes campesiños, unha estudante universitaria e unha cidadá colombiana. A todos eles botáronos a un pozo e dinamitárono nas propiedades do terrateniente Mel Zelaya, pai do que foi presidente de goberno no ano 2006.

A pesar do noso afán non foi fácil a adaptación a esta nova terra, o sol abrasador, o alto índice de humidade, a carencia de alimentos e as cobras. Os primeiros amigos que fixemos alertáronnos de que tivéssemos coidado con elas, había moitísimas, tamagás, boas, a coral moi venenosa, pero a peor de todas era a barba amarela, moi agresiva, causaba pavor, pois a súa mordida supoñía perder a vida; ao meu amigo Mundo mordeulle unha e tras a hospitalización, logrou sobrevivir, pero quedou atrofiado intelctualmente. Á súa vez insistíronnos que antes de durmir revisásemos as paredes coa lanterna por se había alacráns; ás ratas afacémonos enseguida, moito peor eran



Inundacións no Baixo Aguán

os zancudos que nos cribaban deixándonos ronchas nas bonecas, brazos e nocellos, e o peor de todo é que eran portadores do paludismo, o cal padecemos moitas veces. Para romper o illamento dispoñiamos dunha radio que nos permitía de noite seguir os acontecementos do mundo. Pero a pesar de todo tivemos sorte, pois un día despois da nosa chegada, expulsaron de Guatemala a Chus Bengoechea, un xesuíta de Logroño con gran experiencia tanto en El Salvador como en Guatemala. Chus, home pausado, reflexivo e sobre todo comprometido coas causas populares veu a vivir connosco e a achega que nos brindou sobre a realidade centroamericana supuxo a nosa aterraxe a aquelas conflitivas terras. Foron noites inesquecibles charlando á luz dun candil entre o croar da ras, contándonos Chus a súa experiencia en El Salvador, os conflitos dos campesiños nos cantóns de Aguilares cos terratenentes e militares e fronte a esa maquinaria de opresión, Chus Bengoechea, Rutilio Grande, —o cal sería asasinado en febreiro de 1977— e uns cuantos universitarios, algúns dos cales foron anos máis tarde dirixentes do FDR-FMLN. Con algún deles falei e destacaban con admiración a determinación e valentía de Chus. Recordo coma se fose hoxe, o episodio da importancia da organización popular en El Salvador. Contounos que os facendados contrataban aos campesiños para a recolección pagándolles

salarios de fame por longas xornadas de traballo, o cal lles condenaba á fame e contribuía á elevadísima mortalidade infantil.

Chegou un momento en que os xornais eran tan abusivos que aos campesiños non lles compensaba ir traballar. A resposta do facendado, foi negarse a calquera incremento salarial. Ante tal afronta os campesiños responderon con organización popular. Foron a traballar e ao acabar a xornada prenderon varias candeas nos canaveirais e estas fóronse consumindo. Á noitiña a mecha entrou en contacto coa follaxe do chan e iniciouse o lume queimándose a plantación. Ao día seguinte, o patrón mandounos chamar, arengounos, e subiulles o xornal, pois a cana aínda que queimada ten tres días en que é útil pois conserva o seu mollo, mais despois queda inservible. Foi unha acción popular fronte á sabotaxe patronal ás súas condicións de vida. Ao cabo de mes e medio Chus regresou a Guatemala onde tiña iniciado un traballo con indíxenas mayas e xunto a eles, Fernando Hoyos e Enrique Corral fundaron o CUC (Comité de Unidade Campesiña) en abril de 1978.

Eramos novos e a primeira tarefa foi coñecer xeograficamente o Baixo Aguán, distancias, dificultades de acceso, carencia de pontes, se se podía ir a pé, en moto ou dacabalo, así como duración das viaxes. Tamén facer un mapa humano de núcleos de poboación tanto no val como nas

montañas e ver a receptividade. E así comezamos a visitar as aldeas, constatando que case non había poboación autóctona, todos procedían doutros departamentos e ademais tiñan diferente idiosincrasia. Os independentes de mentalidade individualista rexeitaban a reforma agraria e vivían no monte tras moitas horas a cabalo, deforestando a selva para colonizala entre unha fauna que ía desde o tapir, o ocelote, o puma e o jaguar, este último devoroulle un xato ao meu amigo Juan Banegas a noite anterior a visítalo. Tamén estaba o mundo cooperativo no val, cunha mentalidade máis aberta, pero non se coñecían entre eles e coa dificultade de que non estaban habituados ao traballo comunal nin ao cultivo da palma africana. Outro grupo humano eran os “morenales”, así chamaban aos descendentes da poboación de orixe africana que vivían ao longo de toda a franxa caribeña. Estes vivían moi afastados do val e o furacán Fifi arruinara todas as pontes por iso a viaxe era moi complexa, moto, caiuco e camiñar moitas horas pola praia. Fixemos varias viaxes, pero sendo conscientes que para traballar con eles, había que falar o garífuna e convivir, as visitas esporádicas non tiñan moito sentido.

En Honduras non houbera realmente un proceso de auténtica reforma agraria xa que non se expropiaron terras baldías nin dos latifundistas nin das bananeiras norteamericanas. O que o goberno fixera era simplemente un programa de migracións

inducidas para trasladar aos campesiños sen terras doutros departamentos do país ao Baixo Aguán, unha zona inhóspita. Deste xeito garantían a propiedade dos latifundios e bananeiras e evitaban as recuperacións de terras e as tensións sociais. Calculamos que debía de haber unhas oitenta cooperativas, duns cincuenta a oitenta socios cada unha e dedicándose ao cultivo de palma africana unhas cincuenta. O resto dedicábanse ao cultivo de cítricos e grans básicos que ou ben se arruinaban polo implacable sol, ou podrecían coas inundacións ou eran devoradas por pragas de ratas. O proxecto do baixo Augan estaba tutelado polo exército, cuxo labor era controlar ao movemento campesiño, a través dos promotores, —nalgúns casos axentes do DIN (Departamento de Investigación Nacional)—. Resaltar que o froito escollido para a reforma agraria era a palma africana, a cal non tiña a finalidade de paliar as necesidades do campesiñado, senón a da poboación ianqui, pois Estados Unidos, era deficitario de palma para a fabricación de manteiga. As procesadoras de palma africana pertencían ás bananeiras ianquis.

Moncho Lobo era o único terrateniente do baixo Aguán, e que casualidade, as 138.700 hectáreas da Reforma Agraria terminaban onde empezaban as súas propiedades. O seu irmán Porfirio Lobo, tras o golpe de estado a Mel Zelaya, erixiuse presidente en 2010.

No equipo refugamos realizar traballos asistenciais e desarrollistas, optando por contrarrestar a cultura das clases dominantes a través dun proceso de concienciación baseado no plan do pedagogo brasileiro Paulo Freire. Dabámoslles chance de ser eles mesmos investigadores. Non discurséabamos, iso xa o facía o poder monopolizando desde facía séculos a palabra e a verdade, fose o facendado, o militar, o enxeñeiro ou o cura, e eles simplemente eran suxeitos pasivos que se limitaban a escoitar o que decidían outros. Aquí todos eramos mestres e alumnos, todos opinaban e aos poucos ían adquirindo autoestima. Atopamos diversos niveis de conciencia desde a máxica á inxenua e tamén persoas con conciencia crítica, desenvolvendo a súa capacidade analítica e descubriendo eles mesmos as causas da súa miseria e tomando conciencia de que eran cidadáns con dereitos á saúde, á educación e a unha vida digna. Este era un traballo lento onde todos aprendíamos, nós tamén e estaba claro que para modificar esa estrutura de opresión non quedaba outra que implicarse. Atopamos pois, un potencial humano moi elevado, pois estas persoas como dicía Carlos Mejía Godoy nunha das súas cancións:

Un curso de alta miseria fíxome doutor, son licenciado en pobreza e mestre en desnutrición.

2º Desvelar e denunciar o cruento papel dos Estados Unidos contra eses pobos, inmiscíndose nos procesos electorais fraudulentos, depoñendo a presidentes electos, propiciando golpes de estado, desestabilizando a rexión a través da CIA e amparando á sanguinaria estrutura de terror e morte, necesarias para manter a súa statu quo na cintura de América.

3º Divulgar a traxedia deses pobos, a chamada violencia estrutural, igual de cruel que a violencia

CAJA DE AHORROS DE GALICIA TRANSFERENCIA 038339

ORDENANTE SR. D. CONITE DE SOLIDARIDAD CON AMERICA LATINA (COSAL-FERROL)

BENEFICIARIO SR. D. AYUDA AL PUEBLO DEL SALVADOR

NOMINAL	COMISION	IMP.D.T.E.	Otros Gastos	TOTAL PESETAS
85,981*	100*	1*	18*	86,100*

IMPORTE PAGADO 11 JUL 1981

BANCO DESTINATARIO BANCO DE VIZCAYA CENTRAL-MADRID, ALCALA, 45

CLAVE BANCO 0102/0900 V.B. hoy

1. ADEUDO PARA EL ORDENANTE.

Orden de pago bancario de COSAL en julio de 1981

das armas, pero máis opaca e difuminada, estamos a falar da esperanza de vida ao nacer, mortalidade infantil, enfermidades endémicas, analfabetismo, niveis de vida, salariais, número de médicos por habitante, ausencia de auga potable e letrinas, diversos indicadores económicos e un longo etc. Á nosa tarefa por tanto consistiu en transmitir esa realidade á sociedade galega con métodos didácticos e para iso contabamos con audiovisuais centroamericanos, exposicións de carteis, documentación, fotografías, música latinoamericana e unha infinidade de materiais que nos axudaban na aproximación a esas cruentas realidades.

4^o Conseguir axuda económica para contrarrestar a grande axuda militar estadounidense aos seus aliados, os diferentes ditadores da área. Para iso, tivemos que organizar múltiples actividades para recadar fondos. Festivais, venda de materiais, divulgación de revistas das organizacións revolucionarias centroamericanas, editar nós boletíns, e darlle renda solta á imaxinación para conseguir fondos, tanto institucionais como accións populares recadatorias como as “sardiñadas” e outras.

Á súa vez fomos conscientes desde o principio que para poder desenvolver nosa inxente actividade solidaria e internacionalista necesitabamos cadrar dous factores. O primeiro contactar con outros Comités de Solidariedade con América Latina de Galicia, pois considerabamos que era moi importante estar coordinados e compartir experiencias e materiais e en segundo lugar para poder vehicular a evolución das contendas era imprescindible establecer contacto directo coas representacións oficiais das organizacións populares deses países latinoamericanos en España.

An aerial, black and white photograph of a city street, likely in a developing area, showing a dense crowd of people and buildings. A large, semi-transparent blue grid pattern is overlaid on the right side of the image, extending from the top right towards the bottom left. The text 'Marco Contextual' is written in a white, bold, sans-serif font over the grid.

Marco Contextual

1. Ferrol e Galicia

Anos 70

A loita obreira en Ferrol tanto no campo laboral como nas reivindicacións sociopolíticas de liberdade e democracia, veñen de moi atrás, mais centrarémonos nos feitos máis importantes acontecidos nos anos 70. En 1970 dentro da política represiva da ditadura contra todo opositor, detiveron a tres significados líderes sindicais de Bazán e Ferrol, Paco Filgueiras, Julio Aneiros e Rafael Pillado, todos do Partido Comunista e de Comisións Obreiras. Ao estar presos, substituíronos como xurados de empresa os seus camaradas, Manuel Amor e José María Riobó, que se encargarían de negociar o convenio de 1971. Dábase a circunstancia que en Cartaxena a maioría do xurado de empresa estaban vinculados á Falanxe, mentres que en Cádiz, a súa composición

era máis diversa, pero non tiñan o empuxe nin a conciencia sociopolítica do proletariado de Ferrol, por iso asinaron un convenio que por lesivo, foi rexeitado en Ferrol con grandes mobilizacións. A resposta da dirección de Bazán foi despedir aos membros do xurado de empresa máis activos, entre os que se atopan Manolo Amor e José María Riobó. Resaltar que no tecido produtivo da comarca, o exemplo dos traballadores de Bazán correu como a pólvora. Como consecuencia diso, iniciáronse novas mobilizacións acompañadas de forte represión policial que culminaron o 10 de Marzo de 1972 cunha carga brutal das forzas represivas que utilizando lume real resultou un balance de: dous mortos por disparos, Daniel Niebla e Amador Rey, ao redor de 50 feridos de bala, aínda que o número real de feridos, nunca se poderán calcular, pois o medo á

policía franquista obrigou aos danados a non acudir aos hospitais. A reacción da ditadura de Franco foi, 54 operarios con multas gubernativas de entre 50.000 a 250.000 pesetas, que era unha cantidade desorbitada naquela época e 23 persoas xulgadas no Tribunal de Orde Pública en Madrid con condenas para varios deles de entre catro e seis anos de prisión. Por mor destes episodios foron detidos moitos traballadores doutras empresas e varios curas da comarca entre os que se atopaban Vicente Couce, Antonio Martínez Aneiros e Anxo Ferreiro Currás que deran cobertura ás familias e colleita de diñeiro para os presos, ao cabo os cregos foron detidos, encarcerados e xulgados no TOP.

Esta resposta organizada do movemento obreiro que se enfrontou a todo o aparello represivo do Réxime de Franco, tivo unha gran repercusión mundial con titulares en grandes medios de comunicación tanto europeos como no New York Times, e é que a cidade de Ferrol foi considerada como unha das cinco zonas máis conflictivas do estado español. Desde entón, o 10 de Marzo é lembrado como “O Día da Clase Obreira Galega” e celébrase en Ferrol cada ano fronte ao monumento dous traballadores asasinados.

O asasinato de Moncho Reboiras

“Moncho Reboiras, ex traballador de ASTANO, foi entre os anos 1.973 e 1.974 un dos organizadores dos

grupos sindicais que orixinarían no ano 1.975 o Sindicato Obreiro Galego (SOG)

Atopándose en Ferrol, onde se estaba organizando a UPG (Unión do Pobo Galego), a Brigada Político Social (BPS) establece na noite do 11 de agosto do 75 un control na zona de Canido. Ás dúas da mañá numerosos efectivos da BPS, acompañados de máis de 300 axentes da Policía Armada acordaron o edificio onde se atopaba con 2 militantes máis da UPG que grazas á intervención de Reboiras —o único que estaba armado— lograron fuxir.

Reboiras logra zafarse da policía durante máis de dúas horas, conseguindo finalmente esta darlle alcance nun portal da rúa da Terra (onde se lle fai todos os anos unha homenaxe), disparandolle até asasinado sen darlle opción a outras saídas”⁶.

Anos 80

A reconversión do sector naval

Nos oitenta, a gravidade da situación no Sector Naval provocou que se tomasen medidas moi drásticas. En 1982 o Goberno do Estado aproba o Decreto sobre a Reconversión e no ano 1983 aprobouse o Decreto de Reindustrialización. Pero sen ningún lugar a dúbidas o que mais incidencia tivo foi o de 1984, pois era

6 Fundación Terra e Tempo de Estudos Nacionalistas.

un plan de reconversión dos grandes estaleiros españois, que afectaría a miles de traballadores. O número de empregados no sector naval en todo o Estado Español descendeu dunha maneira espectacular. Este proceso supuxo a diminución da capacidade global de produción do sector, que quedou reducido ás dúas terceiras partes da existente naquel momento. Isto supuxo que as empresas xa establecidas afrontasen a reestruturación do sector en crise mediante a redución dos seus cadros de persoal, reorientado a actividade e mesmo desaparecendo.

Na ría de Ferrol durante o período de 1979 a 1989, entre ASTANO e BAZÁN, perdéronse 7.670 empregos directos. No caso particular do estaleiro militar, a redución de emprego foi un pouco máis suave grazas aos pedidos da Armada Española, o cal axudaba a manter o nivel de ocupación. A perda de emprego no estaleiro militar foi dun 26% do persoal total, mentres que no civil dóbrase a devandita porcentaxe.

En 1987 asínase o plan de Reestruturación do sector naval, acompañado posteriormente polo plan de actuación dos estaleiros públicos que vai desde 1991 ata o 1993. Durante este período foi no que se deu o maior descenso de persoal nas factorías de Ferrol e Fene, cunha perda do 25% do persoal.

E a pesar desta gravísima situación, que afectaba á maioría da clase traballadora, directa ou indirecta-

mente, da comarca de Ferrol, as iniciativas de solidariedade do COSAL, contaron co apoio e a simpatía dos traballadores e traballadoras, chegando incluso a abrírnos as portas das factorías e darnos a posibilidade de explicar os graves acontecementos que se sucedían en América Latina. Apoiando as manifestacións de solidariedade, as visitas de dirixentes, como a visita do Embaixador de Nicaragua, de delegacións de El Salvador, Guatemala, Chile, Arxentina, etc. Subscribindo manifestos e apoiando economicamente as nosas peticións.

A música

Nunha época marcada pola forte crise económica que sofre a cidade de Vigo, con altas taxas de desemprego e en plena reconversión do sector naval, e pola incerteza política logo de deixar atrás o réxime ditatorial, xorden unha serie de bandas musicais de diversos estilos que reaccionan á música convencional do momento. Son os representantes da chamada Movida Vigués, movemento musical e estético que se desenvolve na primeira metade dos anos oitenta. Mari Cruz Soriano y los que afinan su piano (posteriormente Siniestro Total), Os Resentidos e Golpes Bajos son claros expoñentes, ao igual que Aerolíneas Federales, Semen Up, Los Cafres, ¿Bromea o qué? ou Moncho e mailo sapoconchos.

Na Coruña, Radio Océano e Viuda Gómez e Hijos son os mellores exemplos do punk atlántico, aínda

que non acadan a repercusión dos principais grupos do sur. Noutras partes do territorio galego xorden algúns dos grupos que máis percorrido terán na nosa música:

É o caso de Los Suaves (Ourense), Los Limones (inicialmente Los Limones del Caribe) é un grupo de pop/rock, formado en 1983 na cidade de Ferrol.

Non podemos esquecer o apoio dos grupos galegos de música tradicional ou música galega máis recoñecidos (Milladoiro, Fuxan os Ventos) que se prestaron a participar nos festivais de solidariedade no Parque Municipal de Ferrol ou na Sala Perla de Perlío.

A moda

Mentres uns e unhas bailaban coa movida e outros non se despedaban das butacas do cinema por culpa de Almodóvar, Galicia asistía a golpe de escaparates e pasarelas á xeración dos deseñadores que ían cambiar para sempre o mapa da moda do país e do mundo. Inditex daba os seus primeiros pasos ao mesmo tempo que Gene Cabaleiro, «o noso Versace», cegaba coa súa tenda de París, Luís Carballo era o publicista perfecto e Adolfo Domínguez convencíanos de que o bótox, polo menos nas pezas, non era boa idea.

A literatura

A instauración da democracia permitiu a consolidación dos xéneros

anteriores e a apertura de novos horizontes nos distintos campos literarios en resposta ás esixencias dunha sociedade libre. Galicia pasou de ser un país produtor de poesía maioritariamente a interesar e implicar a moita máis xente nos libros que produce, que van desde diversos tipos de ensaio a libros de crónica política, revistas, narrativa. As tendencias son moi variadas (novela histórica, policial, erótica, realista, etc.)

A edición de libros destinados aos lectores máis novos en coleccións infantís (Merlín, Sotelo Blanco Infantil, etc.) e xuvenís (Xabarín, Doce por vintedous, Fóra de xogo, Gaivota, Árbore, etc.), aparición de Edicións Xerais de Galicia, é unha das grandes contribucións á normalización da nosa literatura.

A poesía tamén se renova. Méndez Ferrín e Arcadio López Casanova marcan coa aparición dunha poesía máis rica e aberta a múltiples influencias, engrandecendo un xénero asentado desde os inicios da nosa literatura na Idade Media.

O xénero dramático experimentou profundas transformacións na segunda metade do século XX. Todos e todas eles abren o mundo teatral ás máis novas tendencias.

É destacable a aparición a finais dos anos 60 e principios dos 70 do fenómeno dos grupos de teatro independente. Nestes anos proliferan asociacións que tratan de potenciar o teatro, especialmente mediante o achegamento a un público xuvenil.

O Instituto da Lingua Galega creado en 1971, e a Real Academia Galega propoñen en 1982 as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, que obteñen carácter de oficiais coa promulgación da Lei de Normalización Lingüística.

O ensino e a renovación pedagóxica

Nova Escola Galega é un movemento asociativo de base que ten como finalidade impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles ensinantes e persoas sociais e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo galego, público e democrático. Foi fundado o 11 de xuño de 1983 en Santiago de Compostela.

A sanidade

O Servizo Galego de Saúde é o organismo da administración autónoma de Galicia a cargo da asistencia sanitaria pública. Foi creado en 1989, ao transferírlle o estado as competencias en materia sanitaria á Xunta de Galicia.

As drogas

A realidade foi que os traficantes galegos cambiaran o tabaco de contrabando por substancias moito máis rendibles, e tamén perigosas: a heroína

e a cocaína, procedente maioritariamente de Colombia. Que Galicia convertérase nun paraíso para o narcotráfico non foi casual e as razóns que o explican non distan moito do que se repite en moitos puntos ao longo de América Latina: pobreza, illamento, e no noso caso, unha fronteira —con Portugal— desigual.

Coa droga e o diñeiro, tamén chegaron os problemas e as mortes, tanto que se fala de "xeración perdida": dúcias e dúcias de mozos que se converteron en adictos, e moitos non sobreviviron.

Nestes anos desenvolveuse a chamada Operación Nécora, que marcou un antes e un despois na loita contra o narcotráfico en Galicia e no estado español.

O movemento feminista

Dúcias de mulleres que viñan participando no movemento antifranquista orientan boa parte da súa actividade e enerxía á construción de organizacións de mulleres.

A súa capacidade de acción, as iniciativas despregadas, a combatividade, a audacia e ousadía nas consignas, nas críticas, nos métodos de organización e loita destas militantes crean escándalo nunha sociedade galega que non está afeita a que as mulleres falen en público e digan o que senten e pensan.

Naqueles anos, entre o 1979 e 1995, a Solidariedade Internacional e o Movemento feminista (na comarca de Ferrol coa Asociación Galega da

Muller) coincidimos nunha chea de actos e manifestacións.

Tampouco fomos alleos aos distintos movementos que desenvolvían a súa actividade naqueles anos: A campaña e o referendo sobre a permanencia do estado español na OTAN (Comité Anti OTAN), o Movemento de Obxección de Conciencia e a insubmisión, cos que compartimos cartel, reunións e actividade en moitísimas ocasións.

Con este telón de fondo é cando o Comité de Solidariedade con América Latina (COSAL) desenvolve o máis forte e diversificado da súa actividade (1979-1995) nos concellos de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Murgardos e Pontedeume, afectados especialmente pola Reconversión do Sector Naval.

O Golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981

O golpe de estado de 1981, tamén coñecido como 23 F, foi un intento frustrado de golpe de estado perpetrado o 23 de febreiro de 1981 por algúns mandos militares en España.

Os episodios centrais foron o asalto ao Palacio das Cortes por un

numeroso grupo de gardas civís dirixidos polo tenente coronel Antonio Tejero, ocorrido durante a votación para a investidura do candidato á Presidencia do Goberno, Leopoldo Calvo-Sotelo, da Unión de Centro Democrático, que supuxo o secuestro durante 18 horas do Goberno e dos deputados no seu interior; así como a ocupación militar da cidade de Valencia, en virtude do estado de excepción proclamado polo tenente xeneral Jaime Milans do Bosch, capitán xeneral da III rexión militar.

O golpe de estado de 1981 atópase estreitamente relacionado cos acontecementos vividos durante a Transición española.

Catro elementos xeraron unha tensión permanente que o Goberno de Adolfo Suárez non logrou conter:

- Os problemas derivados da crise económica
- As dificultades para artellar unha nova organización territorial do Estado
- As accións militares protagonizadas por ETA
- A resistencia de certos sectores do exército para aceptar un sistema político democrático.

2. No mundo

Anos 70

O conflito árabe-israelí e a etapa final da guerra de Vietnam dominan a maior parte da vida política dos anos 70. O mercado do petróleo revélase polas disposicións da Organización dos Países Exportadores de Petróleo que arrastran aos países industrializados a unha crise no sector enerxético e, polo tanto, a toda a industria e á sociedade. Hai un bloqueio no fornecemento de petróleo e agora son as nacións produtoras as que fixan os prezos do combustible.

Como principal resposta á Crise do petróleo, cobra forza o Neoliberalismo como proxecto de clase. Xa nos anos 70 algúns países implantaron a doutrina Neoliberal, defendendo o mínima intervención do Estado, combatendo as políticas do Estado do benestar, defendendo as privatizacións...

Coa chegada de Ronald Reagan e Margaret Thacher aos gobernos de Estados Unidos e Gran Bretaña o neoliberalismo imponse en casi todo o mundo con reducións masivas de impostos aos ricos, as reformas fiscais, a destrución do sindicalismo, as privatizacións e subcontratacións dos Servizos Públicos, etc. e sempre ao traveso do Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial (B.M), o Tratado de Maastrich, a Organización Mundial do Comercio (O.M.C.) e incluso de partidos da esquerda tradicional que adoptan os principios do neoliberalismo.

Liberarse dos sindicatos e da negociación colectiva significaba liberdade para reducir os salarios, liberarse das Regulacións dos Estados significaba liberdade para contaminar o mundo, liberarse dos impostos era liberarse das políticas redistributivas que axudan á xente a saír da pobreza.

No mundo

O Neoliberalismo, como opción de clase, xa quería daquela converter a democracia nun Teatro. E presentouse como a solución universal a todos os problemas económicos

É tamén a década da aparición de organizacións armadas de esquerda, como o IRA, RAF, Brigadas Vermellas, ETA, CNLF, Exército Vermello xaponés, NEP ou grupos terroristas islámicos como a Yihad Islámica, FPLP ou setembro Negro.

Terroristas como Carlos o Chacal fixéronse moi famosos. Algúns gobernos responderon ao terrorismo aplicando o terrorismo estatal.

A Casa Branca é a escena do escándalo Watergate que levou ao presidente Richard Nixon a ser o único presidente de EE. UU. que renunciou ao seu posto neste século. Ao mesmo tempo, o intervencionismo do goberno deste país axuda a establecer ditaduras militares que afectan a Washington en varios países latinoamericanos. En Asia, a Guerra de Vietnam finaliza coa retirada dos Estados Unidos e en Camboia o Khmer Roxos comeza un dos peores xenocidios do século.

O bloque comunista que a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas conseguiu conformar durante varias décadas, comeza a mostrar signos de desintegración e distancia do poder soviético da China comunista, o que causa o debilitamento da influencia comunista no mundo.

En Europa, a pesar da crise de enerxía, os países occidentais deste

continente conseguen igualar o nivel de vida dos Estados Unidos e os países escandinavos alcanzaron o maior equilibrio económico social do mundo.

As ditaduras do sur de Europa (Grecia, Portugal e España) desaparecen e dan orixe a réximes democráticos.

Varias guerras desta década foron guerras de baixa intensidade: Guerra Indo-Pakistaní de 1971, Guerra do Yom Kippur, Invasión turca de Chipre, Guerra Ogaden e a Guerra Chino-Vietnamita.

Os fundamentalistas musulmáns tomaron o control de Irán baixo a dirección do ayatolá Ruholá Khomeini, achegándose aos estados máis radicais baseados na Sharia (lei islámica).

En Nicaragua a Revolución Sandinista popular acaba coa ditadura de Anastasio Somoza García.

Margaret Thatcher (Partido Conservador) tórnase a primeira muller Primeira Ministra do Reino Unido.

Prodúcese a Intervención Soviética en Afganistán e a independencia de Santa Lucía e Kiribati.

No ámbito social, os aparellos domésticos como o microondas e outros dispositivos como o walkman, o microprocesador, a computadora, a calculadora ou a televisión en cor son moi populares. O aumento das drogas causa graves danos sociais, especialmente a heroína, que empeorarían na seguinte década.

Anos 80

O inicio desta década está marcada polas crecentes tensións da Guerra Fría entre os Estados Unidos e a Unión Soviética. A ameaza nuclear é máis evidente que nunca, e para mediados da década o achegamento entre os dous bloques, favorecida polas políticas coñecidos en Occidente como Glasnost e Perestroika, defendidas polo presidente soviético Mikhail Gorbachev .

No plano económico, o presidente de Estados Unidos, Ronald Reagan, presenta unha serie de medidas económicas de libre mercado, popularmente coñecido como Reaganomics, que establecen os fundamentos da economía neoliberal para os próximos anos. Ademais, as diferenzas de desenvolvemento entre os pobos do mundo son evidentes coa fame que azouta varios países de África. En Etiopía, a situación é especialmente dramática por mor da seca. Países asiáticos como Corea do Sur, Taiwán , Singapur e Hong Kong experimentan un rápido desenvolvemento industrial que non ía parar no resto do século.

A existencia da SIDA foi publicada por primeira vez en xuño de 1981 e acabará por aparecer ante o mundo como unha epidemia de enormes proporcións.

Chernobyl, cidade Ucraiana ao norte de Kiev, convértese no símbolo da incapacidade dos gobernos para controlar o monstro que crearon: o

risco continuo e inapreciable da técnica nuclear.

México sufriu o peor terremoto da súa historia en 1985, cunha magnitude de 8.1 na escala de Richter, deixando preto de 10.000 vítimas.

En 1983 a Arxentina, co Presidente Raúl Alfonsín, volve á democracia dun xeito inseguro, despois da Guerra das Malvinas. En 1985 os represores militares da ditadura foron condenados nun xuízo ás Xuntas Militares, sendo a Arxentina o primeiro e único país en Latinoamérica en facelo.

Logo de 15 anos de ditadura militar os chilenos voltaron ás furnas en 1988 para decidir a continuidade do xeneral Augusto Pinochet no goberno. O plebiscito foi adverso e a democracia volveu de xeito inseguro en 1990.

O terrorismo internacional presente xa na década anterior, está a intensificarse nos EE. UU.

En 1989 a URSS e o bloque soviético en xeral están máis enfraquecidos que nunca. En novembro, o muro de Berlín, que encarnou a división da cidade desde o final da Segunda Guerra Mundial, foi demolido polos propios berlineses, dando o golpe de graza á era soviética e converténdose no símbolo das revolucións de 1989 nos países de Europa do Leste.

Os videoxogos son cada vez máis populares e comezan a estenderse como unha nova cultura.

Reagan e Thatcher libraron guerras (Malvinas) ou invasións (Illa de

No mundo

Grenada) que sabían que non perderían e que non tiñan unha importancia estratéxica real; foron máis ben para consumo interno e maior gloria do seu patriotismo. Outra cousa foron as guerras onde EE. UU. non participaba directamente: El Salvador, Nicaragua, Iran, Irak, Afganistan e tivo un papel decisivo á hora de aportar apoio estratéxico, loxístico e de armamento. O escándalo do Iran-Contra identifica moi ben a amoralidade da diplomacia do chumbo estadounidense, xa que a superpotencia vendía armamento ao seu entón aliado Irak pero tamén baixo corda ao seu inimigo Irán, para que co diñeiro negro obtido financiar as operacións de contraespionaxe e insurrección en Centroamérica, especialmente en Nicaragua.

Xurde a Iniciativa de Defensa Estratéxica norteamericana, programa ficticio bautizado polos medios de comunicación como a Guerra das Galaxias.

A política neoliberal de Margaret Thatcher obriga ao mineiros a ir a folga de marzo de 1984 a marzo de 1985.

O mundo dos anos 80, mostraba xa un claro avance da reacción conservadora, e seguía sendo un escenario onde o conflito entre o traballo e o capital era o eixe central.

A xerarquía da Igrexa católica e o papa Juan Pablo II cargaron ao seu sindicalismo particular: A Teoloxía da Liberación: Que defendía unha igrexa de base ao servizo dos máis probes

Cando Monseñor Romero (Bispo de San Salvador) consegue chegar ao Papa, logo de sortear toda a burocracia papal e intentar ensinarlle probas e documentos das matanzas e violacións cometidas polos paramilitares e a ultradereita ao servizo da Ditadura Militar, inclusive o asasinato do cura Octavio Ortíz, o papa Wojtyla respondeulle que non tiña tempo para tanta lectura, e ademais... non era guerrilleiro?

3. Situación xeoestratéxica en Centroamérica

O triunfo sandinista en Nicaragua acaecido o 19 de xullo de 1979 sobre a cruel ditadura de Anastasio Somoza Dabayle, fixo que moitos galegos e galegas sensibles á inxustiza e á barbarie exercida por ditadores de uniforme rebordante de medallas e de sangue campesiño,

comezasen a fixarse neses países, a “cintura de América” como a denominou Pablo Neruda, e principiásen deste xeito a interesarse pola problemática dos pobos centroamericanos e á súa vez, en plena transición democrática en España, comezar a promover e exercer a solidariedade.




Situación xeostratéxica en Centroamérica

Lamentablemente non só os nicaraguanos sufriron as consecuencias da saga Somoza desde 1937 ata 1979. En El Salvador, Guatemala e Honduras outros ditadores foron os responsables non só da falta de liberdades, senón tamén da represión atroz, da eliminación física de disidentes e de cometer masacres contra a poboación. Todo iso co fin de perpetuar os seus status de privilexios e para coartar calquera indicio de reivindicación. Do mesmo xeito estes déspotas tamén eran responsables doutro tipo de violencia, talvez máis opaca, pero igual de cruel como era a curta esperanza de vida dos seus cidadáns e os elevados índices de mortalidade infantil, así como das miradas tristes e abatidas dos nenos e nenas que sufrían desde o mesmo momento do nacemento a mala nutrición endémica arrastrada de xeración en xeración.

O COSAL xurdiu pois para apoiar ás organizacións que facían



1976 Suburbios na cidade de San Pedro Sula, Honduras, os cintos de miseria de América



fronte a esa barbarie ao longo de toda Centroamérica integradas non só por campesiños e obreiros, senón tamén por profesores universitarios e de secundaria, estudantes, relixiosos e profesionais que optaron por modificar as causas da inxustiza estrutural, base de todos os problemas. Como non podía ser doutra forma, pronto comezou a ser familiar no ambiente da solidariedade en Galicia os termos de “escuadróns da morte”, “guerra de baixa intensidade”, “contras” e “Repúblicas bananeiras”. Tamén o papel que as compañías froiteiras norteamericanas facían na rexión poñendo e depoñendo ditadores afíns aos seus intereses. Nada máis significativo para iso que fixarse en Honduras, onde xurdiu e se acuñou ese termo.

En Guatemala o 31 de xaneiro de 1980 o exterminio non tivo límites e como exemplo extremo de persecución indíxena foi a queima e asalto da Embaixada de España nese país, onde se refuxiaron un grupo de campesiños do CUC (Comité de Unidade Campesíña) para denunciar ante o mundo os asasinatos de líderes populares. En total 37 persoas morreron abrasadas e metralladas, só sobreviviu o embaixador, Máximo Cajal e un campesiño ferido que esa mesma noite foi secuestrado do hospital e executado.

Todo iso fixo que desde Galicia se fixásen no etnocidio e xenocidio que se estaba levando a cabo nese país. Á súa vez en El Salvador, o asasinato de Monseñor Romero acaecido o 24 de marzo de 1980 por paramilitares baixo o mandato do maior Roberto d' Aubuisson fixo ver que non existían límites á hora de asasinar a disidentes. A solidariedade cara a estes pobos que loitaban por unha vida máis digna fixo ademais que varias cidades galegas se irmandasen coas súas homólogas nicaraguanas, poñendo nomes “ nicas” a algunha das súas rúas, como no caso de Ferrol que se irmanou con Masaya e practicamente nas cidades máis importantes de Galicia comezasen a xurdir Comités de Solidariedade con América Latina.

Unha zona caracterizada por varios factores. En primeiro lugar,



A policía xudicial foi a primeira en rodear a embaixada española. Un grupo de campesiños do Quiché tomo pacificamente a representación diplomática para denunciar os masacres.

estaba infestada de ditadores sanguinarios, anticomunistas acérrimos que na súa maioría accederan ao poder pola vía do golpe de estado ou a través de eleccións fraudulentas. En segundo lugar os exércitos deses países tiñan un poder ilimitado sobre a sociedade civil, priorizando a represión sobre o seu propio pobo, que a defensa nacional. En terceiro lugar a conivencia dos exércitos deses países para colaborar en operacións conxuntas contrainsurxentes ou actuar a partir de 1964 través do CONDECA (Consello de Defensa Centroamericano) integrado ao sistema defensivo norteamericano. Ante a súa ineficacia en 1969 tras a mal chamada “Guerra do Fútbol”, predominaron os tratados bilaterais, e despois de Estados Unidos con cada país. Outra característica coa excepción de El Salvador, era a presenza das compañías bananeiras, que a través de subornos, presións e propiciando golpes de estado,

obtiñan todo tipo de prebendas e concesións, facéndose na práctica os donos destes países, tanto do aparello produtivo, como das infraestruturas, ferrocarrís, portos etc., así como dos designios dos mesmos, de aí o termo de “repúblicas bananeiras”. Un trazo común a estes países e inconfundible era a existencia de grandes diferenzas sociais, concentración do capital en poucas mans fronte á miseria xeneralizada do pobo, convivindo a ostentación e suntuosidade duns poucos coa pobreza extrema das grandes maiorías. Confluíndo o latifundio no que traballaban campesiños como peóns na época de sementa e recolección, co minifundio para o autoconsumo de subsistencia o resto do ano. Nese escenario figuraban os terratenentes que actuando como señores feudais, acaparaban as mellores terras aínda que parte das mesmas as mantiñesen ociosas. Nalgúns casos, non dubidando en utilizar aos seus pistoleiros como escuadróns da morte para acabar con calquera intento reivindicativo. E no terreo electoral, subliñar que as opcións políticas estaban limitadas á existencia de dous partidos conservadores que representaban os intereses do binomio burguesía-militares, estando vetada calquera opción que representase os intereses populares. E xogando o papel de director de orquestra de todos eses factores de opresión, estaba a omnipresente

embaixada Norteamericana, experta en propiciar golpes de estado e actuar como procónsul do imperio, realizando con total desvergoña inxerencias nos asuntos internos destes países, ben directamente ou a través de asesores norteamericanos e axentes da CIA especializándoos na guerra sucia. Todo valía con tal de preservar os seus intereses económicos e xeoestratéxicos, aínda que iso implicase manter a estes pobos sumidos na miseria máis espantosa.

A partir de 1977, utilizaron tamén a especialistas en tortura arxentinos na chamada “Operación Centroamérica” que pasaban máis desapercibidos entre a poboación que os louros ianquis⁷. O método arxentino, como se coñeceu en Honduras, Nicaragua, Guatemala e El Salvador era a práctica da desaparición do opositor, a extracción de información baixo a tortura sistemática en cárceres e procedementos clandestinos, que derivaban en que quen os executaba quedarían impunes.⁸ O 30 de novembro de 1982, a Federación Latinoamericana de Xornalistas presentaba á prensa un vídeo-cassete, coas


7 Antonio Blanco “FH En la memoria del Pueblo” F. 10 Marzo Editorial Tórculo, páx. 21 e 22. Santiago 2008

8 María Seoane. Argentina, los secretos de la guerra sucia continental de la ditadura. Wikipendia, 24-03-2006

declaracións de Héctor Francés, un ex axente dos Servizos de Intelixencia Arxentinos que durante os últimos dous anos coordinaba as actividades dos grupos antisandinistas en Costa Rica, Honduras, Guatemala e o interior de Nicaragua. Recibía ordes do «Estado Maior Arxentino en Honduras»⁹.

E por último, neste contexto adverso e desigual, existiron tamén mulleres e homes libres que asumindo enormes riscos tiveron a coraxe de implicarse en diferentes organizacións de masas denunciando as arbitrariedades dos militares, esixindo reformas sociais, incorporándose á oposición desde a legalidade, compatibilizando as súas profesións coas súas posicións políticas, entre os que se atopaban, reitores, catedráticos, profesores, avogados, xornalistas, médicos, etc. A moitos esta toma de postura custoulles ter que deixar os seus postos de traballo, a persecución e o desarraigamento, a outros o exilio, e a outros moitos a morte a man de paramilitares. Un nutrido grupo deron un paso máis aló e incorporáronse á guerrilla como única vía de facer fronte ás brutais ditaduras, campesiños, mestres, obreiros, líderes populares, habitantes de barriadas periféricas,

⁹ Nicaragua-Centroamérica. Hablan los ex agentes de la SIA y de la CIA. Madrid, IEPALA (Instituto de Estudios Políticos para América Latina y África) p. 1



estudantes universitarios e de secundaria, e tamén relixiosos ligados á Teoloxía da Liberación e que rompían a secular postura da xerarquía eclesiástica aliada co poder.

En definitiva, un panorama apocalíptico de terrorismo de Estado para perpetuar o poder do binomio burguesía militares, amparados e tutelados polos Estados Unidos. Pero para comprender mellor a situación en Centroamérica e entender de onde proceden os seus males, é necesario facer unha visión retrospectiva. Falar de Guatemala, Honduras, El Salvador e Nicaragua

Situación xeostratéxica en Centroamérica

en menor medida, é facelo duns pobos herdeiros da civilización Maya, unha cultura florecente polos seus avances arquitectónicos, astronómicos e matemáticos.

A conquista dos españois

A súa historia vai intimamente ligada á chegada dos conquistadores españois. A segunda cidade de Honduras ten o nome de San Pedro Sula. Sula polo val onde está situada e Pedro polo conquistador Pedro de Alvarado quen fundou a cidade en 1536. Nacido en Badaxoz en 1510 Pedro de Alvarado foi lugartenente de Hernán Cortes, loitando con este en México e reprimindo aos aztecas, o cal provocou

a insurrección indíxena que deu lugar á chamada “Noite triste”. En 1523 apoderouse de Guatemala atopando unha forte resistencia nos quichés aos que finalmente derrotou. En 1524 internouse en El Salvador, coñecido naquela época como Cuzcatlán, atopándose coa rebeldía indíxena dos lenca e pipiles que lle inflixen varias derrotas, retrocedendo ata Guatemala.

Ao ano seguinte Pedro de Alvarado enviou outra expedición, fundando en 1525 a cidade de El Salvador de Cuzcatlán, que é incendiada pola resistencia indíxena contra os invasores. Non é ata 1539 e tras varias expedicións erradas, que son derrotados os indíxenas



salvadoreños. En Honduras tivo que enfrontarse ao líder indíxena Lempira, que logrou aglutinar a varias tribos contra os conquistadores. Posteriormente a Pedro de Alvarado nomeárono gobernador de Guatemala e de Honduras. Morreu en México sufocando unha rebelión indíxena en Nova Galicia en 1541.

Foi este un enfrontamento desigual, por unha banda uns homes fortemente armados, con coirazas metálicas, espadas de aceiro, armas de fogo como os arcabuces e un animal descomunal, o cabalo que pola súa envergadura causaba pavor entre os indíxenas que nunca viran un. Fronte a eles, a pel espida, mazos de madeira e frechas de obsidiana. Este primeiro encontro coa autochamada civilización occidental e cristiá deixou regueiros de sangue, e tamén de enfermidades transmitidas polos conquistadores que deixaron decimadas ás poboacións indíxenas. Estímase que neses primeiros anos morreron dous terzos da poboación nativa.

Impuxéronse os conquistadores, formando a Capitanía Xeral de Guatemala que abarcaba Centroamérica, dependendo do Virreinato de México, subordinados á Coroa española, desposuíndo aos indíxenas das súas terras e utilizándoos para traballos forzados. Establecéronse pois as bases da discriminación e explotación sobre



a poboación nativa, mantendo a esta marxinada, excluíndoa das decisións, sen darlles participación e só reservándolles penalidades, xornadas esgotadoras, fame e miseria profunda. Aspectos estes que arrincan desa época e que pervive ata os nosos días. A burguesía criolla proclamou a independencia da Capitanía Xeral de Guatemala de España en 1821, que abarcaba o territorio que hoxe conforman, Guatemala, Honduras, El Salvador, Nicaragua e Costa Rica.

As reformas que levaron a cabo os gobernos fosen conservadores ou liberais xurdidos moitas veces a pedimento dos militares, só pretendieron favorecer os intereses dos

oligarcas, provocando a concentración de terras en mans de facendados criollos, arrebatándolles de forma violenta as terras aos indíxenas, tendo que refuxiarse uns nas zonas montañosas ou selváticas e outros modificando o seu status, emigrando ás cidades conformando os chamados cintos de miseria, miles de homes e mulleres desarraigadas, desempregados, incrementándose a marxinação, o analfabetismo e a fame. En definitiva a explotación continuou.

Séculos máis tarde, no canto de españois barbudos en carabelas chegábanlles outros brancos, atraídos polo ouro e a prata, esta vez falando inglés e con “compañías” que dicían ían levar o progreso a estes países.

“A inxerencia dos Estados Unidos en Centroamérica vén de moi atrás. Por iso a tese que algúns aducen para explicar e xustificar que a confrontación en Centroamérica era produto da guerra fría. Os conflitos entre opresor e oprimido son ancestrais, arrincan da etapa colonial española, pasando pola liberal e pola doutrina Monroe. Por tanto, moito antes de acuñarse o termo guerra fría, xa existían en Centroamérica grandes desigualdades sociais, pobos empobrecidos e reprimidos para perpetuar esa situación, e como consecuencia de todo iso, insurreccións populares. A fame e a represión e as políticas imperiais de dominación foron a causa destes

conflitos, un proceso social interno e non procede atribuílo de forma recorrente a causas externas como o comunismo internacional ou outras¹⁰. De feito, entre as múltiples causas do subdesenrolo sobresaen con nome propio, a débeda externa, a evasión de capitais nacionais, as grandes compañías multinacionais e o armamentismo.

A política exterior dos Estados Unidos con relación a América Latina responde desde a súa orixe a célebre frase que en 1823 pronunciou o seu presidente, Monroe: “América para os americanos”, os do norte enténdese. Por iso decidiron no ámbito económico apropiarse dos seus recursos naturais e en segundo lugar non dubidaron en utilizar a súa forza militar para anexionar territorios. Hai dous feitos históricos paradigmáticos, o primeiro cando o 13 de maio de 1846 iniciaron unha guerra a través da que “lle arrebataron a México, dous millóns cen mil quilómetros cadrados, a metade do seu territorio”¹¹. O outro feito sucedeu “o 6 de novembro de 1903, cando os Estados Unidos sendo presidente Roosevelt maquinaron e financiaron a fragmentación territorial de Colombia arrebatándolle o que sería Panamá, pactando co

10 Antonio Blanco FH Na Memoria do Pobo, Editorial Tórculo, páx. 25. Santiago 2008.


11 Alejandro Rosas. Historiador y catedrático. Entrevista en Radio W Radio Mexico 24-8-2017

gobierno monicreque do novo país o control por un período de cen anos dunha zona na que máis adiante construírían os norteamericanos o famoso Canal¹². En Panamá os gringos estableceron catro basees militares: Isla Galeta, Base aérea de Howard, Forte Clayton e Forte Sherman. No período que vai de 1900 a 1933 os Estados Unidos xa interviñeran directamente a través dos seus marines e de forma continuada en Panamá, Nicaragua, Honduras, e Guatemala, así como na área do Caribe.

Ademais das intervencións militares fosen directas ou indirectas, había outro tipo camufladas como axuda ao desenvolvemento. Convén aclarar non obstante que a Axuda Alimentaria Estadounidense era interesada xa que o seu obxectivo real era dar saída aos seus excedentes alimentarios enmascarados como axuda para a paz e alargar así os mercados exteriores. Ademais para acceder a esas axudas había que cumprir determinados requisitos: ser cualificado como país amigo que na súa grande maioría tiñan dentro do seu territorio basees militares USA¹³, lei P. L.-480 de 1954 no contexto da guerra de Corea.

12 Antonio Blanco FH Na Memoria do Pobo, Editorial Tórculo , páx. 26. Santiago 2008.

13 Gerardo Timosi, La ayuda no es gratuita. Pensamiento Propio, Nicaragua 1987 páx. 21.



Revista Pensamento Propio, editada polo CRLES, Managua, Nicaragua

En contraposición, a achega estadounidense ao desenvolvemento sitúase nun nivel moi baixo entre os países desenvolvidos¹⁴.

Con todo é no mandato do presidente Kennedy, cando este modifica a política exterior como contrapunto do influxo da revolución cubana e impulsa unha nova estratexia de penetración e contención, non a través da intervención directa, senón

14 Axuda pública ao desenvolvemento, cadro elaborado por Carlos Losada Pazo, pax.14. Fundación Paz e Solidariedade. Imprenta Torculo, Santiago de Compostela, 2003.

El Intervencionismo de EEUU en Latinoamérica



Principales intervenciones desde 1950

Escuela de las Américas

Instituto del Hemisferio Occidental para la Cooperación en Seguridad

1946-Actualidad

- La Escuela de las Américas es una escuela de instrucción militar para soldados latinoamericanos situada en Fort Benning, Georgia. En 2001 fue renombrada como Instituto del Hemisferio Occidental para la Cooperación en Seguridad. Desde 1946 hasta 1984 la escuela estuvo situada en la Zona del Canal de Panamá, donde se graduaron más de 60.000 militares y policías de hasta 23 países de Latinoamérica, algunos de ellos de especial relevancia por los crímenes contra la humanidad, como Leopoldo Galtieri y Manuel Noriega. Ciertas fuentes denuncian que en este lugar se ha adiestrado y entrenado en métodos de tortura, asesinato y represión a miles de represores de toda Latinoamérica.



Guatemala

1954 (D.D. Eisenhower)
Golpe de estado orquestado por la CIA en contra del presidente Jacobo Arbenz, elegido democráticamente



El Salvador

1980-1992 (R.W. Reagan)
● Durante la Guerra Civil Salvadoreña, dio apoyo económico al gobierno en su lucha contra el FMLN, de orientación comunista



Costa Rica

2010 (B. Obama)
● Bajo el pretexto de la lucha contra el narcotráfico, el gobierno costarricense aprobó la entrada de 7.000 marines, 46 buques y 200 helicópteros



Panamá

1964 (L.B. Johnson)
● "El Día de los Mártires". EEUU reprimió duramente la protesta que clamaba en contra de su presencia y control en la Zona del Canal. Hubo 28 muertos, 300 heridos y 500 arrestados
1989 (G.H.W. Bush)
● Invasión del país, con unos 26.000 soldados, para capturar al general Manuel Noriega, acusado de narcotráfico por la justicia de EEUU. Hubo alrededor de 3.000 víctimas



Colombia

1999 (W.J. Clinton)
● El Congreso de EEUU aprobó un paquete de ayudas para Colombia, que se destinó a apoyo militar y policial. Las políticas de fumigación aérea de los campos de drogas forzarón un éxodo rural de más de un millón de campesinos
2009 (B. Obama)
● Despliegue de tropas estadounidenses en 7 bases militares colombianas para obtener un mejor posición en la lucha contra el narcotráfico



Bolivia

1967 (L.B. Johnson)
● Ernesto "Che" Guevara fue asesinado por el gobierno boliviano con la ayuda de la CIA



Chile

1973 (R. Nixon)
● Golpe de estado del general Pinochet con el apoyo de la CIA y el gobierno de EEUU. Desembocó en una dictadura militar



Cuba

1961 (J.F. Kennedy)
● Invasión de la Bahía de los Cochinos por parte de los "anticastroistas" con el apoyo de EEUU. La acción fue rápidamente neutralizada por las fuerzas de Fidel Castro.
● Embargo comercial, económico y financiero



Puerto Rico

1950 (H.S. Truman)
● Insurrección nacionalista derrocada por la Guardia Nacional



República Dominicana

1965 (L.B. Johnson)
● Intervención posterior a la Guerra Civil Dominicana en busca de la "estabilización" por miedo a que se crease una nueva Cuba



Haití

2004 (G.W. Bush)
● Deponen al presidente Jean Bertrand Aristide, con la ayuda de Francia y Reino Unido en el marco de la operación MINUSTAH
2010 (B. Obama)
● Aumento de la militarización estadounidense aprovechando el debilitamiento causado por el terremoto de Haití (Magnitud 7,0)



Honduras

2009 (B. Obama)
● La Escuela de las Américas entrenó soldados para derrocar al presidente, democráticamente elegido, Manuel Zelaya



Nicaragua

1981-1990 (R.W. Reagan)
● Apoyo con financiación y militares a la oposición del nuevo gobierno "sandinista", "las contras", que orientó su lucha hacia el terrorismo



Venezuela

2002 (G.W. Bush)
● Golpe de estado que tuvo lugar bajo el apoyo estadounidense. Chavez recuperó el control días después



Brasil

1964 (L.B. Johnson)
Golpe de estado militar contra el presidente Joao Goulart con el apoyo de EEUU bajo la operación denominada "Brother Sam"



Argentina

1976 (G.R. Ford)
● Golpe de estado militar apoyado por el gobierno de EEUU. Comenzó una dictadura cívico-militar que se caracterizó por el terrorismo de estado, causando unas 30.000 desapariciones.
● Además, la Escuela de las Américas entrenó a Leopoldo Galtieri, presidente de la dictadura en 1981-1982 que declaró la Guerra de las Malvinas

Operación Cóndor


1975 (G.R. Ford)
● Plan de coordinación de acciones y mutuo apoyo entre las cúpulas de los regímenes dictatoriales del Cono Sur de América, con el apoyo de EEUU. Se constituyó como una organización clandestina para la estrategia del terrorismo de Estado que provocó el asesinato y la desaparición de decenas de miles de opositores a dichas dictaduras, la mayoría de ellos pertenecientes a movimientos de la izquierda política.



fortalecendo aos gobernantes locais como aliados incondicionais, estamos a falar dos Somoza, Trujillo, Duvalier, etc.

Kennedy xulgou que o atraso económico-social dos países de América Latina era tan perigoso como unha eventual intervención cubana ou soviética. De aquí os tres elementos claves da política de Kennedy para América Latina: 1º Reformismo socio-económico, 2º Fomento da democracia política e 3º Axuda militar para a seguridade interna¹⁵. O reformismo económico equivaleu a potenciar e expandir ás multinacionais en América Latina. En segundo lugar, no político promovendo certas reformas democráticas, ás veces só cosméticas e en terceiro lugar apoiando a axuda militar para fortalecer a seguridade interna para deste xeito evitar brotes insurxentes ao estilo cubano e desta forma preservar os intereses políticos e económicos dos Estados Unidos. Os dous primeiros aspectos fracasaron, nin houbo reformas económicas, nin se democratizaron eses países, pois as clases dominantes que ostentaban o poder, o binomio oligarquía-militares, non estaban dispostas a ceder un chisco do mesmo. Con todo o terceiro aspecto, o da Seguridade Nacional ese si

15 (www. Reformismo Anticomunista e integración militar regional 1962-1975)



Obxectivo fixado pola Asemblea Xeral da ONU do 24 de outubro de 1970. Organización para a cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) comunicado de prensa, 20 de abril de 2001

se desenvolveu amplamente, incrementándose aínda mais a loita contrainsurxente cos gobernos de Johnson e sobre todo de Nixon que seguindo o informe Rockefeller reforzou a capacidade operativa dos exércitos centroamericanos adestrándoos contra o comunismo nas escolas militares norteamericanas e na soada Escola do Canal, onde moitos ditadores e torturadores foron alumnos avantaxados. Deste xeito Nixon evitaba a intervención directa tras a desfeita de Vietnam.



En 1962 o Goberno de Kennedy cambiou a misión do exército Latinoamericano

Situación xeostratéxica en Centroamérica

que pasou de ocuparse da defensa, á seguridade interna. Seguridade interna significa guerra contra a poboación... había que disciplinar, despolitizar, marxinar, reprimir á masa da poboación, co obxectivo de favorecer os intereses dos grupos elitistas.

Noan Chomsky

Deste xeito salientouse na idea de que todo grupo ou cidadán que avogase por reformas sociais que beneficiasen ás masas, fose cualificado como un presunto perigo para a estabilidade do país, e tipificado como axente comunista ao servizo da Unión Soviética. Este é o caso de tantos homes e mulleres que xenerosamente entregaron as súas vidas en América Latina nun intento de cambiar as condicións de miseria do pobo. A reacción dos militares foi cortar de raíz calquera conato de reforma, reprimindo brutalmente ás masas baixo o pretexto de loitar contra o comunismo, promovendo á súa vez o ultra conservadurismo, xusti-

ficándose en defender os valores morais da civilización occidental e cristiá. O problema pois, non había que buscalo fóra, non eran os cubanos os responsables da marxinação e a fame, se non a inxusta distribución das riquezas e iso con represión non se solucionaba.

Guatemala

A historia de Guatemala está caracterizada fundamentalmente por ser un Estado excluínte das grandes maiorías, os indíxenas mayas. Guatemala é despois de Bolivia o país que ten a maior porcentaxe de poboación indíxena de todo o continente e onde existe unha gran marxinação cara a este grupo humano que representa o 65% da poboación total. Por tanto o factor racista é outro dos elementos característicos deste país. A discriminación estrutural fai que entre os indíxenas de América Latina a mortalidade infantil duplique ou triplique a taxa dos non indíxenas¹⁶. Outro elemento crucial da historia de Guatemala é o da violencia e o carácter antidemocrático dos seus gobernantes.

Violencia exercida desde o Estado para perpetuar os privilexios da burguesía e en contra da poboación



Murais en San Juan de Comalapa Cáchique, Guatemala 2010

16 Fabiana Del Popolo y Ana María Oyarce CELADE-División de Población, CEPAL, Santiago de Chile indíxena de América Latina: perfil sociodemográfico en el marco de la CIPD y de las Metas del Milenio

maya e ladinos pobres, así como en contra de todos aqueles que se implicaron na loita a favor do pobo oprimido e da xustiza. En definitiva a represión substituíu ás leis e aos máis elementais dereitos.

Cando o reformista Jacobo Arbenz foi elixido en 1951 presidente de Guatemala atopouse que das 225.000 hectáreas que posuía a United Fruit Company no país, só utilizaba o 15%. Ao ano seguinte aprobou a Lei de Reforma Agraria, a primeira na historia de Guatemala, confiscando 162.000 hectáreas de terras ociosas a esta compañía coa finalidade de dotar de terras a 100.000 familias campesiñas. A United Fruit Company co obxectivo de recuperar as terras e apoiada polo goberno dos Estados Unidos, urdiu un plan para derrocar a Jacobo Arbenz acusándoo de comunista, contando para iso coa axuda inestimable do goberno de Somoza en Nicaragua onde se adestraron os mercenarios recrutados pola CIA, e do goberno de Honduras presidido por Gálvez, que cedeu o seu territorio, do que partiu o coronel Castillo Armas con forzas mercenarias e invadiu Guatemala¹⁷. Seguindo o plan desenvolvido polos Estados Unidos, os bombardeos aéreos partiron de Nicaragua. Non podemos esquecer o papel xogado polo arcebispo de Guatemala, Mariano Rossell,



A fronte guerrilleira Tecún Umán, das FAR, surxida en Chimaltenango

que iniciara previamente unha intensa campaña de desprestixio contra o goberno de Jacobo Arbenz, ao que acusou da penetración do Comunismo Internacional en Guatemala. Resaltar que Castillo Armas chegou a Guatemala a bordo do avión do embaixador estadounidense nese país. O 23 de decembro de 1953, Castillo Armas, a través do chamado “Plan Tegucigalpa” deu a coñecer o seu “Movemento de Liberación Nacional”, que se poñería á cabeza dunha sedición no fondo urdida pola United Fruit Company, o goberno dos Estados Unidos e a Axencia Central de Intelixencia¹⁸.

17 Antonio Blanco “En la memoria del Pueblo” F. 10 Marzo Editorial Tórculo, páx. 36. Santiago 2008

18 Matías V. Funes. Los deliberantes. El poder militar en Honduras. Editorial Guaymuras P. 175. Honduras, 2000.



O 29 de maio de 1978 o mundo estremeceuse coa noticia de que en Panzós, Alta Verapaz, dúcias de persoas foron masacradas polo exército de Guatemala

Convén facer fincapé nos nexos comúns entre as compañías bananeiras, o sector financeiro estadounidense, a propia CIA e os intereses de grandes magnates. A United Fruit Company -empresa na que tiñan intereses persoais o secretario de Estado do goberno estadounidense, John Foster Dulles, e o seu irmán Allen, entón director da CIA e os bancos colaboraron coa CIA para protexer os seus intereses no país¹⁹. Deste

19 EcuRed. Golpe de Estado contra el presidente Jacobo Arbenz

xeito os Estados Unidos promoveron unha brutal ditadura militar acorde aos seus intereses xeopolíticos.

Co obxectivo de restarlle apoio social á guerrilla, o exército comezou a realizar matanzas contra a poboación civil. “Só na miña rexión Chapulcotalinebac na rexión Ixil, o exército cometeu 114 masacres, dos que 58 están documentadas”²⁰. Un dos masacres máis terribles contra o pobo guatemalteco sucedeu en maio de 1978 baixo o mandato do xenocida Romeo Lucas García, presidente de Guatemala entre 1978 e 1982, e aínda que oficialmente quíxose encubrir, finalmente transcendeu que o exército de Guatemala de cara e sen necesidade de utilizar aos escuadróns da morte para disimular a súa autoría, nin tampouco a pistoleiros dos terratenentes, cometeu a tristemente chamada “Matanza de Panzós”. O 29 de maio reuníronse os poboadores de varias comunidades na praza do pobo de Panzós na Alta Verapaz para reclamar a terra e manifestar a súa protesta pola coacción dos latifundistas, autoridades locais e militares. Os terratenentes sabedores que posiblemente esas terras dispoñían de petróleo e níquel nas súas entrañas e que había empresas estranxeiras

20 Pablo Ceto, ingeniero agrónomo, ex comandante del EGP, ex diputado por la URNG. Entrevista de Ton Blanco en Ciudad de Guatemala en noviembre de 2010. En la actualidad Pablo Ceto es rector de la Universidad Ixil

interesadas na súa explotación, opuxéronse a calquera reivindicación popular que puidese enturbar unha posible fonte de ingresos. Deste xeito planificaron unha emboscada, e o exército cuxa tarefa era perpetuar o anacronismo social, apostouse nos tellados da municipalidade e da igrexa do pobo, e cando estaban congregadas as familias campesiñas comezaron a disparar indiscriminadamente contra a multitude, acordoando o pobo para cernar calquera posibilidade de escaparse. O balance foi: máis de cen indíxenas Quichés asasinados e trescentos feridos polo exército.

Este feito brutal evidenciaba que a ditadura guatemalteca non tiña límites para perpetuar a postergación do campesiñado. El exército como era habitual coa súa política de terror, cumpría fielmente o seu papel ao servizo da oligarquía e dos intereses económicos das multinacionais estranxeiras. Este masacre provocou indignación no sentir da intelectualidade guatemalteca, especialmente na Universidad San Carlos onde a “Matanza campesiña de Panzós” causou unha enorme conmoción: o movemento estudantil, o profesorado e o Consello Superior Universitario uníronse contra o Goberno e a favor da democracia, aínda que a maioría proviñan das clases medias... os intelectuais debían de estar xunto co pobo

nas súas loitas²¹. A consecuencias non se fixeron esperar e O profesor universitario e dirixente da democracia cristiá René de León sufriu un atentado a tiros no que resultou morto o seu chofer. Santiago López director da Escola de Orientación Sindical sobreviviu a un novo atentado (ambos profesores de Dereito) (*El Nuevo Diario* 23- Oct-1978) O 18 de outubro o Exército Secreto Anticomunista supostamente vinculado á oficina do director da Policía Nacional, Coronel Germán Chupina, publicou unha lista negra na cal ameazou de morte a 38 persoas... incluíndo o reitor, varios decanos e o secretario xeral da AEU, Oliverio Castañeda (Black 1984: McClintocj 1981²². O 20 de outubro de 1978 Oliverio Castañeda ao concluír un acto estudantil “foi metralhado desde un vehículo con placas oficiais, ferindo a cinco persoas máis e rematado no chan. Aos 15 días o seu sucesor Antonio Ciani, foi desaparecido²³. O clima de terror impregnou toda Guatemala, “homes armados vestidos de civil aumentaron a súa campaña contra a intelectualidade do país atacando a prestixiosos membros da Universidade, da prensa, avogados, médicos e dirixentes políticos da oposición.

21 [www Organización y represión en la Universidad de San Carlos, Guatemala 1944-1996](#)

22 [www Ibidem](#)

23 [www Ibidem](#)

Situación xeoestratéxica en Centroamérica

O 25 de xaneiro de 1979 foi asasinado Alberto Fuentes, Doutor en Ciencias Económicas e Deputado do PSD. Ese mesmo día foi cribado o dirixente estudantil e sindical Ricardo Martínez. O 14 de febreiro foi asasinado Manuel Solórzano, secretario xeral da Universidade. O 22 de marzo foi morto o ex alcalde da capital Manuel Colón, nun operativo en que os seus asasinados empregaron un helicóptero para caza-lo²⁴. Manuel Colón era primo de Álvaro Colón, quen foi presidente de Guatemala en 2010. Estes son só algúns dos innumerables casos de terrorismo de Estado.

Por iso era irónico cando escoltabas declaracións de senadores norteamericanos que visitaban Centroamérica facendo fincapé de que en Cuba non había liberdade. E máis sarcasmo cando as marionetas gobernantes dos países centroameri-

canos repetían o discurso con elocuencia poñendo énfase na falta de democracia en Cuba, divulgándoo en radio e prensa con reiteración. Mentres tanto, cada vez con maior frecuencia cometíanse máis e máis asasinatos de líderes populares co claro intento de acabar coas protestas e reivindicacións populares. Pero a pesar do descabezo, os seus autores intelectuais non lograban o seu obxectivo, os movementos sociais resistían e cada vez eran máis fortes e ousados nas súas accións, e as noticias dos golpes da guerrilla guatemalteca, a máis antiga de América Latina eran continuos.

O EGP (Exército Guerrilleiro dos Pobres) comezara o seu accionar en 1972 no departamento do Quiché e nas súas filas había intelectuais e estudantes, logrando tamén incorporar á poboación indíxena pois segundo o ideario do EGP, en Guatemala dábanse varias contradicións: por unha banda o clasismo exacerbado, por outro a diversidade étnica e por último o racismo social. O EGP fundado en 1972 era con moito o grupo guerrilleiro máis importante de Guatemala. Outro grupo guerrilleiro significativo eran as FAR (Forzas Armadas Rebeldes) fundadas en 1962 por un grupo de xóvenes oficiais contrarios ao golpe de estado contra o presidente Jacobo Árbenz en 1954. ORPA (Organización Revolucionaria do Pobo en Armas) a súa primeira acción foi en 1979 e o PRTC (Partido Revolucionario dos Traballadores Centroamericanos)



Fronte Che Guevara EGP

24 www.Organización y represión en la Universidad de San Carlos, Guatemala 1944-1996

completaban as organizacións guerrilleiras en Guatemala:

«De acordo coa policía nacional de Guatemala nos catro primeiros meses de 1979 atopáronse os cadáveres de máis de 1.000 vítimas. A maioría foron enterrados sen identificar, rexistrados como XX. As vítimas que foron identificadas, inclúen coñecidos políticos da oposición, dirixentes obreiros e estudiantís, xornalistas, sacerdotes e avogados, e membros da poboación indíxena de Guatemala”... A miúdo os cadáveres son achados a gran distancia do lugar do secuestro e en moitos casos foron mutilados —frecuentemente por balazos na cara e cortándolles as mans— para facer a súa identificación imposible»²⁵.

Todas estas prácticas de terror durante o mandato do xeneral Lucas García, provocaron que organismos latinoamericanos afrontasen o caso de Guatemala chegando ás seguintes conclusións:

1º A Comisión Interamericana de Dereitos Humanos sinala a alarmante violencia que se manifestou nos últimos anos en Guatemala, a cal foi instigada ou tolerada polo Goberno, o cal tampouco adoptou as medidas necesarias para reprimilas. Esa violencia traducíuse nun número demasiado alto de vidas...

2º Na grande maioría deses casos, as mortes orixinadas por esa violencia debéronse ás execucións ilegais e ás desaparicións practicadas polas forzas de seguridade ou por grupos paramilitares de civís que actuaron en estreita colaboración coas autoridades gubernamentais, sen que esas autoridades procedesen a unha adecuada e eficaz investigación da autoría deses crimes.²⁶

Segundo a Comisión de Dereitos Humanos de Guatemala, o 16 de marzo de 1982, o exército masacró a 72 persoas. Noutro pobo mataron tamén a 72 persoas, e 34 casas queimadas. O 25 de Maio, mataron a 81 persoas. O cuarto masacre no pobo de Zacualpa, total persoas 196 e queimaron 53 casas²⁷. Este horror só representa a primeira páxina dun informe de corenta e tres páxinas sobre as atrocidades cometidas polo exército guatemalteco de marzo a decembro de 1982, ano en que tras un golpe de estado accedeu ao poder o sanguinario Ríos Montt.

Baixo a denominación “A traxedia do enfrontamento armado” referente ás violacións dos dereitos humanos, a Comisión para o esclarecemento

25 Informe de un Genocidio Páx. 27 y 28. Federación Editorial Mexicana. 20 de setembro de 1982

26 Comisión Interamericana de Derechos Humanos de la OEA. Guatemala un pueblo en lucha. Páx. 43-46 Editorial Revolución 1983 Madrid. José González y Antonio Campos.

27 Comisión de Derechos Humanos de Guatemala, noviembre-diciembre de 1982. Testimonios sobre la violación de los Derechos Humanos en Guatemala recogidos entre los refugiados guatemaltecos en México

Situación xeoestratéxica en Centroamérica

histórico (CEH) “rexistrou un total de 42.275 vítimas, incluíndo homes, mulleres e nenos. Delas, 23.671 corresponden a vítimas de execucións arbitrarias e 6.159 a vítimas de desaparición forzada. Das vítimas plenamente identificadas, o 83% eran mayas, e o 17% ladinos (mestizos). Combinando estes datos con outros estudos realizados sobre a violencia política en Guatemala, a CEH estima que o saldo de mortos e desaparecidos do enfrontamento armado fraticida chegou a máis de dúascentas mil persoas²⁸.

El Salvador

En El Salvador, a diferenza de Nicaragua, Honduras e Guatemala, as compañías bananeiras non tiñan presenza, e o capital foráneo era escaso, tendo en cambio certa puxanza a industria nacional, por iso



28 Conclusiones y recomendaciones del Informe de la Comisión para el Esclarecimiento Histórico. Extracto de “Guatemala, Memoria del Silencio”, Tz’ínil. Nátab’al

para buscar as causas da conflitividade que viviu El Salvador hai que buscalas noutros factores. Hai varias características que explican en boa medida a orixe da confrontación social que ao longo dos anos veu sufrindo e que a partir de 1978 agudizouse. Unha superficie menor que Galicia, só 21.000 Km cadrados, de aí o termo que Gabriela Mistral alcumou “O pulgarcito de América”. E á súa vez El Salvador tiña unha muy alta densidade demográfica, cinco millóns de habitantes en 1976, case o dobre que Honduras, que tiña 3 millóns e quintuplica a súa superficie. Se a iso unimos a concentración da riqueza en mans duns poucos, as famosas catorce familias, tamén chamadas “os baróns do café”, entenderemos a reivindicación campesiña pola tenencia da terra e como contrapunto, a defensa sen concesións dos seus privilexios por parte da oligarquía. A porcentaxe de desemprego e sub emprego alcanzaba un oitenta por cento neses anos. Outro aspecto para destacar era a impune violación dos dereitos humanos, nos que os escuadróns da morte, paramilitares e o exército xogaban un papel destacado para sufocar de raíz calquera intento reivindicativo. Con todos eses ingredientes de opresión, a conflitividade social estaba garantida.

Pero a situación de inxustiza en El Salvador arrinca de moi atrás. Xa en 1930 existía o descontento popular, por unha banda un sistema

fiscal que gravaba ás clases medias e beneficiaba as grandes fortunas, por outra, mantiñase a concentración de capitais o cal unido á carencia de terras e baixos salarios provocou varias folgas campeciñas nalgúns cantóns en demanda de reforma agraria. Os facendados acudiron ao exército, e os campeciños foron perseguidos e detidos, co cal, o problema agravouse, pois á demanda de reforma agraria uniu-se a protesta polas detencións dos líderes populares e doutra banda, reforzouse a alianza dos militares coa oligarquía.

Farabundo Martí participara en 1928 con Sandino na guerra de Nicaragua. En 1930 regresou a El Salvador fundando o Partido Comunista Salvadoreño, e a pesar de ser fillo dun terratenente, púxose á fronte das demandas canalizando o descontento popular co poder oligárquico. En 1931 o presidente Araujo foi expulsado do país, e o xeneral Maximiliano Hernández co visto e prace dos Estados Unidos, accedeu á presidencia, aínda que non foi recoñecido polo resto dos gobernos centroamericanos. A crise económica, a corrupción e as eleccións fraudulentas de 1932 foron o detonante que derivou nunha serie de mobilizacións de protesta, declarando Maximiliano Hernández o estado de sitio e a lei marcial, provocando unha revolta popular de obreiros e campeciños en todo o país, que con machetes e armas



Fronte Che Guevara EGP

rudimentarias asaltaron diversos cuarteis. A resposta do exército foi brutal, Farabundo Martí e os líderes estudantís Alonso Luna e Mario Zapata foron fusilados, e nunha aniquilación sen precedentes, trinta mil salvadoreños foron asasinados.

Desde Washington e Londres ofrecéronse para aplacar a insurrección popular, enviando unha frota de guerra en apoio do xeneral golpista. O xeneral Maximiliano Hernández mandou un telegrama aos almirantes das frotas dos Estados Unidos e Inglaterra co seguinte texto: “Garantidas vidas, propiedades cidadáns estranxeiros... Ofensiva comunista refugada... Ata hoxe cuarto día de operacións están liquidados catro mil oitocentos comunistas”. Maximiliano Hernández contou co visto e prace dos Estados Unidos permanecendo no poder catorce longos anos, desde 1931 ata 1944.

Na década de 1950 a oligarquía continuaba acaparando as mellores terras e os campeciños só eran forza de traballo dispoñible para a época

da recolección, e a industria non era capaz de dar emprego a tanta poboación desocupada. Nese contexto moitos campesiños pobres salvadoreños decidiron cruzar ilegalmente a fronteira con Honduras en busca de mellores oportunidades, asentándose na costa norte de Honduras, ben como campesiños independentes, montando pequenos negocios ou integrándose nas cooperativas e formando familias con xentes do lugar. Calcúlase que en 1969 había uns 300.000 salvadoreños en Honduras, moi laboriosos, pero ilegais. Doutra banda os campesinos hondureños demandaban unha reforma agraria, o que aumentou a presión polo control da terra. A resposta dos terratenentes para desviar o problema e aliviar tensións foi esixir ao goberno a expulsión dos salvadoreños indocumentados, culpabilizándoos, tendo que abandonar Honduras sen recoller as súas colleitas, nin vender as súas exiguas propiedades ou no mellor dos casos malvendelas. Ao chegar a El Salvador relataron os feitos, fomentándose en ambos os países un clima de animadversión mutua, acirrados por un falso patrioteirismo nos medios de comunicación controlados polas oligarquías. Antes de que estalase a guerra chegaron ao seu país 24.000 salvadoreños, relataron as súas vivencias xerándose un odio cara aos hondureños. Aos poucos días houbo un partido clasificatorio de fútbol entre

ambas as seleccións en San Salvador, enaltecéndose o odio cara aos hondureños que acudiron ao partido, agravándose os desprezos en Honduras contra os salvadoreños. A guerra estalou ao invadir e bombardear El Salvador a Honduras, buscando expandir o seu territorio ante a presión demográfica.

As repercusións desa fugaz guerra que durou seis días e deixou 2.000 mortos. Dous países gobernados por ditaduras militares moi afastadas dos intereses das masas empobrecidas, a do xeneral golpista hondureño López Arellano e a do xeneral Fidel Sánchez que accedera á presidencia a través dunha farsa electoral e que ademais de presidente de El Salvador era xefe da organización paramilitar ORDEN. Estes mandatarios debilitaron as súas economías ao destinar os escasos recursos a fortalecer o militarismo, exaltando o nacionalismo patrio e desviando cara ao exterior os problemas internos, como a falta de reformas agrarias en profundidade e a inxusta distribución das riquezas. James Carney que viviu eses feitos, relata:

As causas reais da guerra eran que os gobernos de Honduras e de El Salvador eran ditaduras militares corruptas que reprimían ao pobo e enriquecíanse ilícitamente... Outra causa da guerra foi que a fronteira entre os dous países estivera en disputa por máis de cen anos... con estas terras a presión dos campesiños

desherdados de El Salvador aliviaríase, sen tocar a ningún dos seus grandes terratenentes.²⁹

No caso salvadoreño ademais tiveron que enfrontarse a acoller a 80.000 compatriotas fuxidos de Honduras, co que se agudizaron os problemas de falta de terras incrementándose á súa vez o desemprego, desembocando un descontento xeral e na década seguinte intensificándose a represión e á súa vez a resposta popular contra a ditadura.

Na década de 1970 prodúcense varios fenómenos: en primeiro lugar a pobreza acrecéntase, o índice de mortalidade infantil nas zonas rurais chega ao 60 por mil, o 70% están famélicos e a falta de terras agudiza a situación, polo que as demandas populares intensifícanse o mesmo que a represión para aplacalas. A boa relación militares oligarquía fai que ante os conflitos, o exército alugue os soldados aos terratenentes para sufocar demandas nas fazendas. En segundo lugar o desencanto popular fai que se constituán novamente as organizacións obreiras e estudantís, xurdindo tamén en 1970 organizacións guerrilleiras, como as FPL (Forzas Populares de Liberación Farabundo Martí) de orixe proletaria, así como o ERP



(Exercito Revolucionario do Pobo) en cuxas filas hai cristiáns revolucionarios como tamén membros da pequena burguesía. A igrexa Católica que ata ese entón estivo silenciada e coexistindo coa oligarquía gobernante, ve como algúns relixiosos de base toman postura co pobo oprimido nas súas demandas de xustiza, aínda que a xerarquía permanece á beira do poder.

A comezos de 1977 houbo eleccións presidenciais, dous eran os candidatos e ambos os militares, e tras unha fraude clamorosa, foi elixido presidente o ultraconservador xeneral Carlos Humberto Romero representante da ala dura do exército, co que os malos presaxios de represión cobraron forza, metralhando o exército e a paramiliar ORDEN unha manifestación de protesta pola fraude electoral co resultado de decenas de mortos. A partir deste feito, os asasinatos estiveron á orde do día, tanto de dirixentes populares como en masa, cometidos sen ningún tipo de rubor.

²⁹ James Carney. *Autobiografía. Solo díganme Lupe*, p. 325 Editorial Guaymurás, 2004. Tegucigalpa Honduras.

Situación xeostratéxica en Centroamérica


Estar á beira do pobo oprimido e traballar pola xustiza era subver-sivo en El Salvador e moitas veces pagábase coa vida. Este feito tivo gran repercusión non só en El Salvador, senón en toda Centroamérica e provocou que nun membro da xerarquía eclesiástica salvadoreña se producise unha metamorfose e realizase un cambio profundo nas súas formulacións, tal como explica Juan José Tamayo:

Monseñor Romero foi sempre un bispo conservador, obediente a Roma e apenas sensible ás situacións de inxustiza dese pequeno país centroamericano controlado

por unhas poucas familias. Precisamente pola súa submisión ao Vaticano foi nomeado arcebispo de San Salvador en 1977. Pero moi pronto, ao entrar en contacto coa realidade, produciuse nel un cambio profundo, radical. O desca-deamento da súa transformación foi o asasinato de Rutilio Grande, xesuíta comprometido na concienciación dos pobres³⁰.

A onda represiva continuou e o once de maio asasinaron a outro sacerdote, Alfonso Navarro. En xuño dese mesmo ano, un grupo chamado “Escuadrón da morte” ameazou con asasinar a todos os xesuítas se non abandonaban El Salvador.

O 8 de maio de 1979 un grupo de mozos, moitos deles universitarios, que se solidarizaron coas causas do pobo, encerráronse na Catedral de San Salvador, o exército irrompeu e metrallou ás masas cometendo unha matanza co resultado de 23 mortos e 70 feridos quedando os cadáveres nas escalinatas do atrio da catedral. As escenas foron transmitidas por varias televisións de todo o mundo, desprestixiándose o goberno salvadoreño no ámbito internacional. Sendo esta a tónica de todo o ano 1979, mobilizacións populares, e no medio dese vórtice de crimes e terrorismo de estado as organizacións



Troteados nas escalinatas da Catedral

³⁰ Juan José Tamayo. *El País* 14, 19-3-2005, p. 14

populares cada vez ían cobrando mais auxe, iniciándose un proceso de acumulación de forzas.

O 15 de outubro un grupo de militares progresistas dan un golpe de estado depoñendo ao xeneral Carlos Humberto Romero, propoñendo unha Xunta Revolucionaria de Goberno de militares progresistas con civís reformistas. O golpe do 15 de outubro de 1979 inscribiuse «nun intento dos norteamericanos de conter o avance revolucionario... o proxecto de xenocidio e reformas...»^{31a}.

Este novo goberno e as súas propostas de cesamento da violencia e a corrupción, distribución das riquezas, etc. respondían en primeiro lugar á necesidade dos Estados Unidos a propoñer un cambio de imaxe dun ditador impopular e sanguinario por unha Xunta cívico-militar que atenuase o clima de violencia, pois temía que en El Salvador se producise unha revolución como a de Nicaragua, o temido efecto cachoeira, Nicaragua venceu, El Salvador vencerá, despois Guatemala e a seguinte Honduras, perder en definitiva o control xeopolítico do seu patio traseiro. E en segundo lugar, dentro do Congreso estadounidense, había quen se opoñía a continuar apoiando ao xeneral Carlos

Humberto Romero polas continuas violacións dos dereitos humanos e en terceiro lugar, algúns civís creron posible levar adiante certas reformas. Pero as posturas estaban moi polarizadas e este ensaio cívico-militar non evitou os masacres, polo que o 3 de xaneiro de 1980 os únicos civís da Xunta Revolucionaria de Goberno, Guillermo Ungo, Rubén Zamora e Salvador Samalloya renunciaron aos seus postos, do mesmo xeito que 10 dos 11 ministros. Nese mesmo mes os militares establecen un novo goberno en alianza co partido Demócrata Cristián, aumentando os asasinatos entre a poboación civil a mans dos escuadróns da morte, ORDEN (Organización Democrática Nacionalista), ESA (Exército Secreto Anticomunista) e Escuadrón da Morte, actuando coa complicidade ou tolerancia do exército. O coordinador de todo este armazón en convivencia coas forzas armadas era o Maior D´Abuissou, home da CIA en El Salvador, respondendo deste xeito os plans de contrainsurxencia dos Estados Unidos. Aínda que os escuadróns da morte existían en El Salvador desde había moitos anos, pois xa en 1960 o xeneral José Medrano fundara a clandestina e sinistra Man Branca^{31b}.

31a Joaquín Villalobos Revista *El Salvador, Información y Análisis Político*, nº 1, p. 6

31b Antonio Blanco. *FH Na Memoria do Pobo*. F 10 Marzo. Edit. Tórculo Pax 48-55 Santiago 2008. Reproducido nas pax 94-99.



Protestas populares en San Salvador (Museo da imaxe e a palabra 2010)

Con todo, a finais de 1979 e 1980 os escuadróns da morte alcanzaron o seu punto álxido. Nun documento sobre estes grupos, facilitado pola delegación do FMLN- FDR en España, ilústrásenos sobre a súa organización:

Homes de negocios e propietarios de restaurantes, compañías de viaxe e hoteis montaron os seus propios grupos, dirixidos por militares de alta gradación... estes homes actuaban como empresarios no día e poñían bombas na noite... D'Abuisson era o home capaz de conducir aquela estrutura. Este sinistro personaxe viña de recibir cursos especiais de contra-insurxencia nos Estados Unidos e os seus estudos en Taiwan... Un segundo grupo de importancia contactado polos millonarios salvadoreños estaba formado por veteranos da guerra de Alxeria, criminais franceses membro das OAS... Unha terceira achega foi dado por militares arxentinos que adestraron aos Corpos de Seguridade salvadoreños a finais de 1980... Un oficial de intelixencia norteamericano dividiu aos escuadróns da

Morte en: "E.M. Abertos" unidades militares compostas por policías, gardas e soldados que matan a sospeitosos en operacións rutineiras. As súas vítimas atópanse entre os campesiños e habitantes das cidades que non teñen prominencia política... Os "E.M. Encubertos" dirixidos por empresarios e militares que delegan aos seus subordinados a tarefa dos asasinatos. A miúdo págase en efectivo por cada morte. Estes serían os responsables polo asasinato de dirixentes sindicais, políticos e membros da Igrexa... Nunha entrevista D' Abuisson afirmou que para impulsar o seu plan dividíronse en "o Grupo de Miami e o Grupo Salvadoreño" tocándolle ao primeiro a cuestión dos fondos económicos.³²

Aos tres meses e xa en 1980 a represión lonxe de amedrentar, provocou como resposta a organización e combatividade do pobo salvadoreño que a través das súas múltiples organizacións de masa, como o BPR, FAPU, LP-28 e outras se aglutinaron a primeiros de xaneiro de 1980 na Coordinadora Revolucionaria de Masas canalizando as demandas sociais cunha gran manifestación o día 22 de xaneiro á que acudiron 200.000 persoas entre estudantes universitarios e de secundaria, profesores, campesiños e obreiros, sendo atacados por francotiradores apostados

32 Los escuadrones de la Muerte. Como operan los grupos paramilitares en El Salvador. Documento elaborado pola Delegación do FMLN-FDR en España, pp. 2 e 3.

nos edificios disparando indiscriminadamente contra os manifestantes co trágico resultado de 70 mortos e mais de 200 feridos por arma de fogo.

Ese mesmo mes varias organizacións guerrilleiras emitiron un comunicado:

O noso pobo recorreu primeiro a métodos pacíficos para transformar a sociedade en beneficio das grandes maiorías. Ao concorrer as eleccións, a fraude, a imposición e a represión foi o que o pobo obtivo por resposta. A oligarquía, os seus axentes e instrumentos militares e políticos pecharon esa vía pacífica... a violencia non a buscou o pobo, foille imposta pola oligarquía e a súa obediente e criminal tiranía militar a violencia do sistema imperante que condena aos traballadores á fame, á miseria, ao analfabetismo e ao desemprego, que mata de desnutrición aos nosos nenos, que nega os mais elementais dereitos á nosa poboación, veu sumarse a constante agresión militar contra o pobo desarmado.³³

A tal grao chegaron as atrocidades dos paramilitares, escuadróns da morte e o exército sobre a poboación civil, que: o 6 de febreiro de 1980 o Embaixador norteamericano Frank Devín transmite ao Departamento de Estado que:

33 Fuerzas Populares de Liberación Farabundo Martí, Partido Comunista de El Salvador y Resistencia Nacional, al pueblo salvadoreño, a los pueblos centroamericanos y al mundo. 10 de enero de 1980



Poboación metrallada na praza principal de San Salvador

... corpos mutilados aparecen ao costado de camiños como nas peores épocas do réxime de Carlos Humberto Romero³⁴


Fronte ao mutismo do resto da xerarquía eclesiástica salvadoreña afeita convivir sen problemas coa oligarquía, Monseñor Romero xoga un papel transcendental de denuncia das execucións extraxudiciais e masacres cometidos polo exército

Nesta situación conflitiva e antagónica, en que uns poucos controlan o poder económico e político, a Igrexa púxose de lado dos pobres e asumiu o seu defensa... * En El Salvador xa sabemos o que significa o destino dos pobres: ser desaparecido, ser torturados, ser capturados, aparecer cadáveres...³⁵.

Non poñendo límites á súa denuncia o 17 de febreiro de 1980

34 Comisión de la Verdad de la ONU El Salvador. Editado por Tercera Prensa, Donostia

35 Monseñor Oscar A. Romero. *Cese la represión*. Editorial Popular. Iepala. Páx 113 y 137.



Monseñor Romero

escribelle ao presidente Carter de Estados Unidos unha carta que despois le na súa homilía dominical:

Prohíbese a axuda militar ao Goberno salvadoreño. Garanta que o seu goberno non interveña directa ou indirectamente con presións militares, económicas, diplomáticas, etc., en determinar o destino do pobo salvadoreño... que se foi concienciando e organizando e con iso empezou a capacitarse para ser o xestor e responsable do futuro de El Salvador.

...Nin a Xunta nin os Democratacristians gobernan o país. O poder político está en mans da Forza Armada. Eles usan o seu poder sen escrúpulos. Só

saben como reprimir ao pobo e defender os intereses da oligarquía salvadoreña.³⁶

O 22 de febreiro o Procurador^{37a} Xeral da República é asasinado no seu domicilio, despois de que o Maior D'Abuisson o ameazase publicamente. Estímase que nos meses de xaneiro e febreiro dese ano, foron asasinados pola extrema dereita mais de 700 persoas, atribuíndoselle ao maior D'Abuisson a autoría dos mesmos.

En El Salvador comezou a ser frecuente que ao amencer aparecen nos arredores das cidades corpos decapitados con sinais de tortura e as cabezas incrustadas en postes para que servise de exemplo e xerasen un clima de terror que amedrentase á poboación. Nese contexto, Monseñor Romero Arcebispo de San Salvador nas súas homilías dominicais radiadas a todo o país denunciaba estes feitos realizados polos corpos de seguridade do Estado, xerando inquietude e alarma entre os militares, a oligarquía e a propia embaixada norteamericana. O 18 de febreiro foi dinamitada a emisora do arcebisado, pero a partir de primeiros de marzo a emisora costarriqueña Radio Noticias do Continente comezou a emitir as homilías

36 Monseñor Oscar A. Romero. *Ibidem*. Iepala. Páx. 141

37a Equivalente a Fiscal General.

de Monseñor Romero, escoitándose desta forma ademais de en El Salvador, tamén nos demais países centroamericanos^{37b}.

As denuncias de Monseñor Romero:

A oligarquía, ao ver que existe o perigo de que perda o completo dominio que ten sobre todo o control do investimento, da agro-exportación e sobre o case monopolio da terra, está a defender os seus egoístas intereses, non con razóns, non con apoio popular, senón co único que ten: o diñeiro que lle permite comprar armas e pagar mercenarios que están masacrando ao pobo e afogando toda lexítima expresión que clama xustiza e liberdade... En Aguilares morreron despois de ser torturados e metralados 50 campesiños no que vai de mes en febreiro³⁸

O 17 de marzo a Coordinadora Revolucionaria de Masas convocara un paro en todo país, a resposta governamental foi a de sempre, cadáveres e mais cadáveres, por iso Monseñor Romero o día 23 de marzo na súa última homilía denuncia:

É moi probable que se cometesen erros, pero a pesar de todos eses

fallos, pode estimarse que aquel paro foi un avance na loita popular e unha demostración de que a esquerda pode paralizar a actividade económica do país... A resposta do Goberno ao paro foi dura... tiroteo contra a Universidade... non menos de 10 obreiros mortos nas fábricas... 3 traballadores da Alcaldía apareceron asasinados despois de ser detidos pola Policía de Facenda... a estas mortes uníronse ese mesmo día un mínimo de 60 segundo algúns e outros din que excederon os 140...

Eu quixese facer un chamamento de maneira especial aos homes do Exército, e en concreto ás bases da Garda Nacional, da Policía, dos cuarteis:

Irmáns, son de noso mesmo pobo, matan aos seus mesmos irmáns campesiños e ante unha orde de matar que dea un home, debe prevalecer a lei de Deus que di non matar... Unha lei inmoral ninguén ten que cumprila... Queremos que o Goberno tome en serio que de nada serven as reformas se van tinguidas de tanto sangue... En nome de Deus, pois, e en nome deste sufrido pobo cuxos queixumes soben

37b Antonio Blanco. *FH Na Memoria do Pobo*. F 10 Marzo. Edit. Tórculo Pax 57 Santiago 2008

38 Oscar Arnulfo Romero. Homilía del 24 de febrero 1980. *Cese La Represión* Páx. 149. Editorial Popular Iepala Madrid



Situación xeoestratéxica en Centroamérica

ata o ceo cada día mais tumultuosos, suplicolles, rógolles, ordénolles en nome de Deus: Cesamento a represión.”

Homilía 23 de marzo 1980.
Monseñor Romero

Ao día seguinte mentres dicía misa, un francotirador acabou coa súa vida, sendo o maior D' Abuisson o autor intelectual do asasinato. Ao seu enterro acudiron salvadoreños de todas as clases e capas sociais, unha multitude de mais de cen mil persoas abarrotaban a praza da Catedral, e sen recato e ante as cámaras de televisión que cubrían o enterro ao mundo enteiro, os francotiradores apostados desde os edificios circundantes comezaron unha “balacera” matando a 40 persoas e ferindo a mais de 200. Así actuaban as ditaduras militares sostidas polos Estados Unidos, os seus aliados.

Curiosamente Robert White, o embaixador norteamericano en



Mons. Romero (Imaxe tomada Museo da imaxe e a palabra 2010 El Salvador)

El Salvador que se negou a encubrir os asasinatos dos escuadróns da Morte, cualificaba ao maior D' Abuisson como “un asasino patolóxico”. Do mesmo xeito cando o 3 de setembro do 2004 se xulgou en Fresno, California, ao ex capitán salvadoreño Álvaro Saravia, como responsable do asasinato de Monseñor Romero:

o tribunal que o xulgou baseouse no testemuño do ex diplomático Robert White, que sinalou ao maior D' Abuisson como o principal planificador e a Saravia como o seu principal lugartenente... Segundo a demanda, Saravia ordenou ao seu condutor que levase ao asasino á capela onde ocorreu o feito e pagoulle logo da execución³⁹.

Era evidente que o réxime salvadoreño e as forzas armadas sostíñanse artificialmente a base das transferencias económicas que recibían desde os Estados Unidos, sendo receptores de armamento lixeiro e pesado así como repoñendo helicópteros e avións.

Á súa vez a poboación civil incorporábase á guerrilla como única forma de sobrevivir ás matanzas do exército e paliar dalgunha maneira a desigual correlación de forzas

³⁹ Carlos Fazio, La Jornada, Mexico D.F. 24 de setembro de 2004, El ex embajador de EE. UU. en El Salvador, señaló a D'Abuisson como autor intelectual del asesinato de Mons. Romero.

A multimillonaria asistencia económico militar... a dependencia total do réxime salvadoreño da axuda e inxerencia estadounidense calculada en 1.700 millóns de dólares no últimos cinco anos, os máis de 300 asesores militares... evidencia o carácter vital dos Estados Unidos para o seu sostemento^{40a}.



Apenas dúas semanas do asasinato de Monseñor Romero, o 17 de abril de 1980 axentes da Garda Nacional e membros de ORDEN capturaron á anciá Francisca Espinoza, decapitándoa. A cabeza colocárona no medio das pernas do cadáver. O día 18 de abril membros de ORDEN capturaron á campesiña María López. O seu cadáver apareceu colgado dunha árbore con varios balazos e os seus peitos amputados. Estes son algúns dos casos recolleitos polo Socorro Xurídico do Arcebisado, composto por unha serie de avogados cristiáns que levaban á xudicatura os casos de violación dos dereitos humanos contra as clases empobrecidas.

Dentro da súa estratexia de quitar a auga ao peixe, restar apoio popular á guerrilla, o goberno continuou coa súa escalada de terror. De xenocidio podería definirse a tristemente chamada Matanza do río Sumpul, acaecida o 14 de maio de 1980 na que

600 campesiños, mulleres, nenos e anciáns asediados pola Garda Nacional fuxiron tratando de refuxiarse en Honduras, sendo repelidos polo exército hondureño e obrigados a regresar ao seu país onde foron asasinados polo exército salvadoreño no fronteirizo río Sumpul.

Máis impacto tivo a denuncia pública da Asociación Nacional de Educadores Salvadoreños, denunciando o asasinato de 136 mestres afiliados a ANDES nos seis primeiros meses do ano.

En setembro dese ano, dinamitaron o local da Comisión de Dereitos Humanos de El Salvador, non acabando aquí os ataques intimidatorios, ao mes seguinte a policía uniformada secuestrou á secretaria de prensa da Comisión, aparecendo o seu cadáver aos poucos días, asasinando días mais tarde ao administrador da Comisión de Dereitos Humanos^{40b}.


40a Jorge Ortiz. EE. UU. Terrorismo de Estado y Genocidio en El Salvador. Revista 32, Información y análisis de El Salvador, Páx. 13

40b Antonio Blanco. FH Na Memoria do Pobo. F 10 Marzo. Edit. Tórculo Pax 59 Santiago 2008

Situación xeostratéxica en Centroamérica

O 27 de novembro de 1980 foron sequestrados, torturados e logo duns breves cativerios executados en San Salvador, Enrique Álvarez, Juan Chacón, Enrique Escobar, Manuel Franco, Humberto Mendoza e Doroteo Hernández, dirixentes políticos da Fronte Democrática Revolucionaria, representativos dun amplo sector da sociedade salvadoreña. A captura realizouse en horas da mañá no colexio de San José por parte dun número importante de homes fortemente armados.... A Comisión considera que organismos do Estado foron a responsables.

Comisión da Verdade da ONU



Nese clima de terror que parecía non ter límites daba igual ser estranxeiro ou centroamericano, relixioso, campesiño, “lustrero” ou catedrático, e o día 2 de decembro de 1980 outro feito lutuoso viu a enturbar a vida en El Salvador, a violación e asasinato de tres monxas norteamericanas, Ita Ford, Maura Clarke, Dorothy Kasel e a seglar Jean Donovan.

Membros da Garda Nacional de El Salvador detiveron ás relixiosas... foron levadas a un lugar illado e alí asasinadas con disparos feitos a curta distancia⁴¹.

Este feito provocou que o presidente Jimmy Carter suspendese a axuda militar e económica en tanto non se esclarecese a autoría dos asasinatos, pero mantendo iso si, o apoio ao goberno salvadoreño. De feito en 1981 sendo embaixador en El Salvador Robert White⁴², foi despedido da carreira diplomática por negarse a encubrir os devanditos asasinatos. Ademais tivo unha gran repercusión internacional condenando as Nacións Unidas ao réxime salvadoreño polo seu horrible método de gobernar. Unha guerra contra o seu propio pobo:

41 Comisión de la Verdad de la ONU

42 Robert White. Según la agencia Reuters, en 1981, como embajador en El Salvador, Robert dijo que se negó a una demanda del secretario de Estado Alexander Haig Jr. de utilizar canales oficiales para encubrir la responsabilidad de militares salvadoreños en el asesinato de cuatro estadounidenses. «Fui despedido y obligado a abandonar el Servicio Exterior».

50.000 mortos; varios centenares de miles de desprazados e exiliados, centenares de presos e miles de desaparecidos. Este proceso de loita dos anos 1979 e 1980, estivo intimamente ligado ao desenvolvemento da guerra popular... a radicalización da loita provocou que amplos continxentes das clases traballadoras tomasen as armas. É dicir, o auxe da loita popular en 1979 e 1980⁴³.



Á guerra sen igual do exército salvadoreño co apoio dado polo goberno de Estados Unidos, a dependencia total do réxime salvadoreño da axuda e inxerencia estadounidense está calculada en 1.700 millóns de dólares nos últimos 5 anos⁴⁴ e a súa política de terra queimada ademais dos mortos caídos en combate, e as matanzas de miles de civís indefensos, hai que engadir os 500.000 desprazados no interior do país ao ser destruídas e queimadas poboacións enteiras. Os que se refuxiaron nos países veciños fuxindo da Garda situáronse en campamentos como o de Colomoncagua en Honduras país que albergou a 20.000 salvadoreños. Nicaragua a 17.500, a Estados Unidos fóronse 250.000, a Belice 7.000 e a Costa Rica 10.000. As

atrocidades e penalidades que contaban sobrecogían aos campesiños dos países que os acolleron.

Mentres os somocistas da Contra campaban ás súas anchas con total desenvoltura por Honduras, aos refuxiados salvadoreños consideráranos elementos incómodos e tíñanos confinados en campos valados e custodiados polo exército. Segundo o xornal mexicano *Uno más Uno*, do 9-8-1982:

En Honduras hai 34.000 refuxiados salvadoreños en situación de extremo perigo persoal e en condicións aínda máis precarias que nos campos do seu país.

En El Salvador a axuda militar estadounidense alcanzou niveis inmaxinables, de feito cando o 27 de xaneiro de 1982 diversos comandos urbanos do FMLN perpetraron un audaz golpe na mera base militar de Ilopango e destruíron 14 helicópteros, 6 avións de combate Fouga,

43 Joaquín Villalobos El estado actual de la guerra y sus perspectivas. Edit. Revolución Páx. 9 e 10.


44 Revista 32. Información y Análisis. Agosto 1985 El Salvador CA Páx.13

Situación xeostratéxica en Centroamérica

10 cazabombardeos de fabricación francesa e un número indeterminado de avións T-47 para o transporte de tropas⁴⁵, os Estados Unidos nun breve prazo non só repuxeron as aeronaves senón que duplicaron a forza aérea dese país. Segundo Lilia Bermudez investigadora do Centro de Estudos Latinoamericanos da UNAM (Universidade Nacional Autónoma de México) a remesa de avións norteamericanos en 1984 foi: 9 bombardeos A-37, 3 AC-47, helicópteros UH-1 M Huey equipados con minicañóns de 7.62 mm, foguetes e equipos de visión nocturna. Helicópteros Hughes 500 con metralladoras de 7.62 mm que disparan entre 2.500 e 3.000 balas por minuto⁴⁶ ao que engadir a inxerencia militar directa nalgúns casos de asesores norteamericanos involucrados en matanzas. A pesar de todo este despregamento e axuda en armamento o goberno conservador non logrou derrotar á guerrilla do FMLN, o que provocou que tras moitos anos de guerra de desgaste e sen albiscarse unha saída militar, finalmente negociábase e asinase os acordos de Paz o 16 de xaneiro de 1992.

45 Diario Latino.net. De cuando el FMLN destruyó la Fuerza Aérea de El Salvador. 4-11-2013. El Salvador.

46 Lilia Bermúdez. Guerra de Baja Intensidad Reagan contra Centroamérica. Edit. Siglo XXI. México 1987 Páx. 147



Honduras

Para os Estados Unidos, Honduras cumpría todos os requisitos necesarios para convertela na súa plataforma contrainsurxente na área centroamericana. Honduras ten fronteiras con Nicaragua, El Salvador e Guatemala. Está bañada á súa vez polo mar Caribe e tamén polo Océano Pacífico. A presenza norteamericana en Honduras era palpable, era o país onde as compañías bananeiras tiñan maior presenza, operando como un enclave norteamericano dentro de Honduras e controlando á súa vez a economía do país.

Un dos aspectos que máis impresionaba ao chegar a Honduras é a gran desigualdade. Fronte á opulencia duns poucos, a inmensa

maioría da poboación vivía e vive na máis absoluta pobreza. Achéganse datos estatísticos:

nos anos 1975-1977, a mortalidade infantil era do 130 por mil, só superado por Haití e Bolivia, os índices de analfabetismo entre o campesiñado eran do 80%; ou, das 2.400 calorías por adulto que recomendaba a FAO neses anos, o campesiño só consumía 1.465⁴⁷.

A cruel realidade superaba con moito esas frías cifras estatísticas cando sobre o terreo observabas as cicatrices que o sistema deixaba nos nenos. Segundo o CODEH (Comité para a Defensa dos Dereitos Humanos de Honduras):

“máis de 500.000 infantes padecen desnutrición en grao máximo e por esta causa, 43 de cada cen nenos sofren posteriormente atrasos físicos e mentais irreversibles.⁴⁸”

O ex ministro de Agricultura e posteriormente tamén de Traballo, Gautama Fonseca, manifestaba en 1989:

o hondureño é un pobo vexetariano, xa que se alimenta soamente de millo, arroz e frijón. O feito é que a metade

da poboación sobrevive cuns ingresos inferiores a 20 dólares ao mes...

Segundo datos de Unicef do ano 2014, o 59% dos nenos sofren desnutrición crónica.

Mentres o 70% da poboación vivía amoreada en champas (cabananas de barro e canas) e teitos de manaca (follas de palmeira), sen auga, sen luz e sen sanitarios: «o número de tropas creceu duns 11.000 en 1979 a 23.000 en 1984»⁴⁹, de tal forma que:

Según un miembro del Comité de Solidaridad con América Latina, la muestra había sido promovida por la Comisión de Derechos Humanos. Está realizada a nivel internacional —en Galicia se ha celebrado también en La Coruña, Vigo y Santiago—, y con ello se quiere que «al igual que los niños salvadoreños han expresado, también con trabajos de este tipo, en los campamentos, el sentimiento de su pueblo, que los niños de otros pueblos expresen lo que sienten ante la tragedia que se vive allí, y que más concretamente padecen los niños».

Los dibujos infantiles resaltaban, fundamentalmente, las detenciones, los tiroteos y los bombardeos de los pueblos. En las cartas los niños contaban cómo transcurre la vida aquí, lo bien que lo pasaban y el deseo de que allí, en El Salvador, sus amigos podrían ser felices también. «En nuestro colegio rezamos por vosotros. Os deseo felicidad. Deseo que estéis bien en el campamento. Nosotros siempre hablamos de vosotros. Espero que os guste mi cuento. Os deseo mucha suerte. Siempre pienso en vosotros», decía por ejemplo una niña llamada Marisol, de diez años, en el prólogo de su cuento.

Otro niño recogió, en una serie de viñetas, una historia de animales que ayudan al pueblo de El Salvador en la guerra, en la que cada uno realizaba una función concreta.

Pero quizás lo que reflejaban con más intensidad los niños era la situación de miedo por la muerte de sus familiares.

La Voz de Galicia, 30 de marzo de 1982



Rosa Izal



Ángeles Díez Villagarcía

Asistiron diversas ensinantes entre as que se atopaban Ángeles Díez Villagarcía, de Canido e Delia Vázquez Vázquez, presidenta de Medulio.

Ante o continuo acoso dos Estados Unidos a Nicaragua, no COSAL emitimos un comunicado dirixido ao Concello de Ferrol, para que se

El Cosal pide al Ayuntamiento que se solidarice con Nicaragua

Ferrol (Redacción). El Cosal pide, en un comunicado remitido a la prensa, que el Ayuntamiento de Ferrol, que en su día acordó hermanarse con la ciudad nicaragüense de Masaya, se pronuncie en favor del derecho del pueblo de

Nicaragua y de todos los pueblos a decidir libremente su futuro sin injerencias externas de ninguna clase.

En su comunicado a la prensa, el Cosal critica dura y amargamente la actitud de la Administración Reagan en Centroamérica, donde está gastando más de dos mil millones de dólares, con el fin de desestabilizar la zona, y especialmente Nicaragua. Según el

Cosal, Norteamérica trata de aislar a Nicaragua y destruirla económicamente e intimidarla militarmente. En opinión del Cosal, se trata de la vieja política imperialista de los Estados Unidos, que veía perder sus influencia en una zona donde sus habitantes no aceptan más el quebranto de los derechos humanos.

La Voz de Galicia, 11 de novembro de 1982


pronunciase en favor do dereito do pobo de Nicaragua e de todos os pobos do mundo para decidir libremente o seu futuro sen inxerencias externas.

No comunicado de prensa, no COSAL criticamos dura e amargamente a actitude da Administración Reagan en Centroamérica, onde estaba

a gastar máis de dous mil millóns de dólares, co fin de desestabilizar a zona e especialmente a Nicaragua, tratando de illala, destruíla economicamente e intimidala militarmente. En definitiva, tratábase da vella política imperialista dos Estados Unidos, a quen importaba ben pouco a democracia e o respecto dos dereitos humanos.

Tribunal Permanente dos Pobos. Sesión sobre Guatemala

Desde Galicia viñamos desenvolvendo unha inxente campaña de apoio a este pobo celebrando actos de solidariedade, albergando nas nosas casas a guatemaltecos que traíamos para dar charlas nas nosas cidades. Tamén asistindo a eventos importantes sobre o xenocidio guatemalteco, enviando a Madrid unha delegación do COSAL composta por Anxo Currás e



Xaquín Ros para asistir do 27 ao 31º de xaneiro de 1983 ao “Tribunal Permanente dos Pobos, Sesión sobre Guatemala”. Resaltar que neste evento participaron personalidades de renome universal como: Eduardo Galeano, Mario Benedetti, Rigoberta Menchú e Daniel Viglietti entre outros moitos.

Madrid 28 de xaneiro de 1983:


Ten a palabra o representante do Goberno de Guatemala. Hai alguén aquí que represente os intereses do Goberno de Guatemala?

Accións divulgativas

Tras o silencio que seguiu a esta pregunta do premio Nobel de Psicoloxía e Medicina George Wald (norteamericano), foille concedida a palabra ao fiscal e deu comezo en Madrid a sesión do Tribunal Permanente dos Pobos⁶⁴ sobre Guatemala.

O presidente do tribunal, o belga François Rigaux, enviou en datas precedentes unha carta ao presidente de Guatemala, Efraín Ríos Montt, convidándolle a «cooperar na instrución e o desenvolvemento do procedemento, enviando á sesión un representante ou calquera tipo de documentación escrita». Previamente ás palabras de George Wald, vicepresidente desta sesión, o alcalde de Madrid, Enrique Tierno Galván, nun discurso de benvida, cualificou ao tribunal como «expresión da conciencia do mundo xulgando a quen perturba a paz». Tierno Galván é membro deste tribunal e participou en anteriores sesións, pero preferiu non facelo nesta para manter a posición de imparcialidade que, segundo dixo, debe corresponder á súa condición de alcalde da cidade anfitroia. Tierno Galván deu garantías de que a actuación do tribunal será absolutamente limpa e obxectiva.

64 O TPP é un tribunal de carácter non goberamental, do xénero dos «tribunais de opinión» que tivo a súa orixe no xulgamento dos crimes de lesa humanidade cometidos polos Estados Unidos na guerra contra o pobo de Vietnam e coñécese como o Tribunal Russel.



Os xuíces que toman parte nesta sesión sobre Guatemala son: George Wald; o arxentino e premio Nobel da Paz, Adolfo Pérez Esquivel; o italiano Salvatore Senese, membro do Consello Superior da Maxistratura do seu país; o norteamericano James Petras, profesor de Socioloxía da Universidade de Nova York; o bispo de Cuernavaca, Sergio Méndez Arceo; o francés Leo Matarasso, presidente da liga Internacional polos Dereitos e as Liberdades dos Pobos; o belga François Houtahrt, sociólogo; o teólogo italiano Giulio Girardi; o escritor uruguaio Eduardo Galeano, un dos maiores especialistas en América Latina; o escritor e teólogo norteamericano Harvey

Cox; a española Vitoria Abellán, catedrática de Dereito Internacional da Universidade de Barcelona; o deputado suízo Richard Baülin; o ex ministro de Xustiza alxerino Amar Bentouni, e a haitiana Susy Castor, profesora da Universidade Autónoma de México.

Foron presentadas aos membros do tribunal dous relatorios sobre a estrutura social e económica de Guatemala nas que se expuxeron, entre outros datos, que en 1980 o 52% da poboación atopábase en grao de extrema pobreza e que o 79% eran pobres. O 82% dos nenos menores de cinco anos teñen problemas de nutrición e de cada mil nenos nados vivos, 81 morren durante o primeiro ano de vida. O 60% destas mortes prodúcense polas enfermidades dos aparellos dixestivo e respiratorio, propias da mala alimentación.

Na súa Sentenza, o Tribunal Permanente dos Pobos declara:

Que os Gobernos que se sucederon en Guatemala desde 1954 ata o réxime do xeneral Ríos Montt inclusive, son culpables de violacións graves, reiteradas e sistemáticas dos Dereitos do home, en infracción da Declaración Universal dos Dereitos do Home e da Convención Interamericana de Dereitos do Home... que pola súa amplitude, as torturas, matanzas e as desaparicións forzadas de persoas constitúen crimes contra a humanidade no sentido do Estatuto do Tribunal de Nüremberg...

En Conclusión: O Tribunal declara que, ante a perpetración dos crimes devanditos por parte dos poderes públicos de Guatemala, o pobo de Guatemala ten dereito a exercer todas as formas de resistencia, incluso a forza armada, a través das súas organizacións representativas, contra os poderes públicos tiránicos; e que o uso da forza armada por parte do Goberno de Guatemala para reprimir a resistencia é ilexítimo⁶⁵.



Testemuñas do Tribunal Permanente dos Pobos en Ferrolterra

Os feitos se non se divulgan é coma se non sucedesen, por iso no COSAL de Ferrol non dubidamos en achegar á comarca a situación de marxinação en que vive a poboación Maya en Guatemala, un grupo étnico que representa á maioría

65 Sentencia do Tribunal Permanente dos Pobos, sesión sobre Guatemala, páx. 69 e 70. Madrid, 27 ao 31 de Xaneiro 1983.

Accións divulgativas

da cidadanía do seu país e que lamentablemente sofren todo tipo de afrontas por parte do seu goberno, forzas armadas e paramilitares, convertendo ao país do premio nobel de literatura Miguel Ángel Asturias, nun escenario apocalíptico.

Para iso consideramos que o mellor era convidar a varias testemuñas do Tribunal Permanente dos Pobos para que transmitisen de primeira man o acaecido no seu país nos diferentes concellos da comarca. Deste xeito dous guatemaltecos chegaron a Ferrol convidados polo COSAL.

Á súa vez a nivel institucional e a proposta do COSAL, celebráronse distintas reunións nos municipios da comarca. Destacamos a adhesión do Concello de Ferrol que aprobou

Testigos del «Tribunal de los Pueblos» participarán en la comarca ferrolana

Ferrol (Redacción). Campesinos guatemaltecos, que participaron como testigos en la reciente reunión del Comité Permanente de los Pueblos, que tuvo lugar en Madrid, participarán la próxima semana en distintas reuniones en municipios de la comarca, invitados por el COSAL, con el fin de que expliquen la situación que padece aquel país con una situación de guerra civil de «facto». El anuncio de esta próxima reunión de campesinos guatemaltecos en la comarca ferrolana fue realizado por portavoces del COSAL, llegados a Ferrol, tras participar en la reunión del Tribunal Permanente de los Pueblos. En el que estuvieron presentes notables figuras internacionales.

Los campesinos guatemaltecos que vendrán a Ferrol actuarán en Madrid como testigos en el juicio seguido —a pesar de que el tribunal no tiene carácter coercitivo— contra las autoridades de Guatemala, que según el Tribunal está realizando un «verdadero genocidio con la raza maya».

La Voz de Galicia, 11 de novembro de 1982


un pronunciamento de ratificación coa sentenza do Tribunal Permanente dos Pobos, polo que condenaba ao goberno de Guatemala polos delitos de XENOCIDIO E ETNOCIDIO.

O Pleno do Concello de Ferrol condena ao Goberno de Guatemala por xenocidio e etnocidio

En 1977 a administración Carter prohibiu a venda de equipo militar ao Goberno de Guatemala, formalmente pola violación dos dereitos humanos. Días máis tarde o goberno guatemalteco pechaba apresuradamente contratos para a compra de oito helicópteros e 25 mil fusiles M16 provistos de lanzagranadas.

Despois os militares guatemaltecos recorreron a Israel, Taiwan, Sudáfrica e Arxentina⁶⁶.

⁶⁶ Guatemala, las armas del golpe. Revista Pensamiento Propio, Nicaragua Octubre 1988, páx. 23 e 24.



Ferrolterra contra o ditador guatemalteco Ríos Mont

Convidados polo COSAL chegaron a Ferrol os guatemaltecos Luís Felipe Irias, médico e exdirixente universitario e Pedro Ruíz, dirixente campesiño, testemuñas no Tribunal Permanente dos Pobos, para manter diversos encontros cos alcaldes de Ferrol, Fene e Narón.

O alcalde de Ferrol, Jaime Quintanilla recibiu oficialmente aos representantes da URNG de Guatemala e tras escoitarlles prometeulles apoio moral e económico na medida que se poida e anuncioulles que no pleno extraordinario do Concello de Ferrol, incluírase unha moción de apoio ao pobo de Guatemala na súa loita contra o seu propio Goberno, á vez que apoia a sentenza do Tribunal Permanente dos Pobos, que condenou ao Goberno de Ríos Mont por xenocidio. Asistiron ao encontro os tenentes de alcalde, Fernando Miramontes e Llano Cotrofe, así como Branca Quintanilla e varios membros do COSAL.

Os representantes guatemaltecos han manifestado que a poboación vive unha existencia de terror provocada pola queima das aldeas con gasolina e os masacres perpetrados polos militares mandados polo xeneral Ríos Mont.

En dez meses asasinaron a máis de dez mil persoas

El Pleno del lunes se pronunciará en contra del régimen guatemalteco

Ferrol (Redacción). En el pleno extraordinario que el Ayuntamiento de Ferrol celebrará el próximo lunes se incluirá una moción de apoyo al pueblo de Guatemala, en su lucha contra su propio Gobierno, además de apoyar la sentencia del Tribunal Permanente de los Pueblos, que condenó al actual Gobierno guatemalteco como responsable de genocidio, según prometió el alcalde Quintanilla Ulla a los representantes del pueblo guatemalteco, que estos días se encuentran en la contarea de Ferrol, explicando la situación que padecen su país. Los representantes guatemaltecos, Luis Felipe Irias y Pedro Ruiz, traídos a Ferrol por el COSAL, aseguraron que Guatemala vive en la actualidad una situación de terrorización del pueblo por parte de los militares mandados por el general Ríos Montt, y que en menos de diez meses han muerto más de diez mil personas.

Luis Felipe Irias, médico y dirigente en su día de la Universidad en su país, y Pedro Ruiz, dirigente campesino, mantuvieron una entrevista con el alcalde Quintanilla Ulla por espacio de media hora.

Se encontraban presentes en la entrevista los tenientes de alcalde Fernando Miramontes y Llano Cotrofe, así como Blanca Quintanilla, experta del PSOE en temas de Centroamérica, y representantes del COSAL. Los dos dirigentes populares guatemaltecos mantuvieron charlas coloquiales en Fene, Narón, y en la tarde de ayer en Fene.

País terrorizado

Los dos portavoces del pueblo guatemalteco, organizados por el URNG, plataforma que agrupa a diversos grupos políticos y armados, señalaron que su país, con una población de siete millones de habitantes posee una tasa de analfabetismo de las mayores del mundo, con un ochenta por ciento. Noventa y uno de cada mil niños mueren antes del año de vida. El ochenta por ciento de esos mismos niños están desnutridos; poseen la renta más baja de la zona, con cincuenta dólares anuales por cada uno de ellos, y el 65 por cien-



El alcalde Quintanilla prometió apoyo moral y económico, en la medida que se pueda, al pueblo de Guatemala, representado por Luis Felipe Irias y Pedro Ruiz.

to de la población es indígena, que son a los que persiguen de forma preferente el ejército guatemalteco, en especial a los mayas. En la actualidad, siempre según datos de los dirigentes guatemaltecos, hay campos de refugiados de más de doscientas mil personas en México, Honduras y Nicaragua, y cerca de un millón de personas están escapadas por las sierras y la selva, en una inmigración interior, que supone la huida de los lugares naturales de nacimiento de los indígenas, ya que el ejército quema sus aldeas con gasolina. Existen en Guatemala unas 26 comunidades distintas de indígenas, con sus respectivos dialectos, y están huidas por el interior del país, ya que el Gobierno de Ríos Montt está creando las aldeas estratégicas que los norteamericanos hicieron en su experiencia vietnamita.

Instaurar la democracia

Los dos dirigentes guatemaltecos señalaron que una campaña similar a la que ellos desarrollan en Ferrol se está llevando a cabo en otros puntos de España, donde los ayuntamientos también se pronuncian a su favor, además de recaudar fondos para su causa. Ellos pretenden, según sus palabras, instaurar la democracia en su país, y para ello exigen el cese de la represión, las matanzas del ejército, y el abandono de la intervención norteamericana en el país. Proponen cinco puntos para el restablecimiento de la democracia, que no existe desde 1954, aunque reconocen que la democracia que ellos propugnan no será de corte occidental, dadas las características de la zona, aunque sí se respetarán las individuales libertades de las personas.

Solidaridad con Guatemala

A pesar del frío de la tarde, de la inclemencia del tiempo y de la baja temperatura, recién inaugurado el salón de la Casa de la Cultura, un buen número de personas se reunió para escuchar el testimonio de dos guatemaltecos, un campesino y un médico, sobre la situación en su país. Ambos participaron como testigos en el Tribunal Permanente de los Pueblos, reunido recientemente en Madrid, el cual condenó el régimen de Ríos Mont por genocidio y etnocidio y determinó el derecho del pueblo de Guatemala a la insurrección.

El acto, organizado por el COSAL, y apoyado por la Corporación local, tuvo como motivo principal, tal cual informó el joven campesino, «pedir apoyo acerca de los sufrimientos, las masacres y el derramamiento de sangre». Agregó que «es doloroso recordar lo que ha sucedido y lo que aún sucede». Relató la vida miserable en el trato, la explotación inhumana y prácticamente como esclavos o iservos feudales que sufren los campesinos. Estos ganan muy poco por un trabajo muy duro, mal alimentados, engañados y maltratados por el capataz, el administrador y el tendero, que se lucran con su trabajo y su hambre. Al menor asomo de protesta, la represión llega hasta el crimen por el Ejército o los matones contratados en bandas armadas. Hay muchas enfermedades, la desnutrición es endémica y la vejez y la muerte prematuras. El propio orador se refirió a los hombres de cuarenta años como «los ancianos».

Violencia

Historió a continuación cómo la gente sintió que se llegaba a un límite y comenzó a organizarse, a manifestarse y luego cuando se cerraron todos los caminos, a irse a las montañas empuñando un arma. Destacó especialmente las masacres contra los indios, los secuestros (en Guatemala no hay presos políticos porque al opositor se le mata, anotaría su compañero).

A pesar de que la violencia es un problema que lleva décadas implantado en aquel país centroamericano, ha saltado a las primeras planas tras el asalto a la Embajada española en 1980, añadió el testigo.

Dio relieve al papel de la iglesia, de sus sacerdotes, catequistas y monjas que conviven con el pueblo —dijo— y sufren la misma represión. Manifestó conocer a la hermana del alcalde Martínez Aneiros, religiosa que actuó varios años allí y que «se salvó por un pelito, pero su compañera catequista fue asesinada».

A continuación habló el médico y expresidente de la Asociación de Estudiantes Universitarios planteando que «se vive una situación de guerra del ejército, la oligarquía nacional y el imperialismo yanqui contra el pueblo todo».

Hizo una síntesis de la historia de aquella nación desde la colonia, en la cual sólo hubo diez años de democracia desde la revolución de 1944 hasta el derrocamiento de Jacobo Arbenz por los EE.UU. Analizó la situación económica, la estructura social y cultural: 80 por ciento de analfabetismo, sólo dos gramos de hemoglobina en la sangre de la mayor parte de la población, cuando el mínimo vital está considerado en cinco gramos, lo que le da una aterradora idea del hambre que se sufre.

Ríos Mont, convertido a una secta protestante norteamericana, está masacrando a los católicos y a los indios diciéndose «elegido de Dios». Recalcó que la única salida es el triunfo de las fuerzas revolucionarias. No hay familia sin muertos, siendo unos ochenta mil desde 1954. Hay doscientos mil refugiados en Méjico y un millón huyendo por la montaña de un lado para otro, perseguidos por el ejército.

Señaló la importancia de la solidaridad y la denuncia internacional para salvar vidas como el caso de la joven española recientemente liberada, cosa que antes no se conocía. Terminó diciendo que «Reagan miente cuando dice que mejora el respeto a los derechos humanos». Culpó a Estados Unidos, Israel y otros países del apoyo militar político y financiero, pues si no, dijo, el régimen hubiera ya caído.

Cerró el acto el alcalde llamando a hacer algo. Ofreció el apoyo oficial a través del próximo Pleno y esbozó la posibilidad de un hermanamiento de Narón con otra localidad guatemalteca.

O 65% da poboación é indíxena. Noventa e un de cada mil nenos morren antes do ano de vida. O oitenta por cento deses nenos están desnutridos; posúen a renda máis baixa da zona, con cincuenta dólares anuais por cada un deles. Ríos Mont está a crear as aldeas estratéxicas que os norteamericanos ensaiaron en Vietnam.

O alcalde de Narón recibe as testemuñas de Guatemala

Relatos horribles

No COSAL organizamos un acto na Casa da Cultura de Narón, co apoio da Corporación municipal para coñecer a situación en Guatemala da man de dúas testemuñas no Tribunal Permanente dos Pobos, un campesiño e un médico. A pesar da inclemencia do tempo e da baixa temperatura acudiu un bo número de persoas. O mozo campesiño relatou a vida miserable e o trato degradante aos indíxenas, a explotación inhumana, como escravos que sofren os campesiños. Gañan moi pouco por un traballo moi duro, mal alimentados, enganados e maltratados polo capataz, o administrador e o tendero. Ao menor asomo de protesta a represión chega ata o crime, ben polo exército ou polos matóns contratados en bandas armadas.



Non hai familia sen mortos

A xente sentiu que se chegaba a un límite e comezou a organizarse, a manifestarse e logo cando se pecharon todos os camiños a irse á montaña empunhando unha arma. Hai moitas enfermidades, a desnutrición é endémica e a vellez e a morte prematura; con corenta anos son considerados anciáns. Os masacres contra os indios e os secuestros, a violencia leva décadas implantada, pero saltou ás primeiras planas, tras o asalto á Embaixada de España en 1980. Deu relevancia á presenza de sacerdotes e monxas que conviven co pobo. Coñeceu á irmá do alcalde Martínez Aneiros, relixiosa que se salvou por un pelo, pero a súa compañeira catequista foi asasinada. Por último pediu apoio acerca dos sufrimentos, masacres, e efusión de sangue.

A outra testemuña, médico e expresidente da Asociación de Estudiantes Universitarios, manifestou que “se vive unha situación de guerra do exército, a oligarquía nacional e o imperialismo ianqui contra o pobo todo”. Desde a colonización española, só houbo dez anos de democracia en

Guatemala, de 1944 ata o derrocamento de Jacobo Arbenz polos Estados Unidos en 1954. Analizou a situación económica, a estrutura social e cultural, indicando que no seu país hai un 80% de analfabetismo; a maior parte da poboación ten dous gramos de hemoglobina no sangue, cando o mínimo vital é cinco gramos, o que dá unha aterradora idea da fame que se sofre. Non hai familia sen mortos, puntualizou, oitenta mil desde 1954, douscentos mil refuxiados en México e un millón fuxindo polas montañas perseguidos polo exército.

En Guatemala non hai presos políticos, porque ao opositor mátaseno.

Culpou a Estados Unidos, Israel e outros países do apoio político, militar e financeiro, pois senón, o réxime houbera caído. Pechou o acto o alcalde, Antón Martínez Aneiros, propoñendo adoptar algunha iniciativa e ofreceu o apoio oficial á oposición guatemalteca a través do próximo pleno.

Segundo Amnistía Internacional, nos primeiros cinco meses de presidencia de Ríos Montt, máis de 10 mil indíxenas foron asasinados polos militares e outras decenas de miles foron desaparecidos ou fuxiron en procura de refuxio. De acordo co Informe de Esclarecemento Histórico da ONU, 448 aldeas foron borradas do mapa neste período⁶⁷.

⁶⁷ Gatopardo 2 abril 2018 Colombia.

**Recaudadas
25.425 pesetas
para el movimiento
de oposición
a Ríos Montt**

Ferrol (Redacción). Durante los actos de solidaridad con Guatemala, celebrados en la comarca ferrolana recientemente, se han recaudado un total de 25.425 pesetas, que han sido remitidas a través de la coordinadora del Comité de Solidaridad con Guatemala a sus destinatarios según informa el Comité de Solidaridad con América Latina —COSAL— de esta zona.

En un comunicado distribuido ayer, el COSAL agradece, en nombre del pueblo guatemalteco estas muestras de solidaridad, y de una manera especial a los ayuntamientos de Narón, Fene y Ferrol, así como a la asamblea de trabajadores de «Astano».

La Voz de Galicia, 20 de febreiro de 1983

**25.425 pesetas a
Guatemala**

O COSAL quiere agradecer en nome do pobo de Guatemala a todas as persoas da comarca que contribuíron economicamente e participaron nos diferentes actos de apoio á poboación guatemalteca e á súa vez expresaron o seu rexeitamento e denuncia aos masacres indiscriminados propiciados polo ditador Efraín Ríos Montt, famoso polas súas



atrocidades, por utilizar a estratexia de terra arrasada e ser un dos militares máis sanguinarios de América Latina. De maneira especial queremos agradecer tamén aos concellos de Narón, Fene e Ferrol, así como ao comité de empresa e aos de traballadores de Astano polo seu apoio solidario, tanto no político como no económico.

**O COSAL pide a dimisión do
director de Bazán**

No COSAL expresamos a nosa protesta polo comportamento do director de Bazán, ao non recibir a dous sindicalistas guatemaltecos nin permitirles participar nunha asemblea no estaleiro.

Curiosamente este señor non tivo reparos en recibir o pasado verán a militares do ditador Augusto Pinochet, polo que desde o COSAL vai iniciar unha recollida de firmas pedindo a dimisión do director de Bazán.

**El Cosal protesta por la postura
de la dirección de Bazán ante
los sindicalistas guatemaltecos**

Ferrol (Redacción). El Cosal de Ferrol hizo pública una nota en la que protesta por el comportamiento del director de la factoría Bazán al no querer recibir a dos sindicalistas guatemaltecos, ni dejarlos pasar a participar en una asamblea en los comedores del astillero, mientras que recibió a los marinos militares de Pinochet, durante el verano pasado. Por este motivo, el Cosal anuncia una campaña de captación de firmas, con el fin de pedir la dimisión del director de Bazán.

En la nota facilitada a la prensa, el Cosal señala que se debe exigir de los directivos de las empresas públicas unos «aires y hábitos más democráticos». Recuerdan que los dos

sindicalistas guatemaltecos fueron testigos del «respetado» tribunal permanente de los pueblos.

Solidaridad de Astano

Por otra parte, el comité de empresa de Astano hizo un llamamiento entre los trabajadores de est. astillero, con el fin de hacer llegar al pueblo guatemalteco una ayuda económica, según el comunicado, « El régimen dictatorial de Efraín Ríos Montt». Al mismo tiempo, el comité de empresa de Astano muestra su solidaridad y se adhiere a la resolución emanada del tribunal permanente de los pueblos latinoamericanos, que condena al régimen totalitarista de Guatemala.

La Voz de Galicia, 27 de febreiro de 1983

O Comité de Astano solidarízase con Guatemala

O comité de empresa de Astano, fixo un chamamento aos traballadores do estaleiro co fin de recadar fondos para o pobo guatemalteco, ao que mostra a súa solidariedade e adhírese á resolución do Tribunal Permanente dos Pobos, que condena ao ditador Rios Mont.

Pola Paz Mundial e pola saída da OTAN

Na comarca de Ferrol, seguindo o chamamento da ONU de celebrar o 24 de marzo como “Día da Paz Mundial” os partidos e sindicatos, PCG, BNG, EG, PCE-ML, MCG, LCR, UPG, CC. OO., INTG, convocaron unha marcha a pé desde Ferrol á Cabana, baixo o lema: “Ferrol, pola Paz Mundial e pola saída da OTAN”, polo desarmamento e contra a política de bloques militares, á que nos sumamos inmediatamente no COSAL, facendo público que “convocar dita marcha pola Paz e participar nela, supón unha nova demostración de solidariedade cos pobos oprimidos de Latinoamérica”. Outras adhesións foron as do PSG, movementos ecoloxistas e as Mocidades do PSOE. Ao finalizar o acto leuse un comunicado no que se solicitaba ao Goberno, a saída de España da OTAN

Ao mesmo ritmo que os Estados Unidos axitaban a violencia das ditaduras centroamericanas, e incrementaban o seu apoio militar e loxístico,

Hoy, marcha por la paz hasta A Cabana convocada por grupos de izquierda y ecologistas

Ferrol (Redacción). A las once y media de la mañana de hoy parte del Cantón la marcha por la paz mundial, organizada por partidos de izquierda y sindicatos, terminando en A Cabana. La marcha está convocada por el Partido Comunista de Galicia, Bloque Nacionalista Galego, Esquerda Galega, PCE - ML, MCG, LCR, UPG, Comisiones Obreras e Intersindical, sumándose las Juventudes Socialistas del PSOE, el PSG y el Comité de Solidaridad con América Latina —COSAL— así como grupos ecologistas.

El recorrido será entre el Cantón de Ferrol y A Cabana, aunque en principio se preveía que terminase frente a la base naval de A Graña. La demostración pacifista se convocó para conmemorar la

jornada del Día Mundial de la Paz y el Desarme. Una vez en A Cabana, después de recorrer la Plaza de España, Avenida do Rei, Canido y La Malata, se celebrará una fiesta, todo ello bajo el lema «Ferrol pola paz mundial e a saída da OTAN».

El pasado viernes, como ya hemos indicado ayer, los convocantes explicaron en una rueda de prensa que la marcha tiene como objetivo una protesta contra los bloques militares, por lo que se hace la petición al Gobierno del PSOE, que en Ferrol no se sumó al acto, para que España se retire de la Organización del Atlántico Norte. Por otra parte, es una muestra de apoyo a los ayuntamientos de la comarca que han aprobado las mociones proponiendo la declaración de zona desmilitarizada.

La Voz de Galicia, 23 de marzo de 1983

Esta tarde, manifestación contra la intervención de EE.UU. en Centroamérica

Ferrol (Redacción). El Cosal de Ferrol (Comité de Solidaridad con América Latina), en unión de ocho partidos de izquierda y cinco organizaciones sindicales —el PSOE y la UGT no figuran en el llamamiento—, han convocado una manifestación contra la intervención de EE.UU. en Centroamérica. La demostración partirá a las seis y media de la tarde de los Cantones de Ferrol, aunque

cabe que se retrase un poco, ya que, según fuentes del comité de empresa de «Bazán», se pretende hacer coincidir el final de la asamblea que celebrarán los trabajadores de esta empresa a las seis de la tarde, con el comienzo de la manifestación. También se han sumado, el comité y la sección sindical de CC.OO. de Astano, junto con el comité de «Simano».

La Voz de Galicia, 12 de abril de 1983

en Ferrolterra o COSAL e o conxunto das organizacións sociais e veciñais, aumentabamos a mobilización social e a denuncia da inxerencia ianqui en Centroamerica. Por iso en Ferrolterra unha vez no COSAL tomamos a iniciativa e secundada por oito partidos de esquerda e cinco centrais sindicais,

ALTO A INTERVENCIÓN IANQUI EN CENTROAMÉRICA

Nicaragua A revista norteamericana "Time" denuncia que axentes da CIA e o embaixador USA en Honduras, John Negroponte, moven os fins das operacións militares contra Nicaragua. Todos os días caren na fronteira sóvenas ideas defendendo a este país dos que queren que volte ó pasado asociada.

El Salvador A guerra civil mantense debido ó apoio logístico, económico e ó asesoramento militar ianqui, vietnamizando a este país.

Guatemala O Tribunal Permanente dos Pobos condena ó goberno deste país por asociación, crimes de guerra, crimes contra a humanidade, declarando responsable destes crimes a USA pola laxarencia determinante.

Honduras Instalación de tres bases ianquis pra controlar a área centroamericana. Plataforma das accións militares contra Nicaragua.

MANIFESTACIÓN O MARTES, 12, AS 6'30 NO CANTON

CONVOCAN: COSAL - PCG - CC.OO. - INTIG - USO - SES - MEG - BNG - LER - EG - CNT - PCE (ML) UPG - PSB

o comité de empresa e a asemblea de traballadores de Bazán, o comité de empresa e a sección sindical de CC. OO. de Astano, así como o comité de empresa de Simago celebramos unha manifestación baixo o lema "Contra a intervención de Estados Unidos en Centroamérica". Estas

mostras de solidariedade internacional ían en liña coas que liderou o primeiro ministro de Suecia Olof Palme, que non tivo reparos en secundar manifestacións contra Franco e en saír á rúa en Estocolmo cun cartel no peito no que figuraba "Liberdade para os españois" e recadar fondos para a oposición española á ditadura. Do mesmo xeito mostrouse inflexible contra a política estadounidense en Vietnam e importoulle ben pouco desairar ao imperio e acoller



aos militares norteamericanos que desertaron da inxusta guerra no sueste asiático.

De igual forma apoiou ao Movemento Nacional Africano na súa loita contra o Apartheid e á defensa dos dereitos humanos e dos países do Terceiro Mundo. Olof Palme foi asasinado en 1986.



Na rúa

E saímos novamente á rúa para achegar á sociedade a problemática de El Salvador. Recibimos unha felicitación de nadal da representación do FMLN en Europa consistente nunha paisaxe salvadoreña e decidimos a súa reprodución para a venda. Compramos pinceis, pintura e unhas taboñas que recortamos e un domingo pola tarde reunímonos e seguindo o principio do traballo en cadea, un debuxou a paisaxe e despois cada un encargábase de pintar unha cor en cada unha das máis de cincuenta taboñas, todo iso nun bo ambiente de cafés e camaradería. Ao seguinte domingo puxemos un posto na rúa Real perto do banco Pastor, e xunto

Respaldo a Centroamérica

Decía Gabriel García Márquez no seu discurso do Premio Nobel: «A solidariedade cos nosos soños non nos fará sentir menos soíos, namentras non se concrete con actos de respaldo lexítimo aos pobos que asuman a ilusión de teren unha vida de seu no reparto do mundo».

Hoxe máis que nunca os pobos de Centroamérica necesitan de actos de lexítimo respaldo. Actos que apoién o dereito a decidir o seu futuro, actos que recoñezan as súas vangardas políticas e militares, actos que denuncien as inxerencias externas, as ditaduras militares, o xenocidio. Actos que denuncien a violación dos dereitos humanos.

Ese actos teñen claras motivacións. ¿Quén senón pode ficar cos brazos caídos ou calado diante de tanta inxusticia? ¿Quén pode creer nos montaxes fotográficos de Reagan para xustificar o conflito Este - Oeste, para apoiar aos somocistas ou conflitos locais como o pretendido de Honduras e Nicaragua? ¿Quén cree na Forza Democrática Nicaragüense representada por barrigudos encorbatados e formada por ex ministros somocistas ou empresarios que apoiaban o réxime somocista? ¿Quén pode esquencer a denuncia da revista «Times» que acusaba a Reagan de orquestrar a campaña de desestabilización contra Nicaragua e a John Negroponte como o seu director, dende Honduras, agora que Panamá ve o que é o imperialismo?

¿Quen en definitiva, home ou muller, pode deixar de condenar ao Departamento de Estado norteamericano, que primeiro estivo ao lado de Somoza, logo ao lado de D'Abuisson: responsable do asesiñato de Oscar Romero, agora convirte a Honduras no xendarme da zona, bendice o xenocidio contra o pobo guatemalteco, i estes días alenta a contrarrevolución contra Nicaragua?

Non hai nada que xustifique ficar calado. Os pobos de Centroamérica que loitan pola súa liberdade e a súa soberanía nacional esixen a nosa solidariedade moral e material. Ou como tamén decía Gabriel García Márquez: temos que facer nosa unha nova e arrasadora utopía de vida onde ninguén poida decidir por outros, incluso a forma de morrer, onde sexa certo o amor e posíbel a felicidade, onde as estirpes condenadas a cen anos de soedade teñan por fin e para sempre unha segunda oportunidade na terra.— Xaquín Ros Rodal. Ferrol.

La Voz de Galicia, 11 de maio de 1983. Artigo de Xaquín Ros

a chapas, adhesivos e documentos vendémolas a módico prezo, aclarando que eran unha reprodución do orixinal feita por nós. Unha vez máis a sociedade ferrolá deu mostras de sensibilidade internacionalista e foi receptiva adquirindo todas as taboñas.

El Cosal envió 65.000 pesetas a El Salvador

Ferrol (Redacción). La organización de Ferrol del COSAL (Comité de Solidaridad con América Latina) informa que han remitido a El Salvador 40.000 pesetas, el pasado 22 de marzo, y 25.000 el 4 de mayo. Informan asimismo que lo recaudado el pasado 1 de mayo fueron 18.000 pesetas. El comité, al dar publicidad a estas cifras, agradece la colaboración que reciben y denuncian la intervención norteamericana en Centroamérica.

La Voz de Galicia, 11 de maio de 1983.

Nunha nota de prensa enviada aos medios de comunicación o 10 de maio de 1983, no COSAL informabamos con total transparencia á sociedade da comarca de Ferrol do envío a El Salvador da cantidade de corenta mil pesetas o día 22 de marzo e á súa vez o día 4 de maio remitimos a cantidade de vinte e cinco mil pesetas a este país centroamericano.

Á vez informamos que na Festa do 1º de Maio coa venda de materiais, chapas, chisqueiros, chaveiros, bolígrafos case-tes, adhesivos, varios boletíns e libros, recadamos máis de dezaoto mil pesetas. Agradecemos a grande solidariedade da comarca de Ferrol co pobo salvadoreño.

Encontro en Ferrol dos COSAL de Galicia



Levabamos xa dous anos coordinados co resto dos COSAL de Galicia e asistindo unha vez ao mes ás reunións de traballo en Santiago. No COSAL de Ferrol, consideramos que sería bo ter un encontro de todos os comités de

Galicia, onde ademais de planificar os traballos no campo da solidariedade internacional, combinásemolo cunha xornada de camaradería.

Convocámoslos no local parroquial da igrexa de San Xoán e acudiron os comités de Ferrol, Coruña, Santiago, Pontevedra e Xove. Na reunión acordouse promover en toda Galicia actos de solidariedade co pobo chileno, con

motivo do décimo aniversario da caída de Salvador Allende promovida por Augusto Pinochet, a CIA e o sector máis recalcitrante da empresa privada.

Do mesmo xeito, nos COSAL de

Actos de Cosal en solidaridad con Chile

Ferrol (Redacción). Los Comités de Solidaridad con América Latina (COSAL) de Galicia acordaron promover actos de solidaridad con el pueblo chileno con motivo del décimo aniversario de la caída del Gobierno de Salvador Allende. La decisión fue tomada en el curso del primer encuentro de los comités gallegos.

También se reafirman, una vez más, en la solidaridad con los pueblos de Centroamérica y Sudamérica en su lucha contra las dictaduras militares y condenan las maniobras que los Gobiernos de EE.UU. y Honduras llevan a cabo en la frontera con Nicaragua. Por último, piden el apoyo de los trabajadores y hacen un llamamiento al Gobierno del PSOE para que condene la intervención USA en Centroamérica.

En el primer encuentro participaron comités de Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra y Xove.

La Voz de Galicia, 30 de xullo 1983

Galicia reafirmámonos unha vez máis na solidariedade cos pobos de Centroamérica e Sudamérica na súa loita contra as ditaduras militares e condenamos as manobras que os gobernos de Estados Unidos e Honduras levan a cabo na fronteira con Nicaragua. Por último, pediamos unha vez máis o apoio solidario dos traballadores da comarca, e fixemos un chamamento ao goberno do PSOE para que condenase a intervención USA en Centroamérica.


Esperanza e loita en Chile

O vindeiro 11 de setembro cumprese o décimo cabedano do golpe feixista de Pinochet en Chile. Desde entón até hoxe o réxime feixista, caracterizado pola súa tiranía constante ao pobo de Chile, debe responder de crímenes internacionais contra os dereitos humanos fundamentais: Matanzas de civís, asesinatos selectivos de dirigentes políticos, desaparición forzada, exilio, detencións ilegais indefinidas, torturas, e secuestro de quenitos políticos. Ademais de tanto na miseria e na pobreza ao pobo traballador chileno.

Cumprese tamén o X cabedano do asasinato de Salvador Allende, presidente afortunado e líder do até as últimas consecuencias contra o feixismo.

Temos que dicir ben claro: Non hai Democracia sen liberdades para o pobo sen renunciar ao feixismo e ao que o apoiaron, sen que os culpados da bárbara represión sexan xulgados e condenados, sen que os despoñados e destitidos sexan liberdades con vida, e sen expulsar de unha vez por todas ao Imperio dos Estados Unidos do Golpe de 1973.

ACUDE A CONCENTRACION O SABADO,
10, AS 12 DA MAÑAN, NA PRAZA DE
ARMAS!
SOLIDARIDADE CO POVO CHILENO!
FORA PINOCHET!
LIBERTADE PARA O POVO DE CHILE
COSAL (Ferrol)



Campanha de alfabetización en Nicaragua

O COSAL iniciou unha nova actividade de recollida de diverso material escolar en toda Galicia para contribuír á campaña de alfabetización que se está levando en Nicaragua e desta forma contribuír e solidarizarnos desde Galicia con todos aqueles nicaraguanos, nada menos que o sesenta por cen da poboación, que teñen dereito a saír da ignorancia e miseria cultural que antes a ditadura somocista e agora o acoso da administración Reagan, a CIA, a Contra e as ditaduras servas sométenos.

Esta campaña está dirixida a profesores, alumnos, pais, sindicatos de ensino, comisións de cultura dos concellos de Ferrol, Narón, Fene, Mugaridos, Neda, Valdoviño e Ares, sociedades culturais Ateneo e Medulio, como ao tecido industrial de Ferrol a través dos comités de empresa. Para tal fin, no COSAL elaboramos un cartel e dous audiovisuais. Hoxe

Hoy, asamblea en el Ateneo Varias organizaciones piden material escolar para Nicaragua

Ferrol (Redacción). «Alguén quere que gastemos en balas o que necesitamos pra ademprender a leer», es el lema de una campaña en la que participan COSAL (Comité de Solidaridad con América Latina), sindicatos de la enseñanza, Ateneo y «Medulio», orientada a recabar todo tipo de material escolar para enviar al pueblo de Nicaragua.

Dicha campaña se viene llevando a cabo por otros pueblos y villas de Galicia y se dirige a los padres, enseñantes, escolares y comisiones de Cultura de los Ayuntamientos, habiéndose establecido ya contactos en esta zona con los de Narón, Neda, Ferrol, Ares, Mugaridos y Valdoviño.

El objetivo, según comunicado de las organizaciones que respaldan esta iniciativa, es «solidarizarse con todos aquellos nicaragüenses que teñen dereito a saír da ignorancia e a miseria cultural que a ditadura somocista e agora USA os mete».

La campaña durará veinticinco días y en la misma se utilizará un cartel para distribuir en escuelas y fábricas, un cómic y dos audiovisuales. Se trata de conseguir un colegio nacional para centralizar la recogida de todo el material: esferas, reglas, compases, cajas de tizas, lápices de colores, escuadras, etcétera.

En el cartel editado se dice que el acoso y boicot de Reagan y la Cia, de los contrarrevolucionarios y de las dictaduras vecinas hacen que el Gobierno popular sandinista tenga que solicitar ayuda internacional para poder seguir adelante con la tarea de sacar del analfabetismo al sesenta por ciento del pueblo nicaragüense.

Hoy, martes, a las siete de la tarde, en la sede del Ateneo, tendrá lugar una asamblea de profesionales de la enseñanza de la comarca para hablar de esta campaña, convocada por COSAL, UTEG, CC.OO., SGT, USO, «Medulio» y «Ateneo».

La Voz de Galicia, 8 de novembro de 1983

celebraremos unha reunión no Ateneo cos profesionais do ensino convocados conxuntamente polo COSAL, SGT, UTEG, CC. OO., USO, Medulio e Ateneo.



Asociación Cultural Canido

Outra das asociacións veciñais que colaboraron co COSAL, foi a de Canido. Acudimos Xaquín Ros e Ton Blanco, proxectamos un vídeo sobre o conflito salvadoreño e ao finalizar houbo un coloquio. Non había moita xente, pero os asistentes mostraron a súa indignación polos masacres.

Acto en Betanzos

Ampliamos o noso radio de acción a outros concellos, chegando ata o Centro Cultural de Betanzos convidados por Manolo Calo Purriños, cooperante en Nicaragua en 1984 e 1987. Acudimos Xocas e Ton. Programamos a proxección dun vídeo sobre o conflito salvadoreño, que por motivos técnicos non foi viable, levabamos a tele e o vídeo de casa, pero non fomos capaces de sintonizar, polo que suplimos o audiovisual cunha charla.

Invasión ianqui de Grenada, acto en Medulio

O 13 de marzo de 1979 o movemento de liberación Nova Xoia, liderado polo avogado Maurice Bishop, puxo termo á ditadura de Eric Gairy, que estaba a levar á illa caribeña a un estado de crise económica e social. Maurice Bishop, nomeado primeiro ministro, iniciou a chamada "Revolución do Pobo", cuxos obxectivos eran mellorar as necesidades da poboación, ata entón sometida á fame e á miseria. A través un proxecto



Invasión de Granada

A las 20 horas, en los locales de la sociedad «Medulio», Magdalena, 213, sótano, se celebrará un acto informativo sobre la invasión norteamericana de la isla de Granada. El acto está organizado por COSAL, UPG, BNG, PCE (M-L), MCG, LCR, «Medulio», INTG, USO y CC. OO.

La Voz de Galicia, 9 de novembro de 1983

reformista estableceu unha serie de medidas sociais, dereito á educación, nacionalización da pouca industria do país, modernización da produción, o procesamento de cultivos agrícolas e a construción dun aeroporto. Isto último foi a desculpa dos Estados Unidos para comezar a conspiración para derrotar ao novo goberno. En 1980 dúas bombas estalaron en cada un dos actos públicos, causando varios mortos e decenas de feridos. Maurice Bishop acusou á CIA e aos Estados Unidos, que comezou a poñer en marcha a súa maquinaria experta en desestabilizar e derrocar gobernos. En 1983 houbo disidencias internas e Maurice Bishop foi detido xunto aos seus seguidores e fusilado. Uns cen civís perderon a vida. O presidente ianqui Ronald Reagan que viña acusando a Bishop de ter bases soviéticas no seu territorio, aproveitou a escusa de desordenes e ordenou a invasión de Grenada o 25 de outubro do mesmo ano, baixo o lema “Furia Urxente”. Oito mil marines invadiron

a illa, ocupárona militarmente e nomearon un goberno afín aos intereses ianquis. As primeiras medidas consistiron en destruír as conquistas políticas, económicas e sociais alcanzadas baixo o goberno de Maurice Bishop.

Por ese motivo o COSAL xunto con Medulio, organizamos un acto o día 9 de novembro, no salón desta sociedade cultural para informar da invasión e ocupación dos Estados Unidos dun país soberano. Ao acto sumáronse, a UPG, BNG, PCE- ML, MCG, LCR, INTG, USO e CC. OO..



Envío de material escolar a Nicaragua

O COSAL, varios partidos de Esquerda, sindicatos e unha organización feminista teñen previsto convocar unha manifestación en solidariedade con Nicaragua e en contra da intervención de Estados Unidos no devandito país centroamericano.

O COSAL, PCG, SGS, CC. OO. SGT, BNG, UPG, MCG, AGM, USO, EG e INTG, darán a coñecer hoxe no concello ás cinco os pormenores da concentración, cuxa data aínda sen concretar podería ser o vindeiro luns, segundo informa o COSAL.

O comité de empresa de Bazán que onte celebrou un plenario, acordou sumarse a este chamamento en solidariedade con Nicaragua.

O 14 de novembro de 1983, gobernando o concello de Ferrol o PSG-PSOE e PCG, e sendo alcalde Jaime Quintanilla, a Comisión Permanente, a proposta do COSAL, aprobou par-



ticipar na campaña de recollida de material escolar para Nicaragua cun donativo de 25.000 pesetas.

Por outra banda, o pasado 24 de xaneiro de 1984 ao termo dunha campaña de recollida de material escolar, enviáronse diversos útiles escolares con destino a Nicaragua. O COSAL consigna nunha nota publicada pola Voz de Galicia a desagregación;

- 2.550 Cadernos
- 5.700 Lapis
- 3.500 Gomas de borrar
- 900 Rotuladores
- 600 Bolígrafos
- 250 Regras
- 2.000 Lapis de cor
- 300 Sacapuntas
- 200 Caixas de ceras
- 50 Compases
- 1 Esfera
- 2 Tubos de tinta para multicopista




Foto tomada no museo de "A imaxe e a palabra" en San Salvador en 2010

O COSAL expresou o seu agradecemento a cantas persoas mostraron a súa colaboración nesta campaña de recollida de material escolar para Nicaragua.

Engaden que, ademais do material escolar, os concellos de Ferrol e Fene achegaron a cantidade de 40.000 pesetas (corenta mil) e varios particulares 12.000 (doce mil). A todos eles o noso agradecemento pola súa solidariedade con este pobo centroamericano.

hispana contra las oligarquías terratenientes de sus países, utilizando como medio expresivo y de denuncia al teatro como en otros casos se ha utilizado la poesía o el canto. Dice el grupo «Guanaco»: «ofrecemos nuestra labor teatral a los sembradores de maíz, a la inagotable solidaridad de los pueblos hermanos y a los constructores cotidianos de El Salvador libre».

El grupo «Guanaco» se formó en Francia en marzo de 1985 integrado por jóvenes estudiantes y trabajadores de la cultura, salvadoreños, en su mayoría exiliados. Entre abril y septiembre de ese mismo año elaboran la creación y montaje de la obra «La Frontera», conjuntamente con la agrupación «Teatro Vivo» de Guatemala y hacen una gira con la obra por Suecia, Finlandia, Dinamarca y Alemania, en solidaridad con el pueblo guatemalteco. En enero del pasado año, crean y montan la obra «En el reino de Chachamuca» con la que han hecho ya varias actuaciones y llegan a la comarca ferrolana después de tomar contacto con el COSAL. Dicha organización de solidaridad con los pueblos de América Latina, es la que ha gestionado, conjuntamente con el Padroado de Cultura de Narón, la presentación del grupo ante el público de la comarca.

Entre los objetivos de este grupo que nos visita figuran principalmente, el «crear una expresión teatral colectiva que teniendo como base la experimentación, nos lleve a obtener un lenguaje que posibilite la comunicación con pueblos de diferentes lenguas». «Que nuestro trabajo teatral se oriente a la solidaridad con la lucha del pueblo salvadoreño y todos los pueblos latinoamericanos».



La obra «En el reino de Chachamuca», es una alegoría sobre su país


Teatro Guanaco

O grupo de teatro de El Salvador, GUANACO, formouse en 1985 en Francia, integrado por un grupo de novos artistas salvadoreños, a maioría exiliados. Tras unha xira por Suecia, Finlandia, Dinamarca e Alemaña, este grupo arribou a Ferrol, a finais de xaneiro de 1987 invitado polo COSAL.

Aloxaronse nas casas das nosas compañeiras Rosa Izal Berrade e Marisa Martín Roncero. Os artistas indicáronnos que a súa actividade teatral estaba dirixidas:

aos sementadores de millo, á inesgotable solidariedade dos pobos irmáns e aos construtores cotiáns de El Salvador libre.





La Voz de Galicia, 21 de xaneiro de 1987

Interpretaron a súa obra:

“NO REINO DE CHACHAMUCA”

Auditorio de Ferrol
 Cinema Urimare de Narón
 Casino de Mugardos


Municipios cuxos alcaldes: Xan Gato Díaz, de Narón, Manuel Fariña Doval, de Mugardos e Manuel Couce Pereiro, de Ferrol, foron sensibles á loita do pobo salvadoreño e deron todo tipo de facilidades para ceder os seus centros culturais e a quen desde o COSAL agradecemos a súa colaboración solidaria e internacionalista, pois posibilitou á cidadanía achegarse á cultura e crúa realidade dos pobos centroamericanos.

“O reino de Chachamuca” era unha alegoría da loita do pobo salvadoreño e doutros pobos da América Latina contra as oligarquías

terratentes, utilizando como medio expresivo o teatro.

Tratábase dunha especie de fábula imaxinaria no pequeno reino de Chachamuca, cuxo ancián Rei non pode gobernar con tranquilidade, por mor das constantes protestas do seu pobo e á súa vez das presións do seu corte para que aplique o poder con man dura para aplacar as manifestacións populares de descontento.

O ancián Rei morre envelenado e sucédelle no trono o seu fillo que decide utilizar a forza como principal recurso para gobernar, lanzando o exército contra o pobo, o cal cansado de soportar fame, miseria e morte, decide un día irse ás montañas para construír unha vida diferente. A saña do Rei fai que lles persigan e impídanlles iniciar a súa nova vida.



Cosal y Ceop preparan una campaña de solidaridad con Nicaragua, Honduras y Costa Rica

Ferrol (Redacción). Tras la reciente visita a Ferrol del dirigente campesino nicaraguense Norvin Altamira, para participar en diversos actos de sensibilización sobre aquel país, el Comité de Solidaridad con América Latina -Cosal- tiene previsto organizar una campaña de ayuda a Nicaragua en los próximos días, consistente en la recaudación de material para la construcción de una escuela y varias viviendas. En la iniciativa colabora también la Coordinadora Nacional de Organizaciones Pacifistas -Ceop-.

«En total, o diñeiro que é necesario para levar a cabo o proxecto -indican ambas organizaciónes en una nota difundida con este objetivo- son nove millóns de pesetas, das cales 310.000 se tentarán de recaudar na campaña a realizar en Galicia». Asimismo, añaden las citadas entidades, en esta campaña se incluye

el viaje a Nicaragua, para permanecer en aquel país durante un mes, de un grupo numeroso de brigadistas -treinta de Galicia-, interesados en la realización del referido proyecto. Las personas que estén interesadas en la realización del proyecto deberán abonar alrededor de ciento treinta mil pesetas, cantidad necesaria para hacer frente a los gastos de desplazamiento hasta Nicaragua y regreso.

Hace dos años se llevó a cabo en Galicia una campaña semejante a la anunciada por el Cosal y en aquella ocasión alguna de las personas desplazadas pertenecía a la comarca ferrolana. El Cosal informa también que paralelamente a este proyecto iniciará una campaña de captación de material para enviar a Honduras y Costa Rica. En este caso, las personas interesadas pueden ponerse en contacto tanto con miembros del Cosal como de la Ceop en Ferrol.

Un nicaraguano en Ferrol

Como consecuencia da visita do campesiño nicaraguano Norman Altamira. No COSAL desenvolvemos xunto á Coordinadora Nacional de Organizacións Pacifistas, unha campaña para a construción dunha escola e varias vivendas en Nicaragua. Simultaneamente no COSAL iniciaremos un proxecto humanitario para Honduras e Costa Rica.

Charla no ateneo sobre os desaparecidos en Arxentina

Na mente dos arxentinos e tamén de calquera ser humano amante da xustiza, os nomes de Videla, Massera e Viola, están

La Voz de Galicia, 7 de abril de 1987





irrefutablemente ligados ás desaparicións, os voos da morte, torturas, asasinatos e roubos de bebés; en definitiva, son os autores de delitos de lesa humanidade que deixaron un regueiro de sangue, dor e sufrimento no seu país. Por tanto indisociables cos valores de respecto, liberdade e xustiza.

Por ese motivo no COSAL organizamos no Ateneo de Ferrol un acto para coñecer mellor a realidade dos presos e desaparecidos en Arxentina, contando coa presenza dun membro da Federación de Familiares de Desaparecidos e Detidos, a quen mostramos o noso apoio e solidariedade na súa ardua tarefa.

Entre 1976 e 1983 a represión contra as organizacións sindicais, políticas, sociais e culturais, o secuestro, encarceramento e eliminación de líderes e militantes opositores foi xeneralizado e organizado desde as propias estruturas do Estado. Non che perseguían por ser un perigoso guerrilleiro marxista leninista, simplemente por ser de esquerdas, deste xeito caeron artistas, políticos, sindicalistas, poetas etc. Segundo o Servizo Paz y Justicia presidido polo premio Nobel da Paz, Adolfo Pérez Esquivel, a cifra entre

mortes e desaparecidos ascende a trinta mil persoas.

O número de nenas e nenos que naceron en cativeiro durante a ditadura ascende a 490, aos que engadir os secuestrados.⁷⁷

O modelo de execucións da ditadura non daba cabida ao fusilamento. O problema de almacenar cadáveres en fosas comúns abría un potencial xuízo internacional a crimes de lesa humanidade contra o réxime militar. De modo que a Xunta optou polas desaparicións. Esta práctica consistía en secuestrar aos chamados ‘traidores’, recrútalos en centros clandestinos, torturarlos e logo matalos. Moitos deles sufriron ‘os voos da morte’. Aos opositores drogábanos, poñíanlles cemento nos pés, e logo lanzábanos desde avións que sobrevoaban Mar del Prata. Así se perdían, eternamente, no océano.⁷⁸

Polo menos esa era a intención, non deixar rastros, pero nalgúns ocasións reflatában os cadáveres e e as correntes achegábanos ás praias cal vestixios dun crime.

Charla del Cosal en el Ateneo

A las 20 horas, en el salón de actos del Ateneo, se celebrará una reunión para tratar sobre la situación de los presos y desaparecidos en Argentina. Participará un miembro de la Federación de Familiares de Desaparecidos. El acto está organizado por el Comité de Solidaridad con América Latina —Cosal—.

La Voz de Galicia, 25 de outubro de 1988

⁷⁷ Ignacio Pato, WWW La dictadura argentina en 13 datos. 24 de marzo de 2016

⁷⁸ Andrés Suárez Jaramillo. Dictadura Militar de Argentina. 26, marzo, 2018. France 24.

Primeiras Xornadas Estatais de Solidariedade

Ante a cruenta realidade que estaban a vivir os pobos de Centroamérica para tentar poñer fin a tantos séculos de oprobio, en España constituíronse unha rede de comités de solidariedade con América Latina que entretecían todo o Estado e alcanzara un nivel moi elevado de madurez e estabilidade, polo que na coordinadora estatal acordouse celebrar as “Primeiras xornadas estatais de solidariedade con América Latina “que se celebraron en Oviedo os días 3, 4 e 5 de decembro de 1988”. O encontro foi mais alá de redobrar o noso esforzo por solidarizarnos con estes países en loita e á súa vez ver as violacións sistemáticas dos dereitos humanos tantas veces esquecidos e ocultados polos grandes medios de comunicación. E aínda que esencialmente a nosa actividade

estaba centrada en América Latina, obviamente estivo presente a loita doutros pobos, como o palestino e a que libraba o pobo surafricano contra a inhumana política do Apartheid, cuxo rostro máis visible era o do seu líder, Nelson Mandela, encarcerado desde facía décadas por loitar polos dereitos humanos no seu país. En definitiva unha batalla contra o imperialismo, o militarismo, o neocolonialismo, e a subtracción dos recursos naturais. De Galicia en representación do COSAL asistiron Xaquín Ros e Ton Blanco. Unha marea humana de 340 asistentes do Estado e delegacións latinoamericanas entre os que destacaban Nicaragua, URNG de Guatemala, Avoas de Praza de Maio de Arxentina, etc. asolagou a universidade de Oviedo onde se celebraron as xornadas. Os comités que asistiron eran moi definidos en base ás súas concepcións

relixiosas, políticas e sindicais, e o seu grao de implicación diverso.

Entre os moitos relatorios presentados simultaneamente e onde cada quen elixía a súa asistencia en función das súas preferencias, sensibilidade ou interese, destacaban:



Unha das sesións na Universidade de Oviedo. Foto Cedida por Tino Brugos de Asturias

- A solidariedade como movemento social
- Fronte ao Imperialismo, unha solidariedade audaz e un internacionalismo consecuente
- O movemento de solidariedade e a Axuda Oficial ao Desenvolvemento
- Débeda externa e a crise rexional en Centroamérica
- Os cristiáns nos procesos de liberación de América Latina.
- Nin 12 de Outubro nin V Centenario

O último día no Teatro Campoamor e como colofón ás xornadas, rendéuselle unha homenaxe aos 10 anos da súa caída en combate, ao cura guerrilleiro asturiano Gaspar García Laviana, que morreu loitando na Fronte Sandinista en Nicaragua. Asistiron ao acto unhas 500 persoas xunto aos representantes dos comités de Colombia, Perú, Guatemala e Palestina.

Fene irmandarase con Nicaragua

Como consecuencia das continuas relacións do COSAL co Concello de Fene, cuxa corporación viña colaborando desde facía moitos anos no desenvolvemento da solidariedade cos pobos centroamericanos, no COSAL propuxemos a ese concello, a irmandade cunha cidade nicaraguana, á vez que dotasen dunha subvención económica para a construción dun centro rural infantil. En principio houbo receptividade e a Comisión Municipal de Goberno comprometeuse a levar a proposta ao Pleno.




Foto cedida por Tino Brugos do COSAL de Asturias

Fene se hermanará con una ciudad de Nicaragua, a instancia del Cosal

Fene (Por José B. Puentes). En la reunión semanal de la Comisión Municipal de Gobierno, se acordó elevar al pleno una petición del Cosal, solicitando la aprobación del hermanamiento con una ciudad de Nicaragua, y la subvención económica para la construcción de un centro infantil rural en aquella nación centroamericana. Sería el segundo municipio de la ría que se hermanase con una ciudad nicaragüense porque Ferrol lo hizo con Masaya, a los pocos meses del triunfo de la revolución sandinista.

En la misma reunión se dio cuenta de un escrito del director general de EGB, remitiendo a los representantes de la corporación al delegado, para tratar de la construcción y mantenimiento de los centros escolares. Fue designado Cipriano López para representar a la Comisión Municipal de Cultura en el jurado que fallará el concurso de ideas para la construcción del paseo marítimo de San Valentín.

Se acordó la exención de cuotas a seis solicitantes del campamento de verano y fue aprobada la propuesta de designación de dos monitores para dicho campamento con el abono de 55.000 pesetas a cada uno. Así como también el de seis monitores y un socorrista acuático para el cursillo de natación, abonándose 66.000 pesetas a cada uno.

Fueron adjudicadas en 362.311 pesetas las obras de acceso a la playa municipal de Almeiras, en la ría de Ares; la adquisición de material eléctrico por más de novecientos mil pesetas; la colocación de cinco marquesinas para espera de autobuses escolares; la distribución de juegos infanti-

les, en parques y jardines y la petición de grupos, concertados con la Diputación, para actuar el Día da Patria Galega y en las fiestas de Nadal.

Fuera del orden del día fue aprobado el pronunciamiento favorable de la corporación municipal a las movilizaciones del personal de Astano con un llamamiento a la veindad para que las secunde.

Campaña antirrábica

Continúa la campaña antirrábica. Hoy, miércoles, tendrán lugar las vacunaciones en Perlio: de cinco y media a siete y media, en Casa Manso, y de siete y media a nueve en Centieiras. El jueves, 29, de seis a ocho, en Casa Ardá en Limodre. El viernes, 30, de seis a ocho, en Casa Feal en Sillobre, y de ocho a nueve en San Marcos. El martes, 4 de julio, en Barallobre: en Casa Macciras, de cinco a ocho; el miércoles, 5, en el Bar Cumbre de A Loira, de cinco a siete, y en Rego da Moa de siete a ocho. En Maniños, el jueves, día 6 de julio, de cinco a ocho, en Casa Cardoeiro y el viernes, día 7, en la Armada, de seis a ocho.

La Voz de Galicia, 28 de xuño de 1989

Xaquin Ros Rodal (Xocas)
A Revolta do Pulgarciño

**Un produto centroamericano
feito en El Salvador**

Breve crónica dun brigadista internacional ferrolán en El Salvador no ano 1989.

Chegar ao aeroporto de El Salvador con noite pecha e que un grupo de militares a punta de fusil, te interroguen e cacheen é duro, mais aínda o é que en 30 km (distancia do Aeroporto a San Salvador) te deteñan 4 veces e repitan a mesma manobra. O que sigue é un relato de 26 días dunha experiencia solidaria e internacionalista en El Salvador no mes de agosto de 1989. Mergullámonos na guerra, no campo e na cidade. Unha guerra que, na súa fase máis moderna, dura xa 10 anos. E mergullámonos do lado do pobo e da FMLM.

Na cidade capital a guerra notase menos que no campo, mais as accións guerrilleiras son diarias, ao amencer e ao solpor: voaduras de postes, torres do tendido eléctrico, queima de autobuses, acoso ás forzas armadas gubernamentais secuestros, cacheos... Nas zonas campesiñas a guerra ten outras dimensións: operativos do exército que non repara en atacar á poboación civil, voadura de casas, queima de campos de millo (milpas), secuestros. A guerrilla desenvolve aquí as maiores accións contra o exército: emboscadas, ataques aos acuartelamentos, sabotaxes á economía de guerra do réxime arenero.

Recibiunos San Salvador coas festas agostinas e a propaganda armada da FMLN. Os soldados do exército salvadoreño coas caras pintadas e patrullando por todas as esquinas. Vía teléfono conectamos cos distintos grupos de brigadistas internacionais que chegaran eses días ao país. Os primeiros pasos démolos na capital visitando ás organizacións sindicais e populares, as cárceles. Plano en man, fuxindo das zonas máis conflitivas e dando varias voltas para despistar aos centos de "orejas y soplones" que pululaban pola cidade, íamos chegando. O corazón latexaba fortemente e a emoción e os nervios chegaban a límites insospitados nunha capital que non coñecíamos e unha calor asfixiante.


Pouco a pouco íamonos xuntando nos locais onde tiñamos previstas actividades (as máis das veces charlas para coñecer de perto toda a problemática salvadoreña). Até 3 e 4 horas botabamos falando interrompidos as máis das veces polo estoupido das bombas revolucionarias ou dos voos rasantes dos helicópteros e incluso polas boas noticias que chegaban sobre a liberación dalgún/ha compa detidos. Así pasou na primeira tarde no local de CRIPDES. De repente avisáronnos de que soltaran a 3 compañeiras detidas, violadas e torturadas no penal de A Liberdade. Chegaron puño en alto, alegría, choros, abrazos. Había que organizar un baillito, como non. E foi chegando xente e máis xente doutras organizacións e veña música e baile até moi entrada a noite.

Contentos, coas cintas gravadas e as máquinas de fotos cheas de recordos, fónomos

retirando os brigadistas en grupos pequenos e sempre acompañados por algún/ha salvadoreño para os nosos hotéis e pensións onde aínda nos esperaban horas de discusión e planificación así como da lectura da prensa diaria.

Asi pasamos os primeiros días até que chegounos a hora de saír da cidade para visitar as zonas conflitivas. Un coche alugado, unha coartada, a decisión de chegar e moita sorte, bastaron para achegarnos ás Cooperativas Agrarias (PADECOES), sometidas e vixiadas permanentemente polo exército. E sempre cruzando ríos, baixando ás quebradas ou subindo aos montes.

O plan de traballo foi sempre moi parecido en todas as zonas: conversa coas directivas e visita ás zonas para coñecer en directo o traballo e a organización da cooperativa. Entre medias, como non , había algún tempo para relaxarnos, bañarnos nalgún río e platicar sobre algún tema concreto tanto de El Salvador como de Galicia ou de Europa. Especial interese tiña para nós, os brigadistas, visitar algunha das zonas liberadas pensando sempre en falar cos combatentes da FMLN e coñecer a súa percepción do conflito. Visitar os departamentos de Morazan ou Chalatenango eran as 2 opcións. Intentamos primeiro a visita a Morazán e fallounos, mais Chalatenango non e aló fomos pesia que o exército tiña despregado un operativo e bombardeaba toda a zona e o Estado Maior denegaranos, días antes, o permiso para subir a Chalatenango. Unha furgoneta



Intervención de Xaquín Ros no nome dos Comités de Solidariedade do Estado Español, o día das Comunidades, na Cooperativa Los Ranchos, Chalatenango

recolleunos ás 3 da madrugada na porta do hotel. Cargados de nervios, medos e ilusións saímos, coas luces apagadas, cara a estrada que comunica San Salvador con Chalatenango. A coartada era visitar as ruínas Mayas de Honduras.

A estrada a Chalatenango está chea de referencias históricas revolucionarias da guerra en El Salvador. E so pensar que tiñamos que pasar pola IV Brigada, ás prásas do Cerrón grande ou Ponte Colima púxonos a pel de galiña. A sorte aliouse coa nosa decisión e pasamos por diante dos cuarteis sen que ninguén nos dera o

Accións divulgativas

alto. Cruzamos Ponte Colima cara a zona liberada: alegría, risas, abrazos, bicos e lágrimas. Guarjila esperábanos, mais diante de ríos e quebradas opúñanse teimudos a que chegáramos. Chegamos e 2 mozos da FMLN déronnos a benvinda. Tamén Giorgio, Carmen, Emerinda, don Tomás e Alexandre. Aloxáronos na casa-cociña comunal xunto a unha brigada internacional norteamericana e varios xornalistas italianos. Os días máis fermosos da miña estancia en El Salvador vivínos en Chalatenango. A festa da Cooperativa de San Antonio Los Ranchos foi das festas máis molladas que vivimos en moito tempo. Milleiros de homes e mulleres de todo o Departamento chegamos a Los Ranchos. O exército axexaba por terra e por aire e a FMLN despregouse disposto a impedir a acción do exército. Delegacións internacionais, Grupos de diferentes igrexas, directivas de cooperativas, xornalistas de diferentes países, sindicalistas de todo o

mundo fomos chegando, facendo de todo o traxecto unha festa, especialmente cando os "cheles" (loiros) tiñamos que vadear os ríos.

E tamén chegou a parte seria. onde eu como representante da brigada internacional do Estado Español tiña que dicirlles unhas palabras a todos os asistentes. Que nervios e que emoción. 10 anos de traballo solidario en Galicia condensado en 3 minutos:

Hermanos y hermanas: les traigo un saludo fraternal de parte de la Coordinadora de Comités de Solidaridad con la lucha del pueblo salvadoreño. Quiero decirles que en el Estado Español, son muchas las personas que están solidarias con su lucha y su organización y por eso no están solas. Nosotros, los brigadistas y las brigadistas internacionales que les acompañamos estos días, estamos aprendiendo muchas

cosas de su trabajo y de sus ideas, y cuando volvamos a nuestras casas y a nuestros países seguiremos trabajando para que cada vez haya más y más hombres y mujeres que les comprendan y les apoyen y se sientan solidarios. Les damos las gracias porque nos han abierto las puertas de sus casas y sus corazones y nos tratan como a hermanos.



San José Las Flores. Chalatenango

No les abandonaremos.

¡Que viva.....!

¡Que viva.....!

Emocioneime e chorei e un señor maior achegouseme e colléndome a man díxome: gracias señor, es lindo lo que usted habló. Despois de dous días de festa voltamos e pillounos a noite no camiño. Centos de miles de vagalumes saudáronnos e toda a escuridade encheuse de puntos luminosos. San José Las Flores era a próxima etapa, a retagarda da FMLN. Estaba o exército despregado e tiñamos que decidir si ir ou non ir, arriscándonos a todo. O máis suave era que nos puxeran na fronteira, o menos... era mellor non pensalo. Varias delegacións internacionais decidiron non subir e comprendémoslos, non había ningunha seguridade de saír con vida.

Decidimos ir a Las Flores e como sempre varias guías acompañáronnos. Cruzámonos con varias campesiñas cos seus cipotes (nenos-as). O camiño estaba baleiro e parecía que o exército se retirara. Ao chegar á primeira casa unha lufada de balas rompedoras mandounos ao chan. "Non se tiren, sigan andando, somos población civil" —díxonos a Sra. Esperanza, unha das guías—, "Ustedes son valientes, las otras delegaciones no quisieron venir". Calou a boca mentres dende o chan falabamos sobre o que facer. E ao pouco pasou de novo diante de nós dicindo "quien no se arriesga no avanza". Levantámonos e seguímolos. E ao chegar á praza topámonos con 6 soldados coa cara pintada de negro e verde que nos miraron e non dixeron nada. E

chegamos á praza onde estaba o Convento de San José Las Flores. En pleno combate entre o exército e a guerrilla. Comprendemos que chegamos á guerra sorteando cadáveres. E ao pouco apareceron avións e helicópteros e máis soldados. Ningunha das guerras que tiñamos imaxinado ou visto no cine tiña que ver con aquilo. Era a guerra en vivo e directo. Os tellados das casas saltaban en pedazos e as casas tamén, os gritos dos soldados e dos guerrilleiros, a xente que trataba de poñerse a salvo, Os helicópteros aterraban na praza a recoller os cadáveres dos soldados gritando: cementerio, cementerio! E cando a guerrilla conseguiu expulsar ao exército do interior da aldea unha moza cun megáfono convocou a toda a poboación a xuntarse na praza pública, cos internacionais e tomar un Atol de Elote: bebida fresca de mazarocas de maíz verde, cocido, machacado e mesturado con leite e azucre. E o exército seguiu disparando dende as aforas da aldea.

Non pegamos ollo esa noite, o exército entrou de novo pola noite na aldea e os combates foron aínda máis intensos que pola tarde. De madrugada empezamos a recoller as cousas pois tiñamos que voltar a San Salvador pasando por Guarjila e sen saber que ía pasar. Saímos e durante todo o traxecto os helicópteros sobrevoaban a zona e os guerrilleiros apostados en moitos lugares saudábanos e agradecían a visita e os días que pasamos na zona. Chegamos a San Salvador logo dunha parada en Chalatenango para tomar medidas de seguridade e organizar o último tramo do camiño.

Accións divulgativas

E xa tiñamos organizado unha visita, como delegación humanitaria, á fábrica do Têxtil INSINCA, en conflito laboral e cos traballadores e traballadoras pechados. O exército, apuntounos co fusil, e non nos deixou pasar. E pola tarde secuestraron a 4 internacionais italianos cos que nos xuntamos pola mañá diante da fábrica. Dimos unha rolda de prensa xunto aos sindicatos e deixamos un campo pagado nalgúns xornais da capital denunciando ao réxime fascista e represivo de Alfredo Cristiani, por violar os dereitos humanos, por bombardear á poboación civil e dando o noso apoio como delegación humanitaria, ás propostas de Paz e de diálogo da FMLN-FDR e polo dereito dos refuxiados a voltar ás súas zonas de orixe. Así como a inxerencia Norteamericana no conflito salvadoreño.



Asasinaron a Ignacio Ellacuría. O día 16 de novembro de 1989 foi asasinado por un pelotón do batallón Atlácatl da Forza Armada de El Salvador, baixo as ordes do coronel René Emilio Ponce, na residencia da Universidade, xunto cos xesuítas Ignacio Martín Baró, Segundo Montes, Amando

López, Juan Ramón Moreno, Joaquín López y López. Foron tamén asasinadas Elba Julia Ramos, persoa ao servizo da Residencia, e a filla desta, Celina, de 15 anos. Tres días antes de saír de San Salvador fomos recibidos na Universidade Centroamericana (UCA) para ter unha charla sobre a situación política e económica de El Salvador. Tiñamos previsto entrevistarnos con Jon Sobrino, mais marchara a Tailandia a dar unhas conferencias e tampouco estaba Ignacio Ellacuría. Recibíronnos outros profesores e con eles tivemos unha tarde de debate sobre a situación salvadoreña. Cando nos dirixiamos á UCA nun taxi, o taxista preguntounos de onde eramos. E cando se soubo de que eramos españois (a el interesoulle pouco que fóramos de Galicia ou de Catalunya), abriu a naveta do coche e sacando unha pistola díxonos: “Con esta pistola vamos a matar a Ellacuría”.

Dous días antes da miña saída apresurada de San Salvador marcharan o resto dos membros da brigada internacional para Guatemala e eu quedei, pois tiñamos pendente unha última reunión cos sindicatos, o meu avión saía dous días mais tarde e apeteciame falar de novo con eles. Cambieime de pensión por recomendación dos compañeiros e compañeiras salvadoreños e tiveron un encontro con sindicalistas. Foi falando con eles como me enterei da ofensiva que preparaba a FMLN con todos os seus efectivos do campo e da cidade para forzar o diálogo para a paz, co goberno de Alfredo Cristini. Visitei o barrio de Mexicanos. Un barrio estratéxico para o acceso dos combatentes da FMLN á Capital. Logo desa visita recomendáronos

marchar a min e a dous italianos. Os compas que nos acompañaban xa non podían garantir a nosa seguridade. Non me fun en avión. Saín de El Salvador en bús cara a Guatemala onde era posible que me reencontrara co resto da brigada no hotel Hercilla da capital. E así foi. O día 11 de novembro de 1989, a FMLN lanzou unha ofensiva xeral para demostrar a súa forza militar e forzar ao réxime a negociar. A ofensiva foi a duras penas contida pola Forza Armada, que sen embargo sufriu unha grande cantidade de baixas. Logo desta batalla, moitos analistas consideraron demostrada la imposibilidade da vitoria militar de calquera das dúas partes na contenda, e a profunda deslexitimación das Forzas Armadas logo do asasinato de Ignacio Ellacuría en plena ofensiva militar da FMLN.

Vivimos unha experiencia solidaria e internacionalista de apoio ao pobo salvadoreño, que agora divulgamos, como era o noso compromiso coa Delegación da FMLN – FDR para o Estado Español e Portugal, cando a iniciamos.

A solidariedade é a tenrura dos pobos!.

Xaquín Ros Rodal.
Febreiro de 1990.

Escribín esta pequena crónica á volta de El Salvador. E agora a transcribo tal e como a escribín naquel momento para ilustrar esa experiencia solidaria e internacionalista que foi o COSAL entre finais dos anos 70 e principio dos anos 90.

TODO PARA A VITORIA



*El Salvador
vencerá*


Coordenadora
nacional de Comités
de solidariedade

Accións divulgativas

Asasinato de xesuítas no Salvador

En 1989 o FMLN lanzou unha ofensiva política e militar para esixir tanto ao goberno salvadoreño de Alfredo Cristiani, como ao dos Estados Unidos -verdadeiros artífices da prolongación do conflito - a formalización dunha Mesa de Negociación que puxese fin á guerra. Iso si, baseado en dúas premisas, a desmilitarización e a democratización do país.

A resposta goberamental consistiu: primeiro castigar ás bases da guerrilla co bombardeo indiscriminado das barriadas populares de San Salvador. A segunda medida foi máis selectiva, asasinar a Ignacio Ellacuría, reitor da universidade centroamericana e a outros xesuítas. Pois é que para os ditadores da área, defender os dereitos humanos da gran maioría da poboación e a procura da xustiza era incompatible cos seus réximes criminais



Necrolóxica publicada o 17 de novembro de 1989



e á súa vez, aínda que soe a sarcasmo, sinónimo de subversión.

A decisión de asasinar os xesuítas tomouse o 15 de novembro de 1989, no Estado Maior, coa autorización do coronel Ponce, ministro de defensa. A execución foi encargada ao comandante Benavides, baixo a organización do maior Camilo Hernández, e executada por unha unidade do batallón Atlacatl. Como é lóxico unha decisión desta envergadura debeuse tomar con coñecemento do presidente Cristiani e coa anuencia de embaixada dos Estados Unidos .A orde foi de que non deixasen testemuñas. Inicialmente os militares atribuíron as execucións á guerrilla e condenaron tan execrables crimes, pero para toda a poboación estaba clara a autoría.⁷⁹

⁷⁹ José M Castillo SJ. El asesinato de los jesuitas en El Salvador. Cristianos Siglo XXI. Ediciones F.A. 2006

O alcalde de Ferrol recibe a un representante do FMLN

O tenaz labor solidario do COSAL, possibilitou que outro representante de El Salvador visitásenos e fose recibido polo alcalde de Ferrol, o socialista Manuel Couce Pereiro. Nesta ocasión o representante do FMLN foi Carlos Rodríguez quen, acompañado polo noso compañeiro do COSAL Xaquín Ros e polo concelleiro de Esquerda Unida Emilio Beceiro, explicou a evolución da guerra, a intervención norteamericana nos asuntos internos de El Salvador, culpando aos Estados Unidos da difícil situación que se vive en El Salvador, sostenendo a un réxime que utiliza o terror e a violencia institucional sobre a poboación civil. Apuntou tamén que este non é un caso illado, forma parte da inxerencia norteamericana nos asuntos internos dos países centroamericanos.

Voz de Galicia

FERROL

23/3/90



Rodríguez explicou a Couce a situación que atravesia El Salvador

El alcalde recibió a un representante del Frente Farabundo Martí

Ferrol (Redacción). Carlos Rodríguez, representante en España del Frente Farabundo Martí para la Liberación Nacional de El Salvador (FMLN), visitó ayer el Ayuntamiento de Ferrol, donde se entrevistó con el alcalde y ofreció una rueda de prensa.

Durante su comparecencia ante los periodistas, Carlos Rodríguez —al que acompañaban el concejal de Esquerda Unida Emilio Beceiro y el miembro de COSAL Xaquín Ros— señaló que la situación que vive actualmente El Salvador es realmente difícil, y

que el motivo principal de su visita a Ferrol era, precisamente, dar a conocer las verdaderas circunstancias que atravesia el país centroamericano.

Rodríguez también lamentó la reciente derrota electoral de Daniel Ortega, señalando que el gobierno sandinista ha sido uno de los pilares fundamentales del diálogo en Centroamérica, y culpó a los Estados Unidos de la situación que viven países como El Salvador o la propia Nicaragua. Rodríguez aseguró que El Salvador vive en permanente estado de sitio.

La Voz de Galicia, 23 de marzo de 1990

Coloquio no Colexio Lestonnac sobre a solidariedade con El Salvador

Coincidindo co décimo aniversario do asasinato de Monseñor Romero, no COSAL acudimos ao colexio Lestonnac de Caranza para participar nun coloquio para debater e concretar diferentes campos de traballo na solidariedade con El Salvador. Previamente as Comunidades Cristiás de Ferrol, celebraron un acto relixioso en homenaxe ao arcebispo salvadoreño.

Comunidades Cristiás de Ferrol

A las 19,30 horas, en el colegio Lestonnac de Caranza, las Comunidades Cristiás de Ferrol celebrará un Eucaristía en memoria de Monseñor Oscar Arnulfo Romero, en el décimo aniversario de su fallecimiento. A las 20,15 horas, se celebrará un coloquio con propuestas de acciones de solidaridad con El Salvador, en unión del Cosal.

La Voz de Galicia, 24 de marzo de 1990

Tunel da Malata

Tentando furgar nos recunchos máis recónditos da nosa mente para facer presente na sociedade a intervención norteamericana en Centroamérica, a unha compañeira do COSAL, Marisa González Seoane, ocorréuselle facer unha pintada no túnel da Malata por ser un cruzamento de camiños e á súa vez un espazo visible desde a distancia. Conseguir unha escaleira articulada era imprescindible debido á elevada altura da cabeceira do túnel, e un día todos os homes e mulleres do COSAL puxémonos ao choio nas

inmediacións baixo a supervisión do noso compañeiro Xosé Rodríguez. Parecía unha escena campestre, os nosos fillos brincando polo campo, actividade nos adultos, a nosa inexperiencia, as correccións dos que observaban con perspectiva, as bromas de que se parecía un tren levaría ao que estaba no medio das vías subido no alto de escaleira, tarefa por certo na que nos íamos rotando. Foron dúas tardes de traballo e camaradería pintando o lema, e aí permaneceu durante anos como testemuña silenciosa da solidariedade dos pobos da comarca cos de América.

Radio Fene e o COSAL

No COSAL tiñamos a firme convicción de utilizar todos os medios ao noso alcance para tratar de divulgar as matanzas perpetradas polas ditaduras centroamericanas.

Nese contexto, xurdiu no concello de Fene a irrupción dunha emisora municipal “Radio Fene”. A aposta do goberno do alcalde Xosé María Rivera Arnoso, do BNG, que gobernaba con ampla maioría, foi o de crear un medio de comunicación que ofrecese información puntual dos sucesos que acontecían no concello e á súa vez posibilitaba abrir os seus micrófonos á poboación para coñecer as súas inquietudes e para darlles voz e protagonismo.

Aínda sendo unha emisora eminentemente local, coñecendo a afinidade e apoio que sempre mantivo

o concello de Fene, co COSAL, e por mediación de Manuel Ángel Rodríguez Carballeira (Lalán) que era concellal en Fene polo partido Comunista, plantexámonos utilizar ese medio para expoñer a evolución da guerra nos distintos países centroamericanos. Falamos con Xosé María Rivera Arnoso, do noso proxecto, e cunha receptividade enorme, presentounos aos responsables da emisora. E desta forma acordamos emitir un programa diario sobre internacionalismo, no que á marxe das grandes axencias de comunicación controladas polos emporios empresariais, puidésemos transmitir unha información veraz, nacida do sufrimento das propias comunidades indíxenas e campesiñas e emitir os partes de guerra das súas organizacións populares.

Así naceu o noso programa de radio que emitiamos diariamente. Foi un traballo laborioso e ilusionante que gravabamos na casa de Eduardo Rivas Fernandez, parella da nosa compañeira do COSAL, Marisa González, que amablemente nos acolleron na súa casa e obsequiaban diariamente cun café con galletas. Acondicionaron unha habitación para as gravacións. Eduardo foi o noso técnico de son e non había día que non nos sorprendese cunha nova mellora do equipo de gravación, insonorización da habitación con cartóns de caixas de ovos, etc. e así con medios moi sinxelos, pero con moita vontade, Marisa Rodríguez, Ton Blanco, Xaquín

Ros e a participación de Manuel Ángel Rodríguez Carballeira (Lalán) nesa etapa radiofónica, fomos narrando, os aconteceres en Centroamérica. A pesar de ser noveis, e notábase, para facer o programa máis ameno, nas gravacións utilizamos diferentes voces, onde sobresaía a voz harmoniosa e musical de Marisa: Un narraba, outro lía noticias, outro partes de guerra emitidos polas organizacións populares e outros comentaban. Inserimos tamén cuñas musicais para cambiar de temáticas. Aos poucos fomos mellorando dentro do que era un programa realizado por inexpertos, a pesar do cal, era evidente a nosa falta de experiencia. En definitiva fixemos todo o que estaba ao noso alcance para facer chegar á poboación os horrores do que ocorría noutro punto moi afastado do noso acomodado mundo. Queremos tamén destacar a colaboración de Quique, Pitusa e Xavier, traballadores de Radio Fene.

O COSAL xa emitía cando o Goberno Civil da Coruña quixo pechala Radio.



Nova semana de solidariedade con El Salvador

Os efectos da ofensiva militar e diplomática do FMLN e o desprestixio do goberno salvadoreño polo asasinato dos xesuítas provocou a apertura dunha Mesa de Negociación coa mediación da ONU a través do seu Secretario Xeral, Javier Pérez de Cuellar. Non obstante a intransixencia dos militares e de Estados Unidos causou un punto morto na mesma. Nese contexto a delegación do FMLN no Estado Español, dirixiuse ao COSAL para organizar unha xira en Galicia en demanda de apoios internacionais que presionasen ao goberno de Alfredo Cristiani e á administración norteamericana cara a unha negociación real que puxese fin a unha guerra que levaba cobradas oitenta mil vítimas.

Para tratar pois da situación en El Salvador, desprazouse a Galicia, José Luis Castro, membro da comisión diplomática do FMLN e antigo combatente que tras sufrir unha ferida de guerra nunha perna, foi trasladado a Suecia onde recibiu atención sanitaria e a partir de entón, tivo que cambiar o fusil polas tarefas diplomáticas. En Galicia estaban programados diversos actos de solidariedade: en Ferrol, Oleiros, Coruña, Santiago, Ourense, Vigo e Sanxenxo.

José Luís Castro comezou a súa xira en Ferrol, encadrada dentro dunha semana de solidariedade con El Salvador. Ademais do acto central do



representante do FMLN na galería Sargadelos, no COSAL estaban previstos outros actos divulgativos, O mércores proxectáronse diapositivas no bar Cazadores e o xoves proxectouse o vídeo “El Salvador, unha guerra esquecida” no pub Contrastes de San Sadurniño.

Con todo na súa axenda figuraban outros tres obxectivos de claro contido político:

- Primeiro: reunirse coa corporación municipal de Ferrol para presentar un documento á Mancomunidade de Municipios da Ría en demanda de apoios internacionais para presionar ao goberno de Alfredo Cristiani.
- O segundo, entrevistarse co Comité de Empresa de Bazán para que fagan un pronunciamento público sobre o esclarecemento dos asasinatos dos xesuítas e por unha saída negociada á guerra.
- Por último ter un encontro con Pilar García Negro, deputada do grupo parlamentario do BNG, para presentar unha moción no Parlamento Galego sobre a situación actual en El Salvador.

José Luis Castro do FMLN e o noso compañeiro Xaquín Ros, foron recibidos no concello de Ferrol por Fernando Miramontes, alcalde en funcións da cidade, quedando gratamente agradecido o diplomático salvadoreño pola receptividade e solidariedade tanto do Concello como da Mancomunidade de Municipios da Ría que presentarán unha moción para enviar ao presidente salvadoreño Alfredo Cristiani e á embaixada dese país en Madrid.

El representante del FMLN, recibido ayer por Miramontes

IG. Ferrol

Fernando Miramontes, que ayer ejerció las funciones de alcalde al encontrarse el titular en Santiago, recibió al representante del Frente Farabundo Martí de Liberación Nacional de El Salvador, José Luis Castro, que se encuentra realizando una gira por toda Galicia para explicar la situación actual de este país. Emilio Beceiro puso de manifiesto la solidaridad con el FMLN en su lucha por la democracia en El Salvador y añadió que se presentará en la Mancomunidad de Municipios de la Ría de Ferrol una moción en este sentido que será enviada tanto al presidente Cristiani como a la embajada de este país en Madrid. En esta moción se pedirá el esclarecimiento de los asesinatos de los jesuitas españoles y la adopción de medidas políticas para cambiar la situación.

José Luis Castro ha agradecido

la solidaridad del Ayuntamiento y el compromiso de una posible cooperación con su país, explicando que en su visita por Galicia presenta las alternativas políticas del FMLN. Manifestó asimismo que el FMLN no renuncia a la posibilidad de acabar con el conflicto de El Salvador por la vía negociada, pero que el Ejército ha obstaculizado esta salida.

José Luis Castro indicó que el objetivo que se persigue es aprobar una moción sobre el conflicto salvadoreño en el Parlamento gallego y que mantendrá entrevistas con todos los representantes de los partidos políticos a excepción del PP, que se ha negado a recibirlo. El Comité de Solidaridad con América Latina ha organizado, con motivo de la visita de José Luis Castro, una serie de actos que comienzan hoy con una charla pública en la galería Sargadelos, que tendrá lugar a las ocho de la tarde.

Un miembro del FMLN se reunió ayer con representantes laborales de Bazán

Ferrol (Redacción). El comité de empresa de Bazán mantuvo en el día de ayer una reunión con el miembro de la delegación del FMLN para España, José Luis Castro, a raíz de cuya reunión emitió un comunicado en que manifestó públicamente su exigencia de que «los gobiernos de Cristiani y Bush propicien una mesa de negociación para desmilitarizar y democratizar el Salvador».

Hace referencia a la situación por la que viene atravesando aquel país, «logoi dun ano do asasinato dos cinco xesuítas e duas mulleres que prestaban servizos na UCA e que contou coa pasividade e beneplácito dos EE UU o cal levou o FMLN a desencadear unha forte ofensiva».

También exige el comité de empresa de Bazán que se dé cumplimiento al compromiso de clarificar las responsabilidades derivadas del asesinato de Ellacuría, «hoxe en ponto morto dada a intransixencia do exército, e lograr dar remate a unha guerra que leva xa cobradas 80.000 victimas».

Internacionalismo proletario

O encontro entre o representante dun movemento revolucionario de liberación do chamado Terceiro Mundo e os representantes dos traballadores duns estaleiros do chamado primeiro mundo, poñen de manifesto que a interrelación entre campesiños e obreiros de América e Europa, entre o ámbito rural e urbano, son a mostra da alianza obreiro campesiña ante os ataques e os abusos dos poderes políticos e económicos nas súas distintas formas. Os problemas do terceiro e primeiro mundo representan as dúas caras dun mesmo conflito, a desigualdade en ambas as sociedades sometidas ao interese dos grandes lobbys.


Por iso a solidariedade internacional de obreiros e campesiños viuse plasmada en Ferrolterra co comunicado do comité de empresa de Bazán esixindo tanto ao goberno salvadoreño como ao estadounidense as demandas de paz do FMLN

á vez que denunciaron a pasividade e beneplácito dos EE. UU. no asasinato dos xesuítas hai un ano.

Para informar a preto das dificultades e avances das Conversacións de Paz entre o FMLN-FDR



e o goberno de El Salvador, o COSAL e o PSG-EG (Partido Socialista Galego - Esquerda Galega), organizamos en 1991 un acto no Hotel Almirante, no que interveu Jorge Palencia Mena, representante en España do FMLN-FDR e posteriormente Embaixador de El Salvador en España durante o período 2015-2019.



Acordos de paz en El Salvador

A insurrección popular do FMLN contra un sistema baseado na inxustiza e a represión, comezou oficialmente en 1980. Os distintos grupos que a conformaban viñan operando no país desde facía anos. Os Estados Unidos pretenderon ao longo de doce anos mediante préstamos millonarios, sofisticado armamento, asesores militares en loxística e guerra sucia da CIA, afianzar aos diferentes gobernos salvadoreños para gañar a

guerra contra a poboación. Isto non foi posible, pois a pesar das enormes diferenzas na correlación de forzas, tanto os militares salvadoreños como o goberno dos Estados Unidos asumiron que non poderían alcanzar unha vitoria militar sobre o FMLN.


A primeira tentativa de formar unha mesa de diálogo para alcanzar a paz en El Salvador fraguouse en 1984, pero non foi ata 1992 vendo que un triunfo militar non era posible para ningunha das dúas partes, unido aos auspicios da ONU e de

forma relevante do que foi o seu secretario xeral, o peruano Javier Pérez de Cuellar, formouse unha mesa de negociación que culminou coa firma do tratado de paz en Chapultepec, México.

Por iso no COSAL que desde 1981 viñamos acompañando ao pobo salvadoreño na súa loita contra a ditadura, congratulámonos do fin da guerra.



Diario 16, 4 de xaneiro de 1992



Diario 16 Ferrol, 4 de xaneiro de 1992



Regreso dos refuxiados salvadoreños do campamento de Colomoncagua, Honduras

Os culpables das violacións dos Dereitos Humanos

Segundo o “Informe da Comisión da Verdade” elaborado pola Organización das Nacións Unidas (ONU), as forzas gobernamentais foron as acusadas no 85 % dun aproximado de 22 mil denuncias recibidas entre casos de homicidios, desaparicións, violacións, torturas, secuestros e lesións, concluíndo despois que foron as responsables do 62 % dos asasinatos de civís; mentres que os grupos paramilitares de extrema dereita, onde se atopaban os escuadróns da Morte serían responsables do 35 % e os guerrilleiros do FMLN, eran responsables de tan só o 13 % dos asasinatos de civís⁸⁰.

8027 años de los acuerdos de la firma de paz. Universidad Dr. José Matías Delgado. El Salvador

Acordos de paz

Síntese das case 200 páxinas do texto asinado en Nova York entre o Goberno e o FMLN

- Destituír ao Director da Policía Nacional Civil e do Organismo de Intelixencia do Estado por causas graves de violación dos dereitos humanos.
- Adoptar medidas necesarias para evitar que os escuadróns da Morte continúen violando estes dereitos.
- Erradicar as desaparicións forzadas. Erradicar a práctica da tortura.
- Impedir que leven a cabo represalias para os traballadores que se sindicalicen.
- Forza Armada subordinada ao poder civil e respectuosa cos dereitos humanos.
- Establecer un proceso de depuración e redución de toda a Forza Armada.
- Disolver todo corpo ou grupo paramilitar.
- Comprometer ao Goberno que aplique plenamente a Reforma Agraria.
- Mellorar o sistema de crédito para o sector agropecuario.
- Liberar a todos os detidos por motivos políticos.
- Posibilitar o retorno dos exiliados e eivados por causas do conflito.

- Influir na elaboración do Plan de Reconstrución Nacional e introducir no devandito plan, programas para os excombatentes do FMLN.
- Crear un Foro de Concentración Económico e Social coa participación igualitaria dos sectores goberamental, laboral e empresarial.
- Crear a Comisión Nacional para a consolidación da Paz, como un mecanismo de control e participación do Goberno, FMLN e partidos políticos.

No mes de xullo de 1992 a revista de información de El Salvador “VENCEREMOS” recollía na súa portada: El FMLN se convierte en partido.

No interior da revista dicíase:

El 23 de mayo de 1992, el Frente Farabundo Martí para la Liberación Nacional (FMLN) de El Salvador, proclamó oficialmente la transformación del Frente en partido político legal; la declaración fue considerada en el país y a nivel internacional, como un acto de trascendencia para el futuro político y social del país, luego de 11 años de cruenta guerra civil.

E que “con la fundación del partido FMLN, diversas opiniones no dudan en señalar que la izquierda salvadoreña se halla fortalecida”. E tamén que “ Por su parte, el FMLN, que agrupa a cinco fuerzas, también ha entablado un proceso de debate para renovar al Frente y ponerlo a



tono con la nueva realidad política del país. El proceso es delicado y el debate en cada una de las fuerzas ya se ha abierto”.

Xa o 14/12/1991 na Coordinadora de Ctés de Solidariedade con El Salvador e por medio do representante do FMLN en España, Jorge Palencia, realizamos un Seminario ao que acudiu Xaquín Ros no que nos informou de que a conversión do FMLN en partido Civil correspondía cos resultados que se ian alcanzando na negociación para un Acordo de Paz en El Salvador.



Sabela Arias, pintora e profesora, traballou en Ferrol e en El Salvador

Accions divulgativas



O 23 de marzo de 1994 celebráronse as eleccións presidenciais, lexislativas, municipais e para o Parlamento.

Os principais partidos que se presentaron a esta contenda electoral logo de 11 anos de guerra, foron: ARENA (extrema dereita), FMLN-CD-MNR. (coalición de esquerdas), Partido Demócrata Cristiano, Partido de Conciliación Nacional (tradicionalmente de militares), Partido Unidad y Solidaridad (formados por sectas relixiosas)

Naquelas datas o FMLN dicía que “ganar las elecciones generales o parciales, significa para los salvadoreños, acumular fuerzas, para continuar impulsando nuestro proyecto político hacia la democracia, la paz y la justicia social” e tamén “si el FMLN-C.D.-M.N.R no logra ganar el poder ejecutivo, se calcula que va a quedar con una correlación de fuerzas importantes en la Asamblea Legislativa, con diputados populares. Se valora que este hecho ya sería un gran triunfo, si se toma en cuenta que es allí donde se determinan las cuestiones políticas del País”.



Foto co bono de 200 ptas.

Os Comités de Solidariedade con El Salvador iniciamos unha campaña de apoio ao proceso democrático salvadoreño.

A elección presidencial de El Salvador de 1994 tivo a súa primeira volta o día domingo 20 de marzo de 1994, no que ningún dos candidatos alcanzou máis do 50% dos votos para ser proclamado gañador polo Tribunal Supremo Electoral, a segunda volta celebrouse o día domingo 24 de abril de 1994, tendo dous candidatos, o candidato do partido da extrema dereita Armando Calderón Sol (ARENA), o cal era o favorito contra o candidato do partido de esquerda Rubén Zamora (FMLN). E apareceu como gañador Armando Calderón Sol superando ao candidato de esquerda por preto de 440 mil votos.



Cuba: campaña de recolleita de menciñas

A revolución cubana de 1959 tivo a ousadía de cambiar as estruturas de poder dunha elite que mantiña ao seu pobo sometido á pobreza, o analfabetismo e o que é peor, o menosprezo. Resaltar que na zona rural só existía un único hospital⁸¹. De igual forma, a illa deixou de ser o “bordel” dos oligarcas ianquis, pero o máis transcendente foi que Cuba pasou de ser unha colonia dependente dos ianquis para ser un referente liberador para todos os pobos oprimidos de América Latina.

A arrogancia do todo poderoso Estados Unidos, fixo que considerasen unha afronta o que unha pequena illa encadrada na súa orbita xeográfica tivese o atrevemento de dirixir o seu destino e de priorizar aos sectores



81 Alejandro Aguilar. Antecedentes del bloque económico a Cuba por los EE. UU. Instituto Nacional de Investigaciones Económicas. Cuba

Presentan al Ayuntamiento de Ferrol la campaña de recogida de medicinas para enviar a Cuba

Ferrol (Redacción). Miembros del Comité de Solidaridad con América Latina se entrevistaron ayer con el alcalde de Ferrol para explicarle la campaña que han puesto en marcha y que está encaminada a la recogida de medicinas para enviar a Cuba, dada la escasez de estos y otros productos en la isla caribeña, a consecuencia del bloqueo económico a la que está siendo sometida por Estados Unidos, así como a la disminución de los intercambios comerciales con la Unión Soviética.

La iniciativa incluye la realización de un acto político en el que se espera contar con la presencia del presidente de la Asociación de Amistade con Cuba, Vicente Chamorro.

La campaña fue presentada anteriormente en otros ayuntamientos de la comarca ferrolana, tales como Ares, Narón, Fene y Cedeira.

La Voz de Galicia, 20 de diciembre de 1991

NARON

«Cuba sigue siendo aún un ejemplo de dignidad, coraje y esperanza»

El periodista y escritor argentino, Carlos Gabetta, conocedor de la realidad cubana por sus continuos viajes al país caribeño explicó ante un público variopinto la realidad de la isla y su revolución.

Durante su intervención insistió en que la revolución cubana vive atacada desde sus inicios y criticó el «cinismo» de la campaña desatada después de la ejecución de un mercenario.

DIARIO 16 FERROL. Bajo el título de «Cuba hoy», el periodista y escritor argentino, Carlos Gabetta, explicó en el salón de actos de la Casa de Cultura de Narón la realidad del proceso revolucionario cubano y la actual situación de la isla, de la que destacó que desde «el principio se ha visto agredida».

Junto a Carlos Gabetta se encontraban el alcalde de Narón, Xoán Gato, la concejala de cultura, Elvira Fontán, y un miembro del Comité de Solidaridad de América Latina (COSAL), Xaquín Ros.

Gabetta comenzó su intervención señalando que «Cuba vive una situación extremadamente grave que tiene sus orígenes en causas internas y externas». Destacó el hecho de que desde el mismo año del triunfo de la revolución, EEUU hubiese comenzado una campaña activa contra el proceso cubano. Citó los casos de invasión de su territorio, los sucesivos intentos de asesinato de Fidel Castro y el bloqueo económico.

Justificó el acercamiento de los dirigentes cubanos hacia los sistemas socialistas por esas agresiones y, también, por los ideales políticos de algunos de los dirigentes revolucionarios, caso del Che Guevara, sistemas que ahora la han abandonado.

El periodista argentino criticó duramente la actual campaña desatada contra Cuba después de la ejecución de un mercenario y, especialmente, la que están realizando el periódico El País y sectores llamados «progresistas». Señaló que alrededor de la misma había una especie de «cretinismo».



Carlos Gabetta y el alcalde de Narón en el transcurso de la conferencia

Entre las causas internas que han provocado que Cuba viva una difícil situación, Gabetta se refirió a las derivadas de un partido único y una economía muy planificada. A pesar de los defectos, «los cubanos, señaló, con la revolución encontraron su dignidad como nación».

Antes de iniciarse la conferencia, Xoán Gato entregó al representante del COSAL la suma de 200.000 pesetas en medicinas que serán enviadas a la isla caribeña. El Ayuntamiento de Narón ha sido la única corporación que respondió favorablemente a esta iniciativa.

Diario 16, 13 de febreiro de 1992. Xunto ao conferenciante presidía a mesa Xan Gato, alcalde de Narón e o noso compañeiro Xaquín Ros.



El Cosal recaudó un millón cien mil pesetas en medicamentos para Cuba

Ferrol (Redacción). Después de dos meses de actividad, el Comité de Solidaridad con América Latina (Cosal) da por finalizada la campaña de recogida de medicinas para Cuba, con el siguiente balance: aportación en dinero 147.800 pesetas, de las cuales 84.000 se invirtieron en la publicación del manifiesto contra el bloqueo; aportación en medicinas por un importe de 1.060.006 pesetas, por lo que el valor total en medicinas que se envía es de 1.123.806 pesetas.

Los medicamentos saldrán el día dos con destino a Cuba, a través de dos envíos organizados por las Asociación de Amistad.

El Cosal expresa su agradeci-

miento a todas las personas que colaboraron en la campaña, bien a través de medicinas o facilitando dinero o firmando el manifiesto contra el bloqueo que sufre aquel país. También hace mención al ayuntamiento de Narón, que donó 300.000 pesetas en medicinas y organizando el debate sobre Cuba con la presencia del escritor argentino Carlos Gabetta. «Pensamos que materializamos un sentimiento arraigado en nuestra sociedad», reza una nota difundida por el Cosal en la que agrega o povo cubano e a sua experiencia revolucionaria estará presente no noso traballo e atenderemos as peticións de solidariedade que nos cheguen».

La Voz de Galicia, 29 de febreiro de 1992


El Cosal presentó al ayuntamiento la campaña de recogida de medicinas para Cuba y solicitó su ayuda económica

Ferrol (Redacción). El Comité de Solidaridade con América Latina, (Cosal) presentó ayer por registro en el ayuntamiento ferrolano una solicitud de ayuda, por importe de 400 mil pesetas para la campaña de recogida de medicinas con destino a Cuba, que este comité está llevando a cabo en todas las ciudades de Galicia, en colaboración con otras asociaciones de amistad con Cuba y con Sudamérica, como son Estudiantes Solidarios o Estudiantes anti V Centenario, pero que en Ferrol organiza únicamente Cosal y que en la comarca ferrolana ya había presentado con anterioridad en los ayuntamientos de Ares, Narón, Fene o Cedeira. Asimismo, se reunieron con el alcalde Couce Pereiro para explicarle los objetivos de la campaña, que, básicamente parten del bloqueo que sufre el país caribeño por parte de Estados Unidos y la reducción del comercio con la URSS y los países del este de Europa, lo que crea dificultades de abastecimiento de material sanitario en el mercado internacional.

La iniciativa surgió a raíz de una visita a Cuba el pasado verano por parte de miembros de Cosal, que dada la situación del país, decidieron la realización de la campaña. Cosal se opone, por una parte, al bloqueo de Cuba y por otra promueve la iniciativa, que además contará con la organización de un acto político en el que se espera contar con la presencia del presidente de la Asociación de Amistade con Cuba, Vicente Chamorro. También se proyectarán dos películas cubanas —en todos los ayuntamientos colaboradores con la iniciativa— en las que se trata del bloqueo internacional y aspectos concretos de la vida en aquel país.

Asimismo se distribuirán folletos y carteles y se realizará una recogida de firmas de adhesión al manifiesto. Además de la petición realizada por el Instituto de Cooperación con los Pueblos a Cosal, éstos presentan dos argumentos básicos en los ayuntamientos que son, la recomendación de la ONU de aportar el 0,7 del presupuesto anual a proyectos de colaboración con el tercer mundo y la aprobación de la solidaridad con Cuba en el pleno de la Federación Estatal de Municipios.

La Voz de Galicia, 20 de decembro de 1991


CONCELLO DE MUGARDOS
 (a continoia)
 R.S. 113


En virtude do endoso polo señor Alcalde, polo no seu encadramento que
 da **COMISION DE GOBERNO** de 13. 92, adoptase, entre outros, o seguinte acordo:

8.- ESCRITOS RECIBIDOS.- Deuse conta dos seguintes:
 29.- De COSAL, solicitando unha subvención para mercar material sanitario para Cuba. A Comisión acordou contestar a esta asociación no sentido de que o presupuesto municipal é moi exigido, tendo que dar prioridade ás solicitudes que se plantexan dentro do termo municipal, non obstante amosa a súa solidariedade en todo o posible para outro tipo de colaboración.

Contra este acordo pode versear inxerir perante o referido órgano e no prazo que mais (art. 52 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa do 27 de Decembro de 1956), o recurso de reposición previsto no art. 52 da Lei reguladora das Bases de Régimen Local do 7 de Abril de 1957. Este recurso terá que ser resolta durante tanto mes a partir do día seguinte á presentación do mesmo. Como o acordo resolutorio do anterior recurso poderá versear inxerir o recurso contencioso-administrativo, perante a Sala competente da Audiencia Territorial, durante o prazo de dous meses a partir da data de notificación — se é acordo resolutorio é expreso — e, se non a tiver durante un ano a contar desde a presentación do recurso de reposición, caso que de contumacia do que se prevén no art. 52 e nos condicións establecidas no art. 53 da Lei anteriormente citada. Adviéstase que tamén poderá utilizarse, polo seu contido, calquera outro recurso que estime conveniente, así como exercer, no seu día, as accións que procedan ante a xurisdición competente tal como determino o citado art. 52 de expresado Lei reguladora das Bases de Régimen Local.

Acurra o duplicado para constancia
 Coa súa consideración.

Recibido e admitido polo presente escrito
 de **xaneiro** de 1992
 O Secretario,


 MUGARDOS xaneiro de 1992
 O Secretario, *Roda*

J. J. JAQUIN BOS RODAL (COMITE DE SOLIDARIDADE CON AMERICA LATINA)
 R/LEPANTO, BLOQUEO, 35 (15406 FERROL)

E preguntámonos: Que ocorrería no mundo occidental se fosen os cubanos os que realizasen ditas agresións militares nos Estados Unidos? Preocupante que contemplemos sen crítica as violacións estadounidenses a outros países e aceptemos submisamente o papel de shériff mundial que se atribuíron. Está claro que algo non funciona.

Por todo iso no COSAL orquestramos unha campaña de recollida de medicamentos na comarca involucrando tamén ás institucións municipais para modestamente romper o bloqueo e abastecer solidariamente de medicamentos ao pobo cubano.

Dentro da campaña de recolleita de menciñas para Cuba, o COSAL solicitou ao Concello de Mugardos unha subvención para adquirir medicamentos.

A 1.123.806 pesetas ascendeu o valor da recadación con destino a Cuba, polo que desde o COSAL agradecemos a particulares e institucións a súa achega, poñendo de manifesto unha vez máis, o sentimento de solidariedade tan arraigado na nosa sociedade.

Non só se trataba de conseguir menciñas, senón tamén de ilustrar sobre a realidade de Cuba, por iso no COSAL celebramos un acto na Casa da Cultura de Narón, no que o escritor e xornalista arxentino Carlos Gabetta, especialista en Cuba disertou sobre a revolución cubana e o bloqueo de Estados Unidos á illa.

EU TAMÉN SON CUBANO

BERNARDO MAIZ

1923.-unha miña tia avoa casou cun "cubano", que daquela na miña terra era cubano todo aquel que fose emigrado a Cuba e tornaba a Redes ou Cervás, a Mugaridos ou ao meu Seixo de cando en vez, con sombreiro "jijijapa" e pantalóns brancos, diñeiro fresco e mentalidade tan progresista como a do que foi o meu tío avó, piloto dun bergantin que facía a vía de Palo Alto con carga do mel do azucre, arrecendendo...

Vexo nun meu álbum de fotos unha casa colonial en Cienfuegos e teño gardados recibos do "Centro Gallego de la Unión Mugaridesa" e do coléxio dos Xesuítas onde un meu parente foi compañeiro de pupitre de Raúl Castro. E de Cuba chegaba a revista "Carteles" e ideas de liberdade en cuotas de 0,75 pesetas mensuais que, con tantas outras, xuntaron o médio millón preciso para levantar unha escola "laica" (desas sabe moito o profesor Vicente Roca) no camiño do Cruceiro de Franza, pechada pola Falange no 1936.

Tantos outros como os meus parentes teimaron por erguer a súa vida e a da Galiza con outras tantas escolas, sociedades, orfeóns, na tradición que marcaran Fontenla e Curros na Habana, Soto na Patagónia.

Eu sempre lembrarei os contos cubanos da miña nenez, e sei que na miña fala hai cubanismos (vaina, apeo, levitón,...) e que sempre botarei en falta a illa que os meus parentes abandonaron a conta da crise eco-

nómica e da represión política que desatara en Cuba aquel sarxento autoelevado a presidente (Fulgencio Batista de nefanda memoria), décadas el nun poder ditatorial que os servizos secretos norteamericanos pulaban ben.

1959.-"llegó el comandante y mandó a parar" a corrupción e o medo batistiano, e cando os "barbudos" tomaron o poder e aplicaron a revolución (reforma agraria, lei do aluguer, anti-imperialismo, educación,...) mesmo a dereita civilizada europea foi quen de aplaudir, pois daquela Cuba era o facho do cambio para os progresistas e para os que non o eran tanto, que ao fin houbo xustiza para os "guajiros" e para os "morenos".

PASARON XA CUARENTA ANOS DESDE QUE EU ADORMIÑABA ESCOITANDO HISTÓRIAS DE CUBA, A ILLA DOS SOÑOS DE TANTOS NÓS, ESTÁ HOXE ASEDIADA POLOS QUE DIN QUE CUBA É UNHA RELIQUIA A EXTINGUIR


Pasaron xa cuarenta anos desde que eu adormiñaba escoitando historias de Cuba, a miña tia avoa perdeu lamentablemente a conciencia, e a illa de Cuba de onde viñeran tantas solucións económicas e ideolóxicas, a illa dos soños de tantos nós, está hoxe asediada polos que din —como imperialistas— que Cuba é unha reliquia a extinguir, polos que din que a revolución nada vale, ...e eu teño ben presente que nos meus parámetros políticos esa revolución está viva e permanece, e nesas condicións afirmo que apesar do cerco norteamericano dos doce millóns de cubanos máis deles saben que os EEUU son o inimigo e o culpábel fundamental do racionamento, e xurarei que nestes tempos de anguria moitos galego-cubanos queredan estar alí defendendo a liberdade e o socialismo solidario.


Que aprendan algo eses que esbardallan-e aqueles que ornean sobre a liberdade de consumo, que eu vou rematar esta entrega cunha cita literal —en tradución libre— do Fidel Castro: "Din algúns que en Cuba non hai liberdade e teñen razón os nosos detractores; en Cuba non hai liberdade para maltratar aos fillos ou á muller, en Cuba non hai liberdade para non traballar, en Cuba non hai liberdade para roubar nen para traficcar con drogas, en Cuba non hai espazo para a corrupción, pois se esas son as liberdades que dá o capitalismo, esas son liberdades que non queremos en Cuba".

Que aprendan. ♦

Artigo do historiador Bernardo Maiz Vázquez. *La voz de Galicia*, 7 de febreiro de 1992

Apéndices





Cronoloxía: intervencións militares de EE. UU. en América Latina

Koeyu - Visións Alternativas Adital

A seguinte é unha cronoloxía das intervencións e creación de bases militares que os EE. UU. fixeron en distintos países de América Latina. Posto así, ano por ano, dá idea da magnitude da política imperialista a través da utilización da forza militar, non só para anexar territorios senón tamén socios e cómplices aos seus plans de dominación.

- 1823 A Doutrina Monroe declara que América Latina considérase “esfera de influencia” para Estados Unidos.
- 1846 Estados Unidos emprende unha guerra contra México, país que finalmente é forzado a ceder ao veciño do norte a metade do seu territorio, incluídos os hoxe poderosos e ricos Estados norteamericanos de Texas e California.
- 1854 A mariña ianqui bombardea e destrúe o porto nicaraguano de San Juan do Norte. O ataque ocorreu despois dun intento oficial de poñer impostos ao iate do millonario norteamericano Cornelius Vanderbilt, quen conducira a súa nave ao devandito porto. O bombardeo facilitou o camiño a William Walker.
- 1855 O aventureiro estadounidense William Walter, operando en interese dos banqueiros Morgan e Garrison, invade Nicaragua e proclámase presidente. Durante os seus dous anos de goberno invadiría tamén aos veciños países de El Salvador e Honduras, proclamándose igualmente xefe de Estado en ambas as nacións. Walker restaurou a escravitude nos territorios baixo a súa ocupación.
- 1898 Os Estados Unidos declaran a guerra a España no momento en que os independentistas cubanos tiñan practicamente

Apéndices

- derrotada á forza militar colonial. As tropas norteamericanas ocupan a Illa de Cuba, descoñecen aos patriotas e España vese obrigada a ceder a Estados Unidos os territorios de Porto Rico, Guam, Filipinas e Hawai.
- 1901 As forzas norteamericanas de ocupación fan incluír na Constitución da nova República de Cuba a infame Emenda Platt, mediante a cal Estados Unidos se arrogaba o dereito de intervir nos asuntos cubanos cada vez que estimase conveniente. Cuba tamén foi forzada ao arrendamento a perpetuidade dun pedazo do territorio nacional para o uso da Mariña de Guerra estadounidense: A Base Naval de Guantánamo.
- 1903 Os Estados Unidos “estimula” a segregación de Panamá, que entón era parte de Colombia, e adquire dereitos sobre o Canal de Panamá. Anos despois, o ex presidente Teodoro Roosevelt —o real segregador de Panamá— diría: “Eu tomei a Zona do Canal mentres o Congreso debatía.” A Colombia pagóuselle posteriormente a ridícula suma de \$25 millóns en compensación.
- 1904 Promúlgase en Panamá a Constitución Nacional. Ten un apartado que contempla a intervención militar norteamericana cando Washington o considere necesario. Inmediatamente iníciase a construción do Canal de Panamá. Máis adiante, Estados Unidos encherá a zona de bases militares e en 1946 fundará a tristemente soada Escola das Américas, por cuxas aulas pasarán case todos os ditadores de América Latina.
- 1904 A infantería de mariña estadounidense desembarca na República Dominicana para sufocar un levantamento armado opositor. Un ano despois, co gallo da intervención nese país, o Presidente Teodoro Roosevelt declara que Estados Unidos sería “o xendarme” do Caribe.
- 1906 Os investimentos norteamericanos en Cuba, que en 1885 representaban 50 millóns de pesos cubanos, alcanza a cifra de 200 millóns. En agosto dese ano estala unha insurrección contra o presidente monicreque Estrada Palma, quen solicita a intervención militar de EE. UU. Os norteamericanos desembarcan e designan como interventor a William Taft.
- 1907 República Dominicana: Estados Unidos conseguiu que o goberno dominicano lle outorgara a recadación dos ingresos por aduana, status que se mantería por 33 anos consecutivos.
- 1908 Tropas norteamericanas interveñen en Panamá. Na próxima década farao catro veces máis.
- 1910 Os marines ianquis ocupan Nicaragua para soste o réxime de Adolfo Díaz.
- 1911 México: Para “protexer” a cidadáns norteamericanos, o presidente William Taft ordena o desprazamento de 20 mil soldados á fronteira sur e oito buques de guerra fronte ás costas de California.
- 1912 Os marines norteamericanos invaden Nicaragua e deron comezo a unha ocupación que se mantería co alga interrupción

Cronoloxía: intervencións militares de EE. UU. en América Latina

- ata 1933. Ese mesmo ano (1912) o Presidente Taft declara: "Non está distante o día en que tres estrelas e tres franxas en tres puntos equidistantes delimiten o noso territorio: unha no Polo norte, outra na Canal de Panamá e a terceira no Polo sur. O hemisferio completo de feito será noso en virtude da nosa superioridade racial, como é xa noso moralmente."
- 1914 A Mariña de Estados Unidos bombardea a cidade portuaria de Veracruz, un ataque aparentemente motivado pola detención de soldados norteamericanos en Tampico. O goberno mexicano descúlpase, pero o presidente Woodrow Wilson ordena que a armada ataque Veracruz. Cen soldados mexicanos, varios cadetes da Escola Naval e grupos civís resisten con heroísmo. Hai 300 mortos. Os ocupantes permanecen durante varios meses.
- 1915 Os marines ocupan Haití para "restaurar a orde". Establécese un protectorado que permanecerá ata 1934. O secretario de Estado William Jennings Bryan, ao informar sobre a situación haitiana comentou: "Imaxinen isto: negros falando francés"
- 1916 Marines ocupan a República Dominicana e permanecen ata 1924
- 1918 En Panamá os marines ocupan a provincia de Chiriquí, para "manter a orde pública".
- 1924 A infantaría de mariña USA invade a Honduras para "mediar" nun enfrontamento civil. Un militar hondureño asume o goberno provisorio. Honduras ocupa o primeiro lugar mundial na exportación de bananas, pero as ganancias son para a United Fruit Company.
- 1925 Tropas do Exército norteamericano ocupan a cidade de Panamá para acabar cunha folga e manter a orde.
- 1926 Estados Unidos decide crear en Nicaragua unha Garda Nacional. Augusto César Sandino propón crear un exército popular para combater aos ocupantes estranxeiros.
- 1927 En Nicaragua un capitán dos marines ianquis esixe a Sandino para que se renda. O rebelde responde: "Eu quero patria libre ou morrer". Estados Unidos realiza entón o primeiro bombardeo aéreo en América Latina. Ataca a aldea de Ocotal. Morren 300 nicaraguanos polas bombas e metralladoras ianquis.
- 1930 En República Dominicana comeza a ditadura de Rafael Leónidas Trujillo, un militar xurdido da Garda Nacional, fomentada e adestrada por Estados Unidos.
- 1933 Estados Unidos abandona Nicaragua e deixa o control do país a Anastasio Somoza e a súa Garda Nacional.
- 1934 En Nicaragua é asasinado César Augusto Sandino, quen depuxera as armas. O asasinato foi ordenado por Somoza, coa complicidade do embaixador norteamericano Arthur Bliss Lane.

Apéndices

- 1941 En Panamá é deposto o presidente Arias por un golpe militar liderado por Ricardo Adolfo da Garda, quen primeiro consultou o seu plan co Embaixador de Estados Unidos. O Secretario de Guerra Henry Stimson declarou respecto diso: "Isto foi un gran alívio para nós, porque Arias fora moi problemático e moi prol-Nazi"
- 1946 Estados Unidos abre en Panamá a tristemente soada Escola das Américas, para a formación dos militares do hemisferio. Alí formáronse os principais protagonistas das ditaduras militares en Brasil, Arxentina, Uruguai, Chile, Centroamérica e noutros países.
- 1947 Estados Unidos comeza a impoñer paulatinamente o Tratado Interamericano de Asistencia Recíproca (TIAR).
- 1952 En Cuba, coa anuencia e agrado do goberno de Estados Unidos, o xeneral Fulgencio Batista produce o derrocamento de Carlos Prío Socarrás e inaugura unha sanguenta tiranía.
- 1954 A CIA orquestra o derrocamento do goberno democraticamente electo de Jacobo Árbenz en Guatemala. Un poeta guatemalteco describiu o goberno de Árbenz como "anos de primavera nun país de eterna tiranía". Seguiron case 40 anos de violencia e represión que remataron coa política de "terra arrasada" dos anos 80. Máis de 150 000 persoas perderon a vida.
- 1956 En Nicaragua o poeta Rigoberto López Pérez mata o ditador Anastasio Somoza, que levaba 20 anos no poder con apoio de Estados Unidos. O presidente Franklin Delano Roosevelt definírao así: "É un fillo de puta, pero é o noso fillo de puta". O seu fillo Anastasio Somoza Debayle prolongou a dinastía tiránica durante varios anos máis.
- 1960 O presidente Eisenhower autoriza a realización en gran escala de accións encubertas para derrubar o goberno de Fidel Castro, quen chegara ao poder en xaneiro de 1959 e iniciou de inmediato unha obra revolucionaria de extraordinario alcance social e apoio popular. As accións encubertas incluían o asasinato do líder cubano, a creación de bandas contrarrevolucionarias e a sabotaxe aos principais sectores da economía insular.
- 1961 Forzas mercenarias recrutadas, organizadas, financiadas e dirixidas por Estados Unidos invaden Cuba por Baía de Cochinos (Praia Girón). En menos de 72 horas son derrotadas no que constituíu a primeira gran derrota militar do imperialismo ianqui en América Latina.
- A CIA cociña un golpe de estado contra o presidente electo de Ecuador J. M Velazco Ibarra, quen se demostrou demasiado amigable con Cuba.
- 1964 O presidente de Brasil Joao Goulart, quen se propoñía levar a cabo unha reforma agraria e nacionalizar o petróleo, é vítima dun golpe de estado apoiado e promovido por Estados Unidos.

Cronoloxía: intervencións militares de EE. UU. en América Latina

- 1965 Estados Unidos envía miles de efectivos a República Dominicana para reprimir un movemento que tentaba restaurar no poder ao anteriormente derrocado presidente progresista e democráticamente electo Juan Bosch.
- 1966 Estados Unidos envía armas, asesores e Boinas Verdes a Guatemala, para promover unha chamada campaña contrainsurxente. Nun informe do Departamento de Estado recoñecía que: "para eliminar a uns poucos centos de guerrilleiros haberá que matar quizais a 10 mil campesiños guatemaltecos".
- 1967 Un grupo de Boinas Verdes chegaron a Bolivia para axudar a atopar e asasinar a Ernesto Che Guevara.
- 1968 A CIA, organiza unha forza paramilitar considerada como a precursora dos tenebrosos "Escuadróns da Morte".
- 1971 O diario *The Washington Post* confirma que a Axencia Central de Intelixencia (CIA) tentara asasinar en varias oportunidades ao líder da revolución cubana Fidel Castro. Anos despois, e na medida que os documentos secretos da CIA eran desclasificados súbouse que os intentos se contan por decenas e os plans por centenaes.
- 1973 Os militares toman o poder en Uruguai, apoiados por Estados Unidos. A subseguinte represión alcanzaría moi elevadas cifras de poboación encarcerada por razóns políticas.
- Un golpe de estado instigado e organizado por Estados Unidos derroca ao goberno electo do Presidente Salvador Allende en Chile, e instálase no poder o xeneral Augusto Pinochet quen encabeza unha cruenta e longa tiranía.
- 1976 Asume o poder unha ditadura militar en Arxentina. Anos despois se desclasificaron en Estados Unidos case 5000 documentos secretos que revelaron a estreita colaboración e o apoio outorgado desde os máis altos niveis do poder en Washington aos militares arxentinos, responsables da morte de polo menos 30.000 arxentinos, unha gran parte deles estudantes e traballadores. Recentemente, o Departamento de Estado de EE. UU. desclasificou documentos que implican directamente ao antigo secretario de Estado Henry Kissinger e outros altos responsables norteamericanos nos crimes cometidos pola ditadura arxentina, que puxo en marcha unha campaña de asasinatos, torturas e "desaparicións" tras asumir o poder. Kissinger involucrouse nas operacións do chamado Plan Cóndor, unha rede de cooperación para capturar e executar opositores políticos en Arxentina, Brasil, Chile, Uruguai, Paraguai e Bolivia.
- 1980 Estados Unidos incrementa a asistencia masiva aos militares de El Salvador que se enfrontan ás guerrillas do FMLN. Os escuadróns da morte proliferan; o Arcebispo Romero é asasinado por terroristas de dereita; 35 mil civís

Apéndices

morreron entre 1978 e 1981. A violación e asasinato de 4 monxas por sicarios dos militares fai que o goberno ianqui suspenda a axuda militar por un mes.

1981 A Administración Reagan inicia a guerra dos "contra" para destruír o goberno sandinista en Nicaragua.

A CIA avanza na organización dos "contras" en Nicaragua. Comezaran o ano anterior cun grupo de 60 antigos gardas de Somoza. Catro anos despois chegarían a agruparse na "contra" case 12 mil ex gardas. Dos 48 xefes militares máis importantes da "contra", 46 foran oficiais da Garda Nacional. Estados Unidos tamén avanzou na guerra económica contra Nicaragua e nas presións exercidas polo Fondo Monetario Internacional e o Banco Mundial.

O xeneral Omar Torrijos, presidente de Panamá, morre nun accidente aéreo. Desde entón existiu a sospeita de que a CIA tivo que ver co desastre, debido ao nacionalismo patriótico de Torrijos e ás relacións amigables que o seu goberno sostiña con Cuba.

1983 Prodúcese a invasión de cinco mil infantas de mariña de Estados Unidos á pequena illa caribeña de Granada. As

tropas ianquis entraron pouco despois de que unha conspiración sacara do poder a Maurice Bishop, un líder esquerdista e nacionalista.

1989 Estados Unidos invade Panamá para arrestar a quen era o seu protexido, Manuel Noriega. A operación deixou non menos de 3 mil baixas civís.

1990 Estados Unidos intervén masivamente no proceso electoral de Nicaragua a través de accións encubertas e tamén públicas. Washington consolidou abertamente a coalición de oposición, aínda que tales prácticas son ilegais segundo a lei estadounidense.

2000 Como parte da "Guerra ás Drogas", Estados Unidos lanza o Plan Colombia, un programa de axuda masiva civil e militar a un país que quizais teña o peor récord de dereitos humanos no hemisferio. O financiamento de Estados Unidos para este Plan é de 1.300 millóns, dos cales o 83 por cento está destinado ao gasto militar. O Plan Colombia despois foi subsumido na "Guerra contra o Terrorismo".

2002 Estados Unidos apoiou e financiou aos elementos que organizaron o frustrado golpe de estado do 11 de abril en Venezuela.

Cronoloxías que serviron de base

Mark Rosenfelder: Ou.S. Interventions in Latin America, 1996

Roberto Bardini: Tropas estranxeiras e manobras militares. Inmunda-
de é impunidade, 7 de Xulio de 2003

Fontes utilizadas por ambos os autores

Black, George. *The Good Neighbor*. Pantheon Books, New York: 1988.
Highly recommended. An often amusing history of Ou.S. attitudes
toward its southern neighbors.

Burns, E. Bradford. *Latin America: A concise interpretive history*. 4 th
ed. Prentice-Hall, Englewood Cliffs: 1986. Not only what the Ou.S.
does to Latin America, but what Europe and the Latin Americans
do to Latin America.

Chomsky, Noam. *Year 501. The Conquest Continues*. South End Press,
Boston: 1993. Packed with documentation.

Galeano, Eduardo. *Century of the Wind and Faces & Masks*. Pantheon
Books, New York: 1988. (Originally published as *Memoria do lume*
II, III: *O século do vento, As caras e as mascararas*.) Vignettes from
history, from a master Latin American novelist. As history, take it
with a grain of salt.

Gleijeses, Piero. *Shattered Hope: The Guatemalan Revolution and the
United States, 1944-1954*. Princeton, Princeton NJ: 1991. The definitive
study of the Arévalo/ Arbenz administrations and the Ou.S. coup.

Kwitny, Jonathan. *Endless Enemies: The Making of an Unfriendly
World*. Congdon & Weed, New York: 1984. By a former Wall Street
Journal reporter.

Patricia Galeana, *Cronoloxía Iberoamericana 1803-1992*, Fondo de
Cultura Económica, México, 1993

Gastón García Cantú, *As invasións Norteamericanas en México*, Editorial
Era, México, 1974.

Gregorio Selser, *Cronoloxía das Intervencións Estranxeiras en América
Latina (1776-1945)*, coedición das universidades Nacional Autónoma
de México, Obreira de México, Autónoma Metropolitana- Atzacapo-
zalco⁸³.

83 Red Voltaire Voltairenet.org Archivos. Caracas. Venezuela 26 de mayo 2005

Testemuñas

Durante os anos que durou o conflito armado en Centroamérica, moitos foron os secuestrados, torturados, desaparecidos, asasinados e caídos en combate. Homes, mulleres e nenos de todas as idades, capas e clases sociais cun proxecto de vida frustrado. Entre eles, campesiños, obreiros, estudantes universitarios e de secundaria, profesores e profesionais liberais.

En 1980 nunhas aldeas do Quiché, Guatemala, asasinaron a dous sacerdotes. Como protesta pola represión das Forzas Armadas contra a igrexa, o bispo do Quiché retirou a todos os relixiosos do departamento.

Ante ese panorama, o CUC expresou:

O CUC tampouco quere que manden sacerdotes, pois saben que se se comprometen co pobo van ser asasinados e se non se comprometen, o CUC tampouco os quere.



Reyes Mata.
20/09/1983. FAP Honduras



Chepito
13/07/1983. EGP Guatemala



María José
25/07/1981. ORPA Guatemala



Carlos Fonseca
8/11/1976. FSLN Nicaragua



Ana María
6/04/1983. FPL El Salvador



Camilo Torres
15/02/1966. Colombia



Gaspar G. Laviana
11/12/1978. Asturias



Guadalupe Carney
16/09/1983.
EE. UU. e Honduras



Fernando Hoyos
13/07/1982. Galicia



Murais nas paredes das casas, na aldea San Juan Comalapa Cáchique, Guatemala.

Eles se se comprometeron, do mesmo xeito que outros moitos relixiosos e relixiosas que acompañaron ao sufrido pobo

Fernando Hoyos

O internacionalista galego que máis impacto tivo en América Latina.

Fernando Hoyos foi durante toda a súa historia a pasión, a morte e as esperanzas dos oprimidos de Guatemala e do continente. A súa figura sintetiza esa combinación de cristiáns comprometidos, de indíxenas, dos pobres da terra e da loita guerrilleira político-militar⁸⁴

Enrique Corral⁸⁵

O 11 de decembro de 1978 caeu en combate aos 37 anos o cura e comandante guerrilleiro da Fronte Sandinista, o asturiano Gaspar García Laviana. Tras o triunfo sandinista en Nicaragua, Gaspar García Laviana foi considerado un heroe polo novo goberno, poñendo o seu nome a varias prazas e a un centro educativo. Á vez no seu Asturias natal, fixéronse eco da xesta do seu paisano e popularizouse

⁸⁴Entrevista a Enrique Corral publicada en *Altermundo*, 27 xaneiro de 2008. Santiago de Compostela


⁸⁵Compañeiro de FH. Ex xesuíta, ex guerrilleiro e plana mayor do EGP, delegado pola URNG na negociación dos Acordos de Paz e fundador e director da Fundación Guillermo Toriello, pola dignificación das vítimas. Faleceu no 2018

a súa figura e entre outras homenaxes institucionais fixéronlle un monumento en Tuilla (Langreo) e en Xixón unha avenida leva o seu nome, ao que engadir certames poéticos e musicais co seu nome que se celebran ano tras ano.

Con todo no caso de Fernando Hoyos, caído en Guatemala en 1982, ao non triunfar a revolución contra a ditadura, non houbo recoñecemento oficial á súa figura, e en Galicia a súa terra natal, exceptuando algún artigo de prensa, unha publicación do COSAL de Ferrol en 1986 e o libro “Fernando Hoyos. Na memoria do pobo” editado en 2008 pola Fundación 10 de Marzo do S. N. de CC. OO. de Galicia e unha referencia do poeta Xosé Neira Vilas na súa obra: “Memoria da Emigración”. A súa figura e entrega aos indíxenas, lamentablemente pasou case desapercibida en Galicia.



Debuxo feito por Siro López. Tomado do libro Homenaxe a Fernando Hoyos. Fundación 10 Marzo



Boletín do COSAL. Entrevista simbólica a FH, nº 4, maio de 1986


Cando o exército entra nas casas de familias, as mata enteiras e logo prende lume, cando o exército envolve nunha saba a un neno de seis meses e o bota no lume, cando o exército lle quita á súa nai un neno de tres meses e xoga ao fútbol con el ata matalo a patadas, cando o exército viola ás mulleres... Eu non podo contentarme con dicir “que horror, que barbaridade”.

Fernando Hoyos

Apéndices

O 13 de xullo de 1982, morría aos trinta e nove anos nas montañas guatemaltecas de Huehuetenango, Fernando Hoyos, o noso paisano, galego e guatemalteco á vez. Xesuíta, educador, intelectual coherente e guerrilleiro heroico, membro da Dirección Nacional do EGP (Ejército Guerrilleiro dos Pobres). Personaxe profundamente embriagador, lendario en Guatemala, coñecida a súa xesta e respectado en Centroamérica, os ecos da súa entrega irradiaron os países de América Latina e traspasaron fronteiras. Entrevistado por xornalistas guatemaltecos e mexicanos, composto cancións na súa honra en Venezuela e Guatemala, dado o seu nome a unha biblioteca en Panamá, a un centro de formación en Guatemala, pero curiosamente, case descoñecido na súa terra natal. Non podemos esquecer que con Fernando caeu Chepito, un neno de trece anos da etnia ixil, e como tantos nenos de América Latina, curtido pola fame, a explotación, a miseria extrema e testemuña dos moitos masacres contra a poboación indíxena.

Fernando Hoyos naceu en Vigo o 24 de marzo de 1943, Ingresou na Compañía de Jesús, estudando nas universidades de Salamanca e Múnic, onde presentou unha tese en alemán. En 1967 foi destinado a El Salvador onde permaneceu dous anos, para logo continuar os seus estudos nas universidades de Lovaina (Bélxica) e Madrid, onde paralelamente á carreira sacerdotal, comezou



El País, 4 de marzo de 1983

estudios de Pedagogía. En 1972 foi destinado a Guatemala, país no que residirá ata a súa morte dez anos despois. Na historia existen cantidade de personaxes que ao entrar en contacto cunha situación de inxustiza sofren unha transformación e aos poucos van evolucionando ata comprometerse. Este non é o caso de Fernando Hoyos, pois nada máis chegar a Guatemala, a miseria

xeneralizada, a inxustiza social, a discriminación étnica e a brutal represión que sofre o pobo en todas as súas formas, desde a mortalidade infantil, a fame, os baixos salarios e o desprezo, ata os asasinatos selectivos realizados por paramilitares que con toda desvergoña e a plena luz do día en coches de cristais tintados e sen placas, secuestran e ou ametrallan a dirixentes populares, estudantís, profesores universitarios, xornalistas, profesionais ou sacerdotes, ou os massacres de poboacións enteiras a mans do exército, afectáronlle de cheo adoptando desde o comezo un compromiso coas clases máis desfavorecidas, ou o que é o mesmo, cos indíxenas desposuídos de todos os dereitos e tamén cos ladinos pobres (mestizos). E aí comeza Fernando a súa verdadeira formación, non a académica, a pesar de que polas noites acudía á Universidade Rafael Landívar para concluír os seus estudos en Pedagogía. Pero a súa verdadeira formación, a que de verdade lle impactou foi o contacto coa miseria do pobo mancillado, non dubidando en convivir e integrarse coas poboacións indíxenas das distintas etnias e aprender primeiro a lingua quiché e iniciarse tamén na lingua ixil.

Home cuxa entrega ao pobo de Guatemala, levoulle xunto a outros compañeiros xesuítas como o guatemalteco Cesar Xerez, que figuraba na lista negra dos sentenciados polo Exército Secreteo Anticomunista.

Tamén Juan Hernández Pico, Ricardo Falla quen escribiría anos máis tarde un libro titulado “Os massacres da selva”, Jesús Bengoechea que conseguiu regresar a Guatemala ao cabo duns meses, así como Enrique Corral e outros compañeiros, a establecerse na barriada de Zona 5 de Ciudad de Guatemala e fundar un grupo de estudo, facendo énfase na opción da Igrexa polos pobres, utilizando a metodoloxía de Paulo Freire para a concienciación e servíndose do marxismo para analizar a realidade e buscar as causas da miseria en Guatemala, o problema das violacións sistemáticas dos dereitos humanos sobre a poboación indíxena, tanto por parte do exército como dos paramilitares, co obxectivo de perpetuar dous fenómenos ancestrais: a inxusta distribución da terra e a riqueza, e á súa vez o enorme problema do desprezo e marxinación dos indíxenas. Zona 5 converteuse nun lugar de encontro de todos aqueles que se esforzaban en construír unha



Ricardo Ramírez, Comandante en Xefe «Rolando Morán», fundador do EGP

Guatemala mellor, intelectuais, sindicalistas, campesiños, políticos, líderes populares, estudantes universitarios etc. O seu empeño na defensa dos campesiños e poboadores dos barrios marxinais fai que Fernando Hoyos sexa obxectivo da policía xudicial, que tentan secuestrarlle en 1977.

Todo iso ocasionou que en 1978 Fernando Hoyos pasase da teoría á praxe e a coherencia coas súas ideas fixo que fose un dos que promoveu xunto a outros compañeiros xesuítas e varios líderes campesiños como Vicente Menchú, asasinado dous anos despois na Embaixada de España, e Emeterio Toj que sufriu un secuestro en 1981 e logrou sobrevivir, a organización campesiña que daría lugar ao CUC (Comité de Unidade Campesiña), organización de masas que aglutinaba a indíxenas e ladinos pobres para formar, concientizar e esixir dereitos fundamentais para as maiorías oprimidas. Ese mesmo ano sucede a “Matanza de Panzós” na Alta Verapaz, deixando un balance de máis de cen indíxenas quichés asasinados e trescentos feridos. #Ante as atrocidades do exército que son continuas e esgotadas todas as posibilidades de alcanzar a xustiza polas vías pacíficas, nun país onde as eleccións fraudulentas teñen a finalidade de manter os privilexios duns poucos e asegurar a situación de marxinação das grandes maiorías, Fernando Hoyos, tras unha reflexión profunda, e xa nacionalizado

guatemalteco, non permaneceu impasible pasando das análises teóricas e diagnoses dun problema para incorporarse xunto ao seu compañeiro xesuíta Enrique Corral Alonso, como combatente dando o paso supremo de acompañar ao pobo nos labores de autodefensa e loitar contra a máis sanguenta ditadura de América Latina, comunicando a súa decisión de saír da Compañía de Jesús e incorporándose á guerrilla do EGP (Exército Guerrilleiro dos Pobres) nas montañas do Quiché e Huehuetenango, xunto a outros compañeiros, moitos deles cristiáns, outros marxistas, a maioría fillos do pobo oprimido, algúns procedentes de familias acomodadas, pero todos arriscando as súas vidas para loitar por un cambio de estruturas que puxese termo a séculos de inxustiza e exclusión social. Pronto destacou como ideólogo e combatente sufrido, formando parte desde setembro dese ano da Dirección Nacional do EGP co sobrenome de Comandante Carlos, como único medio de tentar acabar coa impunidade e frear os massacres do exército de Guatemala que asesorado pola CIA, exercía a estratexia de terra arrasada, convertendo a Guatemala nun escenario apocalíptico. Estímase que nos anos que durou o conflito armado, que non terminou ata 1996, aínda que os anos máis duros foron de 1980 a 1983. Entre mortos e desaparecidos houbo máis de 200.000 persoas, a maioría delas



Eduardo Galeano con Ton Blanco. Santiago de Compostela

indíxenas, 45.000 permanecen desaparecidos e un millón de persoas vítimas de desprazamentos forzados. O 13 de xullo de 1982 Fernando Hoyos caeu abatido en unha emboscada xunto con Chepito, e os seus corpos foron arrastrados polas augas do río Yula San Juan.

No libro sobre a vida de Fernando Hoyos, Eduardo Galeano quixo sumarse á homenaxe ao noso paisano: “Grazas mil, pola túa cariñosa invitación a participar nesa obra colectiva contra o esquecemento”. Esta é a contraportada que escribiu:

Os que mandan, os que na gran praza do mundo compráronse a tribuna e os

parlantes, dinnos que a globalización, globalización dos negocios, bobalización das culturas, é o único internacionalismo posible.

Homes e mulleres como Fernando Hoyos ensínannos, en cambio, desde o seu case silencio, desde as súas vidas case anónimas, que as relacións de compravenda non son os únicos vínculos posibles entre os países e as xentes. Eles anuncian un mundo sen humillantes nin humillados, e encarnan un internacionalismo fundado na certeza, magoada pero viva, da solidariedade humana.

Os mapas da alma non teñen fronteiras

Eduardo Galeano

Apéndices

Extractos de cartas de Fernando Hoyos dirixidas á súa familia, amigos e compañeiros.

1976

A un compañeiro da casa, Chus Bengoechea, botárono de Guatemala sen ningunha razón... primeiro dixeron que por asistir a un curso que dicían era de “comunismo”... mandan como queren, pero cun obxectivo poñer obstáculos a todo o que vaia contra os intereses dos grandes.

Intento de secuestro 23 de xullo de 1977

Ese día notáramos ao redor da nosa casa, vixilancia por parte de soldados de civil... Ao acabar para cear achegáronse pola miña costas tres persoas, un alto e con pistola en man e dúas máis baixos ... apuntándome coa pistola dicíndome que estaba detido... arrincáronme os lentes... O que me salvou foi a solidariedade de moita xente”.

No mes xullo houbo 25 asasinatos de tipo político, 10 deles con torturas... no mes de agosto pasaban de 30. Os cadáveres aparecen ás beiras dos ríos ou nos barrancos... Os que se atribúen o caso é un grupo de militar de dereita chamado Exército Secreto Anticomunista, que se supón desta xente máis reaccionaria de dereita que aquí aínda ten moita forza e que son xente recrutada entre os cafetaleros, xente de moito diñeiro e reaccionarios a todo cambio... houbo unha manifestación de 40.000 persoas en Guatemala, tanto é así que eu creo que o presidente si está preocupado, porque esta xente só cando ve que o pobo protesta, é cando se preocupan un pouquiño, se non é como que non pasase nada”.

1978 Asasinato do pai Hérmogenes López

Distinguiuse pola súa sinxeleza e valentía que lle levou a loitar xunto aos pobres denunciando distintos abusos. Un mártir máis para a igrexa centroamericana. Con todo por moito que poida impresionar o asasinato de sacerdote, non é máis impresionante que os cen campesiños de Panzós e os preto de cen desaparecidos ao longo de tres anos no norte do Quiché... A situación empeora cada día... seis, oito asasinados cada día... sinais de tortura... Todo isto cóntoo non para que vos asustedes senón para que coñezades a realidade de Guatemala e comprendades a nosa loita.

1978 Crítica á Igrexa de Guatemala

A Igrexa en Guatemala é moi débil e ademais conta cunha cabeza, o cardeal, que máis ben convida á pasividade e a quedar tranquilos e mudos #ante tanta in-xustiza, o que equivale a apoiala dando testemuño antievaxélico.

“Un bispo hai pouco dixo nunha reunión de relixiosos que afortunadamente en Guatemala non temos problemas. Onde vivirá este señor?”.

“Os xesuíta sacamos recentemente un comunicado no que se denunciaba a situación de Guatemala. Espertou a cólera do goberno e dos ricos de por aquí. Mesmo falaron de expulsións e ameazas serias. En Guatemala a vida do que loita, sempre está en perigo. Lamentablemente a maior parte da Igrexa segue en silencio e cando fala é para dicir ambigüidades das que será xulgada algún día”.

1980 Asalto Embaixada de España

“Os cadáveres estaban metrallados ademais de queimados ...A nós doeunos especialmente porque ademais de tratarse dos mellores fillos deste pobo, había amigos e compañeiros nosos moi queridos, indíxenas na súa maioría... Entre eles, algún deixara os seus estudos, outro as súas terras, outro a súa familia, outro se ía a casar nuns días, varios tiñan cinco ou seis fillos. Nada diso fíxolles dubidar na súa decisión e deron a súa vida como só os heroes deste pobo sabe facelo”.

O goberno segue co seu plan de asasinatos, un día selectivo e outro masivos. Recentemente en Nebaj, asasinaron a dez persoas polo menos (seis mulleres, unha menor de idade) porque protestaron porque os seus maridos estaban a desaparecer a mans do exército. A resposta ametrallamiento indiscriminado.

23 de xuño de 1980

Aumentou aínda máis a represión, o descaro e o cinismo do goberno. Cadáveres torturados, secuestros desaparecidos... isto é o pan de cada día. A xente está animada aínda que asustada e hai que camiñar na loita cos coidados debidos.

9 de setembro de 1980 Incorporación á guerrilla

A miña decisión está tomada despois de pensalo suficientemente, é o resultado dun proceso de evolución e o froito da esixencia do momento da loita revolucionaria do noso pobo. Non é unha decisión fácil, e, en todo caso, a menos cómoda, pero hoxe é nese posto concreto onde penso que debo estar.

6 de novembro de 1980

As miñas tarefas no EGP son fundamentalmente políticas e menos militares. Con todo, estou convencido da necesidade das armas en Centroamérica. A única maneira de que brille a vida, é utilizando as armas para acabar con quen hoxe acaban coa vida. Non usalas é facerse cómplices dos miles de asasinatos non só coas armas, senón coa fame, enfermidades e desnutrición da maioría do noso pobo.

7 de outubro de 1981

O pobo dános o seu apoio e sobre todo dános o mellor e o máis valioso que ten: dá aos seus mellores fillos para loitar polo triunfo que chegará algún día non afastado.

O que talvez me toca máis no traballo é o facer que a guerra popular diríxase dunha maneira revolucionaria, para lograr construír unha sociedade como a que queremos, en que haxa máis liberdade, máis igualdade, onde non haxa explotación discriminación, onde non haxa máis secuestros nin asasinatos.

Nestes días traizoou á nosa organización uno que fora colaborador da mesma: Luís Pellicer, xesuíta, quen entre outras declaracións, delatounos a Enrique (Corral) e a min. O inimigo xa sabía todo isto pero é unha proba máis que fainos cada día máis “buscados” polo inimigo, como o fomos desde hai anos... Así é a guerra aínda que non nos guste e só escollerámola por necesidade e como única saída para un pobo que só pide paz e igualdade. Pellicer foi secuestrado e torturado bárbaramente (non é certo que el se entregase). As torturas deberon ser tan grandes que tardaron en “presentalo” ao público tres meses ou máis para compoñer todo o que sen dúbida lle fixeron. Pero crebouse na tortura e traizoou. Non nos toca a nós xulgalo, pero se é unha gran dor, polo menos para min. Pero tamén isto é parte da guerra e non nos queda senón aceptalo e camiñar con máis forza cara adiante.

19 de outubro de 1981

Nosa situación de seguridade non sempre é fácil e sabemos que nunha loita así, un día podemos estar vivos e ao outro caer, aínda que nunca morremos do todo os que loitamos polos grandes ideais.

Mortos pola Contra

O 28 de xullo de 1986, un grupo de Contras asasinou nunha emboscada aos cooperantes internacionais, Jöel Fieuz, francés de 32 anos, obreiro da construción, Iván Leyvraz, enxeñeiro suízo de 32 anos, ao alemán de 29 anos, Berndt Koberstein, obreiro e a dous técnicos nicaraguans. Esta emboscada era parte do plan impulsado por Washington



Placa conmemorativa de Berndt Koberstein en Friburgo



Cartel governamental de “búscase” publicado na prensa e TV para desprestixialo

contra a Revolución sandinista. Xa partir de maio de 1986, os ataques contra as cooperativas, os postos de saúde, as escolas e o persoal a cargo destes proxectos intensificáronse tras a aprobación polo Congreso norteamericano de novos fondos.

Pero non foron os únicos, Albrecht Pflaum, médico voluntario alemán, de 36 anos, morreu en abril de 1983 xunto a dúas enfermeiras, tres técnicos nicas, cinco reservistas e varios civís, cando o seu convoi foi atacado nunha emboscada da Contra que durou cinco horas.

Apéndices

Tanto Albrecht Pflaum, como Berndt Koberstein eran naturais de Friburgo, Alemaña, e desde o ano 2003 por decisión do Consello Municipal, o ata entón chamado “ponte azul” ten agora o nome de “ponte Wiwili” e en cada ribeira da ponte dúas placas lembran e renden homenaxe aos seus dous concidadáns, que entregaron de forma xenerosa a súa vida como cooperantes internacionais.


En que lugar de Galicia está o recoñecemento a Fernando Hoyos?

James Carney “Lupe”

James Carney, xesuíta norteamericano nacionalizado en Honduras e máis coñecido como Lupe, tras ser expulsado de Honduras en

1979 por tomar postura a favor dos campesiños e pola súa constante denuncia do capitalismo salvaxe que abocaba ás grandes maiorías a malvivir, retornou desde Nicaragua en 1983 cunha columna guerrilleira e despois de ser capturado e torturado salvaxemente ata a extenuación, morreu asasinado en Honduras ao ser lanzado vivo á selva desde un helicóptero. Nunca apareceu o seu corpo nin foron xulgados os militares culpables da súa morte.

James Carney, comandante Mario, aos seus cincuenta e nove anos integrouse nunha columna guerrilleira hondureña, dando o paso supremo no seu compromiso de acompañar aos revolucionarios como el, no arriscado mundo da loita na selva, para tentar liberar ao pobo de Honduras de caciques, terratenentes, militares corruptos e gringos




Ton e Lupe no Baixo Aguán

corruptores. Penetrou desde Nicaragua polo fronteirizo río Patuca no departamento de Olancho en xullo de 1983, co obxectivo de hostigar e crear un foco guerrilleiro nunha zona onde operaban os mercenarios da Contra nicaraguana apoiada polo exército de Honduras e coa supervisión e loxística da base militar do Aguacate situada en Catacamas, Olancho, un centro estratéxico na loita contrarrevolucionaria que incluía un campo de aterraxe. A columna guerrilleira estaba composta por noventa e seis milicianos e liderada polo médico e profesor José María Reyes Mata, comandante Pablo Mendoza. Lupe, Reyes Mata e sete guerrilleiros foron torturados na base militar do Aguacate por oficiais militares hondureños coa complicidade de persoal estadounidense e “despois gunitado vivo á selva desde un helicóptero⁸⁷”, tal e como declarou Florencio Caballero, un ex-membro do Batallón de Intelixencia Militar 3-16. A mesma versión achegouna o prestixioso doutor en historia e profesor emérito da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, Josep Fontana, (1931-2018) no seu libro “Polo ben do imperio”, relataba:

Axentes norteamericanos colaboraban cos militares hondureños nos interrogatorios e na eliminación de sospeitosos

87 Informe Preliminar del Comisionado Nacional de DD.HH. Proceso de Desclasificación. Leo Valladares y Susan Peacock. Capítulo II



como no caso do xesuíta norteamericano James Francis Carney⁸⁸

Lupe dicía:

Os exércitos teñen curas castrenses e ninguén se asombra, veno natural, incluso os exércitos represivos teñen nas súas milicias curas con gradación militar, por iso ninguén debe estrañarse que eu acompañe aos campesiños pobres que loitan por cambiar unha sociedade inxusta.

Ao coñecer a súa morte un grupo de relixiosos que traballaban en Honduras escribiron un comunicado público de repulsa, encabezábo o seu amigo, o francés Bernard Boulang.

Coñeciamos ben ao P. Guadalupe e non negamos a súa presenza ente os guerrilleiros do noso país... Guadalupe estaba contra esa violencia que mata os pobres de Honduras, que os condena

88 Josep Fontana. Por el bien del imperio. Editorial, Pasado y Presente. 2011. Pag, 512 Barcelona.

Apéndices

a morrer lentamente por enfermidades incurables, por desnutrición, por unha explotación sen misericordia. Por iso sentiu a dor dos campesiños de Honduras como propio...

... Non somos nós quen debo xulgar a opción armada dun movemento popular hondureño, pero si acusamos o goberno norteamericano e ao goberno e aos militares hondureños de pechar a forza de represión, asasinatos e persecución toda saída legal e constitucional para que os pobres do noso país, poidan vivir unha vida digna. Non temos dereito de arroxar ningunha pedra de acusación contra os grupos guerrilleiros. Se temos o dereito de respectar e acompañar a quen, como o P. Guadalupe, deciden camiñar ao seu lado...

Cando Lupe viaxaba a ver á súa familia e amigos a Estados Unidos, escandalizábaos cos seus comentarios:

É difícil para os norteamericanos comprender, moitos menos apreciar a

miña continua condena do capitalismo. Isto é porque poucos experimentaron persoalmente o capitalismo “decimonónico” cruel e opresivo do Terceiro Mundo, onde os traballadores viven na escravitude económica, onde os ricos terratenentes con frecuencia valoran aos campesiños soamente como brazos e pernas baratos, inconvenientes necesarios para a produción e a ganancia.

Tamén é difícil para eles escoitarme atacar ao “imperialismo ianqui...”; pero a maioría de cando en cando ven as caras de homes, mulleres e nenos do Terceiro Mundo, que son cruelmente explotados polas corporacións multinacionais. Estas organizacións xigantescas buscan terra barata, recursos baratos, axuda barata. Eles queren un ambiente estable (frecuentemente reforzado por ditaduras militares fascistas)... E sempre reforzando esa explotación capitalista e imperialista está o poder económico e político, especialmente o militar dos Estados Unidos, unha das nacións máis poderosas na historia⁸⁹.

⁸⁹Autobiografía de James Carney “Solo díganme Lupe” Editorial Guaymurás, 2004. Tegucigalpa, Honduras C.A. páx. 495

Teoloxía da Liberación

Anxo Ferreiro Currás

Introdución

Cristiás e cristiáns no COSAL

Esta organización do COSAL tivo a participación de cristiáns e cristiás no seu nacemento de Ferrol co ánimo, non de sacralizar como unha organización máis do nacional catolicismo, senón de comprometerse nunha organización laica e traballar pola solidariedade con América Latina (AL) na loita dun pobo eminentemente cristián e ao mesmo tempo explotado polo imperio capitalista. Como pode comprobar o lector deste libro, na loita deste pobo pobre contra ese imperio explotador os cristiáns e a Igrexa non estiveron alleos nesa loita de forma moi significativa, aínda que, hai que dicilo, en minoría. Do outro lado do charco xurdían, pois, bispos, sacerdotes, cristiáns que estaban na liña da loita contra os explotadores, xustificando precisamente por ser cristiáns, cunha base de crentes e seguidores de Xesús de Nazaret. Todo

isto formulado no movemento da TEOLOXÍA DA LIBERACIÓN (TdL).

Por outra parte o que aconteceu na Igrexa coa chegada do egrexio papa velliño, Xoán XIII, coa súa encíclica *Pacem in Terris* e sobre todo coa convocatoria do Concilio Vaticano II (CV-II). A cita deste parágrafo pode dar razón a unha fiestra que se abre na Igrexa no mundo de hoxe, que responde a un compromiso certoiro da TdL:

Os gozos e as esperanzas, as tristuras e angustias dos homes [e mulleres] do noso tempo, sobre todo dos pobres e de cantos sofren, son tamén gozos e esperanzas, tristuras e angustias dos discípulos de Cristo.

A TdL é un tema que estivo e está nos ambientes eclesiásticos e sobre todo nos ambientes de cristiáns de base, de xente crente que non comunga con rodas de muíño, laicos preocupados pola xustiza, polos DDHH. Pois efectivamente, a palabra “liberación” xa nos dá perspectivas de



Mural na catedral de Riobamba (Ecuador), de Adolfo Pérez Esquivel (Premio Nobel da Paz)

aires novos, de renovación, dunha relixión que entumece cara unhas experiencias que abre camiños novos, que libera, que fai saír do ritualismo e espiritualismo baldeiro e abre cara o mundo. O cristianismo de liberación non exclúe a ninguén que precise liberarse, entra e comparte tamén nesa loita cos non crentes⁹⁰.

Este Comité de Solidariedade con América Latina síntese satisfeito en proporcionar aos membros crentes poderen traspasar o charco uns fisicamente e outros en alma corazón e vida para coñecer de primeira man que a TdL naceu en América Latina para unirse aos pobres na loita pola liberación. Un continente -repetimos- maioritariamente cristián, e un continente maioritariamente oprimido onde na situación de pobos oprimidos e empobrecidos esta teoloxía buscou novas pistas de reflexión, abandonando a “relixión opio”. Estes membros do COSAL presentan a novidade da súa fe coa base marabillosa do Evanxeo que crentes e non crentes admiramos como Boa Nova de Xesús de Nazaret:

90 Michael Löwy, *Cristianismo de Liberación, Perspectivas marxista e socialistas*, Editorial Viejo Topo, 2019.

Os cegos ven e os coxos andan, os leprosos fican limpos e os xordos oen, os mortos resucitan e aos pobres estáselles anunciando a Boa Nova. E ditoso quen non se escandalice de min! (Mt.11, 5). Tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstes-

me; estiven en coiro e vestístesme; enfermo e e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver. (Mt. 25,35-36).

A base espiritual e teolóxica para o crente está clara, só falta a estratexia da análise da realidade, os medios sociais e políticos da eficacia liberadora; e estes non se atopan, claro está tamén, no capitalismo, nin chega a doutrina social da Igrexa, demasiado apegada ao poder, aínda que foi un paso importante na primeira metade do século XX.

Un dato importante do desenrolo da TdL coincide no tempo dos golpes de estado de AL desde os ditadores de Centro América, pasando por Colombia, Bolivia, Uruguay, Paraguay e chegando a Brasil, Arxentina e Chile. Tamén coincide co “desenrolo”, chamado “desarrollismo”. É dicir, as inversións económicas dos países ricos, (1º mundo), nos países pobres (3º mundo). como os Estados Unidos que haviam dado sob a forma de investimento a países subdesenvolvidos US \$ 13,7 millóns e obtiveram un beneficio de 23,2 millóns... que não são ajuda, mas empréstimos de usura. Aparecerá desenrolado no capítulo V.

Paradigma da TdL

O principio fundamental ou epistemolóxico da TdL é a opción con preferencia polos pobres. Os pobres son suxeitos históricos e interlocutores privilegiados do Reino de Deus promovido por Xesús de Nazaret. Desde esta perspectiva a TdL atreveuse a ler a BIBLIA con outros ollos, os dos pobres e excluídos, e establecer procesos de transformación da realidade inxusta, e comprendela desde o seguimento da práctica cristiá, o seguimento de Cristo liberador, e a Igrexa deviu ser Igrexa dos Pobres, non como obxectos de esmolos dos ricos, senón como suxeitos da transformación das sociedades inxustas.

I. Pasos cara a Teoloxía da Liberación

Se ben a TdL ten uns pais ben coñecidos nos teólogos e nas CEB, houbo uns comezos que marcan como pasos cara esa Teoloxía co compromiso de liberación dos pobos oprimidos e empobrecidos.

Pacto das Catacumbas

A varios padres conciliares que saían afervoados primeiro pola grandeza e entusiasmo da personalidade de Xoán XXXIII. xa na memoria, por tanta novidade experimentada levada a cabo na doutrina de Concilio Vaticano II (CV-II), e tamén animados polo frescor de Paulo VI aínda co animo presto de seguir desentumecendo a vella Igrexa, levounos a comprometerse moi seriamente no seu desenrolo pastoral a “Evanxelización dos pobres”, e non só iso, tamén facer da Igrexa “Igrexa pobre”.

Sen moita publicidade, en novembro de 1965, un grupo de bispos, asinou nas catacumbas de Roma o chamado Pacto das Catacumbas⁹¹, polo que renunciaban a símbolos de poder. Pasadas máis de tres semanas aparece esta nota de Henri Fesquette no xornal *Le Monde*: “Un grupo anónimo de bispos comprométese a dar testemuña externa con unha vida de estrita pobreza”. Mais a lista dos nomes deste grupo apareceu ao chou no medio dos papeis de Mons. Charles Marie Hinmer, bispo de Tournai, Bélxica, que foi o que presidira a celebración e botara a homilía. A maioría correspondían a América Latina (AL). De Brasil 8, entre eles, Don Antonio Fragoso (bispo de Creteús) e Helder Câmara (de Olinda-Recife); 5 de Colombia; 4 de Arxentina; e outros 5 de América Latina; 3 de Francia; 3 no resto de Europa, 1 de España (Rafael González Moralejo); e 4 de África. Outros din que chegou o grupo mesmo a corenta asinantes. Mais este acontecemento non tivo eco na sociedade nen no ambiente clerical. Velaquí algunhas conclusións dos asinantes:

Renunciaremos ás aparencias de riqueza, ouro ou prata; ás posesións de móbeis ou inmóbeis; aos títulos de grandeza de eminenencia, excelencia, monseñor, só o nome de “padre”; a ter contas bancarias propias; a ser posible, as finanzas e os bens materiais levaraos unha comisión de laicos; a renunciar tamén a facer privilexios aos ricos e compartir

⁹¹ Pikaza, Xabier; Antunes da Silva, José, *El Pacto de las Catacumbas. La misión de los pobres en la Iglesia*. Estella, Navarra, 2015, Editorial Verbo Divino.

banquetes por servizos relixiosos prestados; compromiso en transformar as obras de beneficencia...”.

Parece ser que foi un comezo básico cara liña da TdL.

Arxentina. Enrique Ángel Angelelli Carletti

Un dos catro arxentinos asinantes deste Pacto foi Enrique Angelelli, nomeado por Xoán XXIII, en 1960, bispo auxiliar de Córdoba, e en 1968 foi nomeado bispo de La Rioja, Arxentina, por Paulo VI. Estas foron as súas palabras de cando tomou posesión: “Non veño para ser servido senón servir a todos sen distinción; como Xesús, quero ser servidor dos nosos irmáns os pobres”. Efectivamente, o seus predilectos foron da xente empobrecida, e apoiou a sindicación das empregadas domésticas, dos traballadores mineiros e agrícolas. As súas misas eran retransmitidas por radio e tiñan unha grande resonancia até os recunchos da provincia pola xente popular. Serían prohibidas a partir do golpe militar en xullo de 1976⁹². Con algún outro bispo, denunciou os crimes e desaparicións de fregueses e sacerdotes. Precisamente o día que viña de homenaxear aos seus dous sacerdotes e un laico asasinados, Carlos de Dios Murias, Gabriel Longueville, e o catequista, Wexeslao Padernera. seguidores da pastoral do seu bispo, este tamén foi asasinado nun accidente camuflado. O padre Pinto,

que viaxaba con el, puido testificar a morte polos mocazos que lle deron na caluga. Non valeu para nada mentres durou a ditadura. Solidarios con Angelelli foron os tres bispos asinantes do Pacto das Catacumbas, Alberto Devoto, Faustino Zazpee Juan José Iriarte.

Foron asasinados por esta ditadura outros varios sacerdotes amén de moita xente comprometida social e politicamente. A algún dos sacerdotes tamén lle tocou o método moi utilizado para facer desaparecer, cal era os voos da morte; levaban ás vítimas no avión e botábanos drogados ao mar.

Desde o ano 1980 con Raúl Alfonsín houbo xuízo á cúpula da ditadura, logo viñeron os indultos. Con Kirchner, no ano 2003, estableceu os xuízos contra os crimes de Lesa Humanidade e declarouse inconstitucionais as leis do Punto Final e da Obediencia Debida. Videla foi condenado a cadea perpetua; no 2014, case 38 anos despois, a xustiza condena a prisión perpetua a Luciano Benjamín Menéndez e Luís Fernando Estella, outros procesados xa morreran, responsábeis dos asasinatos do bispo Angelelli e os sacerdotes e laico.

Videla fora de novo definitivamente condenado a cadea perpetua en 2010. Morreu na cadea o ano 2013. “Por fin (30/11/2017) recoñécense os crimes de lesa humanidade polos asasinatos de a ESMA no maior xuízo da Historia da Arxentina con 29 condenas perpetuas polos asasinatos dos “vuelos de la muerte”⁹³.

92 A ditadura arxentina 1976-1983. <https://www.elhistoriador.com.ar/> (consultado dec. 2019).

93 https://www.playgroundmag.net/now/-MegacausaESMA-por-primera-vez-los-tribunales-argentinos-reconocen-el-ex-terminio-de-los-vuelos-de-la-muerte-de-la-dictadura_23935139.htm.

Unha pregunta que xurde ao tratar da ditadura de Arxentina é cal foi o comportamento do Padre Bergoglio, futuro papa Francisco, tendo en conta que a maioría da xerarquía da Igrexa contemporizou lamentablemente con aquiescencia. Nese tempo o padre Bergoglio non pertencía á xerarquía, só ostentaba o cargo de provincial dos xesuítas de Arxentina. Prestou de forma individual accións arriscadas para salvar a persoas que podían ser aniquiladas. Entreviú diante de Videla e Massera para librar a dous xesuítas, Yorlando Yorio e Francisco Jalics, que actuaban de curas con actividades sociais na “vila miseria”, Flores, e facilitarlles o exilio a Roma. Organizou unha rede clandestina para facilitar a fuxida de varias persoas. Entreviú noutras ocasións diante dos ditadores con resultados negativos. Nesta ditadura chea de exterminio, torturas, desaparecidos, mulleres encinta desaparecidas, houbo quen dubidou da súa falta de denuncia clara diante de tanto crime. Sacouno alguén a relucir precisamente sendo Papa. Nunca contestou a ningunha das supostas calumnias. Un periodista italiano, emporiso, escribiu un libro cun prólogo do premio Nóbel da Paz, Pérez Esquivel, defendendo o seu traballo coa lista das moitas vítimas que el protexeu, e, sendo cardeal, en 2010, coa testificación na mega causa ESMA, polos crimes de lesa humanidade e polo secuestro e desaparición de menores⁹⁴.

94 Nello Scavo, *LA LISTA DI BERGOGLIO. I salvati da Francesco durante la dittadura. La storia mai raccontata*. Editorial EMI, Bologna, 2013.

Sendo xa cardeal participou nunha homenaxe ao bispo Enrique Angelelli en La Rioja, e expresoulle a súa admiración: “estaba namorado do seu pobo -dicía-, pois acompañáboo até as periferias xeográficas e existenciais pedindo xustiza”. O 27 de abril 2019, o empeño do papa Francisco chegou ao cumio coa beatificación do bispo Angelelli, dos dous sacerdotes, Carlos e Gabriel, e do laico, Pedernera. Na chaira do parque da Rioxa, capital, celebraron a beatificación dos catro mártires de Arxentina, diante de miles de fieis (45.000), como un regalo do papa Francisco á Igrexa Arxentina. Así o deixou ver nunha celebración da vila miseria de Bos Aires, o cura “villero”, José M^a Di Paola “Pepe”, cando a beatificación dos catro mártires “como un regalo do papa Francisco para unha Igrexa máis comprometida cos pobres”.

Manifesto dos 18 Bispos do Terceiro Mundo

Dous anos despois do Pacto das Caticumbas, o 15 de agosto de 1967, outro grupo de bispos “pastores dos pobos do Terceiro Mundo” dirixen unha carta aos sacerdotes, fieis e a todas as persoas de boa vontade desde Colombia e Brasil até Oceanía e China, pasando polo Sahara, Yugoslavia e Medio Oriente. Foi o manifesto chamado MANIFESTO DOS 18 BISPOS DO TERCEIRO MUNDO (MBTM)⁹⁵, impulsados pola encíclica *Populorum*

95 <https://www.revistatiempolatinoamericano.com/rev/097/TdL-097S12.pdf> manifesto dos 18 bispos (consultado Fbr. 2020, completo en pdf).

Progressio de Paulo VI, dirixen esta mensaxe: “Neste intre no que os pobos e as razas pobres tomen conciencia de si mesmos e da explotación da que aínda son vítimas, esta mensaxe dará valor a todos os que sofren e loitan pola xustiza, condición indispensábel para a paz”. Neste manifesto había unha categórica declaración contra os opresores do mundo dos pobres. Este manifesto promove a substitución do capitalismo polo socialismo, sempre e cando estivese exento de totalitarismos e das persecucións relixiosas.

Alguns erros deben ser disipados con urxencia: Non, Deus non quere que haxa ricos...que exploten aos pobres... A relixión non é o opio do pobo. A relixión é unha forza que ergue aos humildes e rebaixa aos orgullosos, que dá pan aos famentos e fame aos fartos... A loita de clases desencadeárona os ricos contra os traballadores explotándoos con salarios insuficientes e con traballos inhumanos. É unha guerra subversiva do diñeiro a traveso do mundo, masacrando a pobos enteiros.

Este Manifesto foi espallado por todo o mundo, clandestinamente en España, amplamente en AL, e de forma especial en Arxentina. O bispo de Goya, (Corrientes), Alberto Devoto, asinante do Pacto das Catacumbas, pasoulle unha copia en francés ao P. Ramondetti quen con outros sacerdotes traducírono e déronlle publicidade. Nunha carta, dirixida ao bispo Helder, asinaron a adhesión uns 524 sacerdotes arxentinos, que máis tarde tomaron o nome de Movimiento

de Sacerdotes para el Tercer Mundo⁹⁶, cunha actividade moi admirada e seguida en CEB. Foron significativas as actuacións de denuncias contra as violacións dos Dereitos Humanos e desaparecidos da ditadura arxentina no 1976.

Dom Helder, Dom Fragoso e Dom Mauro. Brasil

A Igrexa Católica no Brasil representa un caso paradigmático dentro AL, pois non só é a Igrexa católica máis extensa do mundo, senón que tamén é onde se bosquexa os alicerces da Igrexa latinoamericana na súa “opción primordial polos pobres⁹⁷.”

Entre os bispos senlleiros do Brasil que van citados máis adiante, os dous brasileiros, Don Antonio Fragoso e Dom Helder Cámara son os cabeza de lista dos dous documentos devanditos. Como son prototipos no inicio da TdL, presento unha pequena reseña das súas proclamas e das súas actuacións pastorais ben comprometidas, acompañados por Dom Mauro Ramallo, máis novo que anda na mesma liña.

Dom Antônio Batista Fragoso (1920-2006), bispo de Creteús, no nordeste do

96 (Set.2019) Coa publicación da Revista *Tiempo Latinoamericano*, desde 1982, nos derradeiros tempos da ditadura militar arxentina, un grupo cristián de Córdoba, con perspectivas ecuménicas plurais e liberadoras, ofrece as súas páxinas ás CEB, parroquias, movementos da xuventude, de mulleres e organizacións sociais, gremiais e políticas, recuperando a memoria do bispo mártir Enrique.

97 M^a Pia Paganelli, *Memorias de la violencia: el viaje político-espiritual de Frei Betto*, p1.



Dom Helder Câmara

estado de Ceará do Brasil, e Dom Helder Câmara, bispo de Olinda Recife. Identificáronse ambos nas liñas pastorais e doutrinarias da “Teologia da Libertação”. Os dous “Destacam-se na defensa dos direitos humanos e políticos no Brasil, de modo particular durante os chamados “anos do chumbo”. Corresponden aos anos da ditadura militar (abril de 1964 a marzo 1985) con Atos Institucionais, sobre todo o “Ato-5” dos 17 decretos que supoñen a supresión de calquera garantía institucional, levada a cabo concretamente coa tortura institucionalizada. Todo isto acontece no ambiente de represión furibunda contra o comunismo durante a guerra fría, apoiada por Occidente, e sobre todo polos EE. UU. Os bispos (aos que lles chamaban “vermelhos”, “roxos”) denunciaron con valentía este terror institucional. Dom Helder foi silenciado coa prohibición de escribir nos medios, que el aproveitou para escribir no estranxeiro. Denuncia as tres violencias:

A primeira, a institucional, madre de toda violéncia, que legaliza as dominacións, opresións e abusos. A segunda, a revolucionária, que nasce coa vontade de acabar coa primeira. A terceira, a repressiva, que tem por objeto

asfixiar a segunda apoiando e sendo cómplice da primeira. Conclusão: a maior hipocrisia é chamar violéncia apenas á segunda.

O seu compromiso tiña claro cal era o obxectivo da denuncia: Quando dou comida aos pobres chamam-me santo, mais quando pergunto por que eles som pobres chamam-me comunista.

E a súa denuncia internacional contra dos poderes do imperio tampouco faltou.

A generosidade não é necessária, mas a justiça ... supostos benfeitores do mundo subdesenvolvido, como os Estados Unidos que na década anterior haviam dado sob a forma de investimento a países subdesenvolvidos US \$ 13,7 milhões e obtiveram um benefício de 23,2 milhões... ajuda aparente dos países ricos aos países pobres, que não são ajuda, mas empréstimos de usura com fins ocultos de lucro, que deixam os pobres mais pobres.⁹⁸

Neses anos do chumbo, Dom Fragoso celebrou o vixésimo quinto aniversario do seu sacerdocio. Os militares non se atreveron a prohibirlle a celebración na praza pública. Non asistiron por medo nen o alcalde nen as prostitutas, que foran invitadas polo sacerdote do seu barrio. Concelebrou o bispo de Iguatú, Dom Mauro Ramalho: “O vosso bispo Fragoso tem a missão de guiar aos homes de tal

⁹⁸ Texto comentado na Experiencia Centroamericana coa participación de Ton e Rita, autor e colaboradora deste COSAL.

maneira que tenham uma maior consciência da sua dignidade, mais non pode faze-lo sem vós; a vós corresponde-vos serdes homes libres”. Mentres tanto os campesiños escoitaban firmes de pé e amosaban os rostros, recios e libres (había uns 3.000). E o bispo Mauro engade: “Sabedes, sen dúbida, que un sacerdote acaba de ser asasinado en Recife, apuñalado, mallado a paus e aforcado”. —E cita as palabras do bispo, Dom Helder—: “somos cen os que figuramos na lista... Se fai falla máis mártires, estamos dispostos”. Ao acabaren a celebración un campesiño colle a palabra: “Nós, os campesiños, estamos todos ao voso lado, Monseñor, desexamos que non nos abandone nunca. Outro estudante, membro do Consello Municipal tamén fala para expresar o seu afecto e apoio”. Ao acabaren a celebración, François Combret,⁹⁹ faille a seguinte pregunta a Dom Antônio Fragoso: Cantos bispos teñen a mesma concepción que vostede da súa misión? Fragoso contesta: “de un total de 230 no Brasil, só uns 30”. Unha porcentaxe non moi ampla, é a verdade; após noutra data fala dunha reunión de 40 bispos compañeiros. Un firme seguidor da TdL desde a sinatura das Catecumbas. El mesmo confesa noutra ocasión: “consideram-se as minhas palavras e atitudes como as de um “agitador socialista”, dum subversivo, dum cripto-comunista”, dum “inocente-útil”. Guardo em min uma esperança: a de não trair o Evangelho, nem os pobres (camponeses, operários, marginais); e também uma certeza: aquele que

99 François Combret, autor do libro *Les Trois Brésil*, (las 3 caras de Brasil) (Edition E.P., Paris, 1971. Plaza y Janés, Barcelona, 1972).

quer a libertação do povo de Deus oprimido, não pode ver a sua coragem desfalecer”¹⁰⁰. Outros nesta mesma liña aparecerán neste traballo concretamente no Brasil e en AL.

Cristiáns polo Socialismo (CpS)

En setembro de 1971 nace en Chile Cristianos por el Socialismo (CpS) nunha numerosa asemblea dun grupo de 80 sacerdotes e algún bispo, compartindo a euforia da subida ao poder de Salvador Allende. Este movemento en España naceu en 1973, en Calafell (Catalunya). aínda que por razón de clandestinidade chamáronlle Ávila. Participaron nese encontro Alfonso Carlos Comín¹⁰¹, laico, e os teólogos, José María Díaz Alegría, Juan García-Nieto, González Ruiz, e outros; todos eles con ampla bibliografía e diálogo cristián marxista; concretamente este Glez. Ruiz di que neste diálogo ten que quedar suficientemente claro que os cren-tes deixen de recoñecer ao “Deus tapa furados” (“está de Deus que haxa ricos e pobres”, “estaba de deus que ía ser así”, etc.), e admitan ao Deus transcendente e gratuito, aínda que libremente presente e facilmente accesíbel por unha actitude de fe, como salvador na historia.

Deseguida foise estendendo por toda Europa. Cito a Giulio Girardi, famoso neste eido, consultor no C V- II, profesor

100 Dom Antonio Fragoso, *Evangelho e problemática Social*, Les Éditions du Cerf, 1969. p. 155.

101 Actualmente existe en Barcelona unha Fundación Comín que outorga el Premio Internacional Alfonso Comín para persoas ou colectivos comprometidos na tarefa de construír un mundo máis xusto.

de Antropoloxía e promotor da Introducción ao marxismo no Instituto Católico de París. Foi impulsor de CpS, membro do Tribunal Permanente dos Pobos; comprometido ao traveso das súas pescudas con AL, especialmente con Nicaragua e Cuba. Tamén hai constancia de adictos ao CpS entre os exiliados e emigrantes españois.

Un dos obxectivos neste diálogo era desbloquear antigas condenas mutuas; facer unha convivencia cómoda entre as ideoloxías de esquerdas, socialista e marxista cos cristiáns e católicos. Alfonso Comín, comunista, converteuse nun persoeiro famoso nesta diálogo e convivencia reflectida naquela famosa frase: “cristiáns no partido e comunista na Igrexa”. CpS resultou ser un movemento de minorías, mais moi clarificador en estudos e actuacións en CEB. A xerarquía católica española nunca admitiu ese diálogo e aínda é hoxe que, entre os carcas das curias, teñen aos socialistas e comunistas como “ateos” no senso pexorativo, e por conseguinte inimigos e ou descoñecidos e incompatíbeis. Emporiso, na práctica hai membros e dirixentes das esquerdas (comunistas e socialistas) que se confesan crentes e practicantes que votan ás esquerdas con moita fachenda. Grazas a este movemento, ou ideoloxía, a análise marxista perdurou e perdura a esperanza da liberación dos pobres, compromiso fundamental da TdL. Esta análise, malia á caída do Muro de Berlín co fracaso dunha práctica comunista, aínda ten razón de ser; pois vemos cada vez con máis evidencia que a solución neocapitalista resulta outro grande fracaso ao contemplarmos as grandes inxustizas e desigualdades coa pobreza e miseria do mundo sempre en crecemento.



Autor: Cerezo Barredo

Consejo Episcopal de Latino América (CELAM) en Medellín e en Puebla

O segundo CELAM celebrado en Medellín (Colombia), inaugurado por Paulo VI o 24 de agosto de 1968, coa participación de bispos que viñan co fermento do CV-II. Tivo sona a súa revitalización e defensa da nova experiencia das Comunidades Eclesiais de Base (CEB) en América Latina; a superación da salvación espiritual allea ao compromiso social, e presentar a salvación como liberación na historia; o compromiso cos pobres e marxinaos. Precisamente a opción polo pobres e a dimensión política da fe serían lembranza que fortalecería o pensamento e a práctica xa en camiño da Teoloxía da Liberación. Mais o vocabulario e práctica deste pensamento aínda era incipiente. Ora ben, aquí xa estaba de asesor, con outros teólogos da mesma liña, Gustavo Gutiérrez (GG) coa súa nova teoloxía liberadora que acrecentou e deu a tal firmeza ás conclusións deste famoso “Medellín”.

Teoloxía da liberación

O sínodo de Puebla, en 1974, relanzou xa con forza o tema da liberación, mais non o consagrou tal como lle chamamos “Teoloxía da Liberación”. De aquí saíra a encíclica de Paulo VI *Evangelii Nuntiandi*, en 1975, dándolle afianzamento a este Sínodo.

Aquí sobresaíron os bispos Samuel Ruiz, do que falaremos despois, e Leónidas E Proaño, bispo de Riobamba, diocese do Ecuador, foi coñecido como “bispo dos Indios” pola súa defensa e promoción dos indíxenas na súa cultura e relixión, e a promoción das cooperativas dos “camponeiros” nas grandes extensións da súa diocese. No ano 2008, a Asemblea Constituínte Ecuatoriana recoñeceu a este bispo como “Personalidade Símbolo Nacional e Exemplo Permanente Para Todas As Xeracións”.

Nestes dous Sínodos os Teólogos pais da TdL, que citaremos máis adiante, son os que puxeron a súa colaboración fundamental no desenrolo dos estudos e conclusións que saíron de aí. E de aí lle ven a fama a esas dúas CELAM, Medellín e Puebla, cuxas conclusións tiveron sona no mundo católico e sobre todo revolucionario de AL, porque defendían a liña pastoral da TdL, da labor de CEB, e dos bispos que apoiaban eses programas de liberación dos pobres e de xustiza social.

Grupo de Bispos Amigos e os pasos da TdL en México

En primeiro lugar presentamos os dous primeiros membros deste Grupo de Bispos Amigos de México: Sergio Méndez Arceo, bispo de Cuernavaca (1952-1983), e Samuel Ruiz, bispo de San Bartolomé

de las Casas (1960-2000)¹⁰². A este grupo deberían pertencer todos, diría un cristián, se está claro que os une a Igrexa de Cristo, emporiso, o compromiso dunha nova evanxelización tendo aos pobres como suxeitos fundamentais da TdL, supón uns vencellos especiais de amizade entre estes bispos amigos.

Ambos os dous participaron sendo bispos novos no CV-II. Apegáronse ao pobo pobre de México e desenrolaron encontros moi frutuoso con xente comprometida social e politicamente na loita polo cambio das estruturas sociais en México, e en AL.

Sergio Méndez Arceo participou no primeiro congreso de CpS en Chile na defensa do socialismo; denunciou a intervención de EE. UU. en Nicaragua e creou o Comité Manos Fuera de Nicaragua; axudou o movemento Va por Cuba; condenou os golpes militares dos anos setenta en AL; creou o movemento de solidariedade con El Salvador; e outro Comité de protección aos refuxiados de Guatemala. Chegou a promover en contra do goberno Federal a excomunión a todo aquel católico que practicara a tortura con calquera persoa. Un firme pensador e practicante da TdL, defensor do socialismo, tivo cualificativo de bispo roxo. A súa personalidade foi coñecida e recoñecida en AL e Europa, concretamente para nós entraba por estas curias o aire fresco ás cheas. Mais agradábel sorpresa aínda nos satisfizo moito máis

102 “Cuatro décadas de la diócesis de don Samuel: la Iglesia se convierte en actor de transformaciones sociales en Chiapas.” En *Chiapas: sociedad, economía, interculturalidad y política*, coordinado por Olivia Gall, 179-196. México: UNAM, 2000. (Consul. Dec. 2019).

cando nos decatamos de que este bispo era sobriño de Lázaro Cárdenas del Río, moi admirado para os que coñecen a nosa Memoria Histórica, por abrir os brazos e acoller a miles dos nosos irmáns republicanos que fuxían do terror franquista, exiliados en México.

Ao remate do ano 1982, pediu a renuncia que de contado lla aceptou Xoán Paulo II.

A este grupo engadíronse outros catro: Bartolomé Carrasco, bispo de Oaxaca Arturo Lona, bispo de Tehuantepec; José Llaguno, bispo de Tarahumana; y Serafín Vázquez, bispo de Ciudad Guzmán. Todos estes foron seguidores e estudosos da TdL e comprometidos na práctica social. Este apoio episcopal foi fundamental.

Méxicofoi, sen dúbida, onde apareceu a primavera da TdL durante tres lustros (1974-1989) cun desenrolo por medio de congresos, centros de estudos teolóxicos, estudos en CEB que levaría a unha práctica de cambio social. No Centro Universitario (CUC) dos dominicos celebrouse o primeiro congreso de Teoloxía coordinado por Enrique Dussel e o rapaz novo Ruiz Maldonado co tema Liberación y cautiverio. Debates en torno al método de la teología en AL. Os estudos e doutrina dos teólogos fundadores da TdL, Gustavo Gutiérrez, os irmáns Boff, Hugo Assmann, tiveron tamén unha entusiasta acollida en México¹⁰³. Como Enrique Dussel,

CIDOC (Centro Intercultural para el Decrecimiento y la Organización Comunitaria). Facemos unha homenaxe ao seu

fundador Iván Illich, na década de 1966-1967, un profeta-poeta de Cuernavaca, cuxos novos bertóns reviven neste tempo en Barcelona¹⁰⁴ co seu tema Humanismo radical. Quen foi Ivan Illich? (1926-2002) Un dos máis senlleiros críticos do capitalismo industrial. Unha nova crítica da economía política. Igualiño que Kal Marx no século XIX.

Imos á diocese de Samuel Ruiz, bispo de San Cristóbal de las Casas e don Raúl Vera, animadores firmes da TdL “integral”, digo “teoloxía da liberación humana e espiritual”, pois así mitiga a alarma nas curias de aquí e de aló. Nesta zona notouse extraordinariamente a labor destes bispos como aparece no libro de Aubry “Cuatro décadas de la diócesis de don Samuel” A Igrexa convértese para traballar polas transformacións sociais en Chiapas; notouse o acompañamento a autonomía dos pobos indíxenas de Chiapas no Movemento Zapatista de Liberación Nacional.

Chega o control. De Roma ven para México o delegado apostólico, Girolamo Prigione, en 1985, con dobre obxectivo: Primeiro, establecer as relacións do Vaticano con México, sendo presidente Salinas de Gortari; e segundo, de escoller bispos da súa corda. Este delegado apostólico foi un inimigo declarado da TdL, con movementos tradicionalistas para desacreditala.

A supresión do CIDOC, o peche, en 1990, do seminario de SERESURE (Seminario Regional del Sureste) para a formación de sacerdotes ligados á doutrina da TdL, con sede en Tehuacán, afectou

103 La TdL en México: recepción creativa del Concilio Vaticano II, Carlos Mendoza. (Pdf, xan-2020).

104 www.ivanillich.org.mx (dec.2019).

moito esta derrota. O bispo Don Arturo Lona, emporiso, declaraba: “A 20 anos do peche, el SERESURE sigue vivo”.

A Confederación Latino Americana de Religiosas y Religiosos (CLAR)

Xa antes do CV-II os relixiosos de AL comezan unha lenta e, emporiso, profunda renovación. As congregacións descubren a valía da vida consagrada a partires dos pobres... En 1959 constitúen a Confederación Latinoamericana de Relixiosos (1959)¹⁰⁵.

En 1988, agora xa incluíndo “relixiosas”, nun ambiente de renovación da Igrexa coas bases da doutrina de Medellín e Puebla e nas bases xa afianzadas da TdL, a CLAR (Confederación Latinoamericana de Relixiosas e Relixiosos), que coordina a 160.000 relixiosas e relixiosos, inicia o compromiso dun camiño dos máis fermosos, mas tamén dolorosos, na historia da Igrexa de AL¹⁰⁶.

Con motivo do V Centenario do descubrimento de América, púxose en alerta para converter isto que eles chaman “Invasión, conquista”, a vella evanxelización da “cruz coa espada”, nunha evanxelización liberadora, alternativa á conquistadora. Velaquí o programa que artellaron nestes catro puntos:

105 Instituto Histórico Centroamericano de Managua *LA SANGRE POR EL PUEBLO Memoria de Martirio en AL*. Editorial Desclee de Brouwer, 1983, Bilbao, p. 246.

106 Seguimos neste capítulo o libro de Giulio Girardi, *El Templo Condena el Evangelio el conflicto de la TdL entre el Vaticano y la CLAR*, Editorial Nueva Utopía, Madrid 1994.

1) A opción polos pobres como suxeitos. A base renovadora na vida e no pensamento cristián segundo a TdL. Os pobres son os protagonistas da liberación; se eles son os que sofren as inxustizas, os cristiáns deben identificarse coa súa opción, non hai máis remedio que estar unidos nas súas loitas

2) Se a Biblia é “Palabra-Vida” para os crentes, cando se le hai que lela cos pobres e desde eles, recoñecelos como os suxeitos máis idóneos para interpretar.

3) Este proxecto de Palabra-Vida implica que a comunidade relixiosa ten que estar inserta no pobo. Aínda que a vida consagrada a Deus dos relixiosos e relixiosas enténdese polo xeral como separación do mundo, para iso teñen os conventos e casas separadas. Consagrarse a Deus, emporiso, significa identificarse co pobo. A vida relixiosa inserta asume as loitas pola vida, dignidade e liberdade, dos campesiños, desempregados, mulleres, indíxenas, negros, enfermos, anciáns, drogadicto, inmigrados, exiliados.

4) A nova Evanxelización ten que rachar coa primeira de hai 500 anos, como signo de dominación e conquista; a segunda deberá ser baixo o signo de liberación, e diálogo coas culturas. Na conquista, de hai 500 anos, o Reino de Deus confundírono cos reinos ibéricos, que en nome de Deus cometéronse violacións inicuas, masacres de pobos enteiros; en América Central e no vicerreinado de Perú alcanzaron millóns en poucos anos. Aquí só é necesario penitencia, pedir perdón y volver a aprender a fidelidade ao Evanxeo. O bispo, Mons. Proaño, dicía:

Venme unha idea: que a Igrexa é a responsable dese peso que por séculos sufriron os indios. Que dor! Eu estou a cargar con ese peso de séculos.

En resumidas contas, o proxecto da CLAR é a educación liberadora, alternativa á educación conquistadora; aínda moitas maneiras desta perduran.

Moitas persoas da CLAR sentíronse entusiastas de seguiren os camiños doutros que lles precederon hai moitos anos, como Bartolomé de las Casas, Pedro Claver, Antonio de Montesinos... Como aqueles moitos relixiosos e relixiosas implicados nesta Nova Evanxelización foron mártires por defenderen a causa dos empobrecidos.

Sacerdotes da TdL que deron a súa vida polo pobo

Sacerdotes mortos na guerrilla. Non é que a TdL aprobe e promova, nin moito menos, a guerrilla revolucionaria nos pobos de AL, que supuxo discusión en casos extremos, concretamente no caso da revolución Sandinista foi amplamente apoiada mais respecta e admira o compromiso e a loita extrema destes heroes indispensábeis tan pegados ao sufrimento na liberación dos pobos.

No CELAM de Medellín, Colombia, soaba, sen dúbida, a morte do sacerdote e a mensaxe liberadora de Camilo Torres¹⁰⁷. Fundou a Facultade de Socioloxía de América Latina na Universidade Nacional de

Colombia. Comprometido coas causas populares, fundou a Promoción Comunal, traballaba pola unión de todas as forzas democráticas populares. Tivo moito interese de que as CEB se unisen á Teoloxía de Liberación. Tomou a opción extrema da súa incorporación na guerrilla do Exército de Liberación Nacional (ELN). Caeu morto o 15-02-1966. porque a arma que levaba consigo nin sequera sabía manexala, caeu coma un coello enfronte do inimigo ben fornecido; e o mesmo lle pasou a Gaspar, e a Fernando. O exército inimigo sepultouno en lugar clandestino. Perdura a súa memoria co seu nome en varios colexios e barrios. Aínda hoxe é o día en que resoa o seu nome con celebracións de homenaxe no seu cabodano.

Seguiríalle nese compromiso o sacerdote asturiano, Gaspar García Laviana. Unido á TdL defendeu aos pobres e denunciou a opresión somocista; incorporado no exército Sandinista de Nicaragua. Caeu o 11/XII/1978, sen ver a vitoria pola que el loitou dando a súa vida. Coa alma asturiana e nicaraguana chea de espírito poético como bo revolucionario:

“NO ME CLASIFIQUEN./¿¿Es de izquierda o de derecha!?!-Tenga calma. Yo soy como las estrellas, con propia luz en el alma”¹⁰⁸.

A súa memoria é recoñecida como heroe en Xixón (Principado de Asturias).

Mais tarde, o sacerdote xesuíta vigués, Fernando Hoyos,. enrolado no Exército Guerrilleiro dos Pobres (EGP) caeu nunha

107 <http://www.resumenlatinoamericano.org/2019/02/15/colombia-camilo-torres-restrepo-a-52-anos-de-su-muerte-insistir-en-lo-que-nos-une>.

108 Foro de Critianos “Gaspar G^a Laviana”, Asturias. Gijón.

emboscada ao pé do río San Juan co seu compañeiro Chepito, o 13 xullo de 1982 en Guatemala. Xa estudado máis arriba, como tamén James Carney. Domingo Laín, español do grupo Golconda, ingresou na Gerrilla e caeu en combate en 1974.

Sacerdotes padres dominicanos que apoiaron a guerrilla urbana no Brasil. Moitos deles torturados, catro foron asasinados e tres desaparecidos. (véxase no apartado V da TdL)

Sacerdotes asasinados no seu traballo pastoral

Joan Alsina Hurtos, natural de Girona, sacerdote misionero en Chile, exercía de cura na parroquia obreira de San Ignacio e exercía de xefe de persoal do Hospital San Juan de Dios. Xunto con outros catro, o 19 de setembro de 1973. A testemuña do asasinato foi o soldado, Nelson Bolaños, que afirmou:

eran las diez de la noche y de este fusilamiento no me voy a olvidar nunca más¹⁰⁹.

Carlos Múgica (1930-1974) sacerdote e profesor arxentino, vinculado ao Movemento de Sacerdote para o Terceiro Mundo. Foi moi popular no apoio ás loitas populares, as súas claras denuncias das inxustizas nas décadas 60-70. A súa labor cos máis pobres desenrolouse na Villa 31 do Retiro de Bos Aires, onde fundou a parroquia Cristo Obrero. Fundou o movemento de “Curas Villeros”. Tras

celebrar a misa foi asasinado a balazos pola Parapolicial Triple A en 1974¹¹⁰.

Os tres sacerdotes e dous seminaristas, relixiosos “palotinos” arxentinos, Alfredo Leaden, Alfredo Kelly y Pedro Duffau, e os seminaristas Salvador Barbeito (español) y Emilio Barletti, foron asasinados no “Masacre de San Patricio”, chamado así polo lugar da igrexa de Bos Aires, o 4 de xullo de 1976, na ditadura autochamada Proceso de Reorganización Nacional. Os asasinados deixaron escrito nunha alfombra “estos zurdos murieron por ser adoctrinadores de mentes vírgenes y son MSTM”. No funeral o relixioso Palotino dixo no sermón: Hay que rogar a Dios no solo por los muertos, sino también por las innumerables desapariciones que se conocen día a día... En este momento debemos reclamar a todos aquellos que tienen alguna responsabilidad, que realicen todos los esfuerzos posibles para que se retorne al Estado de Derecho que requiere todo pueblo civilizado¹¹¹. A este funeral asistiu un xeneral golpista.

Mauricio Kléber Silva, uruguaio, en arxentina era coñecido como “el cura obrero” pertencía á comunidade de «Hermitanos del Evangelio» fundados polo francés padre Charles Foucauld, o 14 de xullo de 1977 foi denunciada a súa desaparición, e así sigue como «desaparecido» durante a ditadura.

109 CEME, Centro de Estudios Miguel Enríquez, alcina_hurtos_joan_MIR_Sacerdote_Dossier_10 pág

110 Periodista Digital, 06 Jul 2017, Saturnino Rodríguez, «Los ‘nuevos mártires de América Latina’ dieron la vida en defensa de los más pobres», - 16:51 CET

111 https://gl.wikipedia.org/wiki/Masacre_de_San_Patricio

Joao Bosco Penido Burnier, sacerdote xesuíta brasileiro, vicario do bispo Casaldáliga de São Félix do Araguaia, e ambos os dous moi comprometidos na defensa dos indios karajá. O 12 de outubro de 1976 foi asasinado no canto de Casaldáliga que era o obxectivo dos asasinados, en Ribeirão Castinheira (Mato Grosso).

Cinco sacerdotes asasinados en El Salvador antes do martirio de Romero¹¹²

Nun funeral coa asistencia de 200 sacerdotes Mons. Romero di:

Me alegro hermanos de que nuestra iglesia sea perseguida precisamente por su opción preferencial por los pobres y por tratar de encarnarse en el interés de los pobres (15.7.1979).

Sería triste que en una patria donde se está asesinando tan horrorosamente no contáramos entre las víctimas a los sacerdotes. Son el testimonio de una iglesia encarnada en los problemas del pueblo. Así son las fiestas de la iglesia. Con sangre de martirio, con esperanza de cristianismo (24.06.1979).

Rutilio Grande (1918-1977) sacerdote xesuíta de El Salvador, defensor dos campesiños, denuncia os terratenentes no seu famoso sermón de Apopa, foi asasinado xunto con dous fregueses Manuel Solórzano e o adolescente Nelson Lemus. O 12 de maio, tamén foi asasinado en El

Salvador o padre Alfonso Navarro, perdoando e rezando, cribado a balazos, co adolescente Luis Torres. “Pobre padre Rafael Palacios! Pagaches o que loxicamente esperaba o teu ministerio de denuncia desde unha luz evanxélica, 21 de xuño de 1976” -dicía Mons. Romero.

Padre Alirio Napoleón Macías, un sacerdote xove por predicar a Boa Nova como profeta denunciando o “pecado”, que se cometía contra a poboación que vivía, na súa maioría, na extrema pobreza, asasinado o 4 de agosto de 1979¹¹³.

Unha comisión investigadora, nomeada para coñecer as mortes tráxicas do P. Neto (Ernesto) Barrera e os seus acompañantes. Manifesta que hai indicios dunha presunción grave de que foi torturado e que os tiros mortais foron a corta distancia (3.12.1978).

Brasil.- O padre Josimo Morais Tavares foi asasinado pola orde dun grupo de terratenentes do actual Estado de Tocantins, Brasil, o 10 de maio de 1986.

Colombia.- O sacerdote xesuíta Sergio Restrepo Jaramillo respondía xenerosamente aos campesiños indíxenas que lle pedían que os defendese, foi asasinado o 1 de xuño de 1989 por sicarios paramilitares fronte á súa parroquia de San José, situado no municipio de Tierralta, Córdoba (Colombia). Era do grupo Golconda.

Hai moitas máis vítimas de sacerdotes que figuran noutros apartados deste libro. A todos eles adicámoslles a nosa memoria e admiración.

112 http://www.uca.edu_sv/publica/cartas/media/archivo/0705b0_pag2324.pdf

113 <https://www.diariocolatino.com/padre-masias-esencia-de-las-comunidades-eclesiales-de-base/>

Teoloxía da liberación

Grupo de sacerdotes “Golconda”, Colombia.

En xullo de 1968 en Colombia formouse un grupo de 50 sacerdotes chamado “Golconda”¹¹⁴ polo nome da finca de Viotá departamento de Cundinamarca, liderados polo bispo de Buenaventura, Gerardo Valencia Cano, co compromiso de analizar a situación de inxustizas sociais en Colombia na liña da TdL cuxos comezos xa estaban reafirmados no CELAM de Medellín, había un mes. A este xuntáronse tres compañeiros sacerdote españois: Manuel Pérez, José Antonio Jiménez e Domingo Laín. Todos eles, estaban comprometidos na liberación dun pobo oprimido coa conciencia do CV-II, coa participación masiva de sacerdotes, uns 800, no CELAM de Medellín; coa testemuña de Camilo Torres; co entusiasmo do seu bispo; e fogueados co lume do Evanxeo de Xesús: “Lume vin traer á terra: e que máis quero eu ca que arda (Lc. 12,49)”. Na derradeira asemblea sacan o famoso “Documento de Buenaventura”, que firman os 50 sacerdotes e o bispo, no que falan de crear “un fronte revolucionario y construir una sociedad de tipo socialista”. Polo ex sacerdote deste grupo, Walter Joe Broderick, sabemos estes datos: a maior parte foi obrigada a abandonar; outros poucos foron coaccionados para deixar o sacerdocio; e outros sufriron detencións arbitrarias, e outros, polo que nós vimos, tamén asasinados. Nun traballo sobre a Historia da TdL en Colombia do



Autor: Cerezo Barredo

noso amigo Tori, aínda que non os identifica como españois, di: “Antonio Jiménez, Manuel Pérez y Domingo Laín, ingresaron na Gerrilla, ...Laín influído polo exemplo de Camilo Torres... caeu en combate en 1974. Mons. Valencia tivo unha activa participación en Medellín: “Imponse un cambio de estruturas, mais non se debe tomar a violencia armada y sanguenta que multiplica os problemas humanos, tampouco a violencia pasiva que mantén as estruturas actuais que deben ser modificadas... A súa opción polos pobres e a súa relación con “Golconda”, valeulle ser duramente criticado, até a morte nun raro e sospeitoso accidente de avión”¹¹⁵. Resulta raro que “Tori” non mencione ao cardeal López Trujillo como suposto implicado na eliminación de Sacerdotes da TdL.

114 Rosa María Quintero Barrera, *Etnicográfica – Blog de Antropología simbólica y literaria. Los sacerdotes del Golconda: curas “rojos*

115 Victorino Pérez Prieto, *Los Orígenes de la Teología de la Liberación en Colombia* ISSN 0120-131X • 2389-9980 (en línea) | Vol. 43 | No. 99 | Enero-junio • 2016 | pp. 73-108 *Cuestiones Teológicas* | Medellín-Colombia.

II. Teólogos da Teoloxía de Liberación

Neste segundo capítulo presentamos un elenco de teólogos que estudaron animaron e se comprometeron na TdL. Entre todos estes dezaseis que citamos é unha escolla nosa, mas poderíamos engadir moitos máis. Esta teoloxía animou e segue a animar o compromiso das e dos cristiáns na promoción da xustiza social como signo do Reino de Deus e no corazón da historia. Certamente esta teoloxía non é a clásica de Ratzinger, pois xuntamente con Xoán Paulo II escureceron moito os proxectos do CV-II, que supuxo uns bos cimentos da TdL.

Esta teoloxía non saíu só dos gabinetes teóricos de teólogos senón tamén do compromiso na catequese do Evanxeo en CEB, na análise socio-política dos pobos oprimidos, nos procesos liberadores de movementos populares ao veren a realidade dunha sociedade empobrecida polo exercicio da autoridade opresora, nun contexto de ditaduras, democracias dirixidas, ou golpes de estado, promovidos fundamentalmente por EE. UU. en AL. A TdL rompeu na práctica coa convivencia da Igrexa con eses poderes estabelecidos.

O principio fundamental ou epistemolóxico da TdL é a opción con preferencia polos pobres: os pobres son suxeitos históricos e interlocutores privilexiados do Reino de Deus promovido por Xesús de Nazaret. Desde esta perspectiva a TdL atreveuse a ler a BIBLIA con outros ollos, os dos pobres e excluídos, e establecer procesos de transformación da realidade inxusta, e comprendela desde o seguimento

da práctica cristiá, o seguimento de Cristo liberador, e a Igrexa deveu ser Igrexa dos Pobres, non como obxectos de esmolas dos ricos, senón como suxeitos da transformación das sociedades inxustas.

Gustavo Gutiérrez, pai da TdL

Natural de Lima (Perú), sacerdote desde 1959, estudou en Lovaina e Lyon, licenciouse en teoloxía e psicoloxía. Exerceu de profesor de teoloxía e ciencias sociais na Universidade Católica de Lima. Diante dos desafíos de toda índole en Perú, comparte a resposta dos grupos e CEB que loitan no medio do seu pobo, celebran e profundan unha fe encarnada na tráxica e rápida evolución do continente de AL. A súa investigación e compromiso chegounos, en xullo de 1972, coa súa participación dun relatorio na Semana de Teoloxía no Escorial (Madrid)¹¹⁶.

Foi consultor na celebración do III CELAM de Medellín. Coñécese a súa participación pola fama indiscutíbel que colleu no mundo católico e incluso no mundo civil as conclusións e doutrina que saíu de Medellín.

A súa teoloxía presenta unha reflexión a partir do Evanxeo e das experiencias dos homes e mulleres comprometidos co proceso de liberación. A reflexión teolóxica nace desa experiencia compartida no esforzo pola abolición da actual situación de inxustiza e pola construción dunha sociedade distinta, máis libre e máis humana.

116 *Evangélio y praxis de liberación, Semana Teolóxica: Fe cristiana y cambio social en AL*. Folleto de 13 páxinas a multicopista, cedido por Pepe Longueira.

Fainos ver a realidade e a situación socio-político-relixiosa do único continente maioritariamente cristián de AL, que ten un interese especial para acoller a forza extraordinaria do cristianismo, no caso que saiba escoller, apoiar, e animar os medios (sistemas-reximens) sociais e políticos, que respectan a liberdade, a fraternidade, a dignidade. Por iso á teoloxía clásica e vella (tradicional) hai que inxectarlle o novo, a novidade que se chama a liberación dos oprimidos.

Esa novidade atópase na actualidade nos cristiáns e nas cristiás que reciben a luz da súa fe en Xesús de Nazaret para loitar cos revolucionarios pola xustiza, sen ánimo de guerra senón con medios pacíficos. A violencia ven dos que imponen a inxustiza, a guerra, as torturas, os asasinatos, en resumidas contas a espoliación do home polo home.

Avísanos tamén Gustavo G. da sistemática hostilidade espertada nalgúns sectores, mesturar a política coa relixión; a desconfianza noutros que queren ver na TdL un sistema político; ou dos que queren maquillar co vocabulario vellas maneiras pastorais ou teolóxicas; ou tamén de quen quere subirse ao carro da TdL baleirándoa de toda a súa carga histórica concreta. Mais aparecen tamén a parte crítica dos avanzados da teoloxía, podemos chamarlle europea: J. Moltmann; J.B. Metz. Moi distinto é Claude Geffré, que escribe en xuño de 1974, na revista *Concilium*, Le choc d'une théologie prophétique. "detrás desta teoloxía en proceso hai que escoitar o berro dos pobres".

É autor con ampla bibliografía, o mundialmente coñecido *Teología de la*

*Liberación*¹¹⁷; concreta o anterior *La Fuerza Histórica de los Pobres*, 1982.

Juan Luís Segundo

Montevideo 1925, filósofo e teólogo xesuíta uruguaio; coñecido como figura no movemento da TdL¹¹⁸; escribiu moitos libros da fe, teoloxía, hermenéutica e xustiza social; crítico coa insensibilidade da Igrexa; no libro *El dogma que libera pregunta e pregúntase: No ano 3.000 teredes dogmas? máis, menos ou ningún?*. A Igrexa está para ensinar dogmas ou para salvar e buscar a verdade?

Este xesuíta escribe unha crítica á *Instrucción sobre algunos aspectos de la TdL (liberatis Nuntius)* da CDF, asignado por Joseph de Ratzinger, supuxo moita inquedaanza nos ambientes de AL e do Terceiro Mundo. Foi o preámbulo das futuras condenas da TdL que trataremos no próximo capítulo. Este Teólogo ve esta instrución ambivalente, así ve os trazos positivos e aceptábeis da TdL nos capítulos impares, ora ben, as críticas negativas nos pares.

117 GUSTAVO GUTIÉRREZ, *Teología de la Liberación, perspectivas*, Edit. Sígueme, Salamanca, 1972. Traducida a 20 idiomas. El foi o que acuñou o título TEOLOXÍA DA LIBERACIÓN. En Chimbote, Perú, foi a primeira vez que con ese título expuxo nun relatorio que despois foi publicado en Lima e Montevideo. Unha obra inmensa e influínte a de GG, que foi antes practicada, compartida, parolada, vivida e despois escrita, cun análise moi axeitado da filosofía de Bloch, Moltman, de Marx, de Metz, etc. E da teoloxía europea, e sobre todo empapada de Evanxeo de Xesús, que o levou a base desta TdL, os pobres empobrecidos de AL. Unha teoloxía de AL.

118 https://es.wikipedia.org/wiki/Juan_Luis_Segundo (cons.xan.2020).

Leonardo Boff, cofundador da TdL

Naceu o ano 1938 en Concordia, Brasil. Entrou aínda novo nos franciscanos onde estudou teoloxía en Petrópolis. Foi discípulo predilecto de Evaristo Arns, que sería o cardeal de São Paulo. Doutorouse en Munich baixo a guía de Karl Rahner.

Desempeñou unha actividade extraordinaria como escritor e profesor. Mais a nós o que nos interesa aquí é que el foi, como GG, cofundador da TdL.

Nos anos oitenta do século pasado xa chegara aquel libro *La Fe en la periferia del mundo. El caminar de la Iglesia con los oprimidos*, 1978; *Libertad y liberación*, 1979.

Se estamos comprometidos coa liberación dos oprimidos failles reflectir aos cristiáns con estas preguntas: a fe cristiá é motor ou freo da liberación económica, social, política e educativa? Que ten que facer a Teoloxía no proceso liberador? Como ser cristián no mundo dos oprimidos, cheos de desexos de liberación? Ten algo que ver a liberación co Reino de Deus?. E xa deseguido failles ler o Evanxeo (Mt. 25, 31-46):

...tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; estiveren en coiro e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiveren na cadea e viñéstesme ver... E preguntanlle: cando te vimos así: Asegúrovos que canto fixestes cun deste irmáns meus fixéstelo comigo...

A liberación en AL estaba clara: Xa o dicía o documento dos bispos en Puebla: carestía, enfermidades crónicas e endémicas, analfabetismo, depauperamento, inxustiza nas relacións internacionais, es-

pecialmente comerciais, situacións de neocolonialismo". O teólogo da Liberación analiza os procesos a partir dos pobres, en interese dos pobres e actuar xunto cos pobres.

Cóntanos que tivo lugar en Joao Pessoa un feito memorábel o III Encontro de CEB, con 150 representantes e 17 bispos. Case todos eses representantes eran cristiáns espoliados por outros cristiáns ricos. Son eles os que organizan, falan e deciden. Os bispos e axentes de pastoral escoitan e aprenden. A Igrexa que nace do pobo, a Igrexa, pobo que se libera.

Coas súas críticas ao poderío da Igrexa sobre todo polo libro *Iglesia carisma y poder, Ensayos de eclesiología militante*, onde aparecen as patoloxías do poder eclesiástico incompatíbeis co Evanxeo, foi condenado a un ano de silencio, sen poder escribir nin ensinar, após recibiu a notificación de "suspensio a divinis". En 1992, nunha carta á prensa fai público que deixa o sacerdocio e a orde franciscana. Á pregunta de Benjamín Forcano nunha entrevista que aparece en *El Mundo* (01/IX/1996): "Sempre que falo de ti, preguntanme se deixaches o sacerdocio e se casaches. "sigo como cristián e por iso non saín da Igrexa. Abandonei a función de sacerdocio xerárquico para volver ao sacerdocio jesuánico, universal dos fieis. Non abandonei o ministerio eclesial da palabra, de reflexións teolóxicas con invitacións de bispos". Vemos o seu ánimo reforzado na Igrexa de base. Non vive solo, "Desgraciado do que vive solo -di- porque se un cae -todos caemos- e non ten unha man...onde apoiarse... eu atopei unha persoa, que é teóloga laica, pedagoga

popular, de grande fe que me axudou sempre¹¹⁹”, María Mosteiro Miranda.

Jon Sobrino dinamizador da TdL

Da mesma idade ca Boff, natural de Barcelona. Ingresou nos xesuítas. En 1959 viaxou a El Salvador, estudou filosofía e teoloxía en Frankfurt e xa regresou a El Salvador como profesor de Teoloxía¹²⁰.

Jon Sobrino, xesuíta, salvouse de milagre da masacre, onde morreron asasinados Ellacuría, coas serventas nai e filla e cinco compañeiros da UCA de El Salvador. Segue actuando de Profesor e significado dinamizador da TdL. En 2007, o Padre Xeneral dos Xesuítas, Kolvenbach, pasoulle a *notificatio*, resultado da análise da súa bibliografía coas advertencias e acusacións da CDF, antergo Santo Oficio, que tiña que corrixir os erros e firmar a *notificatio*.

A súa resposta foi contundente nunha carta coas razóns polas que se negaba a firmar e polas que ía facer pública esta carta:

Que estaba ao tanto do ambiente que había no Vaticano e en varias curias diocesanas e, entre elas, varios bispos:

contra a miña teoloxía e, en xeral, contra a TdL”. [Concretamente denuncia a Alfonso López Trujillo, que cando foi nomeado cardeal] “dixo nun grupo: que ía acabar con GG, Leonardo Boff, Ronaldo Muñoz e Jon Sobrino. As súas historias co P. Ellacuría, con Mons. Romero e comigo son interminábeis. O Cardeal

Primatesta vetouno en Arxentina. O cardeal Corripio de México prohibiu un congreso de teoloxía. O arcebispo de Honduras regañoulles a unhas relixiosas que foron a outra diocese escoitar un relatorio meu. Teólogos e teólogas, xente boa e amante da Igrexa e con grande amor aos pobres, foron perseguidos con grande dureza. Hai bispos que non son queridos no Vaticano: Monseñor Romero, Helder Cámara, , Samuel Ruiz, e un longo etcétera. Intentaron descabezar con malas artes á CLAR”. [Engade facendo mención ao cardeal Ratzinger], “creo que non entendeu a TdL”. [Remata a carta coas seguintes frases]: “Se me permite, Padre Kolvenbach, que lle diga con toda sinceridade, non me sinto na casa nese mundo de curias... Estar alongado “dese mundo” ... non me produce angustia. Se me entende ben, hasta me produce alivio.¹²¹

Nese ano 2007, o arcebispo de El Salvador comunicoulle a sanción da Congregación para Doutrina da Fe de non poder publicar nin ensinar, tamén após veulle a notificación do “suspense a divinis”.

Xulio Lois, noso compañeiro e amigo

Natural de Pontevedra licenciado en Dereito, cursou os estudos eclesiásticos en Santiago de Compostela e na Universidade Salamanca, diplomado en socioloxía pastoral en Roma; ordenado sacerdote en 1966 marcha a Bolivia como profesor de Teoloxía en Cochabamba e actúa tamén no equipo sacerdotal nunha parroquia suburbana. Regresou en 1972, e, por motivos

119 Leonardo Boff, Benjamón Forcano, Nueva Utopía, 1997.

120 https://es.wikipedia.org/wiki/Jon_Sobrino (xan. 2020).

121 <https://www.atrio.org/>. Carta de Jon Sobrino. 2007.

de saúde, non volveu a Bolivia como tiña previsto. Incorporábase como profesor no Instituto Superior de Pastoral da Universidade Pontificia de Salamanca, onde se doutora coa tese *Teología de la Liberación: opción por los pobres*, editada por Iepala Fundamentos. Simultánea o traballo de profesor coa pastoral de coadxutor en Vallecas. Membro do Consello de redacción de *Frontera Pastoral Misionera e Éxodo*; Presidiu a Asociación de Teólogo/as "Xoán XXIII". Compartiu o seu convivir no barrio de Vallecas, querido e admirado pola súa humildade e sabedoría na participación do movemento popular¹²².

Hai constancia dos seus relatorios aquí na Galiza tan axeitados que engañaban polo seu compromiso coa TdL e pola súa claridade con que expoñía: "En AL xurdiu porque os pobos non son pobres senón empobrecidos, é dicir, son roubados, espoliados. Aquí os cristiáns teñen que tomar conciencia; que significa a súa fe no Deus liberador?. Aquí a TdL racha coas teoloxías medievais ao ver a realidade propia de AL".

A miña estancia en Bolivia na segunda metade dos anos sesenta descubrí o rexurdimiento da TdL. Explicando teoloxía no seminario de Cochabamba, por uns seminaristas que viñan de Puno (Perú) para este seminario, tiveron noticia por primeira vez -era o ano 1967- dos intentos incipientes de G. Gutiérrez en Lima no traballo de facer unha teoloxía que era quen de desentrañar a significación

liberadora da fe cristiá a partir da situación de AL. Era daquela cando se comezaba a reflectir na realidade latinoamericana no compromiso por transformala, sen ter que depender da teoloxía europea¹²³.

Ora ben, unha das características do seu compromiso coa TdL foi non rachar coa autoridade eclesíastica e manter os lazos de unión coa Igrexa de Xesús. Tocoulle, emporiso, convivir nos ambientes hostís fronte a TdL. A Xoán Paulo II salvábo un pouco polo que dixera en Brasil: "a TdL é útil e necesaria", antes doutras condenas. Rarzinger non tivo excepción algunha, tanto como prefecto da CDF, como secretario e como papa Benedicto VI. Consta a súa denuncia, o 7 de decembro de 2009, de que nas universidades e nas escolas de Brasil aínda están presentes "os principios enganosos da teoloxía da liberación. Pedíulle á Igrexa Brasileña acabar coa Teoloxía da Liberación". Salvaba Lois estas duras palabras dicindo: "non consta, emporiso, ningún nome excluído, nin unha condena oficial da TdL".

O tema desenrolado na súa ampla bibliografía foi *Jesús de Nazaret, el Cristo liberador y La opción por los pobres*. Foi admirado e apreciado o seu servizo no barrio e no Instituto Superior de Pastoral. De aquí consta o aprecio no cadro de profesores e da admiración do alumnado; mais tamén consta que a súa valía e longo traballo de teólogo na Universidade non foron totalmente recoñecidos.

122 *El Grito de los excluidos. Seguimiento de Jesús y teólogos*, varios autores. Instituto Superior de Pastoral, evd, 2006.

123 Xulio Lois, *Entre la acción pastoral y la reflexión teológica*, Verbo Divino, Estella 19909, p, 420.



Óscar Romero, entre Martín Luther King e Dietrich Bonhoeffer na galería dos Dez Mártires do século XX na abadía de Westminster en Londres

Oscar Arnulfo Romero y Galdámez, “San Romero de América”

Mons. Oscar Romero primeiro foi nomeado bispo auxiliar de El Salvador por Paulo VI e, o 8 de febreiro de 1977, noméao arcebispo. “Hai unha acollida entusiasta por parte da iniciativa privada e da prensa controlada, pensando que ía instaurar unha pastoral puramente “espiritual”, sen compromiso coas inxustizas e opresións que sufría o pobo”¹²⁴. Tanto foi así que ao comezo a súa pastoral tradicional clásica causou certo desánimo entre os sacerdotes e laicos comprometidos e próximos a TdL.

O mesmo día, 22 de febreiro, que toma posesión de arcebispo, xunto con outros bispos mantén un diálogo co goberno. Este

preséntalle unha lista de curas considerados como subversivos e non cede diante da protesta dos bispos de que as expulsións de sacerdotes estranxeiros foran executadas sen diálogo coa xerarquía.

A súa actividade xa quedou ben clara no tema de El Salvador, ora ben engadimos para confirmar a súa liña de compromiso coa TdL coa súa amizade con Jon Sobrino, Iñaki Ellacuría e Pedro Casaldáliga. En El Salvador só tiña a Mons. Arturo Rivera

y Damas como seu defensor e seguidor na liña pastoral, sería o seu sucesor despois do martirio. O ambiente da xerarquía de Centroamérica, emporiso, era bastante contraria, citamos a Francisco López Trujillo, bispo de Medellín, Colombia, xa citado, que acusaba a Oscar Romero, e aos teólogos da liberación, con expresións acedas de comunista e outra historias. No vaticano seguían a mesma liña destes; e Xoán Paulo II nas dúas entrevistas persoais aparentemente deferentes que lle concedía, esixíndolle prudencia e obediencia ás autoridades, chegando a dicirlle: “Póngase a bien con las autoridades?”. E el retrucáballe: “Santo Padre, matan aos campesiños, matan aos sacerdotes...”.

Ao día seguinte, 24 de marzo, xa antes tiveran máis ameazas falladas, ás seis trinta da tarde, os sicarios de Roberto d’Aubisson asasinárono dicindo a misa na capela do hospital Divina Providencia.

¹²⁴ *La Voz de Monseñor Romero. Textos y homilias*, Editorial PPC, 2005. p. 17.

Este militar foi declarado o principal culpábel pola Comisión da verdade da ONU.

Nun poema do seu amigo e compañeiro da alma, Pedro Casaldáliga, foi chamado “San Romero de América”, canonizado polo pobo. Na abadía de Westminster puxeron a súa escultura entre Os Dez Mártires do século XX, como Luther King, Dietrich Bonhoeffer¹²⁵. Non faltou tampouco a nosa admiración cun cadro na parede da Igrexa parroquial na celebración da súa lembranza en San Xoán de Filgueira.

O 18 de maio de 2018 foi canonizado na praza de San Pedro, xunto con Paulo VI, polo papa Francisco.

Pedro Casaldáliga

Natural de Basareny, al lado del río Llobregat, Barcelona, o ano 1928. Aos once anos ingresou no Seminario claretiano, fundado por san Antonio María Claret, precisamente veciño do seu pobo en Llobregat, e arcebispo de Cuba, este bispo deixara alí o seu sangue ao ser acotelado por defender aos negros contra os intereses dos negreiros.

“Ordenado de sacerdote o ano 1952, actuei de cura, escribín na prensa, dirixín con compañeiros a revista “Iris”. Logo despois do Vaticano II vin de misionero para o Mato Groso, no centro do Brasil. Consagrado

SAN ROMERO DE AMÉRICA, PASTOR Y MÁRTIR NUESTRO

El ángel del Señor anunció en la víspera...
El corazón de El Salvador marcaba
24 de marzo y de agonía.
Tú ofrecías el Pan,
el Cuerpo Vivo
-el triturado cuerpo de tu Pueblo;
Su derramada Sangre victoriosa
-¡la sangre campesina de tu Pueblo en masacre
que ha de teñir en vinos de alegría la aurora conjurada!
El ángel del Señor anunció en la víspera,
y el Verbo se hizo muerte, otra vez, en tu muerte;
como se hace muerte, cada día, en la carne desnuda de tu Pueblo.
¡Y se hizo vida nueva
en nuestra vieja Iglesia!
Estamos otra vez en pie de testimonio,
¡San Romero de América, pastor y mártir nuestro!
Romero de la paz casi imposible en esta tierra en guerra.
Romero en flor morada de la esperanza incólume de todo el Continente.
Romero de la Pascua latinoamericana.
Pobre pastor glorioso, asesinado a sueldo, a dólar, a divisa.
Como Jesús, por orden del Imperio.
¡Pobre pastor glorioso,
abandonado
por tus propios hermanos de báculo y de Mesa...!
(Las curias no podían entenderte:
ninguna sinagoga bien montada puede entender a Cristo).
Tu pobrería sí te acompañaba,
en desesepero fiel,
pasto y rebaño, a un tiempo, de tu misión profética.
El Pueblo te hizo santo.
La hora de tu Pueblo te consagró en el kairós.
Los pobres te enseñaron a leer el Evangelio.
Como un hermano herido por tanta muerte hermana,
tú sabías llorar, solo, en el Huerto.
Sabías tener miedo, como un hombre en combate.
¡Pero sabías dar a tu palabra, libre, su timbre de campana!
Y supiste beber el doble cáliz del Altar y del Pueblo,
con una sola mano consagrada al servicio.
América Latina ya te ha puesto en su gloria de Bernini
en la espuma-aureola de sus mares,
en el retablo antiguo de los Andes,
en el dosel airado de todas sus florestas,
en la canción de todos sus caminos,
en el calvario nuevo de todas sus prisiones,
de todas sus trincheras,
de todos sus altares...
¡En el ara segura del corazón insomne de sus hijos!
San Romero de América, pastor y mártir nuestro:
¡nadie hará callar tu última homilía!

125 https://es.wikipedia.org/wiki/%C3%93scar_Arnulfo_Romero (xan 2020).

bispo no 1971 na diocese, ou prelatura, San Félix do Araguaia, ao pé do río do mesmo nome, a máis grande do Brasil, 150.000 km² (máis de 5 Galizas), os seus habitantes na súa maioría son indíxenas moi pobres”. Ao pouco tempo xa comezou a sufrir ameazas dos terratenentes e do réxime militar. Entre outras desgrazas dos seus campesiños, no 1977, asasináronlle ao seu vicario João Bosco, por sicarios que o confundiron co propio Casaldáliga. Neses momentos recibiu apoio da Santa Sede, especialmente de Paulo VI.

“Un día un coronel indicoume con agresividade “que a Igrexa coidara das almas”. Eu retruqueille que se vira algunha alma andar por alí, por aqueles campos y camiños”. Afortunadamente na Igrexa de Xesús despois do CV-II volveuse a unha evanxelización sen dicotomías. A TdL aplica o Evanxeo á realidade histórica, e mándanos que leamos o cap. 25,31 e ss de San Mateo, e O Bo Samaritano de San Lucas, 10,29”.

Cóntanos el mesmo a súa amizade con Oscar Romero. Concretamente fai memoria nos últimos días do seu amigo: “Cando Mons. volveu de Roma, chorou. Foi moi pouco comprendido en Roma. Jon Sobrino escribiu unha carta pedíndome que lle escribira porque estaba moi magoado. Cando me chegou carta de Jon, monseñor xa era mártir. Foi daquela cando escribín o poema “San Romero de América, pastor y mártir”. Un grupo de bispos brasileiros, e tamén Méndez Arceo e Samuel Ruiz, mandáramoslle un telegrama felicitándoo pola carta que lle escribira a James Carter. No derradeiro día da súa vida escribiu outra carta respondéndonos ao telegrama. As derradeiras

palabras da carta son: “siéntanme estrechamente unido en...el triunfo de la Resurrección”¹²⁶.

Cando o noso compañeiro Vicente e a súa dona, Sabela, regresaban de Nicaragua fixeron un percorrido por AL e ao pasaren por Brasil non esqueceron de traernos un agasallo de Pedro Casaldáliga: “Missa da Terra sem Males”¹²⁷, que mesmo acababa de saír do prelo. Comprende a celebración no 1978 do “Ano dos Mártires”: O CIMI achou que era de justiça que não se celebrasse apenas de tres jesuítas, porque os mortos eran moitos máis. Uns e outros, Mártires da causa Indígena. A Cruz no meio deles todos. Aqueles, morrendo pelo amor de Cristo. Estes, masacrados “em nome” do Cristo e do Imperador de España e Portugal”.

Os pobres desta terra
queremos inventar
essa Terra-sem-males
que vem cada manhã. Abertura: Em nome
do Pai de todos os povos,
Mãira de tudo,
excelso Tupá.
En nome do Filho,
que a todos nos faz ser irmãos...
Em nome do Amor que está em todo amor.
Em nome da Terra-sem-males,
perdida no lucro, ganhada na dor,
em nome da Morte vencida,

126 https://www.academia.edu/28832985/Casald%C3%A1liga_El_vuelo_del_Quetzal_1988_s%C3%B3lo_texto_ (consultado xan/2020).

127 Texto: Pedro Casaldáliga e Pedro Tierra, Música: Martín Coplas. Editora Ltda. Tempo e Presença, 1980
<https://www.youtube.com/watch?v=UQ6Sai3BErs>.

em nome da Vida,
cantamos, Señor!.

Casaldáliga nunca volveu a España, nin na morte da nai; a súa morada era São Félix coas saídas pastorais no Brasil, agás a viaxe a Roma, a Cuba e a Nicaragua, viaxes que tiveron o seu obxectivo, como veremos. Ao cumprir os 75 anos recibe a carta da Santa Sede para que dimita. Permaneceu na súa diocese na que levaba 35 anos, e reclamou a participación da comunidade na elección do seu sucesor. Aínda que a Santa Sede lle recomendou saír do país, el quedouse en São Félix do Araguaia sen deixar de loitar en defensa dos dereitos dos menos favorecidos.

Os catro de Nicaragua

Ay Nicaragua, Nicaraguita,
La flor mas linda de mi querer,
Abonada con la bendita,
Nicaraguita, sangre de Diriangén.

Ay Nicaragua sos mas dulcita,
Que la mielita de Tamagás,
Pero ahora que ya sos libre,
Nicaraguita, yo te quiero mucho mas.

La misa Campesina de Carlos Arturo Mejía Godoy resoaba por toda Nicaragua, celebrando a vitoria do FSLN sobre o goberno de Somoza. O movemento de cristiáns de base unidos ás forzas sociais contra a represión e corrupción de Somoza foi quen de derrocar a esta ditadura. Unha revolución tan senlleira que non houbo outra así en todo o mundo. Ademais após da vitoria outra característica tan singular

e cristiá foi a total ausencia de vinganza. A solidariedade era a consigna de convivencia. Dicimos Nicaragua, dicimos solidariedade. Cando Pedro Casaldáliga visitou Nicaragua, unha señora díxolle: “Mire monseñor, los internacionalistas internacionalizan el amor”. Cando esta visita a Nicaragua xa tivera lugar aque- loutra famosa de Xoán Paulo II. O bispo Pedro aproveitou para escribirlle unha carta a Xoán Paulo II e expresoulle con toda sinceridade as queixas:

muchos comparten de que sus asesores y la actitud de usted mismo no contribuyeron para que ese viaje extremadamente crítico, y necesario por otra parte, fuese más feliz y, sobre todo, más evangelizador. ¿No dialoga con la Administración Reagan? ¿El Imperio norteamericano merece más consideración de la Iglesia que el proceso doloroso con que la pequeña Nicaragua pretende ser ella?... Le reitero a usted mi comunión de hermano en Jesucristo y, con usted, reafirmo mi condición de servidor de la iglesia de Jesús. Con su bendición apostólica.

Aquel xentío de máis de 500.000 fieis viñeran con gañas de recibir e aclamar ao Papa Pastor con tanto entusiasmo e con forzas no seus aplausos. Ora ben, o Papa viña con gañas de denunciar ao goberno “comunista”, dicíalles: “Cuídense de los falsos profetas. Se presentan con piel de cordero, pero por dentro son lobos feroces”. Diante desta provocación, o pobo alí presente berraba: “Entre cristianismo y revolución no hay contradicción”, “¡La Iglesia de los pobres! ¡la Iglesia de los pobres!”. O Santo Padre quería saudar

“a los ricos y a los pobres”. E o pobo beraba aínda máis “¡la Iglesia de los pobres!”, “¡Queremos paz!”, repetindo unha e máis outra vez. Un fracaso tanto no aspecto pastoral como político. Pobre Nicaragua! Pobres os pobres de Nicaragua!

A Conferencia Episcopal de Nicaragua aceptou ás primeiras acoller ao novo goberno, mais axiña manifestan as dúbidas: “no podían dejar de compartir las angustias y temores en esta etapa de transición”. Non ese pensar de todas a CEN, aínda que primou o arcebispo Obando, contrario a FSLN. Outra acollida distinta foi a da CONFER (relixiosos e relixiosas), identificados coa liña da CLAR. “Dios nos llama a dar lo mejor de nuestras energías y de nuestras vidas para acompañar este proceso de reconstrucción, iluminándolo desde nuestra fe en Jesucristo”¹²⁸. De outros lugares viñeron sacerdotes, relixiosos e relixiosas, e cooperantes laicos, para profundar nas relacións marxismo e cristianismo como obxectivo da TdL. Desgraciadamente Nicaragua tivo que aguantar a incompreensión de arcebispo Obando que actuou non só como a oposición ao FSLN senón como inimigo, xunto con Xoán Paulo II e o presidente de EE. UU., Reagan. Un trío invencíbel. E para rematar, Honduras a carón como base da “contra” e da propaganda encontra do FSLN.

Ernesto Cardenal, o axeonllado

En Nicaragua foi moi coñecido por ser fundador da Comunidade de Solemtiname,

centro cultural, artístico, espiritual. Foi referencia en Centroamérica como aglutinador na loita por unha sociedade nova. Sufriu alí a persecución somocista, e de alí tamén saíu o famoso libro *El Evangelio de Solemtiname*. Marchou a Chile onde parlamentou con Allende. Era partidario “dunha revolución desprovista de vinganza”. Colaborou cóbado con cóbado co FSLN contra o réxime de Somoza. O mesmo día da vitoria (19 de xullo de 1979) foi nomeado Ministro de Cultura até o ano 1987.

Todo o mundo veu a imaxe dun cura cunha camisola branca formando en fila cos demais membros do goberno sandinista, axeonllado con moita reverencia diante do papa, Xoán Paulo II, quen, como xefe, lle aplicaba a reprimenda debida: “Tiene que reconciliarse con la Iglesia”. Ora ben, para nós foi moi lamentábel, un pronto papal desafortunado; que lle imos facer! Para Ernesto foi unha ferida no seu corazón. Mais nunca se lle ouviu nin consta que Ernesto tivera ningún comentario desfavorábel desa humillación. A nós gustaríanos, emporiso, que o papa lle botara as mans para levantalo e que lle dera unha forte aperta e que, se tiña que dicirlle algo para reprimelo, llo dixera en privado e así poñeríanse, sen dúbida, de acordo. Podemos dicir con toda seguridade, de que a súa humildade de místico poeta, a súa grande fe, coa súa admiración diante do Santo Padre, tomaría a palabra e de tal maneira lle explicaría a razón, aínda que non fora moito de acordo coas normas canónicas, terían que haber alí unha excepción. Porque estaba el alí non mais que para servir, cativar, engaiolar; creo que o elevaría ao sétimo ceo. Mais así o Papa

128 <https://www.envio.org.ni/articulo/99>.

marchou cabreado e perdurou a grandeza dun axeonllado.

Fernando Cardenal

Fernando Cardenal, sacerdote xesuíta, teólogo da liberación en Nicaragua, irmán máis novo ca Ernesto. Admírame o que dicía o ano 1995 nunha carta aos irmáns sandinistas: “Hai 23 anos que ingresei no FSLN a etapa máis bela da miña vida. En Nicaragua concretei o meu compromiso pola causa dos pobres que contraera había tres anos. Cheguei a amar a Revolución Sandinista máis ca miña propia vida”¹²⁹. Dirixiu a Cruzada Nacional de Alfabetización, impulsada polo goberno sandinista tras á caída de Somoza. O primeiro territorio libre de analfabetismo foi Nandasmó no departamento de Masaia. Houbo máis de 60.000 cooperantes alfabetizadores. Esta tarefa tivo o recoñecemento da UNESCO en 1981. Mas non faltaron as mortes de sete cooperantes que tanto entristeceron a Fernando. Esta mortes producidas polas forzas contrarrevolucionarias financiadas pola CIA e por Reagan. Desempeñou o cargo de ministro de educación no ano 1984 até 1990. Foi director Nacional de Fe y Alegría, unha organización non estatal, libre, para educación de máis dun milleiro en América, África e Asia. E Nicaragua educa a 10.000 alumnos, “nós estamos onde fica o asfalto”, a onde non chega a pública”¹³⁰.

129 <http://www.redescristianas.net/carta-a-mis-hermanos-sandinistasfernando-cardenal-1995/#more-95206>.

130 *El País*, 1 de dic. 2003 Entrevista: Fernando Cardenal.

Esta é a testemuña dun amigo xesuíta catalán, González Faus: “Coincidín por aqueles días con algúns xoves mestres de alfabetizar. Vin a Fernando tenso, esgotado, con dores de cabeza porque os exsomocistas (da tristemente “Contra”, subvencionada por el goberno de Reagan e apoiados polo Arcebispo Obando) asasinaron a algún destes xoves. Lembro nunha eucaristía rezar para que os nosos bispos sexan un pouco máis evanxélicos. En Cinco meses, máis do 50% dos analfabetos de Nicaragua pasara ao 13%. Pregunto hoxe que quedará de todo aquilo. Despois veu outro duro golpe. Xoán Paulo II impuxo que ou deixa a orde dos xesuítas ou deixa de ser ministro dun goberno “comunista”. A súa decisión foi:

Se hai que trabucarse, prefiro trabucarme en favor dos pobres; será unha maneira indirecta de acertar, xa que a Igrexa trabucouse moitos séculos en favor dos ricos.

Edgar Francisco Parrales Castillo

Foi sacerdote da diocese Estelí, seguidor da TdL na súa actividade pastoral. Uniuse ao FSLN e ocupou cargos de embaixador representante de OEA. Foi profesor de Dereito na Universidade Autónoma de Nicaragua. Recibiu da Curia o suspenso a divinis de Xoán Pulo II. Que debería vir tramitada polo bispo de Estelí. Parrales decidiu en xuño de 1983 deixar o sacerdocio pedindo a dispensa ao Papa “No por creer la incompatibilidad entre el sacerdocio y la política sino por motivos personales que describió como un largo período de crisis interna, reflexión y consejo y como un esfuerzo

de análisis y definición de mi vocación cristiana”. Esta dispensa si que tería que vir de Roma, que aínda no respondera.

Miguel D'Escoto

Naceu en California (EE. UU.), estudou na Sociedad Misionera de Maryknoll e foi ordenado sacerdote. Fundou a editorial Orbis, aí saíu a primeira edición en inglés da *Teología de la Liberación* de GG. Con estudos da TdL, levouno facilmente ao movemento socialista. Fixo unha labor importante de solidariedade coas vítimas do terremoto de 1972 en Nicaragua. Inscribiuse no FSLN, e coa vitoria Sandinista foi nomeado Ministro de Asuntos Exteriores.

O seu traballo neste eido tivo renome a nivel internacional. Mas a súa labor principal coa Igrexa do arcebispo Obando e de Xoán Paulo II foi de lograr a posibilidade de diálogo para evitar as agresións da “contra”. Outra situación que lle produciu moito pesar foi a ameaza de ser *suspensio a divinis*. E a notificación chegoulle persoalmente De Roma sen pasar os camiños que manda o Dereito Canónico, a traveso do seu superior. “Ha sido constante y público el apoyo que los superiores Maryknoll han dado al P. Miguel D'Escoto en su trabajo como canciller de Nicaragua. Para los Maryknoll, congregación integrada mayoritariamente por religiosos norteamericanos, cualquier medida contra D' Escoto se interpretaría necesariamente en estos momentos como una forma de complicidad con la política Reagan hacia Nicaragua, estando en juego la persona misma de su Canciller”¹³¹. Aceptou con

moita pena a súa situación. O que máis sentiu e lle preocupa é o silencio dos bispos diante da política de aberta agresión militar e económica que sofre Nicaragua por parte da Administración norteamericana. O nomeamento de Cardeal ao arcebispo Obando, aínda que o felicitou o goberno sandinista, foi sempre unha rémora máis que lle imprimiu Xoán Paulo II para conseguir a non agresión de Reagan. Cando viña de recibir o capelo o primeiro que fixo foi ir a Miami celebrar un encontro cos contrarrevolucionarios e vellos xerifaltes somocistas.

Nesta situación insostíbel, optou polos medios propios da Igrexa. O 7 de xullo de 1985, o Canciller de Nicaragua, anuncia ao pobo de Nicaragua e ao mundo que comeza un xaxún pola paz, en defensa da vida e contra o terrorismo. Produciu unha grande sorpresa en Nicaragua e no estranxeiro onde recoñecen o seu prestixio. Por toda Nicaragua, nas CEB, en moitas parroquias facían xaxúns, viñan xentes compartir e rezar con el. Tivo visitas de toda AL. Viñeron os irmáns Boff, Frei Betto, o delegado do cardeal de São Paulo, Evaristo Arns e o bispo Pedro Casaldáliga. Quen aproveitou para visitar Nicaragua, e saudar os bispos; só o de Estelí, Mons. López Ardón, saíu a darlle un simple saúdo; en León presidiu o funeral de 8 nais asasinadas pola “contra”. Experimentou a tristeza de que o bispo non o saudou nin asistiu. Ese mesmo día, 12 soldados do excército do FSLN asasinados. “Ha sido mi bautismo de sangre en Nicaragua”-dicía Dom Pedro. O secretario da CEN mandou á Conferencia episcopal do Brasil unha queixa pola presenza en Nicaragua do bispo Casaldáliga. A CEB respondeu manifestándolles o respecto

131 <https://www.envio.org.ni/articulo/99>.

tanto aos bispos de Nicaragua como á decisión de Mons. Casaldáliga. de viaxar a Nicaragua.

O 14 de febreiro de 1986 D`Escoto organizou un Viacrucis por la Paz y la Vida desde Jalapa a Managua percorrendo os pobos. Comezaron 100 e no camiño foron uníndose miles e miles de persoas durante 15 días. Ao chegaren a Estelí na diocese onde el estaba incardinado pedindo aos bispos que “esta es la Iglesia Católica, Apostólica y Romana, que busca a sus obispos, que quiere a sus obispos y que necesita a sus obispos en esta hora de dolor”. Mons. Rubén López Ardón bendiciunos e rezou con eles: “El pueblo nicaragüense quiere renacer y estamos llamados a vivir conforme a lo que es nuestra propia vocación de ciudadanos y cristianos”. O 28 chegaron a Managua máis de 50.000 na praza da catedral, concelebraron 70 sacerdotes, un 20% do clero nicaraguano. Miguel D`Escoto dirixiu duras palabras ao cardeal Obando por unirse a Reagan o mentireiro, farsante dios da morte e da agresión. Pídelle o arrepentimento, “nuestro pueblo entero quiere que vuelvas a ocupar el lugar que te corresponde en nuestra Iglesia, que hables en nombre de Dios de la vida, del amor y de la paz”¹³².

D`Escoto logrou da Corte Internacional de Justicia a condena aos Estados Unidos por 38.000 vítimas na guerra contrarrevolucionaria promovida por los Estado Unidos, e 17.000 millóns de dólares pola destrución de infraestruturas. O fallo de 14 xuíces resultou así: 11 votos a favor e tres en contra.

132 Ibidem.

Os EE. UU. non lle fixo caso á sentenza. No 1992 o goberno de Violeta Chamorro retirou as reclamacións e condonoulle a débeda que tiña con Nicaragua.

Recibiu moitas homenaxes e premios. Citamos o Premio Afonso Comín pola Paz en 1985. Aceptou outro que no que demostra ser un home íntegro, non rancoroso e cristián, como foi recibir a distinción da Orden do Cardenal Miguel Obando Bravo, en 2007; fóra xa do período deste traballo; como tamén, fóra do dietario, foi recibir para a grande alegría da anulación do *suspense a divinis* do papa Francisco, poder recobrar o ministerio sacerdotal e celebrar a Eucaristía co seu pobo.

Hugo Assmann, o fuxido das ditaduras

Natural de Venâncio Aires, Brasil, estudou teoloxía na Gregoriana, ordenouse de sacerdote, doutorándose, en 1961, coa tese *A Dimensão social do pecado*, e estudou socioloxía en Frankfurt. Foi sacerdote na parroquia de Nosa Señora de Montserrat e Profesor do Seminario de Viamão.

Escapou do golpe militar de Brasil para Uruguay e logo para Bolivia para acougar en Chile, aproveitando a chegada de Allende ao goberno, onde traballou na reflexión encol da teoloxía da revolución. E xa en 1973 publicou Teoloxía de la Liberación. Coa caída de Allende tamén fuxiu para Costa Rica.

Deixou a actividade sacerdotal para contraer matrimonio. Mais seguiu na pesada intelectual e deixou aos teólogos e teólogas unha rica herdanza sobre a TdL.

Na súa morte en 2008, a revista católica Reflexión y Liberación escribiu unha

nota necrolóxica para darlles o pénsame á familia e aos compañeiros de AL, e incluía o seguinte parágrafo do tema da “idolatría do mercado” que el tratara había uns trinta anos:

Si la situación histórica... de dos tercios de la humanidad, con sus treinta millones anuales de muertos de hambre y desnutrición, no se convierte en punto de partida de cualquier teología cristiana hoy... la teología no podrá concretizar históricamente sus temas fundamentales. Sus preguntas no serán preguntas reales. Por eso, es necesario salvar a la teología de su cinismo. Porque realmente, frente a los problemas del mundo de hoy, muchos escritos de teología se reducen a cinismo.

Ronaldo Muñoz. Pinochet queima a súa tese doutoral

Natural de Santiago de Chile, no 1972 rematou a súa tese doutoral na Universidade de Ratisbona (Alemaña) co tema: “Nueva conciencia de la Iglesia en América Latina”. No tribunal formaba parte o teólogo Joseph Ratzinger, Concedéronlle a máxima cualificación por unanimidade¹³³.

Ao regreso dese ano retomou o ensino de profesor na Universidade Católica, e formou parte da equipa de pastoral da parroquia de San Pedro e San Pablo na Comuna de La Granja. vivindo cos sacerdotes e poboadores. Opción Indispensábel para un teólogo da TdL vivindo a teoría

e a praxe. E abofé que lle tocou experimentar unha dura praxe.

Por Xabier Pikaza sabemos o estado de Ronaldo cando chegara a Salamanca para dirixir un curso que lle ofreceran:

Os dous estabamos en casas contiguas, el na residencia dos Sagrados Corazones, eu no colexio da Merced. Viña co horror que se lle vía na alma polo golpe militar de Pinochet de había dúas semanas, o 11 de setembro de 1973¹³⁴.

Mais de volta aínda puido experimentar, incluso persoalmente o desastre de Chile.

Foi testemuña da represión tras o golpe de Pinochet. El mesmo con outras 15 persoas da comunidade da Poboación de Malaquías Concha, de La Granja, foron detidos en abril de 1974, por axentes da DINA que os levaron ao famoso centro de detención e tortura de Villa Grimaldi:

Interrogáronnos e a algúns dos rapaces torturáronos... O máis duro foi que simularon un fusilamento de todo o grupo e un dos rapaces púxose a berrar de medo. Por suposto o que nos fixeron non foi nada comparado coas atrocidades que soubemos que se fixeron nese lugar. Nós saímos libres pola presión que fixo o cardeal Silva Enríquez.

Mais non parou aí a cuestión de Pinochet. Lembrede o que acabades de ler sobre a cualificación máxima da súa tese doutoral; pois, segundo nos di Pikaza, os golpistas de Pinochet queimárona.

133 https://es.wikipedia.org/wiki/Ronaldo_Mu%C3%B1oz (consultado xane. 2020).

134 https://www.religiondigital.org/el_blog_de_x_pikaza/Murio-Ronaldo-Munoz-teologo-Dios_7_1099160077.html.

Síguenos informando Pikaza. “Le visité después en Santiago de Chile, el año 1980, en una parroquia de la periferia, entre el barro, las “chabolas” y el gozo de estar entre los pobres de los pobres. En aquellas condiciones, sin tener siquiera una “pieza” donde trabajar tranquilo, escribí sus mejores libros”.

Iñaki Ellacuría, mártir en El Salvador

Estudou no colexio dos Xesuítas en Tudela, Navarra. Enviárono a El Salvador para facer alí o noviciado. Estuda Filosofía en Quito, e volve de profesor no Seminario de San Salvador. Estuda teoloxía co profesor Karl Rahner, e é ordenado presbítero no 1961. Na Complutense de Madrid fixo o doutorado con Zubiri, que tería sempre como o continuador da súa obra.

Na Universidade Centroamericana (UCA) é onde desenrola practicamente todo o seu traballo intelectual partindo de aí Colabora dunha forma especial en Medellín, o encontro máis famoso da Conferencia do Episcopado Latinoamericano en 1968 co paso senlleiro cara a TdL.

Ten unha relación bastante estreita co Xeneral dos Xesuítas, padre Arrupe, quen lle encarga a responsabilidade da formación dos xesuítas coa particularidade da encarnación, un dos pasos fundamentais da CLAR: “insertarse”. De aquí xurde pola súa iniciativa a fundación do Centro de Reflexión Teolóxica na UCA. Na universidade xa se editaba a revista ECA Estudios Centroamericanos da que é director e onde publica acotío as súas colaboracións.

En 1979, coa chegada do Golpe Militar, Ellacuría é da opinión de que a UCA sexa autónoma libre das subvencións do


Estado e da Igrexa. Nesa data, a revista ECA saca o editorial “A sus órdenes, mi capital”, comezando xa abertamente a violencia paramilitar contra da UCA.

En 1985, consegue a liberación da filla do presidente Duarte.

A primeiros de novembro de 1989 Ellacuría recibía en Barcelona o Premio Internacional Alfonso Comín que a súa Fundación concedera ese ano á Universidade (UCA) Inmediatamente despois regresou a El Salvador para intentar mediar a paz entre a guerrilla e o goberno. Mais a súa mediación non tivo lugar dado que os militares xa o tiñan sentenciado. O 16 de novembro de 1989 foi asasinado, na residencia da Universidade, cos xesuítas Ignacio Martín Baró, Armando López, Juan Ramón Moreno, Joaquín López, e as persoas de servizo, Elba e Julia, nai e filla, por un pelotón do batallón Atlácatl da Forza Armada, baixo as ordes do Coronel René Emilio Ponce.

Luís Espinal, mártir en Bolivia

Luís Espinal Camps, (Lucho), catalán de San Fruits de Bages, xesuíta, poeta, destacou como periodista, cineasta, nacionaliza-



do en Bolivia aos trinta e oito anos no ano 1970. Comprometido na loita polos DDHH, funda en Bolivia La Asamblea Permanente de Derechos Humanos (APDHB), participa na Folga de Fame durante 19 días que reclamaban as mulleres mineiras para pedir a liberdade dos presos políticos da ditadura de Hugo Banzer. Neste tempo faise cargo

Teoloxía da liberación

da dirección do semanario Aquí, que, segundo dicían, contaba as verdades. A súa actitude contra das ditaduras e en favor da loita dos mineiros, a denuncia da corrupción governamental, etc. valeulle as inimizades dos militares.

Atopouse nunha encrucillada ben definida: entre a morte e a vida, entre os ídolos do poder que causan a morte e a vida do pobo ameazada. E optou pola vida e o Deus da vida. O 21 de marzo de 1980 foi secuestrado a media noite, torturado y asasinado por un grupo de paramilitares. Dous días despois era asasinado en San Salvador Monseñor Oscar Romero¹³⁵.

“No seu enterro asistiron 80.000 persoas¹³⁶. Dous días antes do martirio de Óscar Romero. Así remata a oración “Gas-tar la vida”. O Centro de Estudos Cristianisme i Justícia leva o seu nome “Lluís Espinal”.

Jesucristo ha dicho:

Quien quiera economizar su vida, la perderá; y quien la gaste por Mi, la recobrará en el vida eterna” .../ Señor, lánzanos a lo imposible, porque detrás de lo imposible está tu gracia y tu presencia.../ queremos seguir dándonos, porque Tú estás esperando/ en la noche, con mil ojos llenos de lágrimas¹³⁷

135 Cristianisme i Justícia (CJ) <https://www.cristianismeijusticia.net/es/quien-fue-lluis-espinal>.

136 https://es.wikipedia.org/wiki/Luis_Espinal_Camps (febr. 2020).

137 Fundación Lluís Espinal, La Fundació Lluís Espinal és una fundació privada i sense afany de lucre creada l'any 1989



Na Visita que fixo a Bolivia o papa Francisco, en xullo de 2015, cumpriu este punto do programa desta viaxe: ir visitar o lugar no quilómetro 8 do camiño que leva ao cumio do Chacaltaya e alí rezou por Luís Espinal, xesuíta da súa idade. Á volta, este Papa foi o primeiro condecorado pola Orde “Padre Luís Espinal Camps”, recentemente creada pola Asemblea Lexislativa de Bolivia. Despois Evo Morales faille un agasallo do *Crucifixo comunista*, o Cristo crucificado cos símbolos da fouce e o martelo, que supuxo descualificacións para o presidente Evo de “irrespectuoso” “ignorante” “burla da relixión”, e este feito resultou ser viral polos medios de Bolivia e do mundo. Mais como a ignorancia é moi atrevida, estes non sabían que o Cristo Comunista é de Luís Espinal que tallou nos anos setenta como símbolo de achegamento dos cristiáns á doutrina marxista.

O padre Comblin, e os santos padres de AL

José Comblin sacerdote belga, teólogo senlleiro da TdL. De profesor en Lovaina partiu con trinta e nove anos, no 1962, para Brasil. Foi profesor da Escola de Teoloxía

dos dominicos de São Paulo. Aceptou a invitación de Helder Cámara para pórse á fronte da creación de seminarios rurais, Seminario Rural de Serra Redonda no Estado de Paraíba, aquí dedicouse a formación de campesiños e líderes das CEB que seguían a vivir e traballar no campo. No 69, estableceu as bases para a *Teologia da Enxada*¹³⁸. No ano 1971, baixo as sospeitas de pertencer á TdL, a ditadura militar expulsouno do Brasil, mais foi recibido en Talca (Chile), onde se puxo á fronte da creación dun seminario en 1978, e, pola mesma razón, foi expulsado por Pinochet. Regresou ao Brasil e traballou na formación de laicos animadores de CEB; Leónidas Proaño tívoo tamén de asesor en Riobamba.

Foi considerado un promotor da TdL: “Comblin con Fernando Castillo Ronaldo Muñoz, e Segundo Galilea, constitúen fontes de agua fresca. F. Castillo viviu a praxe das CEB. Galilea foi un precursor da pastoral e da espiritualidade da liberación. Muñoz foi tratado máis arriba. Cada un destes mestres sufriu golpes e descualificacións polos organismos oficiais. Que a súa coraxe e fidelidade ao Evanxeo sigan marcando rumbo cara o futuro e sigan a prender a luz vermella á submisión ás autoridades¹³⁹”. Toda a súa ansia era chegar a ver outro Xoán XXIII, e que a Igrexa non dependera dun só home, con democracia e a participación dos laicos. Faleceu de 88 anos de idade, no 2011, en Bahia (Brasil). A todos os bispos que veño

citando da TdL, e aos que cito a continuación, Comblin chámalles “Santos Padres de América Latina”:

Paulo Evaristo Arns, arcebispo de São Paulo, o cardeal máis vello nomeado por Paulo VI. Defensor dos DD.HH., un grande promotor das CEB, denunciou e combateu as torturas nos “anos do Chumbo”. Sufriu o controlo do papa Xoán Paulo II cando dividiu a súa diocese en 5, cos correspondentes pastores da corda do papa.

José Pires, bispo de Paraíba, teólogo da TdL, Coñecido “Dom Pelé”, pola cor da súa pele. Foi símbolo de loitador contra toda opresión. Participou como padre conciliar, e asinou o Pacto das Catacumbas.

Aloisio Lorscheider, bispo da Aparecida. Foi un grande loitador dos DD.HH., e en favor dos indíxenas; de aí a causa de ser cofundador do CIMI. Este Consello de indíxenas, diante da ameaza de expulsión das terras dos seus antepasados, está disposto a seguir coa loita até a morte. Participou na homenaxe en Roma a Oscar Romero.

Manuel Larraín, bispo de Talca en Chile. Parece ser que tivo unha destacada participación na ala dos progresistas no CV-II. Asinou o Pacto das Catacumbas. Defendeu aos campesiños na partilla das terras na súa diocese de Talca. Morreu nun accidente de tránsito no ano 1966.

E outros máis que quedan para outro estudo máis amplo.

III. “La sangre por el pueblo”

Memoria de martirio en América Latina, prologado polo bispo auxiliar de Madrid, Alberto Iniesta, moi controlado polo réxime franquista, na súa actividade

138 “Aixada”, aparello de labranza. A teoloxía para a xente popular.

139 P. Irarrázaval, revista *Reflexión y Liberación*, nº 89, mayo-junio 2011-Chile.

pastoral por Vallecas: “Aquí non se recollen todos aqueles casos -moitos máis, hai que dicilo lealmente- dos que morreron por unha causa nobre, pola xustiza, e pola liberdade, mais sen unha referencia explícita ao Evanxeo, aínda que para nós teñen un grande valor, aquí van só os que teñen unha causa explícita de militante cristián, sacerdote ou relixioso”.

Jon Sobrino ten unha visión máis ampla: A Igrexa cualifica ao mártir cando o matan por *Odium fidei* (odio a la fe). Mais non, por iso, exclúe aos que son vítimas a causa da loita pola xustiza, polos pobres, porque isto é loitar pola causa de Xesús¹⁴⁰. Porque Xesús identificábase cos pobres.

Consta o número total, con nome e apelidos, de 194 vítimas, de entre eles, 46 eran sacerdotes, e de entre estes sacerdotes, 4 foron bispos. Constan 9 masacres, de número indeterminado. Onde máis se deron os asasinatos en grupo foi en Guatemala, foron 5 masacres, campesiños a maior parte.

Nunha homilía de San Romero de América proclamaba: “Tenemos, gracias a Dios, páginas de martirio no solamente en las historias pasadas, sino en la hora presente. Hay sacerdotes, hay religiosos, hay catequistas, hay hombres humildes del campo que han sido matados, despellejados, aplastada la cara, deshechos, perseguidos por ser fieles a este Dios y Señor”. O sumo do sangue derramado chega ao masacre do

río SUMPUL, xa apuntado no capítulo de vandito de El Salvador.

Temos outro folleto con el subtítulo: *Cristianos de América Latina que dieron su vida por la Paz Y La Justicia*. Trátase do guión de 136 programas radiofónicos. Acompaña un texto *Pasos para un debate para diálogo nos encontros de base e foron utilizados polas CEB, por centros educativos e emitidos en programas de radio*¹⁴¹.

O animador ten que coñecer a historia da Igrexa latinoamericana, especialmente nos últimos quince anos. Coñecer os seus fillos que deron a vida. O pobo que está decidido a saír da pobreza a que foi sometido durante séculos. Coñecer a situación da Igrexa en xeral e en particular. Se ben ao longo da súa historia a Igrexa estivo de parte do poder, sempre houbo algún sacerdote, bispo ou crente que loitou polo xustiza e pola liberación.

Vítimas: relixiosos -as, curas, catequistas, bispos, sindicalistas, socialistas, comunistas, miles de mortos anónimos, masacres de campesiños, e o masacre de curas da UCA.

Por que? De onde sae a causa de tanto crime?. Está comprobado que os Golpes de Estado en toda AL foron provocados polos Reagan, polos Busch, é dicir, EE.UU, e, ao seu servizo técnico, a Escola de Chicago, e a Escola das Américas. E os pións de cada nación obedientes, bótanlles a culpa aos “roxos”, comunistas, revolucionarios; é dicir que a **TEOLOXÍA DE LA LIBERACIÓN** tamén, segundo eles, está involucrada (!).

140 Neste pasaxe evanxélica, Mt. 25,35-36, Xesús di nesta parábola:

-Señor. Cando te viños, con fame, con sede, en coiro, inmigrado, ou na cadea e che valemós? - O que fixestes cun deste meus irmáns máis pobres, comigo fixéstelo.

141 Estes casetes, realizados polo Equipo de Comunicación Educativa, distribuíunos IEPALA. Dispomos deste conxunto no noso arquivo.

IV. Na noite pecha da Igrexa: Xoán Paulo II e Bieito XVI, e o Imperio

Conflitos da CLAR e da TdL coas curias: Vaticano e o CELAM, ao lado de EE.UU

Un movemento senlleiro dunha creatividade evanxélica extraordinaria da CLAR foi desautorizada polo papa Xoán Paulo II, pola Congregación dos relixiosos-as, pola CDF, polo CELAM, por algunhas conferencias episcopais e por algúns bispos. Entre eles, dous persoeiros predilectos de Xoán Paulo II: cardeal Raúl Primatesta, arcebispo de Córdoba (Arxentina) crítico mordaz da TdL; cardeal López Trujillo arcebispo de Medellín (Colombia) declarou que faría desaparecer aos teólogos da TdL. Hai este dato por demais violento: cando ía facer a visita pastoral e comprobaba a sacerdotes adictos á TdL, posteriormente aparecían fusilados. Coincidencia moi dubidosa, mais, parece ser, contrastada¹⁴².

Non cabe dúbida que foi un tempo negro da Igrexa polo control de Ratzinger, Xoán Paulo II e do Opus Dei, facendo o posíbel por escurecer a forza anovadora de Xoán XXIII e o VCII. E como dí o Padre Girardi:

A incapacidade dos funcionarios do templo por captar a Boa Nova do Evanxeo fan revivir

as páxinas máis dolorosas nas relacións entre a CLAR e o Vaticano.

O papa Xoán Paulo II, a Curia do Vaticano dirixida por Ratzinger, futuro Benedicto XVI, desautorizan estas presentacións baseadas na Teoloxía da Liberación culpábel por ter “desorientado” a relixiosos e relixiosas con “falaces utopías ideolóxicas y servilismos políticos, que están en total desacordo coa doutrina da misión de Cristo e da súa Igrexa”. Están constatadas reflexións de Ratzinger encol dos programas da CLAR: “a excesiva utilización da palabra “pobo”, prescindindo da realidade eclesial de “pobo de Deus”; a utopía da inserción das relixiosas e relixiosos no medio da vida da xente pobre e dos barrios míseros”¹⁴³. Sorprenden estas directrices para as persoas seguidoras do Xesús do Evanxeo.

Moitas CEB confesan: “Lo que sospechábamos, Roma está contra dos pobres; “pobrecito el Papa que no nos entiende”; ¿por qué es tan enemigo nuestro? No creemos que sea de corazón, pero la manera como lleva y trata a las personas más evangélicas que tenemos, las monjas, los obispos más valientes... ¿Por qué atacan a los mejores que tenemos?”¹⁴⁴.

Todo este conflito que rematou coa condena da CLAR ao mesmo tempo da condena da Teoloxía da Liberación supuxo un golpe para unha das partes tan distintas na concepción da vida do cristianismo.

142 https://es.wikipedia.org/wiki/Alfonso_L%C3%B3pez_Trujillo
<http://nymag.com/intelligencer/2019/02/andrew-sullivan-the-vaticans-corruption-has-been-exposed.html> (consultada decen 2019).

143 Documento “Liberatis Nuntius” de agosto de 1984.

144 Giulio Girardi, *El Templo condena el Evangelio*, Editorial Nueva Utopía, 1994. p. 83

Estamos a escribir o resumo da grandeza e do desastre desta historia dos anos de 1989-1992 que non pode esquecerse:

El proyecto de la CLAR sobre la nueva Evangelización representa una de las páginas más bellas porque es expresión de una creatividad evangélica y eclesial y de una extraordinaria efusión del Espíritu de Dios; una de las páginas más dolorosas porque revela de manera clamorosa la incapacidad de los funcionarios del templo de captar los fermentos evangélicos que, en esta hora crucial, recorren la vida del pueblo de Dios; una de las páginas más decisivas porque les plantea a todos los católicos la exigencia de tomar partido entre las dos lecturas tan profundamente distintas que aquí se enfrentan¹⁴⁵.

Xoán Paulo II, Ratzinger de secretario e de papa, Benedicto VI, EE. UU. e o capitalismo

O secretario pontificio, Ratzinger, escribe estas dúas instrucións: *Liberatis nuntius, algúns aspectos da TdL* en 1984, e *Libertatis conscientia, liberdade cristiá e liberación*, en 1986. Ofrecen algúns puntos positivos da TdL, mais supera a parte negativa cando pasa a enumerar “os graves erros”. Expresan a seria reserva da Santa Sede á TdL, exposta por GG e outros da mesma liña. O papa Xoán Paulo II reafirmou os documentos do seu Secretario, e subliña: “os perigos dunha asunción sen críticas, feitas por algúns teólogos, de teses e metodoloxías do marxismo”.

Dá a impresión de que esas descalificacións responden á liña do poderío; vexa o que di Leonardo Boff:

“O cardeal Ratzinger reúne, de cando en vez, con grandes industriais alemáns e pasan o día xuntos; financiaron moito a causa da Igrexa contra a TdL, que consideran aliada do marxismo. EE. UU. interviu co documento da Santa Fe que di que a TdL é un risco para

EE. UU., pois é un factor que altera AL. A partir dese momento estableceron unha vixilancia dos bispos e das CEB; houbo prisións e torturas ao longo deste continente, con un sen fin de mortos”. O ministro de exteriores do Brasil, díxome: “déronnos instrucións para traspasar ao Vaticano a actividade ideolóxica e política que a fe viña recibindo en Brasil de sacerdotes de formación marxista e que a Igrexa -pois sabían que era perigoso prender sacerdotes- era a que debía manter a vixilancia sobre os seminarios e sobre eses cadros”.

Noam Chomsky ratifica do seu puño e letra esta grave denuncia. “Na Escola das Américas no Forte Militar Benning, Georgia, que adestra aos oficiais de AL, anuncia orgullosamente que o exército de EE. UU. axudou a ‘derrotar a TdL’, asistido sen dúbida polo Vaticano, mediante a luva branca da expulsión e a represión”¹⁴⁶

145 Ibidem, contraportada.

146 El legado de 1989 en los dos hemisferios Noam Chomsky In These Times (consultado feb. 2020)

Medidas da Curia Vaticana en tempos de Xoán Paulo II

Nomeou bispos da súa corda e próximos do Opus Dei, inimigos da TdL. Algúns de dubidosa conduta moral (López Trujillo, por exemplo). Pechou institutos teolóxicos, Seminarios diocesanos do estilo de Xesús de Nazaret, SERESURE en México. O longo tempo do papa Wojtila, que parecía que era eterno, entrou a saco en Brasil e reduciu canto puido o poder e influencia dos bispos da TdL. Concretamente a Evaristo Arns, arcebispo de São Paulo, recortoulle a súa diocese e púxelle bispos do Opus e conservadores.

Silenciou e combateu aos 200 teólogos e teólogas, deles os moi sinalados da TdL. Converteuse nun papa autoritario e ditador.

Defendeu e apoiou ao sindicato “Solidariedade” (Solidarność) de Lech Walesa de Polonia contra o goberno do seu país. Polo contrario condenaba aos sacerdotes e relixiosos que colaboraban coas organizacións sociais e populares en AL (Ernesto Cardenal, Mons. Oscar Romero, etc.). Neste caso, o seu comportamento foi cruel con Oscar Romero, cando lle espetaba estas palabras: “Si vostede se levaba ben coas autoridades isto xa o tería evitado”.

Gardou silencio fronte ás ditaduras de AL. En Chile, bendiciu a Pinochet e deulle a comunión, (o mesmo fixo con Videla en Arxentina), sabendo que en Chile houbo 40.000 persoas asasinadas. Fotografouse risoño con este ditador. Cando Pinochet estaba retido en Inglaterra, reclamado polo xuíz Baltasar Garzón por delitos de 79 españois desaparecidos durante a ditadura de Chile e Arxentina, o

Papa pediu pola súa liberación, “por razóns humanitarias”.

A Editorial Vozes¹⁴⁷, situada en Petrópolis, é unha plataforma inmensa de proxección da Igrexa como servizo de liberación, co arquivo da TdL, cincuenta tomos da colección, o traballo fantástico dos bispos, de teólogos de toda AL.

En 1992 toda a dirección foi destituída. Nomearon un alemán de Interventor, que o primeiro que fixo foi coller os libros e mandar esnaquizalos e queimalos. Todo o arquivo, e os cincuenta tomos, os traballos de todos os bispos da TdL, botouno todo para que os levaran os camións do lixo, “eu -di Boff- corrín detrás e salvei algo. Chegou a dicir o Interventor que “Vozes abriña unha chaga na Igrexa tan grande que había que sandala”. Botaban as mans à cabeza e dicían: como pode sandar o que queima os libros. O que Boff escribía censurábanllo tanto que deixou de escribir. Vozes converteuse nunha editorial de dereitas, pechada para a TdL. Casaldáliga mandoulle un poema. Velaquí só uns versos: “Frailes y conventos/ criaron vergüenza,/ más en sus modales/ que por vida nueva”. E pode engadirse, parangonando ao noso poeta Curros, “Se esta é a Igrexa que eu fixen,/ que o demo me leve”.

Leonardo Boff sostén que a TdL non foi freada e continuará estendéndose, porque non depende da xerarquía da Igrexa, senón das súas bases:

La teología [de la liberación] está viva en aquellas iglesias que hicieron la opción por

147 Benjamín Forcano; Leonardo BOFF. Semblanza, Proceso, Textos básicos, Entrevistas...Editorial Nueva Utopía, 1997

los pobres y la justicia social, en aquellas iglesias que tienen CEB, que trabajan con los sin tierra, con los negros, con los indios¹⁴⁸.

V. A Igrexa e o socialismo-marxismo

Condena do marxismo por parte da Igrexa

A Igrexa condenou o socialismo, configurado sempre co marxismo e o comunismo. Se a encíclica *Rerum Novarum* tivo unha acollida entusiasta entre o clero social e comprometido cos obreiros, tamén tivo a finalidade para contrarrestar o socialismo de Marx que estaba ás portas á fin do século XIX. León XIII fala de rexeitar “a fantasía do socialismo de reducir a propiedade privada a bens comúns; de rexeitar tamén a loita de clases, pois a Igrexa une aos ricos cos proletarios, chamando a ambas as dúas clases ao cumprimento dos respectivos deberes; e tamén a igualdade, pois non se pode igualar o alto co baixo”. Este mesmo Papa, en agosto de 1898, dirixía a mensaxe de que “a Igrexa arranca de raíz a planta sinistra do socialismo”. Pío XI reafirmaría esa liña coa encíclica *Cua-dragesimo Anno* no ano 1931, 40º aniversario da *Rerum Novarum*. E a continuación viñeron as condenas precisas do marxismo ateo que tivo, en marzo de 1938, na encíclica deste mesmo Papa, *Divini Redemptoris*, condenando o comunismo. En España foi un dos obxectivos de Franco o exterminio dos militantes comunistas, e como mito

perdurou co nome xenérico de “comunista-judeo-masónico”, foi unha das mentiras perdurábeis dunha guerra civil e da longa ditadura franquista.

Mais necesito citar unha persoa mártir do socialismo, asasinada hai cen anos polos sicarios alemáns, Rosa Luxemburgo, quen resulta ser a referencia política de Michael Löwy, autor de *Cristianismo de Liberación*, *Perspectivas marxistas y ecosocialistas*, “Esta gran pensadora y luchadora es autora del ensayo “Iglesia y socialismo”. En él presenta un argumento original: “nosotros los socialistas, somos los verdaderos herederos de los primeros cristianos¹⁴⁹”.

Gustavo Gutiérrez atento o discernimento

E chegaron as encíclicas de Paulo VI. Na primeira, *Octogesima Adveniens*, lemos:

Hoy día grupos cristianos se sienten atraídos por las corrientes socialistas... aunque ha sido y sigue inspirada por ideologías incompatibles con la fe. Se impone un atento discernimiento.

GG, despois de facer mención deste 80º aniversario da *Rerum Novarum* (“y espero que sea el último” –remata-) aproveita esa oferta que lle ofrece Paulo VI, de discernimento para manifestar: “Este discernimiento es el que están haciendo nuestras CEB; y, ciertamente, con el coraje de ir hasta el fondo¹⁵⁰”.

Entre os que se opoñen á condena da loita de clases, destacamos as opinións

148 Benjamín Forcano, idem.

149 Revista *ÉXODO*, nº 148, abril 2019.

150 Evangelio y Praxis de Liberación., idem, p. 7.

de GG que se enfrenta ao problema para o amor cristián e a unidade da Igrexa: “A loita de clases é un feito, e a neutralidade nesta materia non é posíbel. Que o amor cristián sexa universal resulta unha abstracción, hai que concretalo na historia. Isto non evita que haxa enfrontamentos. Por conseguinte a solidariedade cos oprimidos busca tamén liberar aos opresores do seu poder, da súa ambición e do seu egoísmo... A TdL quere que “o cristianismo de todas as confesións asuman este compromiso de unidade na loita fronte ás situacións de miseria e inxustiza que se vive en AL¹⁵¹”.

A liberación dos pobres e a dos ricos realízase simultaneamente”, “a uns ámanse liberándoos da súa miseria, e aos outros do seu pecado¹⁵²”.

Mais velaquí que a TdL foi a que comezou por quitarlle ferro ás condenas do socialismo marxista e utilizar o socialismo como liña social e política para loitar contra un capitalismo salvaxe. No devandito Manifesto dos 18 bispos dirixido por Helder Cámara, (MBTM), queda clara a opción por un socialismo humano.

Non, Deus non quere que haxa ricos que aproveiten os bens deste mundo explotando aos pobres...

Abondando nesta mesma liña teolóxica engade Leonardo Boff que o papa, Xoán Paulo II, tivo unha visión “corta e

simplista” deste tipo de teoloxía, que interpretou coa lóxica dos seus detractores.

Ele interpretou como um cavalo de troia do marxismo que ele era obrigado a denunciar, por causa da experiência adquirida com o comunismo em sua Polônia natal, ele se convenceu de que o perigo na América Latina era o marxismo, quando o verdadeiro perigo sempre foi o capitalismo selvagem e colonial com suas elites antipopulares e retrógradas.

Javier Sicilia, periodista e escritor, amigo de Ivan Illich, e seguidor da TdL en México e do socialismo, apunta:

Hai quen di que se a actitude da Igrexa fora a de apoiar aos pobres e comprometerse cos ditados do Evanxeo, outro sería o destino político de AL. E da Igrexa.

Jon Sobrino e o marxismo

Toda a liorta encol da descualificación da TdL pola utilización da doutrina incompatible coa doutrina da Igrexa, Jon Sobrino resólveo “moi sinxelamente: sempre que no se faga do marxismo unha relixión, pódese ser Cristián e marxista. Sempre que o marxismo non pretenda impedir unha fe viva e práctica nese Deus da Vida e da Liberación. Sempre que o marxismo recoñeza a vida non é só loita de clases —que de feito éo tamén, e moi fundamentalmente—; a vida é tamén a persoa humana enteira. E sempre que o marxismo deixe espazo a esa fe cristiá á que reflectía antes, que vai máis aló da morte. Sempre que no marxismo, e nese marxismo non relixioso, non dogmático, caiba os que son relixiosos.

151 Gustavo Gutiérrez, *idem* pp.352 e ss.

152 J.GIRARDI, *Amor cristiano y lucha de clases*, Sigueme, 57; *Cristianismo y pastoral y lucha de clases*, *idem*, 98

Frei Betto

Deixamos aposta a Frei Betto, un persoeiro senlleiro da TdL no Brasil, para presentalo precisamente no tema deste apartado, porque, ademais de teólogo, é defensor do socialismo.

Primeiro, o seu pensamento socialista. Critica a realidade “con vergoña que nos produce o capitalismo de Estado de China e o hermetismo idólatra de Corea do Norte. Dentro das súas reservas como socialista, ten unha admiración por Cuba, “por ser en AL, a única experiencia vitoriosa do socialismo, confrontando o verdadeiro rostro do capitalismo, repleto de atrocidades, miserias, explotación neocolonial, guerras e degradación ambiental”¹⁵³. Na primeira viaxe a Cuba tivo como obxectivo parlamentar con Fidel. Desde aquela cambiáran as relacións de Cuba coa Igrexa Católica¹⁵⁴.

Segundo, só uns trazos da súa vida que foi e sigue a ser prolífica como sacerdote, político, revolucionario. Frei Betto, é sacerdote e relixioso dominico. Estivo implicado na loita contra a ditadura. Sufriu prisión, dunha vez varios meses, e a segunda catro anos, por ter colaborado na fuxida de revolucionarios para Uruguay. O libro de *Cartas da Prisión (Carta de Esperanza em tempo de ditadura)*, que saíron agochadas da prisión, foron espalladas

arreo. O Convento dos Dominicanos foi utilizado como centro de apoio aos revolucionarios contra a ditadura nos “anos do Chumbo”. Frei Betto, que compartiu cela cos compañeiros, é testemuña da valentía espiritual e física dos compañeiros torturados: Frei Giorgio, Frei Tito, e o teólogo Francisco Catão.

Decide escribir *Batismo de Sangue Os dominicanos e a morte de Carlos Marighella*¹⁵⁵. Neste libro faille unha dedicatoria “a Jorge Amado, no afeto, venceu o medo” citando as súas palabras: “retiro da maldición e do silencio e aquí escribo seu nome de baiano: Carlos Marighella”; dedica-o aos traballadores brasileiros e, com suas lutas, restauram esperanças; In memoriam aparecen os nomes dos catro compañeiros assassinados: Aderval Alves, Carlos Eduardo Pires, Jeová de Assís, Frei Tito de Alencar; e três desaparecidos: Issami Nakamura, Daniel José Carbalho e Joel de Carvalho. Os protagonistas principais do libro som Carlos Marighella e o Frei Tito de Alencar.

Carlos Marighella, con cuya historia se abre el libro, y Frei Tito de Alencar, con cuyo drama de vida el libro culmina. Dos paradigmas de una época oscura de Brasil, dos nombres resonantes que dan vida a tantos otros anónimos, y dos caras de un fenómeno único: la alianza entre la política y la religión en la lucha por el socialismo”¹⁵⁶.

153 <http://www.sinpermiso.info/textos/brasil-temer-y-la-republica-oligarquica> (consultado marzo 2020)

154 Non hai moito tempo fixo outra viaxe a Cuba. Con este motivo deu un relatorio que se pode baixar nesta web: <http://sicsal.net/articulos2/sites/default/files/adjuntos/Conferencia%20pronunciada%20por%20Frei%20Betto%20.pdf> (Consultado en marzo de 2020 , pódese descargar).

155 Editora Bertrand, Brasil, Rio de Janeiro, 1987.

156 M^a Pía Paganelli, *Violencia Política y Resistencia en Brasil: La lucha contra el crimen en una novela de Frei Betto*. (O presente traballo pertence ao estudo da relación entre a Igrexa Católica e a violencia política no Brasil).

Marighela foi un mítico revolucionario do partido comunista de Brasil. Fundou a Ação Liberadora Nacional (ALN) guerrilla urbana para vencer a ditadura, cae nun enfrontamento na rúa. Frei Tito, relixioso dominico, foi detido e torturado até o extremo, como un cristo crucificado. A guerrilla secuestrou ao embaixador norteamericano e esixiu entre outros o troco da liberación de Tito e exiliado en Francia. Ben acollido alí na comunidade dominicana, mais desfeito de corpo e alma non soportou a persecución que imaxinaba sempre do torturador, o delegado Fleury, e suicidouse. O libro de Betto foi unha base formidábel para a conciencia revolucionaria no Brasil. Betto nunca utilizou armas, como tampouco os dominicos, e segue comprometido na TdL e no socialismo.

VI. A Teoloxía da liberación liberada

O papa Francisco liberou a Teoloxía da Liberación

Excedendo con moito as datas que nos propuxemos para este libro do COSAL, vai este parágrafo indispensable para ver a TdL de ser asoballada polo Vaticano, véla alí liberada.

O 12 de setembro de 2013, aos seis meses da elección do Papa, o cardeal Muller, prefecto da CDF, presenta o seu amigo e profesor, GG, ao Papa Francisco na Casa de Santa Marta. Alí o Pai da TdL e máis o Papa fundíronse nunha aperta emotiva, e a continuación concelebraron a misa xuntos. Podemos afirmar que nese momento no Vaticano ventaron as tebras de tantas incompreensións e condenas do

seus predecesores, Xoán Paulo II, Ratzinger, tanto como prefecto da CDF, e secretario do Estado Vaticano, como Papa Benedicto VII, e Tarsicio Bertone.

Aos dous días, o primeiro que nos comunica esta boa nova no seu blog é Leonardo Boff: “O papa Francisco recibe ao sacerdote, GG, padre da TL, tan rexeitada polo Vaticano”. E deseguida a prensa mundial faise eco de tal acontecemento. Xa a semana anterior, *L’Osservatore Romano* lle dedicara unha ampla reportaxe sobre o libro, en italiano, *De parte de los pobres, Teología de la Iglesia*, publicado en Alemaña o ano 2004, cuxos autores son Cardeal Muller, agora prefecto da CDF, e o Padre da TL, Gustavo Gutiérrez. Muller, de máis novo, fora a Perú recibir leccións do profesor Gustavo; desde aquela permaneceron amigos.

A isto hai que engadir o levantamento das penas da *suspensión a divinis* para varios destes teólogos da TdL.

Corolario

Esta páxina Web (<https://www.envio.org.ni/articulo/99>), que desenrola amplamente o tema de Nicaragua na época do FMLN, no nº 30, decembro 1983, presenta esta entrevista de Max Acicre, doutor da U. de Pensylvania, a Mons. Vega, bispo de Juigalpa, diante de dous norteamericanos desconformes coa política de Reagan en Nicaragua.

-¿Qué piensa de las presiones estadounidenses sobre el pueblo nicaragüense?

-Todo imperialismo es malo, el imperialismo económico a través de un régimen de fuerza,

Teoloxía da liberación

pero también el imperialismo ideológico.

-¿Daría un mensaje al gobierno de Washington para que cese esta actitud contra Nicaragua?

-Esto debe ser algo simultáneo. Hay que decirle eso también a los rusos y a los cubanos.

-Pero ellos no han matado a 7 mil nicaragüenses... ¿Cómo puede comparar la ayuda de los métodos cubanos con el asesinato de seis años en Nueva Segovia?

-Matar el alma es peor que matar el cuerpo, dice el Señor. Y aquí hay una ideología que parte de que el otro es mi enemigo, y por eso una bomba que se mete en el alma es más grave.

-¿Y eso es para usted más grave que el asesinato de niños?

-La sumisión del hombre quiere decir matar el alma.

-Con todo respeto, Monseñor Vega, le digo que los seis niños asesinados, si vivieran, no estarían de acuerdo con usted.

* Mons. defendeu a “contra” e a política da Administración de Reagan, xustificando a concesión de 100 millóns de dólares (14.000 millóns de pesetas no 1986); cualificou de parcial a condena da Corte Internacional de Xustiza pola agresión de EE. UU. a Nicaragua. Foi expulsado polas autoridades do FSLN.

Literatura Rebelde

Ademais de prestixiosos escritores como o nobel guatemalteco, Miguel Ángel Asturias ou o nicaraguano Rubén Darío, foron moitos os homes e mulleres en Centroamérica que pincelaron, plasmaron os seus cadernos para regalarnos as súas palabras fosen en verso, prosa ou ensaio, coa peculiaridade de seren certos, críticos e valentes, mesmo diríamos irreverentes

co poder, fose este imperial ou nacional, describindo con sutileza a opresión que vivían os seus pobos. Ademais dos coñecidos, Ernesto Cardeal e Gioconda Belli en Nicaragua, hai moitos outros, e esta é unha pequena mostra. Non podiamos esquecernos tampouco dos ilustres e sempiternos latinoamericanos, como Pablo Neruda, Gabriel García Márquez, Eduardo Galeano e Mario Benedetti.

Gabriel García Márquez

Discurso de aceptación do Premio Nobel

A soidade de América Latina (1982)

Antonio Pigafetta, un navegante florentino que acompañou a Magallanes na primeira viaxe ao redor do mundo, escribiu ao seu paso pola nosa América meridional unha crónica rigorosa que con todo parece unha aventura da imaxinación. Contou que vira porcos co embigo no lombo, e uns paxaros sen patas cuxas femias

chocaban nas costas do macho, e outros como alcatraces sen lingua cuxos picos parecían unha culler. Contou que vira un procreo animal con cabeza e orellas de mula, corpo de camelo, patas de cervo e relincho de cabalo. Contou que ao primeiro nativo que atoparon na Patagonia puxéronlle enfronte un espello, e que aquel xigante alporizado perdeu o uso da razón polo pavor da súa propia imaxe.

Este libro breve e fascinante, no cal xa se albiscan os xermes das nosas novelas de hoxe, non é nin moito menos o testemuño máis asombroso da nosa realidade daqueles tempos. Os cronistas de Indias legáronnos outros incontables. Eldorado, o noso país ilusorio tan cobizado, figurou en mapas numerosos durante longos anos, cambiando de lugar e de forma segundo a fantasía dos cartógrafos. En busca da fonte da Eterna Mocidade, o mítico Alvar Núñez Cabeza de Vaca explorou durante oito anos o norte de México, nunha expedición venática cuxos membros se comeran uns a outros e só chegaron cinco dos 600 que a emprenderon. Un dos tantos misterios que nunca foron descifrados, é o das once mil mulas cargadas con cen libras de ouro cada unha, que un día saíron do Cuzco para pagar o rescate de Atahualpa e nunca chegaron ao seu destino. Máis tarde, durante a colonia, vendíanse en Cartaxena de Indias unhas galiñas criadas en terras de aluvián, en cuxas mollejas atopábanse pedriñas de ouro. Este delirio áureo dos nosos fundadores perseguíunos ata hai pouco tempo. Apenas no século pasado a misión alemá de estudar a construción dun ferrocarril interoceánico no istmo de Panamá, concluíu que o proxecto era viable coa condición de que os raís non se fixesen de ferro, que era un metal escaso na rexión, senón que se fixesen de ouro.

A independencia do dominio español non nos puxo a salvo da demencia. O xeneral Antonio López de Santana, que foi tres veces ditador de México, fixo enterrar con funerais magníficos a perna dereita que perdera na chamada Guerra dos Pasteis. O xeneral García Moreno gobernou ao Ecuador durante 16 anos como un monarca absoluto, e o seu cadáver foi velado co seu uniforme de gala e a súa coiraza de condecoracións sentado na cadeira presidencial. O xeneral Maximiliano Hernández Martínez, o déspota teósofo de El Salvador que fixo exterminar nunha matanza bárbara a 30 mil campesiños, inventara un péndulo para pescudar se os alimentos estaban envelenados, e fixo cubrir con papel vermello a iluminación pública para combater unha epidemia de escarlatina. O monumento ao xeneral Francisco Morazán, erixido na praza maior de Tegucigalpa, é en realidade unha estatua do mariscal Ney comprada en París nun depósito de esculturas usadas.

Fai once anos, un dos poetas insignes do noso tempo, o chileno Pablo Neruda, iluminou este ámbito coa súa palabra. Nas boas consciencias de Europa, e ás veces tamén nas malas, irromperon desde entón con máis ímpetus que nunca as noticias fantasmales da América Latina, esa patria inmensa de homes alucinados e mulleres históricas, cuxa teimosía sen fin confúndese coa lenda. Non tivemos un instante de

acougo. Un presidente prometeico atrincheirado no seu palacio en chamas morreu pelexando só contra todo un exército, e dous desastres aéreos sospeitosos e nunca esclarecidos segaron a vida doutro de corazón xeneroso, e a dun militar demócrata que restaurara a dignidade do seu pobo. Neste lapso houbo 5 guerras e 17 golpes de estado, e xurdiu un ditador luciferino que no nome de Deus leva a cabo o primeiro etnocidio de América Latina no noso tempo. Mentres tanto 20 millóns de nenos latinoamericanos morrían antes de cumprir dous anos, que son máis de cuantos naceron en Europa occidental desde 1970. Os desaparecidos por motivos da represión son case o 120 mil, que é coma se hoxe non se soubese onde están todos os habitantes da cidade de Upsala. Numerosas mulleres arrestadas encintas deron a luz en cárceres arxentinos, pero aínda se ignora o paradoiro e a identidade dos seus fillos, que foron dados en adopción clandestina ou internados en orfanatos polas autoridades militares. Por non querer que as cousas seguisen así morreron preto de 200 mil mulleres e homes en todo o continente, e máis de 100 mil pereceron en tres pequenos e voluntariosos países da América Central, Nicaragua, El Salvador e Guatemala. Se isto fóra nos Estados Unidos, a cifra proporcional sería dun millón 600 mil mortes violentas en catro anos.

